



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 115

IX lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 22 de xuño de 2015

Presidencia da Excm. Sra. D<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera

#### ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 5<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais (doc. núm. 24444, PPL-000027)

Publicación do ditame da comisión, BOPG n<sup>o</sup> 480/1, do 16.06.2015

Publicación mantemento de emendas, BOPG n<sup>o</sup> 480/1, do 16.06.2015

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para prohibición de uso da munición que conteña chumbo en todo o territorio galego (doc. núm. 32587, 09/PPL-000034)

Publicación da iniciativa, BOPG n<sup>o</sup> 409, do 04.02.2015

Punto 3. Comparecencias en pleno

3.1 37585 (09/PPP-000311)

Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para dar conta do balance da RIS3

Publicación da iniciativa, BOPG n<sup>o</sup> 474, do 04.06.2015

3.2 37949 (09/PPP-000314)

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar das novidades na regulación dos currículos de ESO e bacharelato en desenvolvemento da LOMCE

Publicación da iniciativa, BOPG n<sup>o</sup> 481, do 17.06.2015

Punto 4. Mocións

4.1 37976 (09/MOC-000132)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do sector lácteo. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31740, publicada no BOPG nº 404, do 22.01.2015, e debatida na sesión plenaria do 09.06.2015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 481, do 17.06.2015

### 4.2 37983 (09/MOC-000133)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento dos protocolos de violencia de xénero. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27455, publicada no BOPG nº 346, do 24.09.2014, e debatida na sesión plenaria do 09.06.2015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 481, do 17.06.2015

### 4.3 37990 (09/MOC-000134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co dispositivo de loita contra os incendios forestais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 35443, publicada no BOPG nº 436, do 25.03.2015, e debatida na sesión plenaria do 09.06.2015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 481, do 17.06.2015

## Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

### 5.1 30960 (09/PNP-002248)

Grupo Parlamentario Mixto  
Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos medios de comunicación públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 10.12.2014

### 5.2 36898 (09/PNP-002699)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Trenor López, Gonzalo, e sete deputados/as máis

Sobre a posta en marcha, por parte do Goberno galego, dunha batería de instrumentos financeiros para apoiar os investimentos e o funcionamento operativo dos autónomos, emprendedores e pemes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 460, do 06.05.2015

### 5.3 37463 (09/PNP-002728)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María Concepción, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co futuro plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia para o período 2016-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

### 5.4 37562 (09/PNP-002733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quintas Álvarez, María Remedios, e dous deputados/as máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa cobertura das prestacións por desemprego e a transferencia de fondos a Galicia para a promoción de políticas activas de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 477, do 10.06.2015

### 5.5 37695 (09/PNP-002750)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Fundación Galicia Obra Social, Afundación, de Abanca, en relación co anuncio de peche da Escola de Educación Infantil do Sagrado Corazón en Lugo e do Centro de Educación Infantil do Campelo en Poio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 477, do 10.06.2015

### 5.6 37712 (09/PNP-002752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o curso 2015-2016 en relación cos libros de texto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 477, do 10.06.2015

### 5.7 37780 (09/PNP-002758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso selectivo para a provisión dunha praza de director ou directora do Centro Galego de Arte Contemporánea convocado a través da Orde do 25 de setembro de 2014

Publicación da iniciativa, BOPG nº 477, do 10.06.2015

### 5.8 37885 (09/PNP-002765)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez Arias, Marta, e trece deputados/as máis  
Sobre a realización pola Xunta de Galicia do desenvolvemento normativo do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 477, do 10.06.2015

---

## Punto 6. Interpelacións

## 6.1 23072 (09/INT-000808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e dous deputados/as máis  
Sobre o impacto nos concellos galegos de menos de 20.000 habitantes da aplicación da normativa estatal vixente que lles suprime as competencias en materia de servizos sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290, do 14.05.2014

## 6.2 25855 (09/INT-000929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a necesidade de realizar unha campaña informativa entre as persoas emigrantes retornadas en relación coa tributación das pensións percibidas no estranxeiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336, do 08.09.2014

## 6.3 32116 (09/INT-001162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da política seguida en materia de Administración local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 411, do 06.02.2015

## Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

## 7.1 38017 (09/POPX-000140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre o actual sistema de gratuidade parcial dos libros de texto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 481, do 17.06.2015

## 7.2 38043 (09/POPX-000141)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a declaración de ilegalidade da suspensión do concurso eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 481, do 17.06.2015

## 7.3 38050 (09/POPX-000142)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a incidencia que está a ter a desaparición do sistema de préstamo universal de libros de texto, como consecuencia do establecemento do sistema de cheque escolar e do denominado "fondo solidario"

Publicación da iniciativa, BOPG nº 481, do 17.06.2015

## Punto 8. Preguntas ao Goberno

## 8.1 33874 (09/POP-003107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da Plataforma de Emprendemento Feminino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

## 8.2 37522 (09/POP-003429)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da comparecencia no Parlamento de Galicia para explicar o financiamento dun partido político

Publicación da iniciativa, BOPG nº 477, do 10.06.2015

## 8.3 38056 (09/PUP-000208)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime, e sete deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer o dereito á vivenda das familias que se atopan en risco de ser desafiu-zadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 481, do 17.06.2015

## 8.4 34778 (09/POP-003199)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para paliar ou impedir a deslocalización dos postos de traballo do grupo Adolfo Domínguez

Publicación da iniciativa, BOPG nº 433, do 19.03.2015

## 8.5 38049 (09/PUP-000207)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre as responsabilidades políticas derivadas da sentenza pola que se declara ilegal a suspensión do concurso eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 481, do 17.06.2015

## 8.6 32037 (09/POP-002873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e dous deputados/as máis

Sobre o financiamento concreto recibido durante o primeiro trimestre por aqueles centros educativos galegos nos que se implantou a Formación Profesional Básica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 05.02.2015

## ORDE DO DÍA

---

8.7 37625 (09/PUP-000206)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio, e dous deputados/as máis

Sobre a investigación xudicial en relación coa xestión da Fundación

Camilo José Cela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 477, do 10.06.2015

8.8 37653 (09/POP-003441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a investigación xudicial relativa á xestión da Fundación Cami-

lo José Cela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 477, do 10.06.2015

---

*Ábrese a sesión ás dez e catorce minutos da mañá.*

**Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia.**  
(Punto primeiro da orde do día.)

***Modificación da orde do día***

*A señora presidenta comunica que o Grupo Parlamentario Popular de Galicia solicitou, mediante o documento número de rexistro 38190, a alteración e o aprazamento do punto 1 da orde do día, de elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia, e anuncia a votación.* (Páx. 10.)

Votación da modificación da orde do día e do aprazamento do punto 1, de elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor, 6 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 10.)

**Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.** (Punto segundo da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno* (Páx. 10.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión (Rodríguez Arias).* (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 11.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 12.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 14.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 16.) e *Sr. Santalices Vieira (P).* (Páx. 18.)

---

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 21.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 22.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 23.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 24.) e *Sr. Santalices Vieira (P)*. (Páx. 24.)

**Debate e toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para prohibición de uso de munición que conteña chumbo en todo o territorio galego.** (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións respecto da toma en consideración da proposición de lei: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 27.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 28.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 29.) e *Sr. Freire Abeijón (P)*. (Páx. 31.)

Rolda de réplica: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 32.)

### **Votación dos textos lexislativos**

Votación das emendas do G.P. Mixto ao ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais: *rexeitadas por 16 votos a favor, 37 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais: *rexeitadas por 16 votos a favor, 37 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais: *rexeitadas por 16 votos a favor, 37 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación do Ditame da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais: *aprobada por 70 votos a favor.* (Páx. 34.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor.* (Páx. 34.)

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para dar conta do balance da RIS3.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)* (Páx. 34.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 39.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 41.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 43.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 45.) e *Sr. Arias Veira (P)* (Páx. 48.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)* (Páx. 49.)

---

*O señor presidente (Santalices Vieira) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 53.) Nesta rolda interveñen a Sra. Martínez García (M) (Páx. 53.), a Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 54.), o Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 56.), o Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 57.), o Sr. Arias Veira (P) (Páx. 58.) e o Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López) (Páx. 59.)*

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar das novidades na regulación dos currículos de ESO e bacharelato en desenvolvemento da LOMCE. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 61.)*

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 65.), Sr. Pombo Rodríguez (BNG) (Páx. 66.), Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 68.), Sr. Docasar Docasar (S) (Páx. 70.) e Sr. Fariñas Sobriño (P) (Páx. 73.)*

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 75.)*

*O señor presidente (Santalices Vieira) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 80.) Nesta rolda interveñen a Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 80.), o Sr. Pombo Rodríguez (BNG) (Páx. 81.), o Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 83.), o Sr. Docasar Docasar (S) (Páx. 84.), o Sr. Fariñas Sobriño (P) (Páx. 85.) e o Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 87.)*

**Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do sector lácteo. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 89.)*

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 90.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M) (Páx. 92.) e Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 93.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. García García (S) (Páx. 94.) e Sra. García Pacín (P) (Páx. 95.)*

*O señor Sánchez García (AGE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 97.)*

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento dos protocolos de violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 98.)*

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Acuña do Campo (S). (Páx. 98.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG). (Páx. 100.) e Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 101.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (AGE) (Páx. 103.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 104.)*

*A señora Acuña do Campo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 105.)*

**Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co dispositivo de loita contra os incendios forestais.** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 108.) e *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. García García (S)* (Páx. 110.) e *Sr. Balseiro Orol (P)* (Páx. 111.)

*A señora Paz Franco (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 112.)

### **Votación das mocións**

Votación da Moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para paliar ou impedir a deslocalización dos postos de traballo do grupo Adolfo Domínguez: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención* (Páx. 113.)

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento dos protocolos de violencia de xénero: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención* (Páx. 113.)

Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Paz Franco, sobre a necesidade de realizar unha campaña informativa entre as persoas emigrantes retornadas en relación coa tributación das pensións percibidas no estranxeiro: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención* (Páx. 113.)

**Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos medios de comunicación públicos.** (Punto quinto da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 114.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 116.) e *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 118.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)* (Páx. 119.)

*A señora Martínez García (M) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate.* (Páx. 121.)

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co futuro plan de financiamento do sistema universitario galego.** (Punto quinto da orde do día.)

*A señora presidenta comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei.* (Páx. 121.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 122.)

---



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 123.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 124.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 125.) e *Sr. Fariñas Sobriño (P)*. (Páx. 126.)

*A señora Burgo López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate.* (Páx. 127.)

*Remata a sesión ás dez e dous minutos da noite.*

---

*Ábrese a sesión ás dez e catorce minutos da mañá.*

### **Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia.**

#### **Modificación da orde do día**

**A señora PRESIDENTA:** Comunícolles que as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia solicitaron, mediante documento número de rexistro 38190, a alteración e o aprazamento do punto 1 da orde do día, de elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 73 do Regulamento, someto á votación a dita proposta de alteración da orde do día.

Votamos.

*Votación da modificación da orde do día e do aprazamento do punto 1, de elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 6; abstencións, 17.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta solicitude de modificación da orde do día.*

**A señora PRESIDENTA:** Continuamos o desenvolvemento da sesión co seguinte dos puntos, que é o de textos lexislativos.

### **Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais**

**A señora PRESIDENTA:** Mantéñense para o Pleno as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e as do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Para a presentación do Ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, dona Marta Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señora presidenta.

A Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 23 de xuño de 2014 e cualificouse nesa mesma Mesa polo Parlamento de Galicia.

Logo da súa toma en consideración na sesión plenaria do 2 de decembro de 2014, a Mesa, na reunión do 9 de decembro de 2014, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o día 16 de febreiro de 2015, coa formulación dun total de 110 emendas: 15 do Grupo Parlamentario Mixto, 21 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 40 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, 6 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 28 do Grupo Parlamentario Popular.

Pola súa parte, a Ponencia foi designada na sesión da Comisión 5ª o 4 de marzo, e está composta polos seguintes ponentes titulares: señor Santalices Viera, señora Acuña do Campo, señora Solla Fernández, señora Prado Cores e Martínez García, e constituíuse o 8 de abril. Tras seis reunións máis, rematou o informe con data do 2 de xuño.

Posteriormente, a Comisión 5ª, na sesión do 11 de xuño, aprobou o ditame, cuxo texto articulado consta da exposición de motivos e de 30 artigos agrupados en 5 títulos en relación coas disposicións xerais: “Dereitos das persoas ante o proceso da morte”, “Deberes e dereitos das e dos profesionais sanitarios”, “Garantías dos centros e institucións sanitarias” e “Infraccións e sancións”. E a súa parte final intégrase por unha disposición adicional sobre a difusión e promoción da lei e tres derradeiras relativas ao desenvolvemento regulamentario, ás novas funcións dos comités de ética e á entrada en vigor desta lei, se é o caso, que será efectiva ao mes seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cómpre, pois, agora rematar a tramitación deste procedemento lexislativo co debate e votación das emendas mantidas e co ditame da comisión que acabo de presentar.

Grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame, e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Grupo Mixto ten a palabra dona Consuelo Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

A Ponencia desta Lei de garantías das persoas enfermas terminais foi, pola miña experiencia dende que estou neste Parlamento, a máis construtiva, o debate máis construtivo, onde houbo realmente vontade de chegar a acordos e de plasmar unha lei que nos servira para todas e para todos, algo que o que reflicte, realmente, é que o único que realmente nos fai iguais é a morte. Morrer, morreremos todos, a enfermidade e a dor é común a todos, e por iso a sensibilidade que mostrou o Partido Popular, que non mostra normalmente en ningún outro ámbito.

Acabámolo de ver co tremendo espectáculo que se acaba de dar nesta Cámara, un espectáculo de cochambedo de dous partidos políticos que acaba determinando o traballo desta Cámara, anulando un pleno unilateralmente. É unha vergonza, pero, bueno, a min non me estraña, despois de ler tamén a Proposición de lei de modificación do Regulamento desta Cámara, onde o Partido Socialista se empeña en seguir este noviazgo tenso co Partido Popular e manter así o status de dous partidos únicos gobernando e anulando as posibilidades e as voces do resto do pobo. Un auténtico escándalo democrático ao que xa nos teñen acostumados os dous partidos do réxime.

Pero, a pesar do bo traballo da Ponencia, eu manteño algunha das emendas porque considero importante reflexionar sobre as mesmas.

A primeira emenda, a emenda número 1, mantéñoa porque pretende facer constar como obxecto da lei as obrigas do

persoal que atende as persoas en situación terminal e as garantías que deben proporcionar as institucións no proceso da morte. A emenda foi rexeitada polo Partido Popular, mais o propio Partido Popular, na súa emenda 2, di textualmente: “A presente lei aplicarase ao persoal implicado na atención sanitaria, tanto en centros públicos como privados.” Polo tanto, se ao persoal sanitario que atende as persoas en situación terminal se lle aplica esta lei, a lei debe recoller que ten por obxecto establecer as obrigas do dito persoal, así como as garantías que deben proporcionar as institucións.

Mantemos tamén a emenda 5, que trata de establecer as garantías para que cando unha persoa enferma terminal rexeite tratamentos paliativos, esta decisión non fora adoptada baixo presións indebidas que respondan a intereses alleos á persoa enferma terminal.

As persoas que vimos de traballar no ámbito da sanidade sabemos que moitas veces... Eu persoalmente vivín experiencias de: “a ver se o aguantades con vida ata que veña o notario”, por exemplo. Ou ata familias que simplemente son incapaces de aceptar a morte dun familiar e que intentan convencelo de que rexeite o tratamento paliativo. Polo tanto, parécenos importante que o persoal sanitario comprobe se a decisión de rexeitamento ou de afectación do tratamento paliativo se tomou de forma libre.

Tamén mantemos o punto 3 da emenda 11, unha emenda parcial que pretende establecer o criterio que debe seguir o persoal médico cando ten que decidir entre dúas decisións opostas: por un lado, a decisión dun menor emancipado, maior de 16 anos, que decide que está en fase terminal da súa vida e toma unha decisión referente ao tratamento paliativo, e a dos seus proxenitores, que poden tomar a decisión contraria. Neste sentido, o texto da Ponencia di que as persoas menores ou maiores de 16 anos darán o seu consentimento persoalmente, pero que se informará os proxenitores e que se terá en conta a súa opinión á hora de tomar unha decisión. O que non se di é qué opinión prevalece. ¿Ata onde hai que ter en conta a opinión dos proxenitores? Porque a opinión do menor tamén conta. Dise que o menor é quen toma a decisión. Se o menor toma a decisión, pero hai que ter en conta a opinión dos proxenitores, no caso de que estas dúas opinións sexan contrarias, ¿que ten que facer o persoal facultativo? Considero que é algo que a lei debería darlle resolto ao persoal facultativo, e que, polo tanto, debe-

ría de primar sempre a decisión do menor, posto que, ademais, temos que entender que é moi difícil para os proxenitores decidir que ao seu fillo se lle acabou a vida e poñer fin dalgunha maneira a decidir que se acabe. Polo tanto, trasládase simplemente na lei unha decisión moi difícil ao persoal sanitario.

A emenda número 12 tamén a mantemos. Pretende garantir que toda persoa na fase terminal da súa vida poida coñecer os seus dereitos e facer uso deles. O Partido Popular rexeitou esta emenda co argumento de que as medidas tecnolóxicas que se porán á disposición da cidadanía xa van facer posible que todo o mundo poida deixar a súa decisión establecida na declaración de vontades anticipadas. Pero o Partido Popular parece non ter en conta que esta evolución de que todo o mundo teña feita a declaración de vontades anticipadas vai darse nun tempo, que non o vai a facer todo o mundo o primeiro mes, que vivimos nun país moi envellecido, cunha poboación maior que non vai cubrir por internet o papelíño de últimas vontades, ou de vontades anticipadas, e ademais tamén nun territorio onde a conexión a internet non chega a gran parte do territorio. Polo tanto, pensamos que se está poñendo un impedimento para que as persoas, sobre todo de máis idade, poidan decidir libremente como queren rematar a súa vida.

Tamén mantemos a emenda número 15, porque entendo que a morte é un tabú na nosa cultura, e esta lei debe tamén tratar de educar para a morte. Ninguén pode escapar dela, pero só estamos preparados para a vida, e mal. Así, a morte sempre nos pilla por sorpresa. É fundamental aceptala como un feito natural, que vai, inevitablemente, unido á vida. Por iso creo necesario educar para vivir, pero tamén educar para morrer; por iso a emenda fala de que os profesionais sanitarios planifiquen, xunto coa persoa enferma, dende as primeiras fases da enfermidade, as decisións a adoptar en función das posibles situacións futuras.

Para rematar só quero anunciar o meu apoio a esta proposición de lei, independentemente de que reciban as miñas emendas o apoio ou non, xa que considero que é unha lei necesaria para o persoal sanitario, aínda que, como dixen, lles deixa un papelón difícil, moi difícil, e esa é quizás das emendas que máis deberíamos de pensar. Non se pode trasladar ao persoal médico decidir qué fai en caso de opinión contraria dun menor en fase terminal e dos seus proxenito-

res. É unha decisión que non pode corresponder ao persoal médico. Pero tamén é importante para as familias saber que poden tomar esa decisión, e para as persoas cuidadoras, posto que a lei tamén recolle a atención ás persoas cuidadoras, e para todos os galegos e as galegas como futuros usuarios deste dereito que no propio proxecto de lei se recolle que deberá ser igual e estar próximo e fácil de chegar a todo o territorio, para todos os galegos e galegas.

Nada máis. Creo que é unha lei que avanza. Espero que polo menos a emenda de quitarlle ese *marronazo* ao persoal sanitario sexa tida en conta, que o Partido Popular a pense, e evite responsabilidades políticas converténdooas en responsabilidades persoais do persoal sanitario.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día a todos e a todas.

Esta Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais que hoxe se somete aquí neste Pleno á aprobación definitiva regula o dereito dos galegos e das galegas, enfermos terminais, a decidir sobre o seu proceso, sobre o proceso do final da súa vida. O BNG parabenízase de que hoxe vaiamos aprobar esta lei.

Dito o cal, tamén teño que lamentar que a mesma chegue a esta Cámara ao ritmo que o Partido Popular determina, porque unha lei, como acaba de dicirse, que foi tomada en consideración en decembro do ano 2012, estivo hibernando varios meses nun caixón ata que o Partido Popular decide darlle para adiante, ou non. E dígoo porque non é de recibo que esteamos asistindo aquí, nun parlamento, aos ditados unilaterais do Partido Popular.

Dito isto, dicía que esta lei cremos que é positiva, que é un avance. Non é a lei de máximos que o Bloque Nacionalista Galego desexaría. Cremos que hai que seguir avanzando en medidas legislativas que deixen de penalizar as persoas que non teñen outra forma aceptábel de vivir o sufrimento que deixar de vivir. Cremos que hai que seguir aprofundando nesta

liña, que hai que conseguir a modificación do Código penal –fundamentalmente no que se refire ao artigo 143– para que as persoas poidan decidir libremente sobre a súa vida e tamén libremente sobre a súa morte. Porque a loita por unha morte digna forma parte da loita por unha vida digna e no BNG defendemos a necesidade de ter instrumentos legais para conseguir estes obxectivos que permitan ás persoas avanzar no control da súa vida en toda a súa extensión.

Conseguir o recoñecemento legal do control da propia vida e da propia morte ten relevancia para o avance dos dereitos das persoas; premisa contraria á que veñen mantendo altos poderes e instancias como a Igrexa católica, onde se prima a sacralidade da vida, negando, polo tanto, que esta lle pertence á persoa e non a un ser divino. Estamos, polo tanto, diante dunha lei –insisto– que é un avance, unha lei na que todos os grupos presentes nesta Cámara fixemos un exercicio de autocontención –por así dicilo–, conscientes das limitacións do marco legal, para ir máis alá, como nos gustaría ao Bloque Nacionalista Galego. Estamos, polo tanto, diante dunha normativa que regula ese dereito a unha morte digna e precisa porque –como xa tamén dixen no momento da toma en consideración da lei– a Lei de garantías sanitarias foi unha oportunidade perdida porque o Partido Popular estaba máis interesado no aspecto que significaba que esa Lei de garantías puidera entregarlle, baixo o paraguas da lei, a sanidade pública á sanidade privada, e na mesma non se regulou este dereito a unha morte digna, máis alá do que foi o rexistro de instrucións previas –que foi un adianto– e o dereito das persoas a determinar o seu testamento vital, a rexistralo, a decidir como queren que sexa a súa morte e plantexarse o seu final, mais non se regula como efectivizar ese dereito. E un dereito que logo non establece mecanismos de como levalo a cabo acaba sendo papel mollado; por iso a necesidade desta lei para avanzar nesa dirección.

A regulación dunha morte digna viña sendo demandada por moitos profesionais que estaban facendo unha boa praxe médica, mais esa praxe non estaba amparada por ningunha normativa legal. Consideramos que o voluntarismo de facer ese traballo non debe seguir e que si debe quedar regulado, e tamén unha regulación que garanta unha atención axeitada durante o proceso final da vida, para evitar ou aliviar a dor das persoas, o sufrimento e, ao mesmo tempo, respectar a dignidade e a libre decisión de cada unha desas persoas que están no proceso final da súa vida.

Esta Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais establece ese dereito das persoas, sexa cal sexa a doenza terminal que padezan, sexa cal sexa o lugar de Galiza onde vivan, sexa cal sexa a súa idade, a súa crenza ou a súa moral, calquera que sexa o centro sanitario ou sociosanitario ou o propio domicilio no que se produza o proceso. Unha persoa enferma terminal ten dereito a elixir, e esa elección non pode significar mingua de dereitos.

É unha lei que non contempla a posibilidade de acollerse á obxección de conciencia por parte dos profesionais. E esta foi unha cuestión na cal manifestamos total consenso os grupos políticos presentes neste Parlamento. Non cabe por parte de ningún profesional acollerse a ningún tipo de obxección de conciencia á hora de informar sobre o diagnóstico ás persoas afectadas, á hora de aplicar un tratamento ou á hora de realizar calquera intervención. Coidamos que este é un aspecto fundamental, un dos aspectos que significa maior avance dos contemplados nesta lei, xa que cremos que o dereito a morrer dignamente e a que se lle sexan aplicados os tratamentos para que esa morte se faga sen dor e se respecte a opinión e o desexo da persoa parécenos que é fundamental. E tamén regular os dereitos destas persoas e as obrigas dos profesionais que as atenden.

O BNG, despois da admisión a trámite do proxecto de lei, presentamos 21 emendas, evidentemente, co obxectivo de mellorar o texto, de introducir aspectos que non contemplaba o texto orixinal. E teño que dicir hoxe aquí que tivemos un intenso traballo na Ponencia, un debate no que houbo disposición ao acordo e no que chegamos a acordos en moitos dos aspectos. É unha lei que presenta puntos froito de amplas transaccións e un debate co que fomos profundando no contido da lei e no que –insisto, ao xeito de ver do Bloque Nacionalista Galego– se conseguiu un texto co que todos nos sentimos, con máis ou menos intensidade, pero reflectidos.

Emendas presentadas polo BNG. A primeira delas é para que se realizara a corrección da linguaxe sexista, que segue a ser unha cuestión na que nunha parte moi importante das leis que chegan a esta Cámara sempre hai que proceder a esa corrección de xénero. Creemos que deberíamos todos facer un esforzo por que iso non sexa así xa na presentación dos textos, para que non haxa despois que proceder á súa linguaxe sexista. Unhas emendas para que no proxecto de lei,

ademais de regular o respecto á calidade de vida e á dignidade dos enfermos terminais, se recoñecera, no seu obxecto, que se regulen tamén as obrigas do persoal sanitario que ten que atender esas persoas, e tamén a garantía que deben proporcionar as institucións sanitarias e sociosanitarias nese proceso. Cremos que estamos regulando dun xeito clarísimo o dereito das persoas enfermas, das persoas terminais, mais tamén as obrigas e os dereitos dos profesionais, e tamén as garantías que os centros sanitarios e sociosanitarios onde se produza este proceso deben cumprir. Polo cal criamos que debía incluírse no obxecto dun xeito claro.

Son emendas para que se recoñecera a realidade de relacións que van máis alá da familia. Estamos nunha sociedade na que os ámbitos de relación e de decisión non quedan exclusivamente reducidos ao ámbito da familia. E por iso presentamos emendas para que os achegados que forman parte tamén dese entorno foran recoñecidos á hora de poder tomar decisións. Emendas para que a titularidade do dereito á información clínica da persoa lle corresponda exclusivamente a esta persoa ou en quen delegue; para que quedara dun xeito claro que é a persoa a que ten ese dereito. Emendas no sentido de preservar a intimidade e a protección dos datos referidos a todo o proceso do remate da vida. E tamén emendas para que se engadiran, ao ámbito de aplicación desta lei, os centros sociosanitarios, xa que nestes centros tamén son moitas as persoas que rematan a súa vida. Consideramos que, ademais dos centros sanitarios –e, evidentemente, o domicilio–, era bo que se introduciran estes centros sociosanitarios. Tamén emendas para recoñecer o dereito a recibir información clínica, veraz e comprensible sobre o diagnóstico, co fin de axudarlle a tomar decisións. E emendas para incluír o dereito dos menores emancipados ou dos menores maiores de 16 anos a que a decisión lle corresponda única e exclusivamente a estas persoas. Informar aos proxenitores si, mais o dereito da toma de decisión final debe ser única e exclusivamente destas persoas.

Presentamos tamén emendas para establecer mecanismos de avaliación e seguimento do cumprimento da lei. Cremos que é importante que, despois de aprobada unha lei, se establezan mecanismos para ver se esta se vai efectivizando; emendas para que no prazo dun ano se realizara un estudo sobre o nivel de cumprimento da mesma e tamén para que se realice a difusión tanto entre os profesionais como entre a poboación, porque un dereito que non se coñece, unha lexislación que non é

coñecida polas persoas ás que vai dirixida, queda en papel mollado. Por iso consideramos tamén importante todo ese labor de difusión. E tamén emendas para que o sistema sanitario público de Galiza implemente todas as cantidades e dotacións de unidades de coidados paliativos e equipos para dar esta asistencia, para garantir que, ademais de aprobar a lei, haxa os recursos necesarios para levala a cabo. Tamén para garantir a equidade no acceso a todos os galegos e galegas, con independencia do lugar de Galiza no que vivan.

Froito do traballo en ponencia, foron aceptadas seis das emendas do Bloque Nacionalista Galego, transaccionadas outras seis e seis foron rexeitadas. Desas seis, mantemos vivas catro das mesmas, porque consideramos que coa súa aprobación melloraría aínda máis o texto final, que é o obxectivo que persegue o Bloque Nacionalista Galego. Polo cal, mantemos viva a emenda número 2, para que se introduza que, ademais de regular o respecto á calidade de vida e á dignidade dos enfermos terminais, tamén se regulen as obrigas do persoal sanitario que ten que atender estas persoas, así como as garantías que deben proporcionar as institucións; a número 13, referida ao recoñecemento do dereito a tomar as decisións dos menores emancipados e maiores de 16 anos; a número 19, referida á avaliación do nivel de cumprimento da lei; e a número 21, onde se pide a dotación de unidades de coidados paliativos para que esta lei se poida efectivizar con todas as garantías e para que se garanta que o Goberno galego poida garantir a aplicación en equidade desta lei en calquera parte de Galiza onde estean persoas no proceso final da súa vida.

Agardamos que aínda poidan ser aprobadas estas emendas que mantemos para este Pleno. E tamén, aínda que non se aproben, votaremos afirmativamente este texto lexislativo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Ten a palabra dona Eva Solla Fernández.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero agradecer o traballo realizado durante a Ponencia. Ben é certo, como xa se dixo hoxe aquí,

que foi froito dun amplo debate, sobre todo probablemente porque foi un proxecto de lei con cuestións máis éticas ou de criterio máis persoal ou máis subxectivo nalgúns aspectos. Ben é certo que é de agradecer e que hai que agradecer ese traballo da Ponencia porque non sucede nin en todas as ponencias nin nos debates de todas as iniciativas nesta Cámara; e, polo tanto, entendemos que é digno de resaltar.

En canto aos acordos chegados durante o traballo da Ponencia, parécenos que no fundamental e no que ten que ver sobre todo coa idoneidade da aprobación desta lei –nós tamén anunciamos que a imos votar favorablemente, independentemente do mantemento das nosas emendas– o que proporcionaba non era unha gran novidade probablemente terapéutica nin no ámbito sanitario, senón unha seguridade xurídica en prácticas que xa se están a realizar, como pode ser a sedación terapéutica ou a non prolongación de forma artificial, con métodos extraordinarios, da vida de persoas que están en situación terminal por unha enfermidade, por un accidente –como xa se debateu durante a Ponencia– ou por un proceso determinado no que a súa situación non vai mellorar, é irreversible e non vai ter ningún tipo de beneficio cunha medida terapéutica extraordinaria. Polo tanto, entendiamos que o que se daba era esa seguridade xurídica de algo que xa acontecía.

E, probablemente, un dos puntos nos que se chegou a acordo, que entendemos que é dos máis importantes, é, precisamente, a materia da obxección de conciencia, no que foi aprobada esa emenda da Alternativa Galega de Esquerda que solicitaba a eliminación dese punto, porque entendemos que é unha obriga dos profesionais que traballan na sanidade cumprir coa lexislación vixente no tocante aos dereitos das doentes e dos doentes. Se isto se aproba como un dereito das persoas non cabe a interpretación por parte dos profesionais sanitarios e, polo tanto, ten que ser de aplicación en todo momento. Desgraciadamente, é unha situación que, aínda que non é moi frecuente, agora si se está a vivir. E entendemos que a observancia da aplicación desta lexislación, toda vez que entre en vigor, deberá ser estrita para asegurar o seu cumprimento e que se cumpran os dereitos das persoas en situación terminal.

Máis alá doutros acordos que xa se comentaron aquí, parécenos bastante importante, sobre todo relacionado coa situación de recortes que está a sufrir a nosa sanidade pública, ese

acordo relacionado coas camas individuais para as persoas en situación terminal. Durante o debate da Ponencia lembrábase que nas unidades de atención de cuidados paliativos se tende a respectar isto, pero non sempre, hai situacións nas que non é posible, ou consideran que non é posible. Pero esta lei abre a porta a que isto teña que ser respectado para todas as persoas en situación terminal, e o feito de que nalgún momento isto non poida ser respectado e teña que situarse, esta persoa doente, con outra compartindo habitación, iso sexa a excepcionalidade e non a norma. Dígoo porque, como está aquí presente a conselleira de Sanidade e se ten defendido nesta Cámara que a ocupación das camas públicas dentro do Servizo Galego de Saúde –algo que nós sostemos que non é así– é dun 77 %, entendemos que a partir de agora non haberá problema ningún para cumprir absolutamente con cada paciente en situación terminal, pois esta norma obriga, salvo na excepcionalidade, a que ten que ser xustificada e a que estas persoas contén cunha habitación individual. Polo tanto, ábrese a porta a que as familias estean solicitando e reclamando os seus dereitos unha vez que esta lei entre en vigor.

No tocante ás emendas que mantemos vivas, fundamentalmente son case todas correspondentes á materia de corrección de xénero, á feminización do texto, alén dalgunha emenda, como pode ser a número 1, que amplía o obxecto da lei correspondente ao artigo 1 e que non foi aceptada, pero o groso das emendas que mantemos vivas corresponden a esa corrección de xénero. Neste caso é unha proposición de lei traída polo Partido Socialista, pero habitualmente nos proxectos de lei que corresponden ao Goberno non existe ningún tipo de feminización dos textos, continúan vindo todos en masculino singular. E, realmente, non entendemos como, a estas alturas, cando é amplamente defendido –sempre se di– por parte da Secretaría de Igualdade e en todas as comparencias que a materia de igualdade é unha materia transversal, continuamos debatendo, proxecto tras proxecto de lei ou proposición tras proposición de lei, propostas que non abarcan os dous xéneros e que meramente están escritas en masculino.

É certo que algunhas das emendas foron aceptadas, tamén en relación á corrección de xénero que propuxeron outros grupos, pero a min chámame a atención como algunhas si foron aceptadas nesa corrección e outras non. Por exemplo, mantemos vivas algunhas das emendas, como a 4 ou a 5, que

pretenden pasar do que pon durante o texto, da referencia aos médicos, ao “persoal médico”, ou do paciente á “persoa enferma”. Hai moitas que van neste senso. Entendemos que é bastante doado utilizar o neutro nestes casos e non entendemos cal é o motivo para seguir utilizando, empregando, a formulación masculina. Aínda que non sexa o tema central do debate desta lei, parécenos un tema moi importante, porque sempre falamos da transversalidade e logo, ao final, resulta que cando temos que aprobar textos legais seguímonos aprobando sen corrección de xénero. Polo tanto, non é un tema baladí.

Eu vou finalizando, porque é certo que a maioría do debate quedou xa resolto na propia Ponencia, a partir dos acordos e do debate, pero eu quero lembrar unha reflexión que fixen xa no debate de toma en consideración desta iniciativa, e é que vén sendo certo que a súa aprobación proporciona esa seguridade xurídica á que eu me refería, ben é certo que non abarca o tema central que deberíamos estar a debater, que é o tema da eutanasia. Eu dixen ese día –e na propia Ponencia– que, efectivamente, existe unha incapacidade de aprobación dunha modificación legal de tal calibre nesta Cámara, desgraciadamente porque implica a modificación do Código penal e, polo tanto, ten que ser materia de debate no Congreso das Deputadas e Deputados, pero hai que lembrar tamén nesta Cámara que, alén de que o meu grupo estaría de acordo con este punto, tamén o grupo ao que pertencen os meus compañeiros e compañeiras no Congreso das Deputadas e Deputados, de Esquerda Plural, vén presentando lexislatura tras lexislatura propostas para incluír ese debate sobre o dereito a dispor da vida propia, e que, desgraciadamente, os grupos maioritarios tradicionalmente o veñen votando en contra.

Eu exixiría, a pesar de que non poida ser aprobado dentro deste texto legal, unha reflexión aos deputados e deputadas desta Cámara, porque, alén da propia sedación, saben as súas señorías que hai situacións que son incompatibles cunha mellora da calidade de vida, nas que a persoa non ten unha reversibilidade na súa situación e que non son resoltas cunha sedación paliativa. Polo tanto, pediría que tamén, cando teñan que realizar esta reflexión e este debate, sexan un pouco máis xenerosos, porque, desgraciadamente, só os grupos minoritarios da Cámara no Congreso das Deputadas e Deputados veñen, tradicionalmente, apoiando esta proposta.

Posicionareime, entendo que na outra quenda, sobre as emendas restantes.

Nada máis por agora. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Acuña do Campo.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Pois por fin a Lei dos dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais vai ser unha realidade na nosa Comunidade Autónoma.

Quero aproveitar este debate final para recordar como foi a súa elaboración e a súa tramitación e para agradecer a todas as persoas que interviñeron nese proceso o seu traballo e as súas aportacións.

Ao longo da historia os socialistas e as socialistas sempre loitamos para conseguir ampliar os dereitos e as liberdades; dereitos e liberdades para vivir e dereitos e liberdades –como nesta ocasión– tamén para morrer. Temos moi claro que a política ten que procurar que as persoas vivamos con dignidade, que esa dignidade non dependa da capacidade económica de ninguén e que durante a enfermidade non se pode perder esa dignidade e, por suposto, tampouco no momento da morte, xa que, señorías, coa dignidade nin se mercadea nin pode ser algo intermitente.

Por todo isto, no seu día, a sectorial de sanidade do PSdeG-PSOE –a quen felicito outra vez polo seu traballo– planteouse elaborar un proxecto de lei que contemplara os dereitos, as garantías e a dignidade das persoas no momento da morte; un proxecto de lei elaborado coa colaboración de grandes pensadores nesa materia, pero tamén escoitando a moitas das persoas e das asociacións que traballan a diario nese campo, como a Asociación da Morte Digna, a quen, de novo, lle agradezo toda a súa colaboración.

E cando a sectorial galega deu por finalizado o proxecto o Grupo Parlamentar Socialista decidiu presentalo nesta



Cámara. Por iso, no mes de decembro pasado, debatemos aquí tamén neste pleno a toma en consideración dun proxecto para que en Galicia, por lei, se definiran os dereitos e as garantías da dignidade das persoas en situación terminal da man do Grupo Parlamentar Socialista; proposta que teño que dicir que foi moi ben acollida polos demais grupos, que, por unanimidade, a votaron a favor. Aínda que tamén teño que dicir, en honor á verdade, que foi recibida con certo nerviosismo por parte do Grupo Parlamentar Popular, que, como seguro que vostedes recordan, naquel inicial debate recalcou –con moita insistencia para que nos quedara moi clariño– que para eles existían unhas liñas roxas que nunca pasarían.

Así que supoño que para ter tempo suficiente para establecer e delimitar esas liñas roxas, nun primeiro momento, o Grupo Parlamentar Popular non demostrou nin moito interese nin moito entusiasmo por este texto, así, ata o mes de abril non propiciaron que se iniciaran os traballos da Ponencia. Por certo, ese retraso fixo que en Galicia, aínda que vai ser unha das primeiras comunidades en ter unha lei destas características, pois non imos ser tan pioneiros.

Por fin no mes de abril arrancaron os traballos, e, sentamos en torno a unha mesa as ponentes dos diferentes grupos parlamentares –falo en feminino, porque eramos todas mulleres, excepto o voceiro do Grupo Parlamentar Popular– e a letrada, tamén unha muller, á que quero aproveitar para agradecer tamén a súa colaboración, sen dúbida imprescindible.

Unha vez máis quero recalcar o ben que se traballou nesa Ponencia. Si, señorías, con tempo, con interese, con dedicación e, sobre todo, con moita xenerosidade; xenerosidade mostrada non só na renuncia e no sacrificio por parte de todos os grupos de moitas das propostas ou das aportacións iniciais, senón tamén pola xenerosidade con que se realizaron os debates. Todos os grupos, señorías, analizabamos e asumiamos como propias as propostas de todos os demais, viñeran de onde viñeran. E deses debates intensos e xenerosos xurdiu este texto que hoxe sometemos, que se vai someter a votación nesta Cámara; un texto xa de todos e de todas e un texto, sen dúbida, moito máis plural que o inicialmente presentado polo noso grupo, polo Grupo Parlamentar Socialista.

Señorías, estamos ante unha lei moi necesaria. Si, necesaria, efectivamente, como xa se dixo aquí, para os profesionais e

as profesionais da sanidade; eses profesionais e esas profesionais que nos axudan a diario a morrer, pero que o fan dende a clandestinidade, expostos a que unha denuncia os poña nunha situación incómoda debido ao vacío legal existente –todos recordaremos, seguro, aquel sensentido das urxencias de Madrid, dun hospital de Madrid– pero tamén necesaria para a cidadanía, para todos e todas nós, pois aínda que, efectivamente, existe un rexistro de instrucións previas, nada ata o de agora garantía que se foran cumprir. Non estaba definido quen, como e de que maneira ían ser ou terían que ser aplicadas esas instrucións previas cando chegase o momento. Necesaria porque se trata dunha lei que recolle o dereito de todas e todos nós a morrer sen dor, a morrer sen angustia, a morrer con paz, ademais, morramos pola causa que morramos, esteamos onde esteamos e teñamos a idade que teñamos. De maneira que a partir de agora poderemos ter a garantía de que se nos aplicarán os coidados paliativos máis adecuados en calquera punto de Galicia no que decidamos morrer e que, se a morte se produce nun centro sanitario, estaremos aloxados nun espazo digno e adecuado para ese trance e non tirados nun pasillo ou nunha padiola de urxencias, e acompañados da nosa familia ou dos nosos amigos, se ese é o noso desexo. E, ademais, queremos con esta lei, a garantía de que eles estarán apoiados e arroupados nesa tan dolorosa despedida.

Esta lei, señorías, está conformada por vinte e seis artigos nos que se vai desgranando o que tan ben concretaba o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego nunha das emendas que aportou ao texto e que foron incorporadas. Unha que enunciaba como principios básicos da lei: protexer a dignidade, defender a liberdade, a autonomía e a vontade das persoas no momento da morte, garantindo a igualdade e a non discriminación.

E ademais, e grazas a unha aportación feita polo Grupo Mixto e tamén incorporada ao texto, recoñécese o dereito das persoas a que se lles proporcionen os coidados paliativos máis adecuados ás súas circunstancias, tanto persoais como familiares ou sociais.

Unha lei na que –como xa se dixo– se eliminou a obxección de conciencia, tal e como demandaban tanto o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda como o Grupo Parlamentario Popular; teño que dicir que por motivos ben diferentes. Obxección de conciencia que nós, os socialistas,

si contemplabamos no texto inicial, pero que sacrificamos en aras do consenso. Está claro que o Partido Popular con esa supresión situaba a súa liña roxa. Si, señorías, situaba a súa liña roxa, pois limitaba a lei ao campo dos coidados paliativos, ante os cales sen dúbida non cabe a obxección, pero cerraba a porta a toda outra xeración aplicada fóra dese marco.

Nesta lei, señorías –agradezo que fagan un último esforzo os grupos para chegar a un consenso–, tamén se fala dos menores e das menores. E temos que chegar a entendernos porque se a morte é dura e difícil para todas as persoas, cando se trata de nenos e nenas aínda o é máis.

Señorías, este texto colocou o debate sobre a morte diante de todos e todas nós. Sabemos que hoxe, efectivamente, non imos votar unha lei de máximos, como sen dúbida tiveran preferido algúns sectores da sociedade e moitas desas persoas e desas asociacións que xa levan reflexionado moito sobre a vida e a morte. Pero eu píddolles paciencia, eu píddolles comprensión, pois trátase dun camiño difícil, trátase dun camiño penoso e trátase dun camiño que debemos de facer todos xuntos, todos e todas pouco a pouco. E sen dúbida hoxe, señorías, con esta lei estamos dando o primeiro paso.

No noso grupo sempre estaremos dispostos a traballar para conseguir que as persoas poidamos chegar a definir como e cando morrer. Exactamente aquilo que –como xa comentei no primeiro debate– desexaba Séneca: *“Del mismo modo en que elegiré la nave en que navegar y la casa en que habitar, así también la muerte con que salir de la vida”*. Pero celebremos, señorías, e moito, que hoxe esteamos dando este primeiro e, sen dúbida, imprescindible paso.

Ao Grupo Parlamentario Socialista gustaríanos e celebraríamos que todos os grupos se sumaran a este texto de Lei sobre os dereitos e as garantías da dignidade das persoas en situación terminal, porque ten xa un pouquiño de todos e todas nós. Espero que se aprrobe co apoio unánime da Cámara, pois se podemos escoller entre unha morte dolorosa e outra sencilla e apacible, ¿por que non, señorías, escoller esta última?

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Santalices Vieira.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Grazas, señora presidenta.

Bos días a todos e a todas. Bos días, señora conselleira, por estar hoxe neste debate. Bos días tamén a todos os invitados que se atopan na tribuna do Parlamento, onde imos debater sobre o Proxecto de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.

Hei de empezar agradecendo o traballo das ponentes e da letrada. É certo como se dixo aquí que foi un traballo interesante, produtivo, un traballo no que non houbo présa, un traballo pausado, moi reflexionado; todas as aportacións foron sometidas a unha avaliación tratando de chegar a un consenso definitivo, e penso que iso se conseguiu. É, polo tanto, señorías, tamén un bo exemplo para esta Cámara. ¡Oxalá camiñemos nunha liña similar a esta, onde beneficios que se poden aportar á sociedade, que é o que nos demandan aos que fomos elixidos por ela, leven sempre o rumbo do consenso! Isto si que sería para nós, desde logo, satisfactorio.

Cando o Grupo Parlamentario Popular, grupo maioritario desta Cámara, aceptou a toma en consideración da Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, explicitou claramente cales eran os asuntos dos que podíamos dialogar e mesmo consensuar algún destes asuntos. Asumimos naquel momento, señorías, que a cidadanía demanda calidade na morte, e nós temos que dar resposta a esta demanda a través dun consenso ético e tamén dun consenso xurídico.

No noso patrimonio institucional está a naturalidade no proceso da morte, procurando paz ao final da vida. Lin eu onte –non podo precisar de quen–, pero lin un artigo –neste momento non me lembro– que citaba unha frase moi escueta que dicía: “A morte é un proceso doloroso se se nega, pero é algo fermoso se se acepta como algo natural”.

Os nosos profesionais han de dispor de información e ferramentas para asumir o seu papel con seguridade e reducir a conflictividade nunha situación dolorosa. A autonomía das persoas e o desexo de tomar decisións sobre o que as afecta foi para nós primordial no debate desta lei. Tamén tivemos en conta no debate desta lei a relación médico-paciente, o

consentimento informado, todo un sinfín de procedementos que van cambiando e que teñen relación co proceso de morrer. Todo isto tiñámolo que ter en conta e creo que se tivo en conta na lei.

Cando nós aceptamos a toma en consideración estabamos tamén dispostos a falar do correcto uso dos termos e queriamos falar dunha linguaxe común, que se lles asigne ás palabras un significado preciso. Arredor da morte manéxanse moitos termos. Moitos termos que ás veces xeran confusión no final da vida. Por exemplo: totanasia, distanasia, obstinación terapéutica, limitación do esforzo terapéutico. Todo isto, señorías, era bo clarexalo e era bo que diso faláramos, e diso falamos.

Tamén tiñamos claro do que non iamos falar, e diso non falamos. Tiñamos claro que non iamos falar de eutanasia. Nós entendiamos a eutanasia como terminar deliberadamente coa vida dun paciente cunha enfermidade terminal ou irreversible por petición expresa, voluntaria e reiterada do paciente. Isto debemos telo claro, porque o Código penal non utiliza este termo, senón que regula a situación exposta como auxilio e indución ao suicidio. O concepto de eutanasia non ten cabida para nós, non a tivo na proposta de lei, e así foi no sentir da Ponencia, non voou sobre a Ponencia o termo eutanasia.

Nós tomamos como referencia, señorías, –e tiña que ser así– o recollido no Plan galego de coidados paliativos e tamén nas recomendacións que fixo a Comisión Galega de Bioética. Tivemos en conta moitas das aportacións que se fixeron, e son razoables. É certo que non só se morre nun hospital, mórrase nunha residencia sociosanitaria, mórrase no domicilio. Está máis que demostrado, e isto está moi estudado, que unha porcentaxe significativa da xente prefire morrer no seu domicilio. Polo tanto, estes conceptos e estas definicións nós tiñámolas que referir na lei.

A Comisión Galega de Bioética e de Coidados Paliativos facía unhas recomendacións que nós tomamos e plasmamos como emendas. E entre elas fixemos as seguintes aportacións, que, dalgunha maneira, melloraban sensiblemente o texto aquí presentado:

Non debemos de acoutar o tempo de pronóstico de vida a seis meses; por iso emendámolo. Para o tempo de vida a nós

parécenos que é moito máis adecuado utilizar o termo de “pronóstico de vida limitado”, pero non poñamos seis meses nin poñamos catro, porque poden ser nove ou poden ser dez. Isto non o debiamos de acoutar. E así o fixemos.

Tamén se fixo e se considerou necesario incluír na toma de decisións relacionadas co proceso os representantes familiares porque quedaban fóra. E isto pois, claro, é un asunto que nós deberiamos de regular, por iso o emendamos. E aí había un proceso legal –que incluso se acordarán as ponentes– onde eu mesmo expresei unha situación persoal na que me podía ver sometido por se isto non quedaba perfectamente recollido, e agradezo ás ponentes que me teñan deixado incluír esa proposta porque polo asunto que elas coñecen me tocaba directamente.

Tamén clarexamos a sedación. Nós definimos correctamente a sedación paliativa e a sedación na agonía. Fixémolo na Ponencia, porque hai que dicir que no texto viña un pouco confuso. Creo que a definición que ao final fai a Ponencia é interesante, porque, entre outras cousas, definimos a sedación paliativa e definimos a sedación na agonía. Cando falamos de sedación paliativa é a administración deliberada de fármacos nas doses e combinacións requiridas para reducir a conciencia dun paciente con enfermidade terminal ou avanzada, tanto como sexa preciso para aliviar adecuadamente un ou máis síntomas refractarios –síntoma refractario é aquel que non pode ser axeitadamente controlado–. Isto nós tiñámolo claro. E despois falamos de que un tipo especial de sedación paliativa era a sedación na agonía, que se aplica cando a morte se prevé moi próxima ou o falecemento será unha consecuencia inexorable da evolución dos enfermos ou das súas complicacións, pero non da sedación. Isto deixámolo claro. E isto paréceme moi importante; isto foi clarexar o fondo do que nós estabamos discutindo.

E eu a título persoal considero que a sedación está legalmente e é lícita se reúne tres causas fundamentais: unha, se se plantexa ante a presenza dun ou máis síntomas refractarios que non podemos controlar; segundo, a intención da sedación debe de ser o alivio do sufrimento, non acurtar a vida do paciente; e terceiro, temos que obter o consentimento informado. Se temos estas tres variables, absolutamente legal. Nestes termos quedou plasmado; polo tanto, nese termo creo que fixemos un esforzo de clarificar o sentir desta lei.

Nós non podíamos compartir, señora Acuña, os termos de selección de pacientes por un equipo multidisciplinar, porque estaba referido basicamente ao hospital. E a nós parecíanos importante se valorabamos que se podía falecer no hospital, nunha residencia da terceira idade ou no domicilio non podían quedar excluídos os médicos de familia; e por iso decidimos que había que incluílos desa maneira.

Tamén a lei aporta cousas moi importantes. Asentamos o dereito a non recibir información se o paciente así o desexa; se o paciente non quere recibir información do seu proceso, ten todo o dereito a non recibila. E penso que estivemos acertados ao decidir non enmarañar no tema das instrucións previas, porque penso que xa hai documentación suficiente: a Lei 41/2002, que é a Lei de autonomía do paciente, a Lei do consentimento informado de Galicia e da historia clínica e a Lei de garantías de prestacións sanitarias.

E, ademais, recordamos algo do que Galicia pode sentirse orgullosa. É das poucas comunidades que ten implantado o IANUS, polo cal é moi fácil acceder a toda a información sobre rexistro de vontades e a toda a información sobre instrucións previas e historial clínico dos pacientes, porque xa existe unha icona onde o facultativo ou persoal que atende pode perfectamente valorar iso. Polo tanto, iso nós recollíamolo así. Aínda que na lei viña a petición de que se creara esa icona, entendo que foi un erro na tramitación desta petición.

Tamén falamos da confortabilidade, que foi un tema moi debatido, e xeramos o dereito á confortabilidade –xa aquí explicado– e ao acompañamento do paciente, salvagardando as situacións de excepcionalidade que se poden producir.

E un tema moi importante, démoslle contundencia ao tema da equidade, non podía ser doutro xeito. A equidade ten que estar presente en todo o que teña que ver coa asistencia sanitaria, pero especialmente no acceso aos cuidados paliativos.

Tamén foron moi interesantes as aportacións que se fixeron. Por exemplo, que un paciente en fase terminal poida escoller onde quere que se lle presten os seus servizos de cuidados paliativos. Púñamos o exemplo dun paciente desprazado nunha determinada cidade que, por mor de estar só e demais, quere que se lle preste esa asistencia noutra cidade, e así o recollíamos e queda plasmado na lei.

Tamén introducimos a través dunha emenda o tema da formación continuada dos profesionais, e en especial na formación clínica en cuidados paliativos. Aínda sendo conscientes de que non existe a especialidade de cuidados paliativos, fixemos un esforzo para que dalgunha maneira se contemple este asunto.

E, claro, nós –e esta é unha opinión persoal– consideramos que “morte digna” é un termo pouco recomendado hoxe. A Comisión Galega de Bioética recomenda que utilizemos este termo canto menos mellor, porque é un termo ambiguo que aboca a unha gran diversidade de cuestións e que só posibilita un acordo intuitivo e impreciso.

Na nosa lei, na lei que hoxe se vai aprobar tivemos que corrixir a referencia a determinados artigos da Constitución por entender que era un erro. Non é un artigo da Constitución, algo que teña que ver coa capacidade legislativa das cámaras nin cos dereitos á propiedade, por iso o corriximos.

E tamén clarificamos ben a obrigatoriedade do consentimento informado. Consentimento informado porque no texto orixinal tómase como referencia o Código de Núremberg ou a Declaración de Helsinki, pero estes van sobre a investigación. Ha de ser un consentimento informado do paciente sobre a investigación, non o consentimento informado do paciente sobre a decisión do proceso final da vida.

Puxemos en valor a Lei 41/2002, de autonomía do paciente –creo que é así–, e a nosa normativa autonómica. Non podía ser doutro xeito; se estamos falando de Galicia ha de ser unha lei que tome como referencia o elaborado na Comunidade Autónoma. E así démoslle valor á Lei 3/2001, de consentimento informado, e á Lei 3/2005, que é a lei que o modifica.

No tema de menores, respectamos as súas necesidades. Houbo unha proposta de transacción interesante, que se fixo. E, en todo caso, señorías, o dereito á información sempre está, e o dereito á decisión nos casos de conflito tal e como recolle a Lei de autonomía do paciente, no caso que poida haber dúbida, aplicando a lei vixente neste caso, pódese recorrer sempre ao tema xudicial. Pero penso que a transacción que puxemos deixa claramente este asunto creo que ben asentado.

Unha lei traballada, con discusións, con propostas interesantes que achega nun primeiro paso o dereito e as garantías dos

enfermos terminais. Unha lei que dá un soporte á boa práctica clínica e ao desenvolvemento dos profesionais do noso sistema sanitario. Unha lei que ten en conta e respecta as especificidades da nosa comunidade, xa que toma como referencia as nosas normativas.

Eu, señorías, agradezo moito o traballo feito na Ponencia. Non era unha lei fácil, esta non era unha lei fácil, era unha lei que tiña as súas complicacións. Agradezo moito o consenso, foi agradable o poder traballar nun asunto tan complexo coma este...

**A señora PRESIDENTA:** Remate.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** ...e por iso mesmo eu doulles as grazas hoxe a todas as ponentes e á letrada.

Moitas grazas, señorías.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Rolda dos grupos para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

Polo Grupo Mixto, a señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Ben, as emendas que manteñan os outros grupos van contar co noso apoio. Evidentemente, xa o dixemos así en comisión e en ponencia.

Pero eu quería falar aquí de termos que non se recollen na lei como o termo 'eutanasia'. Eu non vou pronunciarme nin a favor nin en contra, pero si creo que a lei debe responder ás demandas sociais. Igual que creo que non estamos educados para a morte, evidentemente a eutanasia eu creo que tampouco é unha reclamación, non estamos educadas, pesan moitas cousas, desde crenzas relixiosas, influencias culturais... Polo tanto, eu creo que esta lei vai nese avance, avanzar cara a unha morte que eu creo que é unha morte digna, no sentido de que a xente poida morrer nunhas condicións de falta de dor, de acompañamento familiar e de tranquilidade, que lle garantan ese paso dunha maneira moito máis levadeira.

Pero tamén é importante sinalar que na lei, a pesar de que se chama de "persoas enfermas terminais", si que acordamos

tamén que aí entrarían os accidentados, as persoas accidentadas, que en realidade non son persoas enfermas pero que si se atopan moitas veces nunha situación terminal. Polo tanto, o abano é moito máis amplo do que o título en si puidera dar a entender.

En canto a instrucións previas, eu sigo insistindo que temos unha poboación moi envellecida, sen acceso a internet. Polo tanto, paréceme fundamental que se recolla como se vai dar esa información e esa posibilidade de facer a declaración de últimas vontades a todas as persoas que teñen problemas para acceder a internet ou para cubrir dalgunha maneira formularios que ás veces son complicados para persoas dunha idade avanzada. Polo tanto, creo que debería ir acompañando polo menos de instrucións á atención primaria para que pregunten aos pacientes se teñen esa declaración de vontade ou para que nos mesmos servizos de atención primaria se lles oriente onde lles poden cubrir eses papeis, e, polo tanto, poidan garantir que todo o mundo vai ter feita as súas declaracións.

E tamén é importante publicitar este dereito para todas e todos os galegos a través de información en hospitais, centros de saúde, etc. Porque, aínda que temos moitas leis, eu realmente pregunto cantos galegos e galegas coñecen a Lei de garantías ou len as leis. Realmente se queremos publicitalas non podemos deixar que se publiciten, que haxa unha lei, senón que os dereitos concretos desa lei, sen a letra pequena, o concreto, o importante debe ser publicitado.

Tamén a intimidade na morte. Eu creo que é importante camiñar nese sentido, sabemos que os servizos sanitarios actuais pois non poden garantilo ao cen por cento. Pero si é importante que na lei non quede como algo raro, algo non normal que unha familia non poida ter esa intimidade nunha habitación individual para pasar ese trance da morte, posto que nese momento os sentimentos están moi a flor de pel, e xa non só pola propia familia e o paciente en estado terminal, senón e case máis pola familia e o paciente que está compartindo esa situación que fai que a súa estancia sexa moito máis dura no hospital.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Vou rematando.

E en canto ao tema de menores, eu lamento que quede este tema aquí. Dicía agora o señor Santalices que queda á decisión xudicial. A decisión xudicial non é a solución que debe ter unha lei, debería quedar solucionado aí. Porque eu pregunto: se o médico opta por tomar en consideración a opinión dos pais, ¿que vai ir, o menor enfermo en fase terminal, a xuízo? Está claro que o menor enfermo perdeu o seu dereito. Polo tanto, lamento tremendamente que o Partido Popular non tome en conta este tema e non apoie a decisión dos menores.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamento do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Bueno, pois moi brevemente dicir que imos tamén apoiar as emendas que quedan vivas dos outros grupos, porque inciden en aspectos similares ás emendas que presentou o Bloque Nacionalista Galego e que mellorarían aínda máis a lei.

Lamento, en especial, que non se acepte a cuestión de que os menores emancipados e maiores de 16 anos teñan eles exclusivamente o dereito a decidir sobre o proceso que os vai levar ao final da súa vida. E deixou aquí o deputado do Partido Popular, o señor Santalices, claro que hai un conflito, evidentemente. E o que pretendía o BNG era que diante dese conflito, se se producía un conflito entre a opinión deses menores de 16 ou emancipados e a opinión dos pais ou responsables legais, que prevalecera a vontade do menor. Estamos falando de persoas de 16 anos, que nos parece que debería ser a vontade desas persoas a que contara. Deixou así aberto que iso se poida dirimir en sede xudicial, cremos que non é o mellor xeito e que sería bo que se tivera aceptado, que se acepten aínda –que aínda imos votar– as emendas, porque non parece que a vía xudicial sexa a mellor para resolver esta cuestión que imos dicir.

Esta iniciativa lexislativa debe ir acompañada de estratexias multidisciplinares que favorezan o cambio de prácticas clínicas e a aplicación real das medidas e procedementos que se recollen na lei, porque a lei recolle no papel dereitos e deberes, pero hai que convertelos en práctica, hai que con-

vertelos en realidade. Hai que converter a realidade nunha práctica para que a calidade da morte non dependa dun gali-matías de vontade, de crenzas, de supostas decisións en contraposición ou en conflito. Por iso, as emendas que tamén non foron aceptadas do BNG ían nesta dirección, na dirección de ir facendo un seguimento, unha avaliación de como se vai efectivizando esta lei e poñendo de prazos para esa avaliación que nun prazo dun ano se faga un estudo de como se vai aplicando e que logo periodicamente, como mínimo cada dous anos, tamén se vaia facendo. Parécenos imprescindible porque é moi bo aprobar leis que respondan ás necesidades pero, evidentemente, se logo non se vai avaliando, se se vai efectivizando o nivel de resposta ás mesmas pois non é o mellor dos escenarios.

Igual que o tema da difusión. Cremos que é fundamental que unha vez aprobada esta lei se proceda a unha difusión exhaustiva da mesma entre os profesionais, entres as persoas enfermas terminais e entre a sociedade en xeral, porque –díxeno antes– un dereito que non se coñece é un dereito que non existe. Entón, é preciso que todos os axentes implicados nesta cuestión saiban que hai esta lei e que deben pedir que se efective. Esperemos, eu agardo no nome do Bloque Nacionalista Galego, que a pesar de que non se acepte a nosa proposta neste sentido, que se faga de todos xeitos. E quero pensar que a non aceptación das emendas non signifique que non se vai facer ese seguimento, esa avaliación, ese proceso de información.

Si queda recollida a formación dos profesionais en coidados paliativos. Agardo tamén que se implementen recursos para que isto sexa real, porque se non hai profesionais formados nesta materia, a pesar de que non exista a especialidade, tampouco vai ser posible dar ás persoas implicadas unha boa atención.

No que respecta tamén á situación onde se produce ou ten que producir a morte...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**A señora PRADO CORES:** ...quedou no texto que “Os centros e institucións sanitarias garantirán ao paciente en situación terminal que deberá ser atendido en réxime de especialización, as mellores condicións do paciente relativas ao confort, pudor e intimidade, incluíndo o ámbito sociosanitario e o

dereito á estancia nun cuarto individual, salvo que circunstancias excepcionais o xustifiquen”. E eu agardo que isto se cumpra, que os recortes en persoal, en medios, en recursos..., en que as circunstancias excepcionais se convertan en norma. Agardo realmente que esta cuestión que queda recollida como dereito, salvo xustificación de que non pode ser así, realmente se cumpra.

Polo tanto, eu agardo ata o final da votación das emendas que se vote favorablemente, pero coido que de todos xeitos estamos diante dun avance coa aprobación desta lei, e insisto que o Bloque Nacionalista Galego vai votar favorablemente á mesma.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra a señora Solla.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Tamén brevemente. En primeiro lugar, imos votar favorablemente o resto de emendas da oposición, incluído tamén o tema das persoas menores de idade, porque si reflectimos que entendiamos que a transacción que se sacara tiña que ser tamén aprobada por consenso.

E referente aos puntos que manexou aquí o señor Santalices, non é que a eutanasia –vostede dixo– non planeou sobre o debate, eu dixen na miña intervención que é que non hai lugar; o problema é que necesitaríamos unha modificación do Código penal. A min gustárame que puideramos debatelala aquí no Parlamento de Galicia, pero non poderíamos debatelala soamente incluíndoa neste proxecto de lei. Polo tanto, non é que non exista o debate, é que non podíamos introducila desgraciadamente pola normativa legal na que nos referenciamos.

E en canto á sedación, vostede facía referencia a que estaba indicada para paliar o sufrimento. E, evidentemente, é así, pero tampouco fagamos trampas. É dicir, todas e todos sabemos, vostede sábeo, e se non debería, que en moitas ocasións, cando se aplica unha sedación, o proceso ou a situación de vida desa persoa sóese acurtar, non porque a sedación induza á morte, senón porque, pola propia aplicación terapéutica, pola eliminación da dor e por outros mecanis-

mos e procesos médicos, habitualmente a persoa está máis relaxada, e é posible que sobreveña a morte un pouco antes. Non se acelera de maneira extraordinaria, pero entendemos que esa é polo menos a referencia que eu facía na miña intervención a respecto da propia sedación.

E en canto ao termo de “morte digna”, que eu sei que se insistiu bastante durante o debate na Ponencia, eu si considero que ten que ser empregado o termo de “morte digna” porque, desgraciadamente, hai persoas que morren de maneira indigna tamén no noso sistema sanitario. Non é o máis frecuente, pero negar un problema non fai que desapareza. Primeiro, porque aínda desgraciadamente existen profesionais que tenden ao encarnizamento terapéutico. Eu entendo que a partir desta lei se vai aplicar a lexislación que se vai aprobar. É habitual que teñamos profesionais con diverxencias éticas, que non deberan ser amparadas dentro dun sistema público. Despois hai o caso de anteposición nalgúns casos, que tampouco é o maioritario pero aínda existe, de valores persoais que non son compatibles co traballo nun sistema público, como poden ser os relacionados con valores morais, relixiosos, etc., etc., que poderían colidir efectivamente con ese problema da asociación de conciencia que xa eliminamos neste texto legal. Eu simplemente exixo e pido que se aplique a normativa que hoxe se vai aprobar.

E, obviamente, hai un punto que ao mellor é desprezado, pero que en moitas ocasións as persoas morren mal, morren de maneira non digna, porque non se chega a tempo na asistencia sanitaria, e iso ten que ver tamén coa situación da sanidade pública no noso país. Hai persoas que entran por un servizo de urxencias e morren antes de que lles sexa aplicada unha sedación paliativa ou outra medida. Polo tanto, ese non é un tema baladí nin é un tema que non se teña que ter en conta.

Eu solicitaría que as emendas da Alternativa Galega de Esquerda fosen valoradas. Eu reitero a importancia que ten a consideración de xénero en cada texto, en cada iniciativa que se aprobe nesta Cámara; parécenos que non podemos continuar aprobando textos legais sen corrección de xénero, sen feminización, sen introdución do xénero feminino nos textos. Si consideramos que a igualdade é un tema importante e que non é un tema menor que aparezcamos as mulleres contidas ou dentro dunha formación neutra nos textos legais.

E xa para rematar e con referencia ao que dixen na anterior intervención a respecto das camas, pero tamén a respecto do número de profesionais sanitarios na sanidade pública, que permitan aplicar con rigor os dereitos contidos neste texto legal, reitero que estaremos atentas á observancia, ao cumprimento desta lei, porque entendemos que cos recortes que se están a aplicar nalgúns casos vai ser de difícil aplicación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Solla.

Polo Grupo Socialista, a señora Acuña do Campo.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidenta.

Señorías, efectivamente, dunha maneira moi breve, só para agradecer unha vez máis a colaboración de todos os grupos e para celebrar o anuncio que se ten feito dende este estrado, de que se vai aprobar por unanimidade este texto. Despois da experiencia desta ponencia, está claro que non se trata nin de pactos, nin de acordos, señorías, senón de diálogo, de debates serios, de debates rigorosos, de debates serenos, pois falando enténdese a xente.

Así que, señoras e señores do Grupo Popular, que ostentan vostedes a maioría desta Cámara, e de vostedes depende que esa colaboración amosada para falar da morte se utilice tamén para falar da vida, aínda que despois do preámbulo que tivemos esta mañá penso que isto vai ser un espellismo. Pero non vou falar do que pasou esta mañá nesta Cámara, algo a todas luces intolerable, porque os caprichos presidenciais non poden empañar este debate.

O traballo do Grupo Parlamentario Socialista comezou plantexando este debate sobre a morte, si, señor Santalices, sobre a morte digna ou a morte con dignidade. E tamén consistiu en presentar un proxecto de lei que regulara os dereitos e as garantías desa dignidade. Pero o noso traballo non remata aquí, senón que dende o Grupo Parlamentario Socialista imos seguir moi vixiantes para que agora se cumpra a lei.

Temos un reto, un reto novo, e é que antes de final de ano esta lei sexa coñecida por todos os profesionais e todas as profesionais da sanidade, pero tamén por toda a cidadanía, para que así, e dende xa, se poidan aplicar e se poidan reci-

bir os cuidados paliativos con igualdade e con moita dignidade en todo o territorio galego.

Moitísimas grazas a todos e a todas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Acuña.

Polo Grupo Popular, señor Santalices.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Grazas, señora presidenta.

Non a imos liar agora ao final, imos deixar a cousa... Esta é unha lei do Parlamento, porque é froito da aportación de todos os grupos. Eu recoñezo, e dou mérito a quen puxo o debate enriba da mesa, que foi o Grupo Parlamentario Socialista. Pero tamén dou mérito a quen o aceptou, que foi o grupo maioritario desta Cámara, o Grupo Parlamentario Popular. Dou mérito tamén aos ponentes, ás ponentes; bueno, non me vou dar mérito a min mesmo, pero dou mérito ás ponentes e á letrada. E non foi tanta a dilación, señora Prado, porque isto non foi debatido no 2012, foi debatido o 2 de decembro do 2014. Polo tanto, creo que a cousa foi así.

A min gustárame agradecer ao meu grupo a autonomía e a responsabilidade que me deron na tramitación desta lei, e quero personalizalo —aínda que non está— no seu portavoz e en todos os meus compañeiros. Eu sei que era unha tarefa na que eu tiña unha gran responsabilidade, pero tiveron absoluta liberdade para poder facelo, e iso quérollelo agradecer.

Tamén quero agradecer a quen me asesorou —eu isto non o podía facer só—, e eu agradézolle moito o traballo dunha persoa que está entre o público, que é o doutor Rosendo Bugarrín, un experto nesta cuestión, a quen lle agradezo moito o seu traballo. Eu agradezo ese traballo, creo que é un traballo feito dignamente.

Ademais, alguén o outro día na Comisión comentaba que había moito consenso nesta lei, porque é difícil que algún de nós non tivera pasado por esta situación. Pois, evidentemente, iso sensibiliza moito, e creo que grazas a iso se acadou o consenso.

Eu tamén recoñezo que fixen moitas emendas, e que incluso cambiei toda a exposición de motivos e todo o articulado. Non está feito por mal, señora Acuña, está feito para enri-



quecer o texto, porque ademais así se permitiu engadir as aportacións que facían tamén os outros grupos, e houbo moita transacción. Polo tanto, non foi malo que fixeramos este tipo de transaccións.

Evidentemente, tiñamos que facer desaparecer a obxección de conciencia, neste asunto non cabía a obxección de conciencia. Isto, señorías, é *lex artis*, boa práctica clínica. Estamos falando de atención a pacientes, e isto non pode baixo ningún concepto ser sometido a unha obxección de conciencia. E celebrou a unanimidade nesta cuestión.

E tamén tiñamos que pór en valor as nosas leis, porque, claro, señora Acuña, vostede faimos referencia no seu texto –supoño que sería un erro– a que será de aplicación na nosa comunidade a Lei 5/2003; esa é a Lei andaluza de vontades anticipadas. Eu non podo dar crédito a iso, en Galicia será de aplicación a nosa lei. Entón, eu resumindo isto diría: aquí entrou unha lei andaluza e sae unha lei galega. E debemos sentirnos orgullosos, pois sae unha lei perfectamente asumible.

Nós non podíamos deixar fóra a formación, e aí creo que fixemos un esforzo. E agradézolle á deputada do Grupo Mixto que, grazas ao asesoramento da letrada, puidera colgar aquela emenda miña que deu pé á formación; algo que se ela se tivera negado tiveramos quedado fóra desta cuestión.

Posiblemente esta lei será modificada, dirao o devir do tempo. O que sei seguro é que tanto en Ponencia como en Pleno nós demos hoxe un paso importante, o que pase no futuro isto xa será outra cuestión.

Polo tanto, eu, señorías, remato con tres conclusións: procurar unha boa morte, na que a dor e o sufrimento se reduzan mediante uns coidados paliativos axeitados, ha de ser obriga para os profesionais; segundo, o final da vida colócanos ante a evidencia de que a medicina ten límites, e que hai procesos non susceptibles de curación que requiren ser atendidos; a sociedade e o sistema deben prestar especial interese para ofertar ás persoas unha atención integral con maior calidade.

Eu creo que este é o fin último que nos levou nesta ponencia, creo que o esforzo sobre a aprobación de emendas está feito, lamento non poder aceptar as emendas que manteñen

vivas, pero en todo caso si expresemos todos a satisfacción de ter dado un paso importante coa aprobación desta lei.

Nada máis e moitas grazas a todos. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

### **Debate e toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para prohibición de uso de munición que conteña chumbo en todo o territorio galego**

**A señora PRESIDENTA:** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día. A min gustárame hoxe tamén poder saudar os convidados do Bloque Nacionalista Galego. Porén, por decisións absolutamente arbitrarias e de represión deste Parlamento, o noso grupo parlamentar non pode ter hoxe aquí convites. Nós, desde logo, lamentamos que a posición que está mantendo o Grupo Parlamentario Popular, a través da súa maioría neste Parlamento e na Presidencia, nos alonxen cada vez máis, como institución, do pobo, e, en vez de ser unha institución democrática, transparente, onde calquera pode asistir aos plenos, o que temos son censuras que nós entendemos que van na liña de continuar co descrédito da política e con alonxar este Parlamento do pobo galego. Lamentámo-lo, ademais, especialmente nesta iniciativa, porque esta é unha iniciativa que nace da colaboración coa asociación animalista Libera, que fixo un traballo moi importante na conformación e no impulso desta modificación legal, e que, lamentablemente, hoxe non pode asistir a este debate.

En todo caso, nós entendemos que é importante a defensa desta proposición de lei, coa que se pretende reformar un artigo da Lei de caza e introducir unha disposición adicional que o único que persegue é prohibir o uso de munición de chumbo en todo o territorio galego e substituír esta munición, contaminante e perigosa para as aves, por outro tipo de munición con materiais cun impacto moito menor no noso medio ambiente.

Esta proposición de lei insírese nunha preocupación compartida, do BNG e entendo que doutros grupos, por situar as políticas de protección do medio ambiente no centro da política, porque é evidente que a situación do noso medio... (*Murmurios.*) É que hai moito ruído de fondo e eu creo que os deputados e deputadas que queren conversar poden facelo...

**A señora PRESIDENTA:** Señora Pontón, por favor, siga coa súa intervención.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Claro, o que lle pediría, presidenta, é que, cando hai moito murmurio de fondo, pois vostede tamén, nas súas funcións...

**A señora PRESIDENTA:** Xa me encargo eu de facelo cando vexo que hai murmurio de fondo. Continúe.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Pero eu simplemente lle advertía, con toda cordialidade, presidenta, que me estaba sendo imposible continuar co meu relato. Lamento que isto a importune, pero pézeme que tamén estou no meu dereito a poder expresarme con liberdade e a chamar a atención sobre un feito que, a verdade, era bastante molesto, aínda que a vostede non llo parecera.

Como dicía, señora presidenta, esta lei insírese na preocupación do Bloque Nacionalista Galego por situar as políticas de protección do medio ambiente tamén no centro do debate político, porque cremos que hoxe unha das principais crises ten que ver non só coa crise da democracia, coa crise deste modelo, senón tamén cunha crise ambiental que está poñendo en risco o futuro do propio planeta. E entendemos, polo tanto, que é importante ir dando pasos para modificar algunhas cousas.

Sabemos que este é un debate que leva moito tempo dándose non só no conxunto da Unión Europea, senón no ámbito das convencións que falan sobre a protección do medio ambiente; que hai países que xa o levan aplicando durante décadas; que neste momento se dá un feito que o volve traer á actualidade e que nos podería situar na vangarda do cumprimento dalgunhas das convencións. En concreto, a Convención sobre conservación de especies migratorias de animais silvestres –unha convención coñecida como a Convención de Bonn–, que o Estado español ratificou no ano 1985.

Esta convención, o pasado 9 de novembro de 2014, aprobou, entre as súas directrices, a eliminación do uso de munición de chumbo en todos os ambientes, dando un prazo de tres anos para a súa aplicación. Entendemos, polo tanto, que hai ademais un reforzamento, e non pretenderán as súas señorías que nós hoxe aquí nos situemos en contra desta convención, da que ademais creo que forma parte o Estado español. Polo tanto, non entendemos nós que, tendo as competencias en medio ambiente, a decisión que adopte Galiza teña que estar subordinada aos pasos que se dean no Estado, senón que temos competencias plenas para poder aplicalo desde xa no noso territorio.

Cremos e compartimos que este é un paso adiante importante para eliminar problemas que están ameazando a fauna silvestre e que están ameazando o noso medio natural, nunha dirección na que xa se deron algúns pasos. En concreto, no ano 2001, dáse unha prohibición do uso de munición de chumbo en humidais e noutros espazos de Rede Natura 2000; unha prohibición que os científicos din que tivo un efecto positivo. De feito, fábase de que se conseguiu reducir nun 50 % as aves contaminadas; polo tanto, a eliminación da munición de chumbo estase vendo que ten un efecto positivo. Non atopei estudos detallados sobre o impacto que isto puido ter no noso país, pero sabemos que somos unha zona pola que pasan moitas especies migratorias, e os datos que hai na Unión Europea o que estiman é que a intoxicación por chumbo en Europa, en todas as aves acuáticas, afecta a 1 millón de animais dunha poboación de 11 millóns de aves de 17 especies. É dicir, que hai unha afectación moi importante, case 1 de cada 10; polo tanto, estamos falando dunha medida que podería ter un impacto moito maior e moito máis importante.

Cremos, ademais, que estamos falando non só dun problema de conservación do medio ambiente, tamén hai outra derivada que ten a ver con problemas de seguridade alimentaria derivados de contaminación de carne para consumo humano. Nese sentido, teño aquí un informe do Comité Científico da Axencia de Seguridade Alimentaria e Nutrición do Estado español. Esta Axencia, no ano 2012, publicou un informe no que nas súas conclusións di literalmente –vou ler dúas delas, traducidas do español ao galego–: “As pezas de caza maior e menor silvestre analizadas en España amosan un contido medio de chumbo superior aos límites máximos establecidos na Unión Europea para carnes e desposos en xeral. O dito contido en chumbo é similar ao atopado nou-

tros países e no conxunto de Europa, segundo a última estimación da ESFA, que era do ano 2010. E remata entre as súas conclusións dicindo o seguinte: “En opinión deste comité, á vista da situación en España, a medida máis axeitada en relación co consumo de carne silvestre contaminada con chumbo, como resultado da utilización de munición de chumbo, sería facer recomendacións específicas de consumo e preparación dos alimentos dirixidas aos grupos de poboación que consumen este tipo de carne”. E conclúe: “Para reducir ao máximo o risco dos efectos tóxicos, así como promover a substitución e/ou a prohibición da munición de chumbo a favor doutras alternativas existentes”.

Polo tanto, estamos vendo como desde o ámbito científico hai dúas cousas moi claras. Desde o punto de vista da conservación do medio ambiente, e, en concreto, dunha parte importante da fauna silvestre, é importante a substitución do chumbo. Cando se fixo, tivo xa un efecto positivo, polo tanto, a súa extensión redundaría en non seguirmos afectando unhas especies que teñen moi reducidos os seus hábitats, e estaríamos minimizando o impacto medioambiental. Mais tamén hai informes que, desde o punto de vista da seguridade alimentaria, están dicindo que hai un problema por contaminación de chumbo, e a medida que recomentan é ir substituíndo a munición de chumbo por outro tipo de munición, que existe e que, polo tanto, é viable.

Entendemos, polo tanto, que esta é unha medida que só ten resultados positivos; que é unha medida que avanza no cumprimento dese convenio sobre a protección das aves migratorias; que é unha convención da que forma parte o Estado español e que nos permitiría situarnos na vangarda da protección do noso medio ambiente.

Agardemos que hoxe o Parlamento galego exerza a súa posición nesa dirección e que poidamos adoptar por unanimidade a toma en consideración desta proposición de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Pontón.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Martínez.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** A prohibición desta munición de chumbo, velenosa, conta unicamente co rexeitamento dos cazadores, porque nalgúns casos lles obriga a renovar as armas; este é o único problema que hai.

Así, o ex ministro Miguel Arias Cañete aseguroulles xa hai dous anos que non vetaría estes perdigóns, a pesar dos informes que alertan da toxicidade que provocan, tanto para os humanos que consumen a caza como para os animais salvaxes. Así, o Goberno prohibiu no ano 2001 o uso destas municións nos humidaís protexidos.

Está cientificamente demostrado que o chumbo é un metal pesado tóxico que se acumula no medio ambiente e no corpo humano e resulta daniño para o sistema nervioso central. Os nenos son particularmente vulnerables aos efectos do chumbo, posto que o seu sistema nervioso está aínda en desenvolvemento, e incluso en cantidades extremadamente reducidas –segundo estudos realizados en Estados Unidos– pode afectar á capacidade de aprendizaxe e intelixencia infantís. Tamén pode reducir a fecundidade, pode ser canceríxeno e tóxico para os organismos que habitan a auga e a terra. Reitero, o chumbo é un metal pesado contaminante nocivo para os organismos vivos.

Por estas razóns, a Unión Europea, a través da Directiva 98/70, prohibiu a venda de gasolina con chumbo a partir do 1 de xaneiro do ano 2000. Posto que o chumbo se acumula no medio ambiente, desde unha perspectiva a longo prazo, sería ideal limitar no posible a cantidade de chumbo en circulación na nosa sociedade.

A Unión Europea optou por prohibir ou restrinxir o uso do chumbo en moitos contextos, debido precisamente ao seu perigo. Así xa está prohibido o uso de chumbo en gasolina, pinturas, comestibles, xoguets, equipos electrónicos, cosmética, etc., o que pon de manifesto a concienciación europea e científica respecto do problema, e parece razoable ampliar esta restrición e convertela nunha prohibición total en ámbitos nos que existen alternativas.

Segundo a normativa do Parlamento Europeo 2002/95, queda terminantemente prohibido o uso dos antigos precintos de chumbo, por ter un alto poder contaminante e daniño para a saúde e o medio ambiente. A Orde do 9 de abril de 1986, pola que se aproba o Regulamento para a prevención

de riscos e protección da saúde dos traballadores, pola presenza de chumbo metálico e os compostos iónicos no ambiente do traballo.

Os criterios legais expostos para orientar a actividade do Goberno determinan que se teña en consideración a exposición a determinados axentes durante o traballo que poden producir efectos negativos sobre a saúde e a integridade dos traballadores, debendo, por tanto, mediante a correspondente norma fixar medidas mínimas e básicas que deben adaptarse no ámbito das relacións laborais para a adecuada protección dos traballadores.

Polo tanto, existe tamén unha lexislación específica de protección dos traballadores e das traballadoras fronte ao chumbo, debido a esa altísima toxicidade e á súa permanencia nos organismos vivos. A presenza de chumbo metálico e os seus compoñentes iónicos no ámbito do traballo xera perigo para a saúde dos traballadores e traballadoras, que se concretan en patoloxías profesionais específicas, moitas delas de gravidade; afectando á función renal e hepática, así como ao sistema nervioso central e periférico e aos tecidos hematopoyéticos.

A presente norma, en cuxa elaboración participaron técnicos especialistas do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, de Sanidade e de Consumo, establece un conxunto de medidas de dereito necesario sobre avaliación, corrección, control e prevención dos riscos de exposición profesional derivados da presenza de chumbo e compostos iónicos. Así como as EPI que deben de utilizar os traballadores e traballadoras que estean en contacto co chumbo.

Por tanto, debido ás terribles consecuencias que o chumbo ten para o medio ambiente, para o ecosistema, para a calidade das augas, para a calidade das terras e para os propios seres humanos, apoio a toma en consideración desta lei.

E xa para rematar, sen que teña que ver cunha lei... O único interese que pode haber en non aceptar esta proposición de lei é manter o interese dun colectivo exclusivo, que é o dos cazadores, para non cambiar as súas armas. E considero que a saúde pública, a saúde de todos e todas, ten que estar por riba dos intereses de calquera colectivo, ao que ademais non se lle impide o exercicio da práctica da caza, senón que o único que se lles prohíbe é utilizar unha munición que é perigosa para a saúde da poboación.

Remato xa, sumándonos á crítica pola censura e represión que se plasma na negación ao dereito a ter convidados por parte dos grupos. Non se castiga o grupo, non se lle nega o dereito ao grupo, senón que a quen se lle está negando un dereito fundamental é ao pobo galego, de asistir no seu Parlamento aos debates que lle interesen. Polo tanto, penoso que se castigue ao pobo galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Bos días a todos e a todas.

Nós apoiamos a toma en consideración desta modificación da Lei de caza.

Non vou estenderme moito, non vou esgotar o meu tempo, para que o debate non acabe resultando moi plomizo, moi plúmbeo. Plúmbeo ¿non?, ¿ou chumbizo? Chumbizo, vale, moi ben.

Xa se dixo aquí que o chumbo é unha substancia perigosa, daniña para a saúde humana, que provoca danos na fauna, nas aves, e nese lado da balanza é clara, xa se vén retirando de moitos outros sectores como son as pinturas, a gasolina, as actividades industriais, por exemplo, nas actividades da cerámica neste país, que houbo problemas graves co persoal que estaba exposto ao chumbo, etcétera. Iso está máis que claro.

No outro lado da balanza, se cadra, poderase argumentar que se considera maior ou menor a dimensión do que significa a munición utilizada para a caza na natureza. Pode ser maior ou menor, evidentemente menor, que cando se utilizaba nas pinturas, nas tuberías, etc. Iso é unha cuestión cuantitativa, pódese dicir. Pódese argumentar, incluso, que os cazadores terían un prexuízo económico, pois pode ser. Entón, aí o que debemos valorar é que é o que poñemos diante, se a saúde das persoas, se a conservación da biodiversidade e, polo tanto, os danos ás aves, ou poñemos na balanza e lle damos máis peso aos intereses dun colectivo concreto.

Nós témolo claro, temos claro que non se pode ir cara atrás, hai que ir cara adiante, e moito máis nunha actividade que é unha actividade de ocio, deportiva, na que non ten sentido que se provoquen estes danos cando existen alternativas á munición de chumbo que xa se teñen posto en práctica nalgún país sen ningún problema.

Non sei cal vai ser a posición do Grupo Popular ao respecto, se vai frear o trámite desta proposta ou non, non o sei. Pero tamén é certo que a propia Lei de caza –e nós así o manifestamos durante o seu debate– ten un claro nesgo que favorece xa non digo aos cazadores, senón a un tipo de cazadores; porque tamén dentro dos cazadores hai voces discrepantes coa Lei de caza. Hai cazadores que están a dicir que o monte ten que ser de todos, que ten que ser compartido, que non se pode excluír a ninguén do monte.

Polo tanto, nós cremos que hai que modificar a Lei de caza neste punto. E tamén instamos a que se modifique, no sentido de asumir as recomendación do Valedor do Pobo en algo que nós xa manifestamos nas nosas emendas, que é que a Lei de caza, a nova Lei de caza, si que camiña cara atrás, e permite a caza en pistas asfaltadas sempre que non estean sinalizadas. O Valedor do Pobo recomenda que se fagan os cambios normativos pertinentes para que se eliminen as zonas asfaltadas, as vías asfaltadas, e que se inclúan como zonas de seguridade. Isto demostra tamén que a lei se fixo cun nesgo claro de favorecer o criterio dun colectivo, o de cazadores, en contra doutros colectivos, que disfrutaban tamén do monte e que teñen tamén o dereito a disfrutar do monte e comparáilo con eses outros colectivos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidenta.

Bo día.

O primeiro que quero dicir é que o Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei. Proposición de lei que ten un texto

pequeno, reducido, quizais cunha *vacatio legis* excesivamente curta, que nos consideramos, en todo caso, no seu momento, que podería ser superior. E somos conscientes de que se trata dun tema que non está exento de discusión.

Certo é que a Lei de caza é recente, é de decembro de 2013, polo tanto desta mesma lexislatura, pero ten razón de ser esta proposición de lei ao noso entender. E explicarei por que.

Todos os grupos acaban de contar que o chumbo dos perdigóns que moitos cazadores seguen a utilizar nas súas batidas é un dos axentes máis velenosos e contaminantes da natureza. Quedan abandonados centos de perdigóns ano a ano, e isto provoca toxicidade, tanto para os animais salvaxes como para as persoas que comen logo estes animais salvaxes procedentes da caza. Afecta a moitos órganos, é un metal pesado, e orixina disfuncións neurolóxicas, tal e como foi contado tamén con anterioridade. O que ocorre é que as aves o comen porque non son capaces de distinguir o que é alimento e o que non o é, é evidente. E, ou ben o comen sen máis, ou ben o confunden coas pedras que utilizan habitualmente –tamén as propias aves– para procesar o seu alimento. E cando o inxiren, deixan de comer e logo morren en poucos días. As propias aves rapaces que comen presas ou carroñas que foron tiroteadas tamén poden sufrir problemas e, polo tanto, morrer como consecuencia da inxesta de chumbo, porque din os expertos que incluso hai mortes de aves en perigo de extinción –como o quebraosos– por este motivo, porque comen outras aves que comeron, á súa vez, chumbo. Segundo o Instituto de Investigación en Recursos Cinxéticos, varios milleiros de aves morren en España cada ano, e un millón –máis ou menos– en toda Europa, por esta causa.

Se o chumbo xa se ten prohibido en pinturas ou en carburantes, a pregunta obrigada é por que non se vai prohibir tamén en toda clase de munición, para todo tipo, polo tanto, de entorno.

Non podemos negar que o chumbo existe, que en Galicia hai contaminación por chumbo, e de feito hai case dous anos, nun artigo publicado nunha revista científica especializada, investigadores do CSIC, da Universidade de Vigo e do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, dicían que hai contaminación moi severa por chumbo nos sedimentos da ría de Arousa, en concreto na marxe sur. Este dano non é

gratuito, e está afectando á principal zona de invernada de aves acuáticas de Galicia, que é o complexo intermareal Umia-O Grove-Carreirón, zona húmida de importancia internacional, segundo a Convención de Ramsar. Iso implica que non só estean afectadas as aves e, polo tanto, o medio ambiente, senón tamén os recursos marisqueiros da zona. Polo tanto, coñecendo a comarca de Arousa e as súas circunstancias, os recursos económicos de toda a xente que vive dos bancos marisqueiros na comarca de Arousa; de moitas familias que viven destes recursos.

Hai máis de dous anos, a Sociedade Galega de Historia Natural citaba tres textos, a nosa Lei de patrimonio natural e biodiversidade do ano 2007, a Directiva Aves, e un texto moi longo, que ten un título moi longo, que se chama: “Instrumento de ratificación do acordo sobre a conservación das aves acuáticas migratorias afroeuroasiáticas”, que foi firmado na Haia no ano 1996. A Sociedade Galega de Historia Natural citaba estes tres textos, citáballos expresamente ao Defensor del Pueblo, e o defensor del pueblo respostaba –hai máis de dous anos– que en todos os humidais galegos está prohibido o uso non só de perdigóns con chumbo, senón tamén de calquera tipo de munición que conteña chumbo, incluídas postas e balas.

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, que naquel momento –hai máis de dous anos– era do Partido Popular, non opinaba igual que o defensor del pueblo; polo tanto, tomou outra decisión. O ano pasado, en novembro, en Quito, especialistas e organizacións ecoloxistas e conservacionistas acordaban a prohibición de calquera tipo de munición con chumbo; prohibición que foi aprobada por máis de cen países que participaban nesta convención, da que falaba a proponente desta proposición de lei.

Non foi doado porque esta decisión implica a substitución de munición con chumbo por alternativas non tóxicas, por exemplo, por perdigóns de aceiro, e contou co rexeitamento inicial da Unión Europea. Durante as negociacións do texto final, como xa foi dito aquí, incluso o propio ex ministro de Medio Ambiente do Partido Popular –aquele que se duchaba en auga fría– afirmaba que non se aprobaría porque pesaban máis –para el– os intereses das empresas que fabrican munición nalgúns países da Unión Europea, incluída España. Pero, ao final, o diálogo e a defensa do medio ambiente logrou convencer aos representantes da Unión Europea, que votaron a favor.

En definitiva, dentro de tres anos dende novembro de 2014, por esta resolución que foi aprobada en Quito, será obrigatorio substituír a munición con chumbo en todos os entornos. E precisamente por iso dicíamos ao principio que para nós, para o Grupo Parlamentario Socialista, ten razón de ser esta proposición de lei, porque a Lei de caza era de decembro de 2013 e esta convención foi posterior no tempo.

Vaia por diante que os socialistas non estamos en contra da caza. Vaia por diante que sabemos dos rebotes que producen os proxectís alternativos á munición con chumbo nos rifles; que sabemos tamén que vai ser moi difícil –polo que nos din os expertos, pola sobrepresión en cámara– empregar balas sen plomo nas escopetas, pero consideramos que isto é simplemente unha cuestión de mellorar a técnica. Que é posible, igual que foi posible –e probablemente máis caro– nos ambientes das pinturas –como dicíamos antes–, pero non é imposible, simplemente é unha cuestión de mellora de técnica.

Entendemos que este é o momento no que o mundo da caza debe demostrar, tal e como é certo, que está a favor da conservación do medio ambiente, da conservación activa do medio ambiente, e disto, precisamente, trata esta iniciativa.

Esta proposición de lei, que nós logo debateríamos, entendemos que é un paso máis neste compromiso, un paso máis que nos gustaría que esta Cámara dese –e, polo tanto, Galicia dese–, exactamente igual que Dinamarca, hai nada máis e nada menos que hai 35 anos.

Para rematar, eu quería falar dun libro que outro día foi presentado nesta Cámara e que vén ao caso. É un libro de Fina Casalderrey que se titula *Icía quere cambiar o mundo*. E precisamente Fina Casalderrey escribelles unha carta aos deputados desta Cámara, porque este libro ten lugar nesta Cámara, e fala do medio ambiente e do uso que esta Cámara ten que facer das palabras. Escribelle unha carta que ela considera que debería ser unha iniciativa lexislativa popular, e dínos: ben sabemos que vostedes fan as leis e que dende o Parlamento, coa forza das palabras, se poden cambiar as cousas que están mal para que todos os cidadáns e cidadás vivan mellor. Nesta carta que escribe, como necesita 10.000 firmas porque é unha iniciativa lexislativa popular, e non as ten, di: “O avó Félix ten os ollos cada vez máis pequenos, a pena encolleullos porque non é capaz de xuntar 10.000 firmas de persoas que queiran salvar Penaval, nin sequera son

tantos entre os veciños e as veciñas. Por iso lles mandamos as pegadas de moitas aves distintas”. Ela fala de paxaros, pero en realidade trabúcase e logo fala de aves: “Se as contan ben, son máis de 10.000 firmas seguro, pero como non tiñamos máis ca 167 cartolinas para partir en catro partes, e algunhas estragáronse sen querer, en moitas van as pegadas de varios paxaros pequenos á vez, pero xa se nota que son pegadas diferentes. Tamén levan os nomes dos paxaros –perdón, das aves– nun adhesivo branco.

Se hai unha nena ficticia que se pode dar conta da importancia do medio ambiente e pídeo aquí, reclámao aquí, nesta Cámara e, polo tanto, nesta casa, nós entendemos que nós tamén lle debemos dar unha oportunidade.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Vilán. E grazas pola publicidade dun fermoso libro do Parlamento de Galicia.

Grupo Popular. Señor Freire Abeijón.

**O señor FREIRE ABEIJÓN:** Moitas grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Facía unha pregunta directa na súa intervención o señor Sánchez preguntando cal ía ser o posicionamento do Partido Popular á hora de debater sobre esta proposición de lei. Quero tranquilizar ao señor Sánchez e dicirlle que imos admitir a toma en consideración desta proposición de lei, ao igual que o resto das señorías, pero matizando unha serie de aspectos.

A normativa autonómica sobre a caza está basicamente representada pola Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, e polo Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da caza de Galicia. A maiores, a Lei de patrimonio natural e da biodiversidade establece a prohibición da tenza e uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza e o tiro deportivo, cando estas actividades se exerzan en zonas húmidas incluídas na lista do convenio relativo a humidaís de importancia internacional, nas propias da Rede Natura 2000 e nas incluídas en espazos naturais protexidos, considerándose a súa tenencia e uso unha infracción administrativa.

A propia Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Grupo Popular deste Parlamento son conscientes de que o uso de perdigóns de chumbo para o exercicio da caza nas zonas húmidas causa unha fonda preocupación en todo o ámbito comunitario europeo, debido en gran parte á contaminación que pode provocar nas augas e tamén polo risco que supón para algunhas especies de aves acuáticas a súa inxesta.

Porén, para facer efectivo o disposto no artigo 62.3.j), ditouse a Resolución do 10 de outubro de 2008, pola que se fai pública a lista de humidaís de Galicia nos que está prohibida a tenza e uso de munición que conteña perdigóns de chumbo durante o exercicio da caza.

No anexo desta resolución recóllense todos os humidaís de Galicia en que está prohibido o exercicio da caza con munición que conteña perdigóns de chumbo. Indícanse ademais, expresamente, aqueles humidaís que se integran nun complexo húmido, ao presentar unha vinculación espacial común. Nesta resolución identifícase, así mesmo, cada zona húmida e sinalase tamén a superficie das zonas en que está prohibida a tenza e uso de munición con chumbo para o exercicio da caza.

Conscientes da importancia do establecemento gradual da prohibición, na última modificación da Lei de caza de Galicia, no seu artigo 85.7, estableceuse a tipificación como infracción grave do uso de munición que conteña chumbo, contravindo a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. As propias conclusións e recomendacións das conferencias internacionais mencionan, entre outras cousas, a eliminación do uso da munición de chumbo, e consideran a substitución da munición tóxica pola non tóxica como a única solución a longo prazo para reducir significativamente a mortalidade de aves silvestres por intoxicación por chumbo relacionada coas municións.

Non obstante, para levar a cabo esta transición á munición non tóxica, destaca a necesidade de abordar unha serie de cuestións sociais para axudar neste proceso.

As propias percepcións dos cazadores no tema da intoxicación por chumbo, e as restricións á utilización do mesmo, son diferentes. En particular, hai diferenzas entre países e culturas, tamén inflúen cuestións relativas aos dereitos de ter

armas; existe a crenza de que é pouco probable que a munición de chumbo sexa en realidade veneno para a vida silvestre; que o envelenamento por chumbo é un problema insuficiente para xustificar as restricións, e diversas percepcións sobre a eficacia, dispoñibilidade e prezo das alternativas non tóxicas.

Polo tanto, do ata agora dito dedúcese que, antes de establecer unha prohibición do uso da munición de chumbo, son necesarias unha serie de iniciativas de sensibilización e promoción do uso de alternativas non tóxicas para as distintas partes interesadas, que contribuirían á eliminación gradual e á substitución completa da munición de chumbo.

Para isto resulta útil, na transición aos cambios lexislativos e ás alternativas non tóxicas, que as organizacións de caza, os xestores da vida silvestre e as propias organizacións de conservación promovan a eliminación gradual do chumbo en municións.

A propia Conferencia das partes signatarias da conservación das especies migratorias de animais silvestres –na súa XI edición–, Convenio de Bonn, celebrada en Quito, aprobou unha resolución en defensa da biodiversidade establecendo unha serie de recomendacións, entre as que se atopa a eliminación gradual do uso de municións de chumbo en todos os hábitats, tanto humidais como terrestres, e substituír con alternativas non tóxicas nos próximos tres anos, como prazo aproximado, para poder levar a cabo e desenvolver estas políticas. Deben as partes informar á Conferencia das Partes, COP12, en 2017, traballando cos interesados na implementación, promocionando o liderado por parte dos usuarios de munición en alternativas seguras, e recuperar contornas contaminadas con munición de chumbo cando así proceda.

O Goberno galego afondará na toma de medidas para afrontar esta necesidade, se ben considera necesario, previamente a calquera modificación normativa, concienciar sobre o envelenamento con chumbo mediante o uso de alternativas non tóxicas e unhas mellores prácticas cinexéticas, priorizando as iniciativas de sensibilización na procura duns mellores resultados. En todo caso, calquera revisión normativa deberá ir na mesma dirección que as directrices establecidas na XI Conferencia das partes signatarias da conserva-

ción da ONU sobre a conservación das especies migratorias e de animais silvestres.

Dado que na actualidade existe unha regulación que prohibe a tenza e uso de munición que conteña perdigóns de chumbo durante o exercicio da caza nos distintos humidais de Galicia, considérase axeitado establecer como estratexia, para facilitar a aceptación social e a efectividade de prohibición cara ao futuro, eliminar gradualmente a munición de chumbo por alternativas non tóxicas, nun prazo aproximado de tres anos, en todos os hábitats, incluídos os hábitats terrestres; un prazo que sexa acorde coas recomendacións de eliminación gradual do uso de munición establecidas na XI Conferencia das partes.

Por tanto, señorías, imos admitir a toma en consideración desta proposición de lei, deixando claro que no debate da mesma na ponencia, e a través das distintas emendas, haberá que analizar profundamente, con criterios técnicos, cales son os prazos axeitados para a entrada en vigor desta *vacatio legis*.

Nada máis. Bos días. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Rolda de réplica do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Pontón Mondelo.

Dende o escano, señora Pontón. Dende o escano, porque son tres minutos e as intervencións de tres minutos fanse dende o escano.

Señora Pontón, dende o escano. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

En todo. Isto é unha proposición... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Ah, non! Perdón, perdón, perdón...

**A señora PONTÓN MONDELO:** Non pasa nada, presidenta. Está ben a humanidade de equivocarse. Creo que non hai ningún problema.

Moi brevemente. Simplemente dicir que nos imos quedar coa parte positiva de que hoxe se tome en consideración



unha modificación legal que o que pretende é avanzar no respecto do noso medio ambiente. Nese sentido, isto é o que debe de quedar aquí.

Nós estamos en disposición de poder falar dos prazos, e iso tamén vai condicionar a nosa posición final, mais tendo moi claro cal é o horizonte, e que, efectivamente, hai que ir cara a unha erradicación desta munición que é contaminante, que é perigosa para o medio ambiente e que está causando un problema grave de conservación medioambiental.

Tamén quero dicir que creo que non é moi oportuno mesturar o problema que pode haber de contaminación das rías cun debate sobre a caza, porque considero que, en todo caso, os informes científicos que hai máis ben o que están é sinalando problemas derivados de empresas, doutro tipo de prácticas ás que tamén se fixo aquí mención, e tampouco sería xusto que quedara un pouco iso no ambiente, que creo que non é positivo.

Eu o que entendo é que hoxe, polo menos, damos un paso pequeno, coa toma en consideración cara adiante, á hora de ter, no que se refire á xestión cinexética, unhas prácticas que sexan máis respectuosas e máis ecolóxicas. Veremos se ao final do proceso podemos facer a mesma valoración.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

### **Votación dos textos lexislativos**

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Pontón.

Pasamos á votación dos textos lexislativos.

Comezamos coa votación das emendas e do ditame, elaborado pola Comisión 5ª, da Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Mixto contidas no documento número 37989.

Votamos.

*Votación das emendas do G.P. Mixto ao ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da*

*Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 37; abstencións, 17.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, contidas no documento número 37958.

Votamos.

*Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 37; abstencións, 17.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a continuación as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, documento número 37977.

Votamos.

*Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 37; abstencións, 17.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**A señora PRESIDENTA:** E votamos, por último, o Ditame da Comisión.

Votamos.

*Votación do Ditame da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*En consecuencia, queda aprobada por unanimidade a Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a continuación a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.

Votamos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta toma en consideración.*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto 3, que é o de comparecencias en pleno.

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para dar conta do balance da RIS3**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, na súa primeira intervención, o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco José Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, a innovación é un aspecto inherente ao noso modelo produtivo e ao noso modelo de competitividade, e, polo tanto, unha actuación prioritaria do Goberno galego para apoiar as empresas na creación de valor. Porque teño dito nesta Cámara, señorías –e convén repetilo–, que a Xunta de Galicia traballa para fortalecer o triángulo virtuoso da competitividade, da innovación e da internacionalización co que se escribiu a historia empresarial desta terra.

Este é o modelo para que as nosas empresas recuperen a visión de futuro e constrúan un novo crecemento diferencial, un crecemento que actúe como motor dun emprego de calidade. De aí que, como primeiro paso, establecésemos tres plans de e para Galicia. Primeiro foi a Estratexia de Especialización Intelixente, a RIS3, a finais do ano 2013; logo a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega no ano 2014, e, por último, hai un mes escaso, a Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0.

Todos eles son instrumentos ambiciosos, certo, pero instrumentos que contan co respaldo dos axentes económicos e sociais galegos e que conforman a estratexia da Xunta de Galicia na súa política económica e na súa política industrial. Así que agora é o momento de iniciar o balance dos primeiros resultados, e comezamos nesta comparecencia pola RIS3, a Estratexia de Especialización Intelixente.

Un balance que traemos, en primeiro lugar, a esta Cámara para ser avaliado polas súas señorías, e que loxicamente tamén compartiremos con todos os axentes do sistema de I+D+i. O obxectivo non é outro que constatar o grao de cumprimento dos obxectivos marcados na Estratexia de Especialización Intelixente e introducir todas aquelas mellores que permitan configurar o marco máis axeitado para favorecer e impulsar a innovación en Galicia.

Polo tanto, señorías, o Goberno galego planifica, e o Goberno galego planifica e define a súa estratexia sobre o consenso cos axentes económicos e sociais. E procederemos en consecuencia, en todos os casos, a facer un seguimento continuado do cumprimento destes obxectivos e a introducir todas aquelas melloras onde non funcionen as medidas, e

aprobaremos, loxicamente, novas medidas que nos permitan adecuarnos ás necesidades concretas do tecido produtivo. En definitiva, unha planificación aberta, unha planificación sometida ao control público, unha planificación sometida ao diálogo social e unha planificación que intenta aportar novas solucións aos axentes económicos e sociais.

Porque, señorías, a Estratexia de Especialización Intelixente non é a estratexia da Xunta de Galicia. A Estratexia de Especialización Intelixente é a estratexia de Galicia. A Administración ten que ser unha facilitadora da innovación, por suposto, pero quen descubre, quen xera valor, quen innova, son as empresas, son as universidades e son os centros de coñecemento.

Por iso a RIS3 é, dende o primeiro momento, unha visión compartida con máis de 240 axentes do sistema galego de innovación e co conxunto da cidadanía. Porque xa non basta con ser excelentes aquí, en Galicia, hai que ser excelentes nos mercados globais. Así que é preciso apostar por unha I+D pegada ao terreo, pegada aos activos e ás capacidades e potencialidades da nosa terra. E debemos enlazar, loxicamente, a investigación e a innovación coa economía; unha ligazón co obxectivo de conseguir máis impacto dos input e, por suposto, unha ligazón que nos permita ser máis eficientes.

Isto é algo que estamos a facer en Galicia, xunto coas 177 rexións da Unión Europea que tamén fixeron as súas prioridades de especialización en relación co contexto internacional. E a nosa visión da especialización intelixente, como saben, sintetízase en tres retos: o aproveitamento dos nosos recursos naturais e culturais; a competitividade da nosa industria e o desenvolvemento das tecnoloxías de cara ao envellecemento saudable.

A transcendencia destes tres retos alcanza todo o conxunto da economía galega en termos de futuro, e, polo tanto, deles dependen dun xeito ineludible a nosa competitividade e crecemento. Neste contexto, a RIS3 xa está a aprobar con feitos a súa eficacia na transformación da realidade innovadora das nosas empresas. Son 220 millóns de euros mobilizados no seu primeiro ano de execución, 220 millóns de euros de investimento público e privado, que supoñen case un 14 % dos 1.600 millóns de euros que prevemos investir ata o ano 2020. Un investimento, señorías, que acompaña a un

total de 626 iniciativas que está a ter efectos prácticos. Estamos a falar, señorías, de 626 realidades con proxectos concretos; proxectos que están a permitir, por exemplo, que Galicia sexa a sexta autonomía en número de *startup*, ou que 18 grandes empresas teñan establecido aquí en Galicia as súas liñas de investigación e innovación con novos centros de coñecemento. Esta cifra pronto se verá incrementada coa activación do novo marco orzamentario Feder 2014-2020, coa convocatoria de 45 millóns de euros, para implantar en Lugo, en Rozas, un polo industrial e tecnolóxico de avións non tripulados, e coa participación, en terceiro lugar, de Galicia na presente edición do programa Feder Interconecta, xa convocado e dotado con 110 millóns de euros.

Pero, como saben, estamos a falar nesta comparecencia dos resultados concretos da Estratexia de Especialización Intelixente; unha estratexia que está a ser executada con base en catro eixes: o apoio ás pemes, a atracción de capital, o estímulo da investigación a través da transferencia de resultados e, por suposto, o soporte do talento e do emprendemento innovador.

Permítanme explicarlles polo miúdo os proxectos concretos desenvolvidos en cada un destes catro eixes. Como non pode ser doutro xeito, as nosas pequenas e medianas empresas son as protagonistas da Estratexia de Especialización Intelixente. Por iso as pemes teñen acceso ás tres cuartas partes dos instrumentos da estratexia, e por iso as pemes son xa, nestes momentos, as destinatarias do 94 % de todas as axudas outorgadas ao tecido produtivo.

Os programas de apoio ás pequenas e medianas empresas céntranse principalmente na potenciación da innovación empresarial e no apoio ao financiamento para mellorar a súa capacidade tecnolóxica.

Así, o Programa Conecta Peme é o instrumento que permite fortalecer a competitividade do noso tecido produtivo a través da colaboración.

As nosas empresas, como ben saben vostedes, son pequenas, desde a perspectiva do seu tamaño, porque a innovación por si soas lles supón un elevado risco. Por iso estamos a promover a colaboración das pequenas e medianas empresas cos centros de coñecemento, porque así poden assimilar os seus resultados e levalos ao mercado. Pero, sobre todo,

tamén estamos a promover a colaboración entre as propias pequenas e medianas empresas para sumar ideas, para sumar capacidades e, especialmente, para sumar maior músculo económico. En definitiva, estamos a promover a colaboración en innovación como vía para que as nosas pemes sexan máis fortes, e os resultados amosan que as pemes galegas, señorías, aceptan este modelo de colaboración.

Tras dúas convocatorias, o programa Conecta Peme, permitiu desenvolver en Galicia 60 proxectos de innovación nos que participan 245 empresas e 31 centros tecnolóxicos e de investigación. Son case 46 millóns de euros de investimento que están permitindo crear, ou manter, máis de 700 empregos.

Estes proxectos están a impulsar o progreso en áreas estratégicas para Galicia, como son, por exemplo, o desenvolvemento de novos produtos vitivinícolas, no que participan as bodegas Pazo de Valdomiño, Marqués de Vizhoja, Don Bernardino ou Ponte Boga; o deseño dun novo prototipo para a torrefacción de biomasa, coa implicación de Undotech enxeñeiros, Galega de axudas técnicas e Transportes Gabeiras; ou a aposta por cidades máis sostibles, que involucra empresas tecnolóxicas como Serviguide, Bahía Software, Plexus ou Intelsis.

Por todo isto, pero sobre todo polas respostas das pequenas e medianas empresas a este modelo, xa estamos a traballar nunha nova convocatoria do Conecta Peme para o ano 2015, unha nova convocatoria que, ademais, introducirá novas medidas de simplificación e de flexibilización que facilitarán a súa tramitación por parte das pequenas e medianas empresas.

Por outra banda, de forma complementaria, as pemes seguen a ter o noso apoio para os seus investimentos innovadores; un apoio que neste último tempo ten permitido investir preto de 12,4 millóns de euros en 77 proxectos empresariais. Proxectos, señorías, que fan máis doado que as nosas pemes poidan crecer con intelixencia, porque facilitan a incorporación de máquinas e de equipos específicos para desenvolver os proxectos de innovación; permiten a dotación de unidades de I+D, que consolidan a súa capacidade de innovación, cunha visión claramente estratéxica, e lles facilitan a adquisición de licenzas para aplicar ás novas tecnoloxías.

O segundo eixo da actuación da Estratexia de Especialización Intelixente céntrase na atracción de novo capital adicado á innovación, unha ambición que e posible grazas a numerosas e diversas áreas, nas que destacan as capacidades de investigación e innovación dos nosos axentes de I+D+i. E a este fin responden programas como as unidades mixtas de investigación, os fondos de capital-risco da Xunta de Galicia e a cooperación, dentro do programa europeo Horizonte 2020.

Señorías, coa segunda convocatoria que vimos de resolver hai unhas semanas, son 19 as unidades mixtas de investigación impulsadas pola Xunta de Galicia en menos dun ano; 19 unidades mixtas que permiten estar orgullosos desta innovadora e ambiciosa iniciativa, que está a xerar un investimento de 70 millóns de euros en Galicia, que está a crear 270 empregos e que está actuando nos principais sectores estratéxicos da nosa economía, como a enerxía, a saúde, a alimentación, a automoción, o naval ou as TIC. Estamos a falar de unidades mixtas creadas entre empresas e centros de coñecemento de Galicia que permiten desenvolver proxectos de alto impacto, e intensivos en coñecemento, que achegan ao mercado os avances e os resultados das liñas de I+D+i galegas, pero tamén –e moi especialmente– que están a servir de elemento tractor para as pequenas e medianas empresas galegas, que, deste xeito, terán máis oportunidades para sumar.

Así, señorías, o entenderon as compañías líderes en diferentes sectores. Estou a falar, no sector enerxético, de Gas Natural ou de Repsol; no sector da automoción, de PSA-Citroën, de Borgwarner, do Grupo Copo, de GKN ou do Viza Automoción; no sector naval, de Navantia ou Vulcano e Wärtsilä Ibérica; no eido farmacéutico e na saúde, de Roche Farma e Laboratorios Esteve; no sector agroalimentario, de Jealsa-Rianxeira, Calvo, Coren. E tamén as TIC, falo de Everis, de TCR Informática e de Viaqua. Estou a falar, en definitiva, de 18 empresas, señorías, que antes non estaban desenvolvendo proxectos de innovación en Galicia e que, grazas a esta convocatoria das unidades mixtas, están a desenvolver novos proxectos de innovación, tractores para a nosa economía, que están permitindo un investimento *ex novo* en innovación de 70 millóns de euros.

A inxección de capital-risco e de capital-semente a través dos fondos i2C e Xes-Innova é outra mostra do noso com-

promiso por mobilizar capital privado e, sobre todo, por colaborar cos emprendedores e as pequenas e medianas empresas. De feito, nun ano temos xerado un investimento de 8 millóns e medio de euros en 22 proxectos de innovación que confirman a aposta pola valorización do coñecemento no mercado. As beneficiarias son pequenas e medianas empresas de base tecnolóxica ou innovadora en Galicia, como, por exemplo, Health in Code, especializada na diagnose xenética de enfermidades; Netex, empresa líder en solucións para formación on line; Latitude, que traballa nun novo modelo de xestión sostible para os talleres téxtiles; ou Gato Salvaje, que está de desenvolver videoxogos dende Galicia. Todas elas, señorías, están a poñer en práctica as súas ideas, están a desenvolver os seus proxectos, e en grande medida grazas ao apoio do financiamento a través dos fondos de capital-risco da Xunta de Galicia.

Na política de captación de fondos ten unha relevancia especial a nosa participación no programa da Unión Europea Horizonte 2020. Como saben, é un programa da Comisión Europea dotado con máis de 78.000 millóns de euros, que debe permitir a Galicia multiplicar os seus investimentos iniciais en innovación e, polo tanto, que Galicia poida ampliar as súas oportunidades para xerar un maior crecemento a partir da innovación.

Señorías, cremos que temos que estar realmente orgullosos dos resultados acadados polas nosas empresas e dos resultados acadados polos nosos centros tecnolóxicos no primeiro ano de funcionamento deste programa europeo Horizonte 2020. En concreto, 27 centros de coñecemento e empresas galegas foron quen de captar preto de 15 millóns de euros, no ano 2014, vinculados a 33 proxectos, un resultado señorías, que multiplica por máis de tres os 4,7 millóns de euros logrados durante o ano 2007, que –como saben– foi o primeiro ano do sétimo programa marco, que é o antecedente directo deste programa Horizonte 2020.

Polo tanto, señorías, todos estes datos son un indicador fiable da excelencia da investigación e da competitividade dos centros galegos de coñecemento, que captaron un total de 10 millóns de euros neste primeiro ano do Horizonte 2020, e tamén do crecente protagonismo e posicionamento internacional das nosas empresas, incluídas as pequenas e medianas empresas, porque foron quen de cuadruplicar os fondos conseguidos.

Precisamente, como exemplo do avance do noso tecido produtivo, quero mencionar que a empresa máis nova de Europa en recibir financiamento do instrumento específico para pemes do Horizonte 2020 é galega. (*Aplausos.*)

Trátase da *spin off* Torus, unha empresa creada na Facultade de Informática da Universidade da Coruña, que procura solucións de software de comunicación ultrarrápido para os ámbitos das finanzas, as telecomunicacións e a enerxía. E por méritos, señorías, Torus non é un caso illado. Hai outras tres pemes galegas: Hidronav Technologies, Nanoimmuntech e Bridge Mediatech, que teñen conseguido financiamento grazas ao instrumento peme do programa Horizonte 2020. Unha senda, polo tanto, na que dende a Xunta de Galicia seguiremos a traballar e colaborar para que a innovación se instale no ADN das nosas empresas, e moi especialmente no ADN das pequenas e medianas empresas.

O terceiro eixe da estratexia de especialización intelixente aglutina os instrumentos para estimular a transferencia de resultados e de investigacións ao mercado. Unha transferencia desde os axentes de xeración de coñecemento galegos ata a súa posta en valor na nosa realidade económica. Porque, señorías, cando falamos de innovación, temos que falar necesariamente de transferencia de coñecemento. Se non hai transferencia de coñecemento, non hai, en ningún caso, innovación. Por iso estamos centrando o noso apoio nos centros de coñecemento e poñendo en marcha instrumentos concretos como é a compra pública innovadora.

O apoio aos centros de coñecemento, como os centros tecnolóxicos, as universidades ou as fundacións hospitalarias, concrétese no reforzo dos contratos-programa, que facilitan a contratación de persoal e o funcionamento dos centros. Particularmente, neste caso quérome referir aos centros tecnolóxicos e ás fundacións hospitalarias.

Estamos a falar de que, dende o ano 2011, estes centros e fundacións hospitalarias teñen recibido máis de 11 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia, o que lles permite dotar de estabilidade a súa política; e tamén un apoio que se complementa coa firma de convenios e de axudas para a consolidación de unidades competitivas nestes centros tecnolóxicos que no último tempo acadaron un total de 26,3 millóns de euros. Estamos a falar, señorías, de 38 millóns de euros adicados aos nosos centros tecnolóxicos e de coñece-

mento; uns fondos que están ao servizo do talento investigador e do talento innovador galego.

Neste senso, temos exemplos concretos como o do CTAG, que está a crear unha interface que permita aos condutores relacionarse co seu coche; mellores e máis seguras armazóns ou coches menos contaminantes. Ou tamén falamos de AIMEN, que está a investigar novas formas de fabricación naval para competir con estaleiros europeos e asiáticos.

A compra pública innovadora é outro dos piares da política de transferencia de coñecemento ao mercado, como lles veño de reflectir. Señorías, Galicia foi pioneira, e ten o recoñecemento nacional e internacional por ser vangarda no desenvolvemento de proxectos de compra pública innovadora. Saben que hai iniciativas, como o Hospital 2050 e o programa Innova Saúde, que marcaron un punto de inflexión no concepto de compra pública innovadora en España.

Recollendo o éxito desas iniciativas, temos canalizado o apoio a novos proxectos. Estamos a falar do programa Tempo da Universidade da Coruña, para que o naval galego poida afrontar o reto de incrementar a súa competitividade a través da innovación; do programa LaserPET da Universidade de Santiago, para que se poida avanzar en novas técnicas de láser como a aplicación na radio-farmacía diagnóstica e na biomedicina; ou de Táctica, da Universidade de Vigo, para estimular a xeración e a transferencia do coñecemento TIC creado en Galicia no eido das telecomunicacións.

E seguiremos –ademais destes tres programas que lles veño de concretar– apoiando no futuro inmediato a compra pública innovadora. Como saben, o desenvolvemento do polo industrial e do polo tecnolóxico e de innovación de Rozas, en Lugo, inclúe, dentro desa inversión de 45 millóns de euros, 20 millóns de euros que se van adicar de forma concreta a proxectos de compra pública innovadora. Polo tanto, dentro do sector aeronáutico continuaremos apoiando o noso tecido produtivo non só para desenvolvementos industriais, senón moi particularmente para proxectos de innovación en materia de compra pública innovadora. Dos 45 millóns de euros de investimento en Rozas, 25 millóns para o desenvolvemento do polo industrial e 20 millóns de euros concretos para o desenvolvemento de proxectos de compra pública innovadora (*Aplausos.*)

Por último, señorías, o cuarto eixo céntrase no emprendemento innovador; un emprendemento innovador que ten como obxectivo potenciar oportunidades específicas para o talento galego en áreas intensivas, en coñecemento ou tecnoloxías. Unha política de emprendemento que pon o acento precisamente no corazón da innovación, que non é outro que o talento galego. Por esta razón, o Goberno galego está a realizar unha importante aposta para o despegue de aceleradoras de innovación; unhas aceleradoras de innovación que estamos a desenvolver con socios de excepción, como son a Zona Franca de Vigo, Tecnópole, o CETAL, a Fundación CEL, o Cluster de Biotecnoloxía de Galicia, ou mesmo Telefónica.

Falo de exemplos como a aceleradora Vía Vigo, que, xunto á Zona Franca de Vigo e á Xunta de Galicia, fomos quen de poñer 20 proxectos nas dúas edicións xa celebradas, aos que sumarán 15 novas empresas na terceira edición, que está aberta agora mesmo. E falo da aceleradora Agrobiotech, que pon o foco en sectores como a biotecnoloxía, a agricultura ou a biomasa, coa que estamos apoiando 11 iniciativas de vangarda, ás que se suma tamén o programa Galicia Open Future en Santiago, no eido das TIC, para complementar precisamente o mapa galego de aceleradoras de innovación. En total, estamos a destinar 3 millóns de euros a estes espazos que xa benefician a 100 emprendedores das catro provincias galegas, co obxectivo, precisamente, de que poidan impulsar as súas empresas e crear emprego.

Pero, ademais de apoiar o talento que se decide por emprender o seu negocio, temos tamén o empeño de que o talento galego quede na casa e que poida ampliar esa estela de referentes científicos que tivo e que ten esta terra. En definitiva, queremos que Galicia teña máis investigadores que exploren as fronteiras da ciencia, por iso creamos o programa Oportunius; un programa que activamos coa fichaxe para Galicia do mellor físico xoven de partículas de Europa, Diego Martínez.

Agora, co apoio da Xunta de Galicia, este científico de Foz realiza as súas investigacións na Universidade de Santiago de Compostela e forma un equipo propio altamente cualificado, contribuíndo a atraer máis talento e, polo tanto, contribuíndo a crear un círculo virtuoso da ciencia en Galicia (*Aplausos.*)

A este caso de éxito seguirán outros, por suposto, xa que o obxectivo que nos marcamos co programa Oportunius é que

sexan 24 os científicos de alto nivel que veñen desenvolver aquí, a Galicia, a súa carreira investigadora grazas ao programa Oportunius; un programa, señorías, que, ademais de ofrecer estes contratos, está apoiando aos nosos investigadores en programas de formación e de asesoramento para que os nosos investigadores estean en condicións de poder acadar unha beca do ERC e, polo tanto, que poidan acceder a este tipo de contratos. Xa son nestes momentos 29 investigadores formados e 38 investigadores asesorados dentro deste programa Oportunius.

En resumo, señorías, a Estratexia Galega de Especialización Intelixente 2014-2020, a RIS3, susténtase en tres grandes eixes, entre os que se reparten os 220 millóns de euros de investimento público e privado mobilizados durante pouco máis do seu primeiro ano de funcionamento. A innovación das pequenas e medianas empresas, e o talento a través de instrumentos específicos, acadaron os 80 millóns de euros, o 36 %. O impulso á transferencia de resultados de I+D+i e tecnolóxicos por parte dos centros mobilizou 62 millóns de euros, o 28 %. E a captación de financiamento para innovar en Galicia, co que conseguimos mobilizar 78 millóns de euros debido ao efecto panca que sobre as grandes empresas está a xerar a innovación. Unhas grandes empresas que permiten que poidan ser mobilizados por estas grandes empresas 5 euros por cada euro investido pola Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Polo que respecta aos retos, aos retos da Estratexia de Especialización Intelixente, sinalar que o relativo á modernización da industria galega concentrou o 60 % do investimento desenvolvido pola RIS3 neste último ano. Un reforzo claro ao sector industrial galego, un reforzo claro á Axenda de competitividade Galicia-Industria 4.0, que está a poñer o énfase tamén no investimento e a innovación dentro do sector industrial. Mentres, a xestión innovadora dos recursos naturais e culturais de Galicia, o Reto 1, acadou o 27 % dos fondos mobilizados, e o 13 % restante corresponde ao Reto 3, o desenvolvemento dun novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo e a alimentación.

Polo tanto –e conclúo, señorías–, a RIS3 está a facilitar un novo salto cuantitativo na innovación empresarial de Galicia tras unha época moi difícil. Especialmente está a facilitar un salto cualitativo que afecta ao noso modelo produtivo, e estou convencido de que entre todos, entre a Administración,

as empresas, os centros tecnolóxicos, e sobre todo grazas ao noso talento, estaremos a facer que o hábito por innovar sexa un pilar dos nosos valores, e iso, señorías, xa non ten marcha atrás.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Bo día, señor conselleiro.

Vén hoxe informarnos sobre a RIS3, pero o concepto de especialización intelixente, tal como se recollía na RIS3, refírese á necesidade de concentrar os recursos dispoñibles para a xeración e explotación do coñecemento ao servizo dun número concreto de prioridades, ligadas ás fortalezas e vantaxes competitivas, para provocar unha orientación do tecido produtivo.

A min nada disto me quedou claro no que vostede expuxo; nin cales son esas prioridades concretas nin cal é a orientación do tecido produtivo que se está dando.

Na RIS3 recoñécese, entre outros desafíos do sistema galego de innovación, o reducido tamaño das empresas, xa que máis do 95 % das empresas galegas son micropemes, o que condiciona a súa capacidade de absorción de coñecemento e de traslado ao mercado das innovacións. E gustaríame que nos avisara de que avances houbo nisto de minorar ese mundo empresarial de micropemes, porque, por exemplo, en Vigo –a cidade máis industrial– o 93,5 % das empresas son micropemes, non chegan a 6 traballadores, co cal é difícil desenvolver dende aí o coñecemento e trasladar a innovación á sociedade.

Tamén se falaba como desafío a baixa capacidade de tracción por parte do sector privado no eido da innovación; unha estrutura sectorial caracterizada por unha especialización relativa de sectores de moi baixa intensidade tecnolóxica. Non sei se aí tamén hai sectores onde se está traballando, e a iso me refería cando falaba na definición de orientación do

tecido produtivo. Eu teño a sensación de que a Xunta non ten orientación, está esperando a que os demais a orienten, e vai saltando, e vai concedendo axudas depende a quen, sen unha planificación dende o Goberno dese desenrolo industrial.

A falta de correlación entre as actividades máis competitivas e innovadoras a nivel internacional e a estrutura produtiva galega. Non hai correlación; parece que Galiza vai por un lado mentres o mundo camiña por outro.

E despois vostede falaba do gran éxito de traer un científico para Galiza, ¡un!, e fala de que o obxectivo son 24; non sei se o resto lle sobran. Eu creo que a Xunta queda bastante curta, e que esta fuga de cerebros vai seguir no noso país, evidentemente, porque non está habendo resultados nese eido.

Entre as fortalezas, falábase do protagonismo central das universidades como axentes galegos en programas de apoio á I+D+i respecto das empresas e dos centros tecnolóxicos; e da especialización dos axentes xeradores de coñecemento, como nos sectores de saúde, pesca ou cultivos mariños.

Pero parece que tampouco a Xunta foi quen de aproveitar as fortalezas, xa que o Foro Cívico Empresarial de Compostela –integrado por colexios profesionais, empresarios, colectivos sociais e creo que a Universidade de Santiago– reclamaba estes días publicamente un maior financiamento para as universidades galegas no Plan económico 2016-2020 que lles permita desenvolver a investigación e a innovación, posto que as universidades seguen a queixarse dos recortes que lles impiden, precisamente, crear ese talento, alimentar ese talento, innovar e investigar.

Os empresarios e os axentes sociais sosteñen que é inaceptable a política de redución de orzamentos da Administración, e aseguran que están paralizano o desenvolvemento das tarefas universitarias ante o continuado déficit que se mantén polo seu financiamento escaso, impropio dun país europeo.

Tamén Bioga, que é o clúster que agrupa a 47 empresas e entidades galegas que se dedican á biotecnoloxía, que en 2014 xerou 235 millóns de euros e dá emprego de moi elevada cualificación a 1.400 persoas no Estado, aínda que Galiza ocupa a sexta posición do Estado en presenza deste sector, segundo Bioga ten potencial para sacar proveito das

investigacións que se están facendo nas universidades, pero bota en falta un plan estratéxico, como o aprobado no País Vasco; máis solo industrial para instalarse, con servizos adecuados, e menos trabas burocráticas. Dentro do sector están firmas como Zeltia, Hifas da Terra –especializada na innovación con setas–, Galchimia –un laboratorio líder en química orgánica sintética– ou Amslab –que é un laboratorio especializado en ensaios físicos e químicos–. A biotecnoloxía constitúe un sector emerxente en Galiza, unha comunidade na que aínda non existe ningunha industria farmacéutica como tal, pero a biotecnoloxía xa factura 245 millóns ao ano e dá emprego a 1.400 profesionais.

Galiza ten as características para que se converta nun dos sectores de futuro e impulse un novo modelo económico que escape do ladrillo, que é o que está creando emprego no noso país. É unha industria que parte do coñecemento, e aquí as universidades con equipos de investigación profesionais son importantes. O sector bota en falta financiación da banca en Galiza e sitio para facer I+D+i. Alerta Bioga da falta de solo industrial con servizos axeitados e dos problemas para obter as licenzas. En Cataluña, que é líder no sector –poñen como exemplo–, a industria farmacéutica en Barcelona atópase en sete polígonos industriais enlazados entre si, cousa que non teñen en Galiza.

Pero tamén sectores tan importantes no noso país como a madeira, que produce algo máis do 4 % do produto interior bruto galego, reclama sen éxito o apoio da Xunta. É un sector insuficientemente explotado, ten o 80 % da produción da madeira, pero a primeira transformación realízase fóra de Galiza. Tan só o 5,61 % das fábricas de mobles están en territorio galego. Constitúe unha área cun gran potencial de crecemento a cadea da madeira galega. O grao de especialización e automatización é moi reducido en Galiza e o 90 % das empresas teñen dimensións artesanais e limitada capacidade produtiva. O 20 % dos mobles producidos en Galiza véndense dentro de Galiza, e só un 20 % son exportados a Portugal, o resto é de consumo dentro do Estado. Reclaman medidas que van desde que tipo de árbores se están plantando, e que se deixe de plantar eucalipto e se planten madeiras de calidade para o moble. Reclaman tamén apoios para innovar, para competir, para a internacionalización; non reciben apoio para poder exportar mobles. Polo tanto, é un sector importante que vostede nin nomeou, e parece que tampouco vai nomear.



Outro sector que está reclamando apoio da Xunta para innovar e para crear industria con futuro é o sector forestal e o sector agrario. E o sector do leite está totalmente abandonado por parte da Xunta. A industria localizada na nosa comunidade neste eido está especializada en produtos de escaso valor engadido e de rendibilidade moi limitada. En concreto, no caso do leite, producimos o 40 % do leite do Estado, pero a industria láctea supón menos do 10 %, e ademais en produtos –como xa dixen– de escaso valor engadido. Polo tanto, necesítase consolidar a Galiza como a principal abastecedora de leite envasado; elaborar produtos de maior valor engadido e con marcas de calidade diferenciada; e abrir novos mercados aos produtos emerxentes, por exemplo, de leite en pó ou de manteiga.

Cada ano a Xunta, sen embargo, si dispón de diñeiro para dedicar á publicidade institucional vinculada á innovación e ao emprendemento para sensibilizar –segundo di– a poboación sobre os valores de Galiza como unha terra solvente para o desenvolvemento de proxectos e inversións que levarán o crecemento á xeración de emprego. Pero o certo é que nin xeración de emprego nin innovación. E sobre todo o que nos acaba de contar, a min gustaríame que dixera canto emprego se creou e cal é a calidade dese emprego que se creou, porque o que non vemos é que isto vaia sacar a sociedade galega da pobreza nin a crear unha industria que realmente cree postos de traballo de calidade.

Pero tamén falamos de campañas de innovación millonarias, como a campaña de 2 millóns e medio con anuncios e spots sobre a innovación e a competitividade na industria de Galiza cara á fábrica do futuro –que é a deste ano–, que se desenvolverá en oito semanas –vou rematando– no 2015 e no 2016. No ano 2014 Feijóo adxudicou unha campaña case idéntica por 1,4 millóns de euros. No ano 2013, case o triplo para unha campaña de Galicia Emprende. No ano 2012, tamén 1 millón de euros para Galicia competitiva. É dicir, estamos falando de máis de 5 millóns de euros dedicados única e exclusivamente a facer propaganda de que Galiza quere innovar. Xa me dirá vostede de que vale iso, señor conselleiro, e a que lle dedica a consellería, realmente, os cartos.

Nada máis.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados. Bo día, señor conselleiro.

Vostede vén a esta Cámara de novo e esta vez fálanos de facer balance da RIS3. Dende o Grupo Parlamentario do BNG consideramos que primeiro debería facer balance do que significa a anulación do concurso do bipartito. Vostede debería vir aquí e falar do sector eólico; un sector que, por certo, está totalmente ausente... Non ría, que non ten ningunha graza, despois do que levamos coñecido. Ademais, mañá agardamos a resposta do presidente Feijóo. Debería falar un pouco do eólico e das estratexias enerxéticas de Galiza dentro da RIS3. Debería, polo menos, telo citado. Porque, mire, vostede citou catro veces a aeronáutica, catro veces –polo menos que eu apuntara, pode que foran máis e que se me esquecera algunha–, e nin tan sequera falou da enerxía unha soa vez. E eu traio aquí, porque tamén era verán no 2009, todo o que dixo o mesmo equipo que está na súa consellería, o señor Tahoces, que nese verán estaba falando de que se ían, por exemplo, crear 600 millóns/ano de euros co fondo de compensación para os muíños eólicos. Ese mesmo señor que segue no seu equipo –igual que todo o Goberno–, nese verán estaba falando da necesidade de anular un concurso que nos leva a unha situación de absoluta parálise e desfeita do sector eólico. E xa por último, a última sentenza coñecida do Tribunal Supremo.

Home, eu creo que hoxe tiñan que dicir unha palabra, polo menos unha frase, unha liña ou unha alusión ao sector eólico de Galiza, tendo en conta que a RIS3 se enmarca dentro dunha estratexia supostamente intelixente para o desenvolvemento de Galiza, e identificar as oportunidades de desenvolvemento e crecemento dunha rexión a partir da súa especialización nos campos específicos da ciencia, da tecnoloxía e do coñecemento. Unha alusión, unha frase, ou dicir algo do que foi absolutamente un fiasco promovido polo Partido Popular, e que ademais escenificou a forma de facer política do señor Feijóo, que é construír toda a súa política dende as falsidades; incluso vou dicilo: dende as mentiras. De feito, tan mala conciencia tiñan, que no propio DAFO interno da elaboración do RIS3 non hai nin unha soa palabra a respec-

to da enerxía nin nas debilidades nin nas ameazas nin nas fortalezas nin nas oportunidades. Seguramente, á empresa que lle encargou que deseñara eses *power point*, díxolle moi claramente que nin tan sequera falara dos sectores que non quería que despois foran avaliados.

Entón hoxe vén vostede aquí falar de balance. Sempre houbo, efectivamente, ordes de subvención; sempre houbo programas nos gobernos e sempre houbo empresas que, á luz deses programas, pedían esas subvencións. Pero ¿isto realmente é unha avaliación ou un balance dun ano e uns meses de posta en marcha do RIS3? Pedíralle que fora un pouco máis concreto na súa seguinte intervención. Dado que aos grupos da oposición non se nos facilita ningún tipo de información previa no que despois vemos que, supostamente, é un balance, pedímoslle que sexa un pouco máis concreto e nos diga en que eixes reais hai unha estratexia económica, industrial e de coñecemento para Galiza. Xa sabemos que no eólico non, e incluso nos poñemos un pouco mal cando escoitamos falar de concurso eólico e sentenzas. Por exemplo, dado que o primeiro eixe é o modelo de xestión de recursos naturais baseados na innovación, cales son eses recursos naturais e como se está, por exemplo, traballando no ámbito da pesca ou no ámbito do lácteo. E que tipo de innovación se fai, vencellada –vostede citounas– ás conserveiras, que realmente repercute no país. Se pode ser un pouco máis concreto.

O segundo apartado refírese ao modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento. Vostede fixo referencia –que xa nolo explicou aquí en diferentes ocasións– a respecto da Industria 4.0. Mire, explíqueme, se ten un momento, os últimos datos saídos. Eu xa collín os propios datos dos xornais; é dicir, a facturación. Isto é do 18 de xuño de 2015, é dicir, de hai uns días. A facturación da industria galega volve a terreo negativo en abril. Soamente despois dun pequeno repunte en marzo, volve ter datos negativos moi por riba da media do Estado, que colocan a Galiza nunha das comunidades que acumula maior descenso durante todo o ano; 1,6 % segundo estes datos. Díganos, a respecto dese modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento, que vostede se referiu, por certo –esta metáfora si que a creó–, ao triángulo virtuoso do que falaba, Industria 4.0, internacionalización e innovación, como explica os datos e o comportamento da industria. Esta é unha pregunta concreta.

E o terceiro, que é o modelo de vida saudable vencellado ao envellecemento activo da poboación. Aquí vostede estívose simplemente referindo ao que son os programas –ademais bastante criticados dende o ámbito da saúde– da contratación da innovación por parte do Sergas, e non falou do que son os recortes na dependencia e en todo o ámbito dos servizos sociais, tendo en conta que tamén temos recentes sentenzas que falan da incorrección deses recortes. Por iso tamén quixera facerlle unha pregunta concreta: ¿que se está facendo no RIS3 a respecto das persoas maiores e dependentes? Porque a verdade, repasando estes días para preparar esta comparecencia, atopei un punto que noutras comparecencias a min polo menos pasárame desapercibido, que é unha afirmación que teñen vostedes no Anexo 11, onde se di claramente, a respecto do RIS3, que a garantía de éxito na obtención dunha rexión competitiva a nivel europeo no campo do envellecemento para unha vida activa e saudable, require o desenvolvemento e apoio á formación e á consolidación dun sector poderoso privado para complementar as actividades ligadas ao sector público. Agora entendín por que, dende que Feijóo goberna, non hai centros de día públicos nin residencias para maiores públicas, e decidiu converterse nun sector poderoso privado no envellecemento das persoas.

E xa que tamén falou dun programa de contratación de científicos de prestixio, recoñecidos, quixera que nos explicara como é posible que vostede... Dende logo, dende o BNG non soamente é que poidamos estar de acordo en que existan científicos e científicas de prestixio que investiguen en Galicia, senón que imos máis alá, presentamos como emenda na Lei de innovación –se vostede recorda– que apostamos por unha carreira investigadora propia para Galiza, e trouxémo-lo en reiteradas ocasións a debate nesta Cámara. Xa sei que vostede iso nin o contempla, pero quero remarcalo neste apartado.

E quero que nos explique como é posible que dende 2009 a 2013, que son os datos que temos, o persoal en investigación vencellado á Administración pública, é dicir, fundamentalmente ás universidades, descendeu un 17,5 %. ¿Cre que ese descenso de persoal se pode compensar coa contratación –como folla de ruta, que é o que expuxo– de 24 investigadores e investigadoras? ¿Cal vai ser, efectivamente, a aposta pola recuperación da capacidade investigadora das universidades, que require tamén dun compromiso orzamentario?

Efectivamente, vostede sempre fala de innovación, pero ten unha especie de alerxia a citar a palabra investigación. E unha das frases que hoxe dixó é que existía esa transferencia de coñecemento, cómpre que sexa unha transferencia para que chegue ás empresas. Pero para transferir coñecemento é necesario que ese coñecemento sexa creado, e que sexa creado nos centros de investigación das universidades.

Un pouco de concreción. ¿O RIS3 que significou para a investigación en Galicia, para a contratación de persoal nas universidades, para unha mellora dos grupos de investigación? Quixeramos que nolo concretara, porque non o vimos nesta intervención. E sobre todo, e o máis importante, señor conselleiro, unha estratexia que quere chegar a 2020 –como vostede di–, ten que ser unha estratexia na cal ese financiamento estea concretado, non soamente a través da palabra mobilización, senón a través da palabra compromiso do Goberno galego, nas diferentes anualidades, no orzamento da Xunta de Galiza.

Polo tanto, tamén, ¿como é –porque aínda o descoñecemos, despois de tantas comparecencias súas que escoitamos desde esta tribuna– ese cronograma dos orzamentos do RIS3? ¿Que significa en concreto?

Mire, eu...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Vaia rematando, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Vou rematando.

Dígollo sinceramente, e isto non é unha descualificación, dende logo, nin para vostede nin para o seu departamento, pero a sensación que temos moitas veces é que as comparecencias da Consellería de Economía e Industria son absolutamente abstractas e etéreas. Sempre vén vostede aquí repetir grandes frases, pero unha análise real de como leva impactado o Goberno de Feijóo, a conselleira de Economía e Industria, sobre o tecido empresarial, industrial, e, por exemplo, no ámbito das pemes, despois de aprobar unha lei de emprendemento, ¿cal é a verdadeira innovación? ¿Cal é a constitución de pemes e cantos traballadores e traballadoras están nelas? Iso descoñécémolo.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Palabras e máis palabras. Pero sobre cuestións centrais, como por exemplo o campo enerxético, nin palabra. Vostedes quererán esquecer o eólico, pero non, perseguiraos sempre. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días, señor conselleiro.

Este é un exemplo de que nestas comparecencias, de querer ser un debate rigoroso e serio, debería haber un informe previo, con datos concretos, que puideramos estudar antes de que vostede comparecera. Porque a propia estratexia de especialización intelixente RIS3 fala de indicadores, duns indicadores para facer unha avaliación e un seguimento, monitoreo dos resultados, tendo claro os valores de orixe e tendo claro se se acercan ou non aos obxectivos marcados. Entón, se se quere un debate aquí no que poidamos concretar algo, podería vostede ter mandando, na documentación do pleno, un informe con eses indicadores, seguindo a metodoloxía que vostedes mesmos elaboraron, e que nós puideramos observar en determinadas prioridades fixadas, e nos retos fixados, se se van conseguindo os obxectivos, se melloran os valores de orixe, etc., porque, ¡claro!, evidentemente, así, a bote pronto, é moi difícil para calquera facer esa análise. Se a estratexia está dando resultados ou non está dando resultados.

Ademais, dicindo que a propia estratexia europea fala de que teñen que ser indicadores simples, claros e fiables. Teñen que ser indicadores que falen, por exemplo, de se se conseguiu aumentar dentro dos imputs o gasto en I+D; se se conseguiron aumentar as persoas que traballan en investigación, desenvolvemento e innovación; se baixaron os investigadores, se subiron... Esas cousas que entendemos todos; hai outras cousas que xa non entendemos.

Polo tanto, eu creo que perdeu unha oportunidade de facer un seguimento serio, neste Parlamento, dos resultados da posta en marcha da RIS3. Nós o que cremos é que a aposta por un cambio de modelo produtivo, cara a un baseado na innovación e no coñecemento, non é unha aposta `propia,

endóxena, do Partido Popular. O Partido Popular sempre creu que apostou nas súas políticas por un modelo máis especulativo, de apoio á supremacía financeira, de prexuízo á economía produtiva, e de competir en base á devaluación salarial e con sectores que crean pouco valor e pouco emprego cualificado.

Os datos do Goberno do Partido Popular falan diso, falan deste nesgo da nova aposta do Partido Popular por un modelo produtivo. En cambio, a implantación desta estratexia de especialización intelixente vén imposta dende arriba, vén imposta dende a Unión Europea, xa que supedita a dotación dos fondos estruturais a que se implemente unha estratexia de especialización intelixente, que é o que están facendo todas as rexións europeas porque, se non, non hai fondos estruturais. Ese foi o convencemento do Partido Popular con esta estratexia, unha necesidade imposta dende a arriba; pero non o que indicaban os datos anteriores da aposta do Partido Popular polo coñecemento, xa que a estatística anterior mostra máis ben o desleixo deste Goberno co sistema de coñecemento, e a constante redución dos recursos ao sistema público de coñecemento, comezando polas universidades.

A evolución destes datos en I+D+i durante estes últimos anos mostra unha evolución peor en Galicia que no resto do Estado e, por suposto, que en Europa. Galicia mostra un maior descenso en investimento, en I+D+i, en persoal investigador, que o resto do Estado, ¡con moita diferenza!, tanto en gasto relativo ao PIB como en persoal adicado á investigación. Os últimos datos do ano 2013 dinnos que Galicia adica o 0,86 % do PIB, cando no ano 2008 chegara ao 1%; e falan dun descenso dun 20 % dende 2008. Neses anos, os recortes en Galicia significaron un 19,8 %, e no Estado dun 11 %.

Polo tanto, se vostedes tiñan tan claro que o modelo de futuro para este país, para saír da crise, para crear emprego cualificado, etcétera, para revertir a situación, era o coñecemento, ¿por que vostedes fixeron –segundo din todos os expertos en investigación e desenvolvemento– un dano irreversible, que segundo, por exemplo, o reitor da Universidade da Coruña se pagará durante décadas, xa que no período de 2010 a 2013 perderon o seu emprego 1.424 persoas que traballaban neste sector, e 1.287 eran investigadores, señor conselleiro. A gran maioría deles saíron para traballar no estranxeiro.

O dano que isto significa para o sistema de coñecemento galego non é facilmente reversible dun ano para outro, por iso é importante coñecer a evolución comparativa dos datos. En 2008 Galicia ocupaba a sétima praza entre as comunidades autónomas que máis adicaban a I+D+i; en 2013 baixa ao posto 11. Xa sabemos que o discurso do Partido Popular é facer máis con menos, pero volvo citar o reitor da Universidade da Coruña cando di: É inxenuo pensar que sen recursos podemos facer o mesmo que as sociedades máis competitivas e que invisten máis en investigación, como Estados Unidos e China, que adican o 3 % do seu PIB, fronte ao 0,86 % de Galicia. Así non hai futuro –diciu el–. Galicia acabou con programas como o Parga Pondal de investigación, cuxos receptores agora están traballando noutros países.

Por outra banda, tamén careceron dun proxecto estratéxico para os sectores onde Galicia conta con vantaxes competitivas. Para que se complete satisfactoriamente o ciclo da investigación e a transferencia do coñecemento, ten que haber un sistema de investigación con recursos, con capacidades –que non o hai–, pero tamén sectores que poidan estar en condicións de absorber a tecnoloxía e a innovación producidas.

Polo tanto, o desenvolvemento deste sistema de coñecemento ten que ir acompañado da consolidación e o desenvolvemento de sectores empresariais produtivos ou públicos. Vostedes tamén suspenden aí, no que é o deseño dunha política estratéxica industrial. Como xa lle temos dito, hai pouco disque presentaron o que era o Plan industrial estratéxico Galicia Industria 4.0, cando na propia lei daba un prazo de seis meses. Tamén falaba de proxectos sectoriais estratéxicos, entre eles o lácteo, o enerxético, e non se fixo; tivo que vir de Europa esa necesidade. Falaba da estratexia intelixente de concentrar recursos e inversións en áreas onde existen claras sinerxias coas capacidades produtivas existentes e potenciais da rexión. Significa priorizar e concentrar os gastos en determinados sectores; pero esa priorización nós non a vemos por ningunha parte.

Falamos de cuestións concretas, sectores estratéxicos cos cales crear sinerxías. Falamos do sector lácteo. É moi fácil vir aquí e explicar nese sector, por exemplo, cales son as ideas, cales son as propostas, cales son os obxectivos a acadar nos próximos anos no Horizonte 2020. Non se nos explica, parece que se quere evadir da realidade.

Podemos falar do sector enerxético. Tamén, señor conselleiro, é evidente que o sistema de coñecemento é importante, pero cun sector que vostedes, coas súas decisións, paralizaron é máis difícil que se desenvolva o sistema galego de coñecemento aplicado ás enerxías.

¿Vostede lembra a última comparecencia que fixo vostede aquí, cando falou vostede da legalidade do marco do concurso eólico, señor conselleiro? ¿Lémbrese que dixo iso e que eu lle dixen –non me vou colgar medallas– que estabamos pendentes do recurso que presentou a Xunta de Galicia ante o Supremo? Pois ben, xa ve o que pasou, que o Tribunal Supremo considera ilegal a decisión do Partido Popular de anular o concurso eólico do Goberno bipartito. ¡Considérao ilegal! A súa actuación foi ilegal, existiu desviación de poder, di o Tribunal Supremo. E vostedes non están dispostos a asumir as responsabilidades políticas que se derivan deste caso. As responsabilidades que viñeron en forma de paralización dun sector e as que poidan vir en forma de reclamacións por indemnizacións ante este feito.

Si, señor conselleiro, dixémolo aquí e cumpriuse co tempo. É certo que vostedes chegaron aquí e actuaron dun xeito tal que prexudicaron un sector que, evidentemente, era líder naquel momento; un sector cun modelo que nós xa dixemos que non compartiamos, pero un sector que creaba emprego, que creaba riqueza neste país e que se viu paralizado. Paralizaron, por tanto, un sector importantísimo.

Tamén esperamos a ver que vai dicir este Goberno con respecto á política enerxética do Goberno do Estado, que lle declara a guerra ás enerxías renovables, que lle declara a guerra ao autoconsumo e á xeración distribuída. Gustaríanos saber cal é a posición do Goberno da Xunta de Galicia a respecto do borrador do decreto de autoconsumo proposto polo ministro Soria, que establece barreiras económicas infranqueables para evitar que se promova a xeración distribuída eléctrica, que prexudica especialmente a Galiza. Esperamos a súa resposta.

Por último, tamén queremos dicir que vostedes falan de mobilizar recursos das empresas privadas, pero nós temos un país no cal as empresas que predominan son de pequena dimensión, e para estas empresas o fundamental é un sistema público que lles poida servir para absorber a tecnoloxía, os centros tecnolóxicos, as universidades. Iso é fundamental para o tecido empresarial que nós temos.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** E vostedes, sistematicamente, aos centros tecnolóxicos recortáronlles recursos económicos nos orzamentos da Xunta de Galicia, e esas son realidades concretas. Cando vostedes priorizan o que é dar cheques ás empresas, están favorecendo as grandes empresas, e non as pequenas e medianas empresas.

Nada máis. Moitas grazas. Tería máis cousas que dicir, pero o tempo foi escaso.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, veu vostede falar da RIS3, e eu pediríalle, o máis solemnemente posible, que desmentira ao director xeral da Axencia Galega de Innovación, que na Comisión 6ª dixo que esta estratexia de industrialización fora consensuada cos grupos parlamentarios, que fomos consultados e que tiveramos ocasión de facer as nosas aportacións. A min nun momento pareceume que estaba nun fenómeno paranormal, pero logo pregunteille ao resto dos voceiros da oposición e é radicalmente falso; como vostede ben sabe, supoño, ¿non?

Polo tanto, insisto, gustaríame que dixera aquí se realmente os grupos parlamentarios deste Parlamento tivemos ocasión de facer algunha aportación a este documento. Eu digo que non, eu digo que non. Creo que o resto dos voceiros da oposición deben de dicir o mesmo. Polo tanto, gustaríame que vostede nos dixera algo. Á parte de dar cifras e lernos nomes de empresas, gustaríame que nos dixera algo sobre esta cuestión, porque me parece dunha enorme gravidade.

É verdade que hoxe este pleno xa empezou cun tema dunha enorme gravidade, tirando literalmente pola borda unha convocatoria dun pleno do Parlamento galego por parte do Partido Popular, co cal, evidentemente, progresivamente nos imos blindando. Pero, en todo caso, insisto, señor conselleiro,

ro, este documento é seu e da consultora que o fixo. Non nos meta no carro da crónica dun fracaso anunciado, por moito que un liberal austríaco viñera aquí dicir que isto é a solución para os problemas desta comunidade autónoma. Sabe vostede perfectamente que non o é, evidentemente.

Eu voulle recomendar, con absoluta humildade intelectual, un artigo xa un pouco antigo, do ano 2003, de dous profesores da Autónoma de Madrid, que se chama *Círculos viciosos y virtuosos del desarrollo económico*. Fontenla Guzmán, na revista *Estudios de Economía Aplicada*, volume 21, número 2. Dígoos por se ten interese en abordar a cuestión.

Un par de cuestións de carácter metodolóxica. Non sei se se dá conta vostede, señor conselleiro, de que non fixo ningunha referencia a ningún marco comparativo, nin co resto de España nin con Europa, absolutamente con ninguén. É dicir, temos aquí este documento, temos, evidentemente, os resultados de convocatorias públicas de apoio á investigación e á innovación. ¡Só faltaría que non houbera ningunha! ¡Home!, este goberno xa tivo algún mérito, foi a primeira vez na historia de Galicia –polo menos que eu recorde–, dende que eu me licenciei no ano 1987, que un ano os licenciados universitarios desta comunidade autónoma non tiveron ocasión de pedir becas de investigación para facer a súa tese doutoral. É dicir, polo menos dende o ano 1988, cos gobernos González Laxe, cos gobernos Fraga e Pérez Touriño, o primeiro foi un ano do señor Feijóo. Ese é o aprecio e a intensidade do apoio á investigación e á innovación.

Polo tanto, señor conselleiro, vostede é profesor de universidade: Marco comparativo. Tema 1 de calquera manual de ciencias sociais. Non falo de ciencias experimentais, ¿eh? Non falo de repetir experimentos no laboratorio. Pero, ¡home!, algún mínimo marco para poder movernos. Porque, se non, imos ao de sempre, señor conselleiro: PP, publicidade e propaganda. E está moi ben, sérvelle para encher páxinas nos periódicos, tanto de noticias como pagadas, como publicidade institucional. Pero o certo é que os números e os datos desta comunidade autónoma son os que son, e vostede sábeo perfectamente.

Mire, vir aquí falar do Horizonte 2020 como marco xeral de actuación da Comunidade Autónoma de Galicia... Oia, o 3 % do PIB en I+D+i. España xa rebaixou ao 2 %. Vostedes, quero recordárllelo outra vez, 0,86 %. E volvo ao de sempre,

xa sei que soa un pouco mantra, pero Ucraína e Turquía, señor conselleiro. É dicir, non é posible discutir ou falar con seriedade destes temas se non somos conscientes da situación da que partimos.

E mire, na Estratexia RIS3, efectivamente, da que se fala, vostede sabe perfectamente que na súa metodoloxía de conformación o primeiro é o entorno socioeconómico. O que vostede nos contou aquí –teno dito algunha vez algún outro voceiro da oposición– vale exactamente igual para o subTírol, que para Baviera, que para a Macedonia grega. Oia, algunha diferenza haberá. Eu, desde logo, non son sospeitoso de ser nacionalista, que non o son, pero, desde logo, un espazo económico ten características específicas que necesitan que este documento non sexa exactamente o mesmo se aquí en vez de poñer especialización intelixente en Galicia, poñemos especialización intelixente no Alentejo portugués, porque, evidentemente, algo non se está facendo ben.

E o entorno socioeconómico, señor conselleiro, vostede sabe perfectamente cal é. Sabe cal é en Galicia e sabe cal é en España. E sabe cal é o modelo económico do Partido Popular alí onde goberna. Eu dígoos sempre, a segunda medida do señor Rajoy foi conxelar 600 millóns de euros de I+D+i. Conxelou iso e o salario mínimo. Eu creo que é toda unha reflexión e un reflexo do que é un modelo económico.

Pero o problema non é que o conxelara cando chegou. O problema é que, dentro do I+D+i, a investigación universitaria –e logo aínda temos que escoitar aquí ao conselleiro de Educación, e aos voceiros de Educación do PP, dicir practicamente que os reitores se queixan de vicio– perdeu 1/3 dos seus fondos. Evidentemente a min paréceme ben que se conxelen as taxas universitarias porque a situación económica é a que é. Por certo, probablemente me parece mellor, aquí si, unha política de becas máis potente, non vaia ser que co chau-chau este de conxelar as taxas universitarias, e apretando e recortando de maneira dramática as becas universitarias, esteamos actuando exactamente contra a equidade no acceso á educación superior.

Claro, todos somos capaces de reflexionar un pouco sobre o que significan medidas políticas determinadas. E o marco, señor conselleiro, o marco de actuación, é a imprescindible acción política pública en innovación. ¿E sabe por que? Porque o venres 19 de xuño do ano 2015 os titulares da prensa

con fontes do Banco de España, que imaxino que son pouco sospeitosas –tendo en conta que goberna o señor Linde– de marxismo-leninismo, dicían que o crédito se funde ao mínimo histórico en Galicia.

Entón, neste contexto dunha continua caída do crédito, a pesar de que se dixera que o novo banco este, en fin, con éxitos económicos notables, ía trasladar 9.000 millóns de euros ao tecido produtivo e ás familias de Galicia, dá a sensación de que non, polo tanto, financiación á baixa. O gasto medio dos fogares cae por sexto ano consecutivo en Galicia, polo tanto, a demanda á baixa, señor conselleiro. E estes son os escenarios nos que nos movemos en todas as variables macroeconómicas das que podemos falar, e, polo tanto, o público é imprescindible. E cando pasamos a que o público é imprescindible, ¿que nos atopamos? Atopámonos orzamentos e execución. E nos orzamentos, vostede sábeo tamén perfectamente, a redución no programa 56, Investigación, desenvolvemento e innovación, son 150 millóns de euros desde que goberna o señor Feijóo; 150 millóns de euros, insisto, en termos de orzamentación. E despois, en execución, deixáronse sen gastar 200 millóns de euros máis. Ou sexa que, en total, temos... Si, si, señor conselleiro, datos da Intervención da Xunta de Galicia. De verdade, se cada vez que eu dou datos da Intervención da Xunta de Galicia vostede pon cara de escepticismo, ou medio de coña, ¿cesen ao interventor ou interventora xeral! (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Claro, señor conselleiro! ¡A ver!, ao mellor é un vendido ao socialismo internacional, ou vendida, non sei moi ben se é un home ou unha muller. Pero, en todo caso, ou están ben ou están mal. Se están ben, son estes. Eu, se quere, despois doullos ao presidente da Mesa para que llos traslade e vostede dime o que hai que cambiar aquí, nestas dúas follas de Excel. Dime qué modifica. E, de verdade, se están mal, cambien esa Intervención xeral, porque de verdade que teñen aí un quintacolumnista. ¡Claro! ¡Xa está ben de rirse de non sei moi ben que! Son 150 máis 200 millóns de euros sisados do modelo. ¿Cantos investigadores se contrataban, destes que pasean vostedes por Galicia –con todos os meus respectos ás persoas, ¡eh!–, como se foran o brazo incorrupto de Santa Teresa. Porque levamos un, ¡eh! Por certo, levamos un recuperado, e o investigador máis citado da Universidade de Vigo, que era Luis Liz Marzán, está no Ikerbasque no País Vasco. Habería que facer tamén o balance de cantos veñen e cantos van.

Señor conselleiro, mire, hai unha cuestión que é absolutamente relevante, e logo irei un pouco a ela, porque eu creo que a comparecencia non se axustou, polo menos ás miñas expectativas. É verdade que eu ao mellor tiña unhas expectativas elevadas.

Hai un documento de abril deste ano, da Comisión Europea, que di textualmente: mecanismos de monitorización da Estratexia de Especialización Intelixente. Eu tamén llo podo pasar ao presidente do Parlamento para que llo faga chegar, porque calquera parecido entre a súa intervención e o que é o guión do que aquí pon, é –como se di nas películas– mera coincidencia. E neste caso a mera coincidencia é, pura e simplemente, cero. Porque, ¿sabe o que necesita fundamentalmente a Estratexia de Especialización Intelixente? Primeiro, ter conciencia do marco no que se desenvolve, unha cuestión fundamental.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Remato, señor presidente.

Segundo, ter a confianza niso que os anglosaxóns –non sei moi ben como traducilo, aínda que algún ao mellor se vai rir de min– chaman *stakeholders*, ou axentes actuantes. En fin: empresas, consumidores, administracións... estes pequenos detalles sen importancia. Pero, en todo caso, vostede non nos falou nada diso.

Aquí, nestes documentos europeos, señor conselleiro, non nos piden os nomes de empresas, non nos piden iso. Pídenos resultados de innovación, e de transferencia da investigación e da innovación ao tecido produtivo. E vostede sabe perfectamente, señor conselleiro, que en modelos económicos non maduros –e, lamentablemente, Galicia o é–, ou hai unha aposta pública forte pola innovación, previamente...,

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...ou os axentes privados teñen moi pouco que facer.

Por certo, está ben que fale da AIMEN, pero estaría ben tamén que solucionaran algúns dos problemas dos que recentemente se queixan os membros da AIMEN no sentido de que o sector, literalmente, está “centrifugado”, unha parte

importante, polas decisións políticas deste goberno. Supoño que o escoitou, ¿non?

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Polo tanto, está ben publicidade e propaganda, pero, señor conselleiro, un mínimo de caso ás directrices da Unión Europea, non só aos comisarios do Partido Liberal Austríaco. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Arias.

**O señor ARIAS VEIRA:** Señor presidente, señor Conde, señorías.

Obviamente, aquí as escoitas sempre son percepcións selectivas do que din os demais. En concreto, o que se tratou de expoñer –ou polo menos así o entendín eu, así o entendeu este Grupo Popular– é a exposición da Consellería de Economía e Industria do estado da política de innovación e desenrolo. É dicir, deste aspecto concreto para dar contas. Entón é unha intervención monográfica sobre este aspecto.

Pero a oposición non viu este tema. Dixo: ¿por que non falou, por exemplo, dos círculos viciosos e virtuosos da economía, métodos? ¿Por que non se fala de crédito? Todo está relacionado con todo, pero todo ten, así, a vosa posición... Se se fala ou non de enerxía. Eu polo menos escoitei cousas nas que se falaba de enerxía, en concreto no punto segundo. É dicir, cando se din as estratexias, explicou a estratexia de pemes, unha estratexia de atracción de capital, e incluso dixo enerxía, saúde, alimentación, etc., e incluso mencionou empresas enerxéticas que están nisto; pero na oposición non o viron, non o oíron.

Fálase do problema da universidade, de se realmente estamos abafando a universidade ou non, cando é un tema especificamente monográfico. Porque temos unha situación, por unha banda, de caída de alumnado. Temos que analizar moi seriamente cales serían as ratios, as razóns, de inversión por alumno, etc. Quero dicir que todo ten unha orde, estes plenos son moi longos, temos as comisións, temos estes plenos e todo ten cabida no debate parlamentario.

Realmente nós vimos un tipo de rendición de contas e explicación de estratexia de dinamización dun tema. Este grupo parlamentario entende que si se resposta á pregunta realmente clave. É dicir, que se está facendo e como se está facendo.

Primeiro, para este portavoz de industria do Grupo Popular hai unha cousa de contexto que me parece que debería de ser previa para todos, e todos deberían saber, e é que se contivo a recesión. ¿Estamos ou non estamos en recesión? ¿O Partido Popular acadou ou non, conqueriu ou non, a tarefa de parar a recesión? Eu xa non digo de encetar un proceso de desenrolo económico acelerado, pero ¿parou ou non parou a recesión? A situación herdada de endebedamento e progresivo crecemento do paro, destrución de tecido produtivo e caída de todos os ingresos da Administración pública, que creou esa probabilidade de insolvencia, ¿parouse ou non? Hai que responder a isto, hai que darlo xa por suposto. E nós sabemos que paramos a recesión, que encetamos un modelo de posibilidades alternativas moi superiores. E dise ¿non nos dan uns papeis? Temos un respecto intelectual e un respecto político aos parlamentarios da oposición, e supoñemos que eles seguen a dinámica parlamentaria, que coñecen todos os datos. Non hai que estar dando sempre a lección primeira nos informes. É por respecto, porque se supón que coñecen o contexto, que coñecen a política da Xunta e saben exactamente cales son os puntos críticos centrais do debate, non os problemas periféricos, que poden dalgún xeito encher unha intervención de dez minutos, de cinco, etc., para entrar en crítica, pero non ir ao centro do problema fundamental.

Aquí, señor conselleiro, era como outra vez dixemos. Nós estamos nunha política, hai contexto industrial, incluso específico, aquí en Galicia. Estamos na liña xeral de progreso, de contención da recesión e de avance da economía do conxunto de España, que é precisamente unha das máis destacadas, a que máis se está observando hoxe en Europa; ese é o contexto.

¿Por que está funcionando España? ¿Por que está funcionando Galicia? Dentro dese contexto podemos plantexar, ¿estamos indo ao mesmo ritmo ou non?, ¿por que? E vemos que non hai simultaneidade, todo o mundo o sabe. Non é un problema xa de economistas, é un problema de sentido común. Non hai simultaneidade nos espazos económicos en España, Galicia e Extremadura, etc., como tampouco a hai



incluso entre provincias, pero a tendencia xeral é positiva en comercio exterior, en desenrolo industrial, en índices, en mellora do emprego. ¿Que hai problemas? ¡Claro que hai problemas! ¡Evidentemente! Pero hai unha tendencia xeral: hai unha mutación fundamental con respecto a anos anteriores, parece que iso é evidente. Este contexto podemos discutilo, e discutímo-lo. E nese contexto ¿cales son os problemas de endebedamento público para reciclar endebedamentos anteriores? ¿Como o fixo a política financeira o Partido Popular? ¿Como o fixo o Partido Socialista apoiado polos nacionalistas? ¿Que alternativas de política financeira, monetaria, industrial e económica están tendo as novas forzas desde ámbitos distintos, como poden ser os municipios, as capitais provinciais?

Podemos analizar, todos sabemos os contextos, pero nese contexto, e para un ámbito de especialización que sempre ten a política parlamentaria, de discutir monograficamente áreas de traballo específicas, aquí hai unha alternativa, aquí hai unha estratexia concreta.

Primeiro punto, centrar o eixe de desenrolo para potenciar as peme, que teñen uns problemas de debilidade estrutural para que non se poida facer, e que dificultan os procesos de inversión en I+D+i. E adicou unha parte importante o conselleiro a este tema porque é a nosa política: potenciar centralmente as peme.

Pero tamén sabemos que fan falta recursos importantes onde existan as sociedades de capital risco da Xunta, onde hai unha política de atracción de inversión. Si, nós queremos que veñan capitais extranxeiros a Galicia, capitais de fóra de Galicia. Temos esa concepción aberta, si a queremos. Entón, fanse iniciativas, ese é outro dos puntos, dos eixes centrais, estamos abertos. E tamén queremos que veñan fondos europeos. Algúns poden dicir –como dicía o señor Sánchez, de AGE–, realmente, vostedes sométense ás políticas europeas. Imos ver, hai que intentar que as políticas europeas tamén invistan en Galicia. Todos os instrumentos de política rexional ou non pódense debater, pero hai cousas que xa forman parte dos elementos fundamentais da teoría económica rexional, espacial, etc. Hai que intentar reequilibrar parcialmente o territorio, incluso coas discusións que hai sobre a eficacia real das subvencións e outros elementos dirixidos desde o sector público. Porque do sector público non pode dicirse que é bo para todo ou é malo para todo.

Despois explicou os instrumentos de transferencia: os centros tecnolóxicos, os incentivos de compra pública innovadora e tamén o emprendemento innovador; é dicir, áreas de traballo que calquera xestor político de conxunto sabe que onde se materializa o problema fundamental, que é tentar que todos os elementos que hai nunha sociedade, e que non fan exclusivamente as empresas privadas para si, as grandes empresas, poidan chegar ao conxunto da sociedade, ao conxunto do tecido industrial.

A min paréceme que realmente hai aquí un problema, sempre volvemos a determinado tipo de puntos críticos, dentro desa concepción de hai que tocar isto, hai que tocar o outro. Non toquen isto, tocamos isto noutro momento. Estamos continuamente dicindo as mesmas cousas. Nós sabemos que hai que facer as cousas agora, nun contexto. Primeiro, minimizar o recurso ao endebedamento público. Segundo, buscar a máxima rendibilidade das iniciativas e das inversións; porque tamén o sector público –para nós polo menos– debe estar sometido á regra da eficacia e da racionalidade. E aquí hai eficacia e racionalidade, hai visión de conxunto tamén no conxunto do que é a política económica da Xunta de Galicia, a política de fomento da apertura, a política de fomento de entrada de inversións, etc. Pódese dicir, ¿e non se trata tamén o moble, o leite...? Tamén se tratan todos eses sectores.

En fin, pola nosa parte consideramos que se va por un camiño razoablemente axeitado. Hai un ton e un talante non triunfalista, senón serio, de disciplina analítica e de consciencia das limitacións das cousas. Tamén de coñecemento. Non se pode desvalorar con papeis. É dicir, cando non se teñen argumentos, sempre aparecen os papeis. Pero aquí hai concepción, estratexia e mentalidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, sempre pasa. *(Interrupcións.)* *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Señor Fajardo, silencio. Non empecemos.

**O señor ARIAS VEIRA:** Eu sempre fun capaz de escribir libros, señor Fajardo. E de mil páxinas, mire vostede, ¿sabe? Cando era novo, e agora que xa non o son tanto. Se lle parece a vostede, espero... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, por favor. Silencio.

Non dialogue, señor Arias. Remate.

**O señor ARIAS VEIRA:** ...espero que, ademais das arrotadas, sexa vostede capaz algún día de facer unha obra de interese.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Arias.

Réplica do señor conselleiro de Economía e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señorías, é que estamos acostumados a que, cada vez que este conselleiro fai unha comparecencia, vostedes pretendan desviar o debate, o contido da comparecencia, ou ben a unha análise e debate xeral da situación económica da Comunidade Autónoma, ou ben, como hoxe, queren plantexar outros temas que non teñen nada que ver co contido da propia comparecencia. Eu estarei, loxicamente, encantado de vir á Cámara e dar as explicacións oportunas de calquera tipo de tema que queira plantexar a oposición, pero creo que, co obxectivo de ser rigorosos, ben vale a pena centrarse no contido da propia comparecencia.

Moitas das intervencións, efectivamente, reflectiron datos comparativos da evolución da política de I+D+i ata o ano 2013, que efectivamente é o último ano do que temos datos cos cales facer comparación.

Eu creo que dixen dende o primeiro momento, e así está reflectido na proposta de comparecencia, que, efectivamente, eu ía falar da realidade das actuacións deste Goberno durante o último ano, é dicir, a partir do ano 2014, e polo tanto remítome, loxicamente, a ese tipo de actuacións e de realidades. Loxicamente, teremos ocasión de falar deses indicadores que veñen recollidos na propia RIS3, non é simplemente que os demande a oposición, que por suposto, senón que vén reflectida esa avaliación e seguimento da Estratexia de Especialización Intelixente. E, loxicamente, tamén estaríamos encantados, con ánimo construtivo, de facer comparacións con outras comunidades autónomas cando fagan ese balance.

Do que estamos a falar aquí é da aplicación, durante o último ano, dos obxectivos e dos retos plantexados na Estrate-

xia de Especialización Intelixente, e eu creo que a oposición omite de forma deliberada esa situación, esa realidade, non sei se moitas veces porque non quere facer unha análise da propia realidade –é o que parece nas súas intervencións–, ou simplemente porque non queren facer propostas concretas. Señor Losada, este Goberno plantexa a Estratexia de Especialización Intelixente como un documento vivo, no cal, efectivamente, estamos recollendo todas as aportacións que se nos plantexan por parte do sistema de I+D+i. Polo tanto, parece que vostede quere omitir plantexar esas propostas, e moitas veces –e iso é, se me permiten, o que máis me preocupa– parece que o que pretenden é desacreditar non só á Administración, senón ás propias empresas, aos propios centros de coñecemento, que, efectivamente, están facendo un esforzo. Todos, parece que todos neste país, excepto a oposición, estamos a facer un esforzo para poder innovar máis e mellor, e nese obxectivo parece que vostedes tan só miran ao pasado e non queren ver a realidade.

Eu non sei en que non están de acordo sobre os retos da Estratexia de Especialización Intelixente; a día de hoxe non o sei. Eu non sei en que non están de acordo nos diferentes instrumentos que estamos a desenvolver na Estratexia de Especialización Intelixente. Eu non sei se vostedes non están de acordo en que, efectivamente, fomentemos a colaboración público-privada; non sei se vostedes non están de acordo en que –efectivamente, señora Martínez– establezamos prioridades dentro do Goberno de forma moi clara. Pois claro que temos eses retos que marcan unha prioridade clara de aposta polos recursos naturais, e, loxicamente, polos recursos enerxéticos, aos que me referirei máis tarde. Claro que hai unha aposta clara pola industrialización, e claro que hai unha aposta clara polo envellecemento activo. E, dentro desas prioridades, na miña intervención marquei claramente actuacións concretas, selectivas, que está a facer este Goberno.

Eu non sei se vostedes están de acordo ou non en que este Goberno aposte polo sector aeronáutico; non o sei. Non sei se vostedes están de acordo en que este Goberno estea a apostar polo sector biotecnolóxico coa aceleradora específica Agrobiotec, que ademais de apostar pola biotecnoloxía está apostando polo sector agroalimentario e polo sector da biomasa. Este Goberno, señorías, leva investidos máis de 43 millóns de euros de fondos públicos, en apoio ao sector da biotecnoloxía, que mobilizaron máis de 72 millóns de euros, con máis de 300 beneficiarios dentro do sector biotecnolóxi-

co. Un sector que ademais, señorías, no ano 2013 foi quen de incrementar máis dun 30 % o gasto en I+D.

Falamos claramente de prioridades claras e concretas, e o que me gustaría saber é, dentro da exposición, con instrumentos perfectamente concretos e con investimentos que está a facer a Administración, en cales deles vostedes non están de acordo.

Señorías, Galicia, as súas empresas, os seus centros tecnolóxicos, están cada vez innovando mellor, están innovando máis, e son datos concretos; e están cambiando a unha cultura clara de innovación. As nosas pequenas e medianas empresas cada vez están a colaborar máis, este Goberno sábeo e está traballando con elas para que, efectivamente, os investimentos de I+D non supoñan un cuello de botella nos seus plans de investimento. Por iso o 94 % —díxeno na miña intervención— de todas as axudas que puxo a disposición este Goberno no primeiro ano de execución da RIS3 foron destinados precisamente a ese tecido produtivo de pequenas e medianas empresas. Polo tanto, este goberno teno claro. Pero este Goberno tamén ten claro, señor Losada, que o obxectivo é atraer capital privado, efectivamente, porque sabe este Goberno —e está demostrado con datos no primeiro ano de aplicación da RIS3— que por cada euro investido apoiando as grandes empresas se mobilizan cinco euros, cousa que non ocorre, loxicamente, como non pode ser doutra forma, coas pequenas e medianas empresas.

E, señor Losada, nós non temos posto o foco nin en Turquía nin en Ucraia, eu entendo que vostede si. Nós temos posto o foco precisamente en países como Alemaña, como Finlandia, como Xapón, onde hai unha contía de investimento privado en innovación moi superior ao que temos aquí, en Galicia e en España. E, loxicamente, o obxectivo deste Goberno é que Galicia, que xa fixo un esforzo moi importante pasando dun investimento privado de máis dun 42 % en gastos de I+D, Galicia está nestes momentos nun 52 %, por debaixo da media de España, 53 %; pero tamén por debaixo da media da Unión Europea, que está cerca do 60 %, e tamén moi por debaixo de Xapón, onde os investimentos privados supoñen o 80 % de todo o gasto de I+D.

¿En que non están vostedes de acordo? ¿Non están vostedes de acordo en fomentar a colaboración público-privada e que, polo tanto, haxa un maior investimento do sector privado en

Galicia? Este Goberno si. E por iso este Goberno está a apoiar esas unidades mixtas de innovación, que están a reportar un investimento de 70 millóns de euros, con creación de postos de traballo de calidade, máis de 270 investigadores, e de postos novos que se crearon a través destas unidades mixtas, a través da aposta das grandes empresas pola innovación en Galicia.

Polo tanto, señorías, efectivamente hai unha aposta de datos concretos que reflicten precisamente eses obxectivos que se marcaron na Estratexia de Especialización Intelixente, e eu lamento que permanentemente o señor Losada e o resto da oposición poñan en dúbida o recoñecemento da Comisión Europea polo traballo desenvolvido polos axentes de I+D+i coa RIS3 de Galicia.

Efectivamente, o comisario gabou esta Estratexia de Especialización Intelixente. Recórdolles que a Comisión Europea toma decisións de forma colexiada, non hai ningún tipo... (*O señor Losada pronuncia palabras que non se perciben.*) O señor Almunia estaba no Colexio de Comisarios e aprobou tamén a Estratexia de Especialización Intelixente, malia que a vostede pareza que lle pese.

É a verdade, e esta comunidade autónoma foi quen de poñer á disposición da Unión Europea unha estratexia de especialización intelixente definida polos axentes de I+D+i de Galicia. A Estratexia de Especialización Intelixente non é unha estratexia deste conselleiro nin deste Goberno, é unha estratexia de especialización intelixente dos axentes de I+D+i. E saben vostedes, perfectamente, que Galicia e este Goberno foi quen de poñer recursos propios, sen esperar á aplicación dos Fondos Europeos 2014-2020, para poñer en marcha a Estratexia de Especialización Intelixente con esta mobilización de 220 millóns de euros, dos cales 113 son públicos. Hai outras comunidades autónomas que, lamentablemente, aínda están pechando a Estratexia de Especialización Intelixente.

Pois ben, señorías, nós xa fomos quen non só de ter ese recoñecemento da Comisión Europea, senón de poñer en marcha a Estratexia de Especialización Intelixente, e, polo tanto, de poñer á disposición do tecido produtivo e dos centros tecnolóxicos os recursos —insisto— propios da Xunta de Galicia sen esperar á aplicación e á execución dos novos Fondos Europeos 2014-2020 (*Aplausos.*)

Señorías, claramente seguimos a apostar, loxicamente, polos tres retos. A estratexia ten tres retos concretos, hai un documento moi claro, e aquí o que estamos a avaliar é se, efectivamente, estamos traballando na dirección correcta. Hai un obxectivo claro de aposta polos recursos naturais, pola industrialización e polo envellecemento activo. Eu creo que xa marquei claramente que este Goberno non só ten estratexia, non só planifica, senón que tamén establece prioridades, e no marco das enerxías renovables eu creo que está claro. Mañá poremos en marcha un parque experimental en Punta Langosteira precisamente para profundizar en proxectos de innovación no eido da undimotriz, e este Goberno, como saben perfectamente, está a facer unha aposta moi clara polo desenvolvemento da biomasa e polo desenvolvemento en xeral das enerxías renovables. Polo tanto, nese reto 1, de recursos autóctonos de Galicia, teñen un protagonismo moi especial as enerxías renovables e, en xeral, os recursos enerxéticos, onde –como saben– estamos sendo quen de atraer investimentos de empresas como Repsol e como GasNatural que están a permitir consolidar os proxectos de innovación en Galicia.

E, por suposto, na RIS3 a industria 4.0 ten un protagonismo especial. O 60 % de todos os investimentos que se realizaron neste primeiro ano, dentro deses 220 millóns de euros, teñen unha relación directa coa industria 4.0 e, polo tanto, coa industrialización do noso tecido produtivo. Estamos a facer unha aposta clara, nese sentido, pola fábrica intelixente, por facer que a nosa industria sexa máis competitiva, porque a recuperación económica na que estamos a traballar, cunha tendencia clara na boa dirección, evidentemente pasará, necesariamente, polo fortalecemento do tecido empresarial.

Falábame a señora Martínez, entre outras cuestións, do programa Oportunus e tamén da aposta das universidades en materia de innovación. Como vostede sabe, todos os recursos que en materia de innovación se están a mobilizar por parte deste Goberno, e que repercuten directamente nos ingresos que teñen as universidades, están fóra do marco de financiamento, polo tanto, cada vez que falamos deses preto de 40 millóns de euros entre os diferentes programas de innovación, e da participación das universidades no programa Interconecta-Conecta Pemes, cada vez que falamos neses termos estamos falando, señorías, de recursos adicionais que teñen as universidades dentro do marco de finan-

ciamento. Polo tanto, as universidades claro que están no núcleo vertebrador da Estratexia de Especialización Intelixente, e son –insisto– recursos adicionais que teñen á súa disposición as universidades, ademais dos que xa obteñen polo marco de financiamento.

E, loxicamente, o programa Oportunus claro que é unha aposta polo talento. É unha aposta polo talento, señorías, daqueles científicos que son quen de obter unha beca do Consello Europeo de Investigación. Estamos a falar, polo tanto, de investigadores que son quen de atraer máis recursos para innovar e para investigar en Galicia. Por suposto, temos un caso de éxito, e seguiremos traballando para que, efectivamente, máis investigadores que obteñan a beca do Consello Europeo de Investigación poidan desenvolver a súa actividade aquí en Galicia, porque serán maiores sinerxias e maiores recursos. E o máis importante, señorías –díxeno na miña intervención–, estamos a apoiar os nosos investigadores, formándoos e asesorándoos, para que os nosos investigadores galegos estean nas mellores condicións posibles, para que sexan outros Diego Martínez e o resto dos investigadores que xa obtiveron esta beca.

Seguiremos apostando pola excelencia, seguiremos apostando pola investigación en Galicia, e, por suposto, neste programa seguiremos apostando porque haxa investigación vinculada a estas becas do Consello Europeo de Investigación.

Falábame a señora Adán de que parece que este Goberno tan só traslada a súa información a través das ordes de axuda. Non é certo, eu creo que falei claramente dunha estratexia e falei claramente dun obxectivo claro de achegar a innovación ás pequenas e medianas empresas, con actuacións concretas, máis alá do que seguramente vostede coñece da época do Bipartito, que eran as diferentes ordes de axuda que seguen a desenvolverse para a renovación de maquinaria, para investimentos, pero creo sinceramente, señoría, que evidentemente hai que seguir completando estes instrumentos con outros.

Aínda non sei que opina o Bloque Nacionalista Galego sobre o desenvolvemento das unidades mixtas de investigación. Non sei que opina o Bloque Nacionalista Galego do desenvolvemento da compra pública innovadora, que beneficia o noso tecido produtivo. En definitiva, non sei cal é a posición que ten o Bloque Nacionalista Galego sobre prioridades que

estamos a marcar en sectores moi concretos, como o sector da aeronáutica. Parece que, efectivamente, non lle gusta que eu fale tanto do sector aeronáutico, pero é, efectivamente, unha das prioridades que temos neste Goberno.

Dende AGE falábanme dunha estratexia imposta pola Unión Europea. Sinto de verdade que se perderan todo o proceso e que non sexan capaces de compartir que hai unha estratexia clara do sistema de I+D+i, que este Goberno está traballando co sistema de I+D+i, que está traballando coas pequenas e medianas empresas e que está traballando coas grandes empresas para que, efectivamente, haxa unha política clara de innovación que permita unha maior competitividade do noso tecido produtivo.

Imposición, señoría, ningunha. Pode ser que no concurso eólico vostedes quixeran impoñer aos seus socios de Goberno as súas políticas, pero en materia de innovación non hai ningún tipo de imposición por parte da Unión Europea.

Falábame de que Galicia baixara ata o posto número 11. Pois eu laméntoo, e remítome simplemente ás estatísticas do Instituto Nacional de Estatística. Galicia, por referirme, por darlle unha contestación, foi a sexta comunidade autónoma en gasto en innovación tecnolóxica no ano 2013, cun incremento, por certo, do 1,6 % no gasto do sector industrial; foi a sexta comunidade autónoma, tamén no 2013, en número de empresas innovadoras; e foi, señoría, a sexta comunidade autónoma en intensidade de innovación no total de empresas.

Polo tanto, eu creo que, se falamos de datos, tamén é bo facelo cun certo rigor, e dende logo, señoría, non podo aceptar esa expresión de que o Goberno lle outorga chegues ás empresas. Mire, este Goberno faino todo a través do DOG, faino todo con transparencia, faino todo con publicidade, e a partir de aí, o único que estamos a desenvolver é que, efectivamente, as nosas pequenas e medianas empresas, os nosos centros tecnolóxicos, teñan á súa disposición os recursos axeitados para desenvolver as súas políticas.

E xa para rematar, señorías, o PSOE plantexaba que estes orzamentos non se executan. Eu lamento que vostede insista, cando coñece perfectamente a aposta que ten este Goberno pola innovación; coñece perfectamente que no ano 2013 se incrementaron un 30 % os orzamentos en materia de inno-

vación, e coñece perfectamente que 1 de cada 3 euros desta consellaría, efectivamente, ten unha orientación clara á innovación. Seguiremos por esa liña, porque apostando pola innovación é como poderemos conseguir que o noso tecido produtivo sexa máis competitivo.

En definitiva, señorías, eu creo que esta comparecencia ten un obxectivo claro, que é trasladar á Cámara, de forma transparente e de forma clara, todos os orzamentos que se executaron por parte deste Goberno e todos os investimentos que fixo o sector produtivo na aplicación da RIS3 no seu primeiro ano. Unha aplicación, dende o ano 2014, que está a permitir que Galicia non teña que esperar aos Fondos Europeos 2014-2020 para apoiar o seu tecido produtivo, e, loxicamente, unha estratexia que será avaliada de forma permanente, tal como recolle o propio documento, co sistema de I+D+i e tamén, loxicamente, con este Parlamento. E, dende logo, unha aposta clara do Goberno para que esta estratexia de especialización intelixente sexa, efectivamente, a folla de ruta e sexa a guía e o soporte que necesitan as empresas, que necesitan os centros de coñecemento, para desenvolver esta política de innovación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Eu, señor conselleiro, con todo o respecto do mundo, penso que vivimos en países distintos. Un país das marabillas onde hai un investimento e un interese importante da Administración cara o crecemento das peme, a innovación, a tecnoloxía, a exportación e a calidade. E unha realidade de micropeme ás que non lle chega o apoio, de sectores abandonados como o eólico. Cando vostede fala de enerxía, non está falando do eólico, este ano tócanos a biomasa, ata que nun momento dado o Partido Popular decida que tampouco, en función dos intereses de Gas Natural-Fenosa fundamentalmente, que decide cales son os proxectos enerxéticos da Xunta de Galiza. Porque a xeotermia ía ser unha aposta, pero aí quedou tamén a xeotermia parada.

E eu preguntome: ¿para que todo ese discurso baleiro? E veñen aquí e din que a oposición xa está en contra da innovación, a oposición está en contra de apoiar as pemes, a oposición... A oposición non está en contra. A oposición o que está é cansada de propaganda que non leva a ningún lado e que non se mira na sociedade. Por exemplo, non me dixo canto emprego de calidade se crea. Cantas micropemes deixaron de ser micropemes, microempresas. Cantos plans que agruparon intereses empresariais de cooperación cara a un mellor desenvolvemento, a un traballo conxunto. Cantas empresas puxeron en contacto que se dedican a facer, dentro do mesmo proceso produtivo, distintas partes do proceso produtivo para xerar unha sinerxia de aproveitamento de potencialidades. Nada.

¿Que pasa cos nosos sectores produtivos tradicionais? Non me contesta por que non están apoiando o sector da madeira, que levan chamando á porta da Xunta e ata están xa cabreados. ¿Que pasa co noso sector forestal?, ¿por que non se aposta polo sector forestal? ¿Que pasa co sector do leite e o sector gandeiro?

Vostede vén aquí falar e a min paréceme marabilloso, creo que hai que avanzar noutros moitos terreos; pero o que non se pode é abandonar o que xa temos. Ademais, vostede non fala para nada de que estes investimentos en investigación estean relacionados co futuro do país, cun plan de desenrolo do país. Buscando a repoboación do interior no noso país, que está quedando deserto. De aproveitar esas potencialidades non hai nada, absolutamente nada.

Tampouco aproveitaron estes anos, estes tremendos anos de crise, para formar os traballadores cara a esa nova industria que se quería xerar, cara a eses sectores que se pretendía apoiar, porque non había un plan de crecemento, porque todo vai a salto de mata. E agora atopámonos con que a maior parte dos traballadores e traballadoras en desemprego non teñen unha formación. A maior parte dos traballadores e traballadoras en desemprego maiores de 45 anos non teñen preparación para os novos sectores produtivos porque vostedes non os prepararon. Eu dicía o outro día que a sensación que dá a Xunta é de que cada un atende a súa árbore pero ninguén está atendendo o bosque, ¡así se queima! Porque as árbores, ao ser distintas e ir desconexas, non valen para nada, non dan nin para facer mobles nin para facer nada, porque cada unha é dun tipo distinto. Esa é a súa política, deslabazada e desligada dos verdadeiros problemas do país.

Fala vostede das universidades, que se reciben un recurso amais do financiamento que teñen. ¡Pero non chega! Vostede se empeña en dicir aquí algo que as tres universidades están desmentindo publicamente, incluso con manifestacións, pedindo orzamento e pedindo que se lles deixe investigar, que non se lles permite investigar cos recortes que hai.

Preguntaba en que non estamos de acordo. Eu creo que habería que preguntar como se debeu empezar e como se deben tomar estas decisións e estes programas. Tomounos individualmente o Partido Popular, sen contar co apoio nin coa opinión xa non digo da oposición, senón das propias universidades, dos sindicatos e dos pequenos e medianos empresarios, non dos grandes empresarios soamente. Polo tanto, eu creo que é propaganda, nada máis que propaganda.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** E non se referiu para nada tampouco ao apoio que se lle está dando á cultura dentro deste programa, porque, se algo tamén está olvidado pola Xunta, é a cultura do noso país, que ten un gran futuro se alguén a apoiara.

Nada máis. Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Hoxe polo menos aprendemos algo, que os argumentos e os papeis non teñen nada que ver. É unha novidade, polo menos imos sacando cousas. Á primeira hora aprendemos unha lección de democracia —ás dez da mañá—, e agora, pois aprendemos iso.

Mire, señor conselleiro, soamente unha cousa: vostede pretende dicirnos que vén aquí avaliar o RIS3. Haberá que avaliálo respecto dalgún tipo de indicador. Polo menos os plans avalíanse a respecto dos indicadores. ¿Como estaba a inno-

vación en Galicia e como está? Terá que darnos datos de antes, do proceso e posteriores. Soamente vaia aos datos. Vostede sabe que o orzamento en I+D+i é un 15 % inferior respecto do 2009. Se non quere falar do orzamento, vale, non falemos do orzamento. Segundo os últimos datos oficiais que temos do INE, as empresas innovadoras en Galiza descendéron de 1.930 no 2008 a 1.092 no 2012. ¿Cantas temos agora?, ¿cal é a ratio?, ¿cal é o número exacto de empresas innovadoras? Non me fale de que quere potenciar o emprendemento de xeito innovador. Porque, ¿sabe cal é o problema? Cando vostede fala da RIS3, da Industria 4.0, da Estratexia da Competitividade, e vostede nos pregunta, ¿están de acordo, por exemplo, con reindustrializar Galiza?, ¿están de acordo co envellecemento activo?, nós podemos dicirlle: ¡home!, como obxectivo o envellecemento activo, como un dos grandes eixes do RIS3, si. Pero, ¿sabe a realidade? Neste momento hai moitas residencias de persoas maiores que reduciron, por exemplo, a calidade da comida; que reduciron o número de cueiros que utilizan para esas persoas maiores; que reduciron o persoal; que reduciron todos os sistemas de benestar desas persoas. Se vostede lles di que o RIS3 ten un eixe que é envellecemento activo, ese persoal das residencias é que se bota a rir, sen máis, simplemente.

¿Un exemplo real? Unha persoa que ten á súa nai que empeza a ter síntomas de que non pode moverse. A traballadora social dun concello do Ribeiro dille: ¡lévala clara!, porque vas ter unha lista de agarda para entrar nunha residencia pública dun ano ou máis, no mellor dos casos. Tendo en conta que esta persoa maior cobra 500 euros de pensión; que a súa filla é unha persoa que traballa como empregada no fogar; e as residencias privadas están en torno a 2.000 euros. ¡Vamos, envellecemento activo! escoitan falar do RIS3 e dálles... ¡a risa non!, a risa de desesperación, señor conselleiro.

O envellecemento activo é unha quimera, unha absoluta quimera, porque a situación dos servizos sociais deste país é desesperada; e xa non digo a das persoas maiores e dependentes.

Hai persoas que cun PIA recoñecido no 2011 teñen que ir aos tribunais para que se lles recoñeza porque no 2014, despois de sufrir varias revisións, aínda non cobraron absolutamente nada do que lles fora recoñecido no 2011. Por non falar de todas as persoas que están no limbo da dependencia. Iso dígollo porque é un tema que eu creo que é mellor que non o falemos nas comparecencias do RIS3 por respecto ás perso-

as que están aí fóra, sufrindo unha verdadeira situación de dependencia, unha verdadeira situación de envellecemento. ¿Estamos de acordo con reindustrializar Galiza? Pero díganos como, en que sectores, cales priorizan, como o van facer, en que prazo, cal era a situación. ¡Claro! ¡É que vir aquí e dicir que xa está falando de enerxía porque fala de biomasa! ¿Como será que o RIS3 esquece o eólico e a fotovoltaica? ¡Que esquecemento! ¿É que para vostede a biomasa realmente é o futuro das enerxías renovables? Imos ver se é renovable realmente ter cultivos enerxéticos. Nós podemos poñer iso en cuestión, pois a biomasa no RIS3 non está concibida como unha biomasa residual; non, non, está concibida como cultivo enerxético, o cal xa dá bastante que falar se iso é realmente renovable.

¿Que ocorre coa fotovoltaica? ¿Que pensa vostede do real decreto do que está aí o borrador? ¿A Xunta de Galiza manifestou o seu desacordo? ¿Están de acordo? ¿Realmente consideran que é importante impoñer un novo imposto, un imposto ao sol, ou non?

A eólica, ¡que esquecemento! Hoxe non ten nada que dicir sobre o sector eólico, non ten nada que dicir sobre a sentenza. Vostede considera que o Goberno de Feijóo, nestes últimos seis anos e uns meses, fixo todo ben; que realmente a parálise do sector eólico e que perderamos postos no sector eólico non ten nada que ver con Feijóo. Por certo, nun ámbito onde a innovación é máis que clara. Eu simplemente lle digo que é sospeitoso que fale da aeronáutica...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...e non fale do eólico na investigación. É sospeitoso que fale de biomasa e que non fale doutras enerxías renovables cun ámbito de investigación neste momento máis profundo.

O que si quero é que a próxima vez que veña avaliar nos diga sobre que indicadores imos poder avaliar.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Ten a palabra don Antón Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Como se evidenciou que non vai hoxe falar sobre a sentenza do eólico, ¡tanto ten! Mañá espero que na miña pregunta si que falemos. E que se lea a sentenza tamén, antes da pregunta.

Dicía o señor Arias que non había por ningunha parte discurso triunfalista, pero falaba de que xa saíramos da crise e de que somos un exemplo a nivel europeo de como saír da crise. Permítame que eu dubide que isto que vemos na sociedade en xeral, que vexo eu e que ve vostede, sexa saír da crise; para min non o é. Sería discutible. Hai indicadores que o poden dicir, se sobe o PIB e estas cousas. Mentres non se traslade á vida das persoas, para min non é saír da crise.

Agora ben, o que para min é indiscutible, porque aí coinciden todos os coñecedores do sistema de coñecemento de I+D+i, é que a vía do Partido Popular para intentar saír da crise fose a vía do coñecemento. ¡Non o foi! A vía do Partido Popular para saír da crise foi a devaluación dos salarios, das condicións laborais, etc.; pero a vía do coñecemento non. E leo o que dicía un dos reitores das universidades galegas hai pouco, cando se falou do financiamento: “Os recortes en I+D+i de hoxe pagarano as próximas décadas. Dende hai algún tempo ninguén cuestiona, nin en público nin en privado, que imos cara á sociedade do coñecemento, que o coñecemento é importantísimo, pero falta a coherencia de dar o seguinte paso, de plasmar nos orzamentos o apoio a esas políticas que todo o mundo di compartir. Na práctica vemos que se fai o contrario, que se reducen as partidas en investigación no ensino superior. Francia e Alemaña invisten máis porque cren que aí está o futuro”.

Iso non o dicimos nós, dío un reitor dunha universidade. É evidente que todas as boas intencións teñen que plasmarse nos orzamentos. E nós, cando falamos de papeis, falamos de que hai uns indicadores medibles, cuantificables, que están na propia estratexia que se nos presentou aquí da RIS3. Entón, o que se debía de expoñer aquí –por iso pediamos un informe– é se neste último ano se incrementou o gasto en I+D+i en Galicia, tanto público como privado, ou público ou privado. ¿Gástase máis? Ese é un dos indicadores que se di na estratexia. ¿Hai máis persoal investigador neste último ano traballando en Galicia ou hai menos? Iso é o que teremos que saber. Valores de orixe, valores despois facendo o balance do ano; porque se non, non entendo cal é o balance, se non é comparativo cunha situación inicial ou cos obxecti-

vos que se pretenden. E iso non se nos deu, non se nos deu ese balance comparativo. É tan fácil como iso.

Son cuantificables gasto, persoal, patentes... Vostede deu aquí datos do Instituto Nacional de Estatística. Pois debemos mirar en páxinas diferentes, porque dende o 2009 case se reduciron á metade as empresas innovadoras en Galicia; e de 2012 a 2013 volvéronse reducir. E tamén de 2012 a 2013 no INE reduciuse o gasto de Galicia en I+D+i. Vostede dixo aquí que aumentara un 1,5 %, ¿onde o consultou? De 2012 a 2013 Galicia volveu baixar o gasto en I+D, que son os últimos datos oficiais que hai. Entón, ¿de onde saca os datos?

Claro, o Partido Popular non optou pola vía do coñecemento para saír da crise, e os datos están aí para referilo. É máis, eu digo que é imposta esta estratexia porque vostedes, dende o ano 2009, foron reducindo os investimentos nas universidades, nos centros tecnolóxicos, recortando en persoal nos centros de investigación, etc.; foron recortando e hai casos concretos.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** E ademais facendo todo o contrario do que di a Estratexia RIS3 europea; é dicir, facendo un recorte, facendo táboa rasa, non priorizando uns sectores ou outros. Por exemplo, téñolle dito aquí moitas veces á conselleira do Medio Rural que do 2012 ao 2013 reduciron o 36 % de persoal investigador no CIAM de Mabegondo, que fai investigacións neses sectores primarios que di vostede querer potenciar. Bueno, pois por esa redución de persoal investigador perdéronse fondos europeos, e por iso Galicia vai bater o récord de deixar sen executar fondos europeos por recortar o que se chama o chocolate do loro en investigadores. É que nin sequera é unha decisión racional e austera.

E o Programa de desenvolvemento rural tamén, enviado en setembro de 2014, cando xa había RIS3. Unha das 414 observacións da Comisión Europea é que o sistema de asesoramento proposto só se basea no coñecemento normativo e na burocracia, e non na innovación.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Polo tanto, se este é un proxecto de Goberno, demóstrano tendo unha coherencia en todos os



sectores. O que están demostrando ata o de agora –e vostede aquí non o desmentiu con datos– é que, desde que gobernan, reduciron o esforzo en investigación, desenvolvemento e innovación.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Socialista. Señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que a min as intervencións do conselleiro de Economía e Industria, e do voceiro de Industria do Partido Popular –têño dito máis veces–, sempre me sitúan no límite do coñecemento científico. Eu recoñezo a miña perversión intelectual, señor Arias. Para preparar unha intervención leo libros e consulto datos. Insisto, eu entoo o *mea culpa* o máis solemnemente que podoo por facer esta especie de sacrilexio de ler libros, ademais de escribir libros moi amplos, de máis de mil páxinas, porque o resto, o resto é retórica; o resto é retórica, cando non falsidade.

Señor conselleiro, o ano pasado, efectivamente, no ano 2015 aumentou o programa 56, pero non un 30 %, aumentou un 7,89 %. Sei que me consume tempo, pero voulle dar exactamente o dato: en 2014 eran 113.250.500 euros, e en 2015, 122.185.080 euros, 7,89 %. Se ten outro dato, insisto, a Intervención, porque o que nos mandan aquí, ao Parlamento, é exactamente este.

E olvídense de dicir vostede que, cunha execución do 75 %, no ano 2008, último ano que xestionou aquel goberno espantoso presidido por Emilio Pérez Touriño, había un 20 % máis de dotación e un 15 % máis de execución, ¡case nada! Como para apostar pola investigación, a innovación e o desenvolvemento.

Mire, di vostede que hai que facer para potenciar as peme. ¡Home!, entre outras cousas, executar os fondos do Igape, tendo en conta o contexto de dificultades da financiación. Non sei se metodoloxicamente é o 25 % ou é o 35 %, pero, en todo caso, é unha execución absolutamente escandalosa.

Di vostede tamén que a Estratexia de Especialización Intelixente contempla unha serie de valores. Mire, contemple os

que contemple, hai tres ou catro variables fundamentais en toda análise de calquera proceso produtivo, e son, por unha parte, o financiamento, por outra a innovación e, por outra, a demanda. E a demanda interna, señor conselleiro, neste país é unha variable económica fundamental, por moito que queiran internacionalizar, que me parece ben. A min paréceme ben internacionalizar, paréceme ben a aposta polo sector aeronáutico, paréceme ben todo o que vostede di. Eu só quero ver como estaba antes do proceso e como está agora, porque iso é avaliar, o resto..., ¿sabe que é o resto, señor conselleiro? Mire, o resto son exactamente as 13 notas de prensa que xerou o Goberno Feijóo sobre o RIS3 desde que faláron del a primeira vez. Son 13 notas de prensa, pode consúltalo se dubida do número; ao mellor perdín algunha entre ler un libro e outro. Son 13 notas de prensa xeradas polo RIS3.

E logo di vostede que poño o foco en Ucraia e Turquía. Eu non poño o foco, pónense os datos. ¿Como pode dicir vostede aquí que quere mirar para Alemaña e para Finlandia, cun 0,86 % de gasto en I+D+i? ¿Pero vostede pensa que somos imbéciles? Eu tamén podoo mirar para a Antártida, pero non estou na Antártida. Insisto, os datos de Galicia son exactamente os mesmos que os de Ucraia e os de Turquía. Non estou poñendo ningún foco, estou lendo os datos da OCDE. Iso si, nun libro, debe ser un dos poucos que se librou do Fahrenheit 451 do señor Arias. Claro, entón, insisto: datos.

Claro que me gustaría poñer o foco en Finlandia e en Alemaña, pero Finlandia e Alemaña teñen entre un 2,5 % e un 3 % de esforzo en I+D+i. Entón, se vostede cre que é capaz de facer cun 0,86 % o que os finlandeses fan cun 3 %, pois mire, está moi ben. Hansel e Gretel existen, *y la casita de chocolate también*. Pero, ¡home!, deberíamos de ter un mínimo de seriedade intelectual con ou sen libros.

A proba de que é así, señor conselleiro, é que o director da Oficina Económica da Moncloa, Alvaro Nadal, irmán do ilustrísimo... e responsable da política enerxética do Goberno, dixo textualmente que hai que controlar moito o I+D+i porque non é rentable a curto prazo. ¡Claro que non é rentable a curto prazo! E claro que para que haxa participación privada nunha segunda fase, exige unha participación pública sostida no tempo; canto máis intensa, mellor. E sabe vostede que é perfectamente así en todos os casos estudados e en todos os casos avaliados. Se vostede e o señor Arias teñen unha vía alternativa de innovación ás que se levan experi-

mentado con éxito en países de extremo oriente, en países do centro e do norte de Europa, cóntenola.

O certo é que os salarios baixan, somos competitivos en produtos cada vez de menor valor engadido. E claro que hai empresas que innovan, ¡claro que as hai!, en Galicia, pero o concepto teórico desta cuestión é o que se chama –tamén na Unión Europea, non sei se os liberais ou os socialistas– baixo desempeño innovador, que significa que, efectivamente, son economías que utilizan tecnoloxías de fronteira, pero non son capaces de crear e de difundir novo coñecemento.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Eu non quero importar tecnoloxía, quero creala, que é o que fan en Finlandia e en Alemaña, e o que non fan os turcos ou os ucraínos aínda que teñan empresas de alta tecnoloxía.

E, señor conselleiro, non sei se viu o DOG de hoxe, se non o viu nas outras disposicións, vexa unha da Axencia Galega de Innovación....

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...–remato, señora presidenta–, unha resolución do 29 de maio de 2015 dunha convocatoria do 24 de xaneiro do ano 2014. Iso chámase dinamismo e acompañamento ao tecido produtivo desta comunidade autónoma. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Arias Veira.

**O señor ARIAS VEIRA:** Señora presidenta.

Señor conselleiro. Señorías.

Señor Losada, podemos discutir calquera tipo de cuestión de método. Vostede pode utilizar un método perverso, pode ser contracultura, pero o que non debemos permitir é que renunciemos a Cicerón, señor Losada. ¡Como imos prescindir da retórica!

Vostede fixo agora unha devaluación da retórica, que é a arma fundamental dos parlamentarios. Vostede, un historiador, menosprezando a Cicerón, señor Losada, ¡é imperdoable! (*Murmurios.*) Permítame que lle diga que Cicerón paría do *ethos*, iso que vostede sempre esta utilizando como indignado permanente, sufridor das circunstancias e dos inimigos. Ese *pathos*, con ese tipo de incitacións á indignación, excitante, indubidablemente. Esa *inventio* que queda marcada, cecais, porque considera que sabemos menos do que vostede sabe sistematicamente, cunha *peroratio*, vótена vostedes, que eses señores nos traen a ruína. Non podemos esquecer iso cando nos dixeron tantas cousas.

Outra cousa que eu quero reivindicar é que faga boa utilización dos datos, porque vostede dixo algo que é falso, falso. Si, dixo que o sistema económico, o proceso de modelo económico, estaba apoiado na demanda externa. É falso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, perdón. Lea vostede o último boletín de estatística do Banco de España, onde os datos son 3,6 da demanda interna, menos 0,6 a demanda exterior, porque hai... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, perdón. Como hai un proceso de recuperación... Perdón. Vostede debería saber un pouquiño máis de ciclo económico, e, se non, debería estudalo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, danos moitas leccións do método que sexa, pero parécelle moi mal... Necesita vostede do auxilio das persoas que excitan, que confunden, cando un está argumentando. Pero o dato fundamental é concluínte; o dato fundamental é concluínte.

Ultimamente o proceso de crecemento económico en España ten o apoio fundamental da demanda interior. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Compróbeo, compróbeo. Vostede dixo aquí que estaba na demanda exterior. Ese é un erro imperdoable. Outros señores que dalgún xeito nos dan leccións dixeron que o noso modelo económico estaba baseado na devaluación salarial, que somos –noutros termos máis convencionais– uns explotadores. Así se nos chamou. Eu dígolle, mellore a súa técnica e refina a súa análise, porque –obviamente– hai malestar. E hai malestar porque eses señores do Partido Socialista, e outros, deixáronnos unha situación e deixámoslle un estado saneado, deixámoslle a débeda pública por debaixo dos niveis exixidos pola UE, controlamos os movementos de capital, igualamos os procedementos de aforro e inversión sen necesidade de endebedada-

mento. ¡Incrible!, ¡increíble! O milagre español ata o 2004. 2004-2011: a quebra, a crise, o endebedamento e todo o paro. E aínda agora, porque os efectos –que o deberían saber– de todo o enorme desperdicio que foron eses anos, eses anos da irresponsabilidade e do despilfarro. Sempre nolo está dicindo: gastamos máis que vostedes. ¡Claro!, porque nos estaban endebedando polo dobre do que gastaban, e agora hai que pagar esa...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señora ARIAS VEIRA:** Esa é a causa fundamental. Entón, nós chegamos, temos que facer un difícilísimo axuste en proceso de endebedamento, en proceso de construción, mantendo o mercado nacional, evitando a ruptura do país, incluso facendo atención e sobriedade en proxectos sectoriais deste tipo... ¡e agora dinnos que somos retóricos! ¡Pois non me puido dicir mellor cousa! Moitas grazas por chamarnos retóricos. Porque, Cicerón... ¿que poderemos nós facer se esquecemos os clásicos? Nós debemos sempre volver aos clásicos, porque no tempo da tribulación, Tucídides, todos os grandes son os que nos deben inspirar porque teñen a visión do tempo. Todos algunha vez non seremos nada, polo menos ter unha boa imaxe de nós mesmos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Arias.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria para pechar o debate.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, solicitei comparecer nesta Cámara precisamente para informarlles dos primeiros resultados da Estratexia de Especialización Intelixente, o que entendemos que é a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia.

Reiterei na miña intervención que foi unha estratexia validada pola propia Comisión Europea. Que, efectivamente, ten como obxectivo cambiar o noso modelo produtivo. Que, efectivamente, nos permite un aproveitamento intelixente dos recursos. Que, efectivamente –e lamento que aínda non o recoñezan así–, foi unha estratexia consensuada, elaborada,

desde os axentes económicos de I+D+i de Galicia hacia o Goberno. E este Goberno o único que fixo foi recoller, ordenar e agora está tamén priorizando todas as iniciativas que dende os axentes de I+D+i se trasladaron. E seguiremolo a facer, porque, efectivamente, seguiremos a avaliar esta estratexia.

Loxicamente –xa o dixen na miña primeira intervención–, hoxe non facemos un balance porque aínda non temos os datos cos que facer esa comparación. Vostedes coñecen que os últimos datos publicados son do ano 2013. Efectivamente, a aplicación desa estratexia remítese a todas as actuacións que este Goberno puxo en marcha dende a aprobación da RIS3, é dicir, principios do ano 2014. Polo tanto, eu creo que aí hai que manter un certo rigor, aínda que loxicamente temos que avaliar os datos, como tamén fixen na miña primeira intervención.

Vostedes saben que esta Administración, as empresas e os centros tecnolóxicos están traballando, efectivamente, para innovar máis e mellor. E loxicamente hai uns beneficiarios directos, que son as propias empresas, que son os propios centros de coñecemento, que lles están a permitir, efectivamente, ter pancas para ser máis competitivos e, polo tanto, para poder mellorar os seus ratios de emprego e a súa internacionalización.

Pero os beneficiarios, señorías –eu laméntoo moitísimo, especialmente, a intervención do Bloque Nacionalista Galego, pero tamén a da señora Martínez–, os beneficiarios da RIS3, señorías, somos todos, e tamén son os cidadáns. E, loxicamente, cando estamos innovando en saúde, señorías, estamos mellorando a nosa calidade de vida e a calidade dos cidadáns. Cando estamos innovando, efectivamente, estamos dándolle oportunidades ao noso tecido produtivo, polo tanto, oportunidades de emprego e oportunidades de crecemento.

Loxicamente, a RIS3 hai que avaliala no marco da política de innovación para darlles máis oportunidades aos nosos traballadores, para darlles máis oportunidades aos nosos cidadáns e para mellorar a nosa calidade de vida. E, dende logo, vir aquí facer demagogia eu creo que, sinceramente, merece outro tipo de respecto.

En calquera caso, seguiremos a traballar, señora Martínez, e falamos dende o realismo. Este goberno, evidentemente,

intenta plantexar todas as súas propostas dende o realismo. E a realidade é que estamos a atravesar unha crise económica moi intensa na súa duración e moi dura, efectivamente, porque ten unha repercusión directa sobre os cidadáns. E por iso, loxicamente, estamos planificando e estamos desenvolvendo estratexias para marcar un camiño claramente de recuperación e de darlle esas oportunidades.

Loxicamente, nesa estratexia de innovación a prioridade son as pequenas e medianas empresas, porque son a maior parte do noso tecido produtivo. E, loxicamente –xa o dixen–, o 94 % de todas as axudas teñen como receptores as pequenas e medianas empresas. E temos que traballar con elas porque hai un problema de capacidade de absorción que poden ter, efectivamente, polo seu tamaño. Estamos traballando nesa dirección, eu creo que nun senso moi positivo, e as pequenas e medianas empresas están a demostrar que saben colaborar; que saben colaborar cos centros tecnolóxicos, que saben colaborar con outras empresas, e efectivamente por iso xa lle adiantei que seguiremos neste ano 2015 facendo unha nova convocatoria do Programa Conecta Peme.

Lamento que non teña lido a convocatoria da orde de axudas no eido da xeotermia publicada no Diario Oficial de Galicia, cun apoio directo á xeotermia. Polo tanto, as empresas de xeotermia terán a oportunidade, efectivamente, de desenvolver novos proxectos. E lamento, loxicamente, que non valore o esforzo de apoio que está a facer este goberno en materia de innovación de cara ao apoio ás universidades. Son 40 millóns de euros, señorías; 40 millóns de euros que estes últimos anos recibiron as universidades, en concreto no Programa Conecta Peme e Interconecta. Mais case 16 millóns de euros en subcontratación directa ás universidades, na compra pública innovadora 22 millóns de euros e nas unidades mixtas máis de 2 millóns de euros. Son fondos adicionais e, polo tanto, unha aposta clara porque este goberno cre nas universidades, cre nos investigadores e cre na potencialidade que ten o noso talento investigador dentro das universidades para sumar tamén á innovación e para trasladar unha maior transferencia do coñecemento.

O Bloque Nacionalista Galego, señora Adán... Efectivamente, eu non veño avaliar a RIS3, díxeno dende o primeiro momento. Se vostede quere terxiversar as miñas intervencións... Eu vin poñer de manifesto cales son as actuacións que se puxeron en marcha por parte deste goberno dende o

ano 2014. Polo tanto, cando teñamos con que comparar, evidentemente faremos esas comparacións. Loxicamente utilizaremos os diferentes indicadores que veñen recollidos na propia RIS3, avaliaremos os resultados e, loxicamente, poremos á disposición do noso tecido produtivo e dos nosos centros de coñecemento as diferentes medidas que permitan mellorar estas diferentes actuacións. E insisto, non se preocupe, falaremos nesta Cámara –como non pode ser doutra maneira– de todos aqueles aspectos que considere oportuno a oposición.

E, loxicamente, tamén ao representante de AGE, por suposto que falaremos do concurso eólico, por suposto que falaremos do borrador do decreto de autoconsumo que puxo o Goberno, pero hoxe a comparecencia, se mo permiten, é de innovación.

Efectivamente, cando falamos do número de investigadores, señorías, Galicia conseguiu pechar o ano 2013 cun número de investigadores moi similar ao ano 2007, é dicir, antes do comezo da crise; 5.397 no ano 2007, 5.413 no ano 2013.

En relación co ano 2012, por dar datos concretos, en 2013 Galicia logrou limitar a un 0,8 % a diminución no número total de investigadores, mentres que a nivel estatal, señorías, esa caída foi de case o 3 %. Polo tanto, claramente estamos a facer un esforzo dende a Administración pública para manter a aposta polos investigadores, pero eu creo que tamén hai que poñer en valor o esforzo que están a facer as nosas empresas. Porque tan só, señorías, 88 das que innovaban no período 2006-2008 non puideron manter esa actividade entre o ano 2011-2013; é dicir, un 4 %. Evidentemente, é un dato que se pode ver negativo, pero é que nese mesmo dato o descenso en España foi do 9 %. Polo tanto, estamos a demostrar que estamos tendo unha resistencia moi clara, dende o punto de vista da aposta por parte do sector privado e por parte das nosas empresas, apoiando a innovación.

Por certo, vostede que se preocupa tanto por Andalucía, esa caída de empresas innovadoras foi do 29 %. Non sei se a política de innovación de AGE (*Murmurios*) é a política que se defende en Andalucía, pero ese é o dato concreto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)

Señor Losada, hai unha preocupación lóxica, pola execución da Consellería de Economía e Industria, compartida por

parte das axencias. Vostede sabe que eu me refería ao capítulo VII da Axencia Galega de Innovación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –correcto–; cando vostede queira facer unha comparación homoxénea sobre os datos do Bipartito e sobre os datos actuais, farémolo, e sabe perfectamente que a execución do Igape depende en gran medida, efectivamente, das propias decisións das empresas.

Polo tanto, non teñan ningunha dúbida de que este goberno, primeiro, seguirá facendo unha aposta pola innovación, onde 1 de cada 3 euros da Consellería se dedican á innovación. E, en segundo lugar, loxicamente o Igape seguirá incidindo nas axudas ao tecido produtivo, especialmente a través da Axenda de Competitividade Industria 4.0. Non só en medidas concretas de eliminar todas as trabas burocráticas que teñen os empresarios, senón tamén en medidas concretas de activación e de apoio aos investimentos a través da renovación de equipos, da mellora dos procesos produtivos e do desenvolvemento de plans de investimento cara á Industria 4.0, a Fábrica Intelixente, porque, señoría –vostede o sabe moi ben–, aí está o futuro, e, dende logo, este goberno apostará por ese futuro.

En definitiva, señorías, nos datos que hoxe intentei trasladar a esta Cámara creo que temos promovido dende o goberno un esforzo moi importante. Creo que é a primeira comunidade autónoma que fai, efectivamente, unha presentación dese esforzo para executar e aplicar a Estratexia de Especialización Intelixente sen esperar á execución dos novos fondos europeos 2014-2020. Temos promovido un investimento total con proxectos concretos: 626 proxectos, 626 realidades, 220 millóns de euros tan só nun ano; a partir dun orzamento público constatado de 113 millóns de euros. Un investimento que foi nun 60 % para mellorar a competitividade do noso tecido industrial, polo tanto, cun obxectivo claro de diversificar a nosa industria galega, marcando prioridades nos diferentes sectores, nos sectores estratéxicos da nosa economía: no sector naval, no sector téxtil, no sector da automoción, e, loxicamente, priorizando novos sectores como o sector aeronáutico, o biotecnolóxico e, loxicamente, tamén o sector enerxético, particularmente no eido da biomasa. Loxicamente, as pequenas e medianas empresas son o eixe principal de actuación desta consellería. O 94 % de todas as axudas destínanse ás pequenas e medianas empresas.

En definitiva, señorías –e termino–, estes datos entendemos dende o Goberno que son un reflexo moi claro do novo

ámbito no que temos que avanzar dun modo acelerado; un hábito por innovar, un hábito para colaborar entre as empresas e os centros de coñecemento; en definitiva, o camiño que nos debe permitir consolidar a recuperación económica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleiro.

Antes de suspender a sesión, comunico ás súas señorías a retirada da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia número de rexistro 36898, incluída na orde do día como punto 5.2.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás catro e media.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

**A señora PRESIDENTA:** Boa tarde de novo.

Reiniciamos a sesión coa comparecencia do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar das novidades na regulación dos currículos de ESO e bacharelato en desenvolvemento da LOMCE**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para a súa primeira intervención, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Román Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Boa tarde, señora presidenta e señorías.

Galicia conta cun modelo educativo perfectamente definido e que partiu nunha transformación respecto do existente no ano 2009. Este proceso avanzou en áreas tan relevantes como a aposta polos idiomas, pola integración real das TIC nos procesos de aprendizaxe e por unha formación profesional máis próxima á realidade socioproductiva de Galicia. Todo isto unido á adopción de medidas e de eixes transver-

sais orientados a fomentar a innovación educativa, a reforzar a autonomía dos centros, a impulsar a cultura do esforzo entre o alumnado, a defender a atención á diversidade e tamén a fomentar a convivencia e a equidade.

No exercicio das competencias propias, o Goberno galego introduciu cambios estruturais e de modelo, e fíxoo sempre desde o respecto á normativa orgánica vixente e á lealdade co Estado e co resto das comunidades. Porque, señorías, as leis están para ser cumpridas, con independencia de cuestións ideolóxicas ou visións partidistas.

Hoxe, a normativa básica de obrigado cumprimento é a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, a coñecida comunmente como LOMCE. Esta é unha lei que é froito da técnica normativa de modificar a Lei orgánica de educación, a LOE, mantendo o útil e cambiando aquilo que implicaba resolver problemas detectados no sistema educativo, tales como o abandono escolar ou os baixos resultados comparativos con outros territorios.

Como é coñecido, a propia LOMCE estableceu un calendario de aplicación. No presente curso 2014-2015 a nova normativa implantouse nos cursos de primeiro, terceiro e quinto de educación primaria, tamén coa realización dunha avaliación de diagnóstico no terceiro curso de primaria, ao tempo que tamén se afrontou o desenvolvemento do primeiro curso de formación profesional básica.

Neste curso que vén de rematar os centros educativos de Galicia funcionaron con normalidade, funcionaron con moita normalidade. Ao amparo da normativa estatal e autonómica introduciuse a nova metodoloxía e a nova organización prevista, tanto en primaria como en formación profesional básica. Isto foi posible porque optouse por desenvolver un novo currículo de primaria, apostouse polo reforzo das competencias básicas, en especial, a potenciación dos coñecementos e as competencias en Matemáticas, e ofreceuse unha formación profesional básica cunha oferta de títulos axeitada e acorde ás necesidades de Galicia.

Sempre digo que o tempo dá e quita razóns. Pois o tempo demostrou que as críticas por improvisación e os augurios de caos non respondían á realidade. Non eran máis que desexos políticos por parte neste caso das forzas opositoras ao desenvolvemento dunha nova lei educativa.

Houbo transparencia no actual curso respecto do desenvolvemento e das novidades da LOMCE en Galicia, houbo comparecencias neste Parlamento e tamén se deu información aos centros a través de ordes transitorias e previas á aprobación definitiva dos decretos. A realidade foi que o *Diario Oficial de Galicia* publicou en setembro, e antes do inicio das clases, os decretos galegos tanto de primaria como de formación profesional básica, posibilitando ao longo de todo o curso o traballo ordinario nos centros educativos.

Mais o traballo e a responsabilidade da Administración educativa non remataron neste momento, nin moito menos. O calendario da LOMCE segue vixente e obriga a avanzar na adaptación a Galicia da normativa básica. No vindeiro curso 2015-2016 continuarase coa implantación para segundo, cuarto e sexto de primaria, ao tempo que hai que contar cos novos currículos en primeiro e terceiro de ESO, e en primeiro de bacharelato. E, de igual maneira, tamén o vindeiro curso se seguirá a implantación da formación profesional básica co segundo curso.

Con data do 3 de xaneiro do ano 2015 publicouse o real decreto polo cal se establece a nivel de Estado o currículo básico da educación secundaria obrigatoria, de ESO, e mais de bacharelato. A Xunta de Galicia ten a obriga de desenvolverlo e adaptalo a Galicia. E como é coñecido, en marzo deste ano a Consellería presentou e iniciou o proceso de tramitación do Anteproxecto do decreto para os currículos de ESO e de bac. A nova regulación consiste, por unha parte, nun texto único para ambas etapas, ESO e bac; nunha nova organización por bloques de materias, seguindo a lei orgánica de materias troncais, específicas e de libre configuración; e tamén unha regulación coherente co aplicado no currículo de primaria e cunha lóxica relación respecto da formación profesional básica.

Así mesmo, o proxecto de decreto reforza a aprendizaxe por competencias; aprendizaxe por competencias en liña coas innovacións educativas máis recentes, é dicir, estamos ante un cambio metodolóxico non tanto de contido pero si un cambio metodolóxico. Tamén reforza as Matemáticas; potencia a autonomía dos centros, permitíndolles conformar materias de libre configuración con maior liberdade, en función das necesidades de reforzamento e de reforzo do alumnado; e abre novas opcións para que o alumnado poida construír o seu propio currículo formativo. Ademais, mantense o

equilibrio lingüístico en ambas etapas, fíxanse por decreto trece horas para Lingua Galega e Literatura Galega en ESO e seis no bacharelato, sempre en igualdade de condicións coa Lingua Castelá e coa Literatura, e, por suposto, cunha aposta clara polo plurilingüismo.

No tocante á tramitación deste decreto, procurouse a participación da comunidade educativa e déronse os seguintes pasos:

En primeiro lugar, houbo unha exposición pública dos currículos, e a comunidade educativa puido realizar achegas de distinta índole, algunhas delas, por certo, incorporadas. Recibíronse por esta vía trescentas seis alegacións, tanto a título individual como a título colectivo, das cales oitenta e catro foron aceptadas e incorporadas ao texto; estamos falando en torno a un terzo das totais.

En segundo lugar, o texto do proxecto de decreto tamén superou os trámites pertinentes nos órganos de participación e de consulta. E neste punto gustárame determe porque quixera concretar dúas cuestións diferentes. Por unha parte, na mesa sectorial os sindicatos optaron por expresar as súas discrepancias e por facer achegas construtivas, o cal permitiu aproximar posicións, por exemplo, incrementando o número de horas na materia de Filosofía. Por contra, no Consello Escolar a actitude das mesmas organizacións dificultou calquera debate construtivo deste órgano consultivo, que lles recordo, señorías, ten carácter perceptivo pero non vinculante. E quixera subliñar neste sentido que das cento sesenta e unha emendas presentadas sete eran á totalidade. E a pesar da falta de vontade e de diálogo e da estratexia obstrucionista, xa que se votou a favor da emenda á totalidade, hai que aclarar que moitas das emendas presentadas eran ou supoñían –mellor dito– unha vulneración da legalidade, e de todos os xeitos, sen embargo, a Consellería analizounas todas e puido incorporar, pese a que non foron debatidas nin defendidas neste órgano, ao texto sete emendas e recomendacións. Circunstancia que demostra a vontade da Administración educativa por incorporar aquelas achegas construtivas e de mellora.

Por último tamén, o informe do Consello Consultivo foi favorable. Plantexáronse tres alegacións de legalidade e trinta de estilo; todas elas asumidas e incorporadas como melloras ao texto.

E tamén quixera destacar o importante traballo desenvolto por parte do persoal da Consellería, ao cal quero agradecer publicamente.

E queda constancia da vontade neste caso para incorporar achegas ao texto inicial cos datos que acabo de dar.

Todo este proceso, que transcorreu entre finais de marzo e mediados deste mes, permite que o decreto autonómico que regulará os currículos de ESO e bacharelato será sometido á aprobación do Consello da Xunta este mesmo xoves 25 de xuño. Repito: o decreto autonómico que regulará os currículos de ESO e de bac serán sometidos á aprobación do Consello da Xunta este mesmo xoves 25 de xuño, para que a matrícula que se vai desenvolver entre este 25 de xuño e o 10 de xullo poida desenvolverse con total normalidade.

As principais características do novo decreto son, por unha parte, unha estrutura fixada con base nos tipos de asignaturas. Por unha parte, temos materias troncais, que aseguran que o alumnado galego teña un axeitado nivel común respecto dos seus compañeiros e doutras comunidades autónomas, tanto na adquisición de competencias clave como no seu desenvolvemento persoal; materias específicas, que dan marxe de combinación para que as obrigatorias e as optativas deseñen o itinerario máis acorde ás necesidades e ás demandas do alumnado; e tamén materias de libre configuración autonómica, onde promovemos un catálogo de materias variado, innovador e acorde co que lle é propio a Galicia. ¿Para que? Para seguir profundando no itinerario individualizado do alumnado e na autonomía dos centros.

O novo decreto é coherente, segue apostando igual que no caso de primaria polo reforzamento das Matemáticas en ESO, segue apostando polo equilibrio lingüístico. E tanto para ESO como para bacharelato mantense unha estabilidade nas principais materias, pero tamén hai unha oferta de materias con marxe de elección do alumnado e dos centros para axustar o sistema educativo a itinerarios máis individuais.

Froito do proceso de participación, o novo decreto terá, en primeiro lugar, un cadro da distribución horaria de ESO e de bacharelato. O principal aporte é que en primeiro de bacharelato a materia de Filosofía pasa de dúas horas semanais a tres, xunto con outra serie de aspectos técnicos que non me deterei a presentar e que supoño serán coñecidos por vostedes.

En segundo lugar, no tocante ao bloque de materias específicas, hai que dicir que para cuarto curso de ESO, para primeiro de bacharelato e para segundo de bacharelato o artigo do futuro decreto que se refire a materias do bloque de materias específicas que pode elixir o alumando queda redactado do seguinte modo: unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumno ou alumna será considerada específica para todos os efectos. Polo tanto, con isto amplíase a capacidade de elección do alumnado, xa que hai a posibilidade de elixir novas materias troncais como materias específicas de opción, sen estar estas restrinxidas á elixibilidade das materias troncais da propia opción.

Sen dúbida, a principal novidade vén no terceiro bloque: materia de libre configuración autonómica. A materia de libre configuración autonómica, con marxe para que os centros poidan presentar con base na propia autonomía dos centros, será obxecto dun desenvolvemento específico mediante unha norma na cal se establecerán as características e os currículos nestas materias. As materias de libre configuración previstas son para a etapa de ESO as seguintes: Paisaxe e Sustentabilidade en Galicia –para o primeiro e o segundo–, Promoción de Estilos de Vida Saudable, Oratoria, Xadrez, Programación, Investigación e Tratamento da Información, Educación Financeira. É dicir, unha serie de materias que terán unha asignación horaria dun período lectivo semanal e que poderán ser ofertadas polos centros en primeiro de ESO ou en segundo, e que poderán ser escollidas polo alumnado nun dos dous cursos; non teñen a condición de materias progresivas neste sentido. Como ven tamén, nesta presentación inicial deuse entrada a propostas feitas neste Parlamento, a través de senllos acordos, como son a introdución no ensino da oratoria e tamén do xadrez.

En bacharelato, en primeiro curso introdúcense como opcións de libre configuración Antropoloxía, Literaturas Hispánicas e Robótica, e para segundo curso incorpóranse as seguintes: Xeografía e Historia de Galicia, Literatura Galega do Século XX e da Actualidade, Patrimonio Artístico e Cultural Galego, Ética e Filosofía do Dereito, Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía, e Métodos Estatísticos e Numéricos. Neste caso, as materias teñen unha asignación horaria de dous períodos lectivos á semana.

Vencelladas a estas tamén están as materias de libre configuración docente. E tal e como recolle o proxecto do decre-

to, polo que se establece, como estamos vendo, o currículo de ESO e bacharelato, os centros educativos poderán establecer materias de libre configuración segundo o seu proxecto educativo, despois, obviamente, da correspondente autorización da Consellería. Estamos, por conseguinte, ante unha posición coherente respecto á nosa defensa e ao noso reforzo da autonomía dos centros educativos.

En resumo, ofrecemos un catálogo que inclúe materias do que é propio do noso territorio, como Paisaxes e Sustentabilidade en Galicia, Patrimonio Artístico e Cultural Galego, por exemplo, xunto con outras que encaixan co interese da sociedade, cada vez máis centrada na Ciencia e na Tecnoloxía, Programación, Robótica, Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía, e outras de carácter máis social e económico, como Promoción de Estilos de Vida Saudable, Investigación e Tratamento da Información, Educación Financeira ou Antropoloxía. E, por suposto, tamén estamos traballando para incorporar no futuro outras asignaturas, como, por exemplo, unha relacionada co fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Insisto no esencial do decreto: reforzo das Matemáticas, estabilidade no número de materias, maior catálogo dentro desa estabilidade numérica de materias a elixir, de tal forma que o alumno e tamén o centro poidan axustar o seu currículo ás necesidades de reforzo e de aprendizaxe. E ao tempo incrementábase a carga horaria nas materias troncais, en torno a un 60 % en ESO e un 62,5 % en bacharelato; en ambos os casos por riba do 50 % marcado polo Ministerio. Tamén, e como no caso da primaria, se mantén a carga horaria nas materias artísticas; Música e Educación Plástica mantéñense como obrigatorias no primeiro ciclo. E tamén se mantén a hora dedicada á titoría durante toda a etapa de ESO.

Por suposto, tamén se mantén a aposta polo plurilingüismo. Á par, tamén hai que dicir que a Consellería mantén o equilibrio entre galego e castelán; a distribución do horario lectivo deberá ter paridade entre as dúas linguas oficiais de igual xeito que ata o momento. Neste caso o novo decreto brindará a presenza do Galego no noso sistema educativo en igualdade de condicións que a Lingua e Literatura Castelá.

E por último –como saben– no vindeiro curso as novidades en formación profesional relacionadas coa aplicación da



LOMCE teñen que ver coa extensión do segundo curso da formación profesional básica. Neste caso xa o *Diario Oficial de Galicia* ten publicado o pasado martes os ciclos de formación profesional que se poñen á disposición do alumnado para o curso 2015-2016. Obviamente, esta oferta defínese cada ano en función da demanda e das necesidades de cada comarca, de cada área. E esta consellería oferta para o curso 2015-2016 un total de 28.450 prazas en primeiro curso, é dicir, un total de 1.144 grupos en diferente tipoloxía: grao medio e grao superior en réxime ordinario, persoas adultas, réxime a distancia, formación profesional básica e tamén formación profesional dual. En toda Galicia, señorías, contamos con máis de 53.000 alumnos e alumnas que cursaron no presente curso ensinanzas de FP, e entendemos que é a responsabilidade deste goberno e desta consellería seguir apostando pola formación profesional.

En definitiva, plantéxase que se debe avanzar na capacidade para xestionar o sistema e avanzar na calidade educativa de Galicia, débese tamén cumprir coa normativa básica, desenvolver as normas estatais dentro das competencias autonómicas atribuídas e, por suposto, traballar día a día pola mellora da calidade do Sistema educativo galego.

A nova lexislación educativa e o seu desenvolvemento adaptado á realidade galega marcan unha nova oportunidade de avanzar na mellora do sistema, e entre todos podemos facer as cousas moito mellor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto, a señora Iglesias Sueiro.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Boa tarde a todas.

Moitas grazas, presidenta.

Dentro da estrutura centralizada do sistema educativo español, a loita polo poder político e ideolóxico vai acompañada dun control, do control da educación. Así o demostra este borrador, cuns currículos deseñados para o mercado, non para formar cidadáns críticos e solidarios.

Á parte de que vostede di que son uns currículos que conteñen moito da nosa nación, pero é que o lugar nos deseños curriculares do estudo, do coñecemento, da nosa cultura, do patrimonio, etc., etc., non responde a esa afirmación súa. E, por outro lado, o galego non se atopa en igualdade de condicións que o castelán, aínda que teña o mesmo horario como ensinanza de lingua concreta, porque non é unha lingua vehicular no ensino galego. Todas as asignaturas, a meirande parte delas impártense en español.

Por outro lado, preguntome, cos recortes que se están levando a cabo no ensino público, como vostede vai financiar a Oratoria, o Xadrez, a Danza, etc., etc.

O que si non comparto en absoluto é o incluír a asignatura de Relixión, e ademais con categoría avaliable. Supoño que cando falan vostedes de Relixión están a falar da relixión católica, porque hai moitas. Hai os adoradores do lume tamén; coñezo unha persoa que se casou por ese rito. Tamén podían dar a de adoradores do lume no ensino público. ¡Hai tantas! Debe estar moi contenta a xerarquía vaticana de poder introducir nas aulas os seus secuaces, baixo o control exclusivo das competencias eclesiásticas e das autoridades relixiosas, católicas, apostólicas e romanas.

O laicismo, señorías, lonxe de constituír unha ideoloxía particular contraposta a outras, aparece historicamente como un dos principios básicos de toda democracia, vinculado ao recoñecemento da liberdade de pensamento, a igualdade das cidadás en dereitos e deberes, e, polo tanto, a non discriminación por razóns das súas ideas. O seu contido –o contido do laicismo– baséase no desenvolvemento pleno da liberdade de conciencia, é un dos piares dos dereitos humanos, e implica separación efectiva entre o Estado, que representa a toda a cidadanía, e as confesións, que representan a determinados grupos particulares.

E permítanme un inciso para agradecer e felicitar os alcaldes de Santiago, de Ferrol e da Coruña polo seu posicionamento e comportamento neste tema como representantes dunha institución pública, ao non acudir á *Ofrenda del Antigo Reino de Galicia al Santísimo* –non sei que– *Sacramento*; eu non sei que sacramento. Moitísimas grazas, señores alcaldes; sentínme moi representada.

A escola é unha institución pública onde é preciso observar de xeito moi escrupuloso o principio de laicidade, de neutralida-

de, porque ten como función a satisfacción dun dereito universal, que é o da educación, que atinxe o conxunto das cidadás, sen excepción. Así o establecen diversas declaracións e pactos internacionais, e tamén a nosa lexislación sobre a materia. Os obxectivos básicos de educación perseguen o libre e pleno desenvolvemento da personalidade humana, así como o fortalecemento do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais. Iso non é posible se a escola pública non se asenta sobre a libre formación da conciencia e o fomento da actitude crítica e científica. Estes obxectivos resultan por completo inalcanzables mentres os poderes públicos sigan sometidos aos ditados dos acordos coa Santa Sé e dunha obsoleta Lei orgánica de liberdade relixiosa. Ambos os dous vulneran os principios democráticos máis elementais.

De acordo cos fins que lle son propios, a escola debe educarse en dogmas, en coñecementos científicos e universais, en valores humanísticos e cívicos, no respecto aos dereitos humanos, na asunción da diferenza e da diversidade, sobre a base da igualdade en dignidade e dereitos, nos principios éticos e democráticos que son comúns. Os centros escolares non deben ser en ningún momento un lugar de exclusión e discriminación. Nenas e nenos non deben ser separadas en función das crenzas ou conviccións das súas familias.

En consecuencia, a Relixión debe, ten que xa saír das aulas, xa, señores deputados do PP. ¡Fóra a Relixión das escolas públicas! En consecuencia, debe saír co fin de respectar os dereitos de toda a comunidade educativa, e para que non se interrompa o normal funcionamento da organización dos centros educativos.

O mantemento de situacións contrarias a unha sociedade cada vez máis secularizada e consciente dos seus dereitos democráticos vese agravado no día de hoxe cunha política dirixida, e a maiores satisfaccións, aos sectores clericais, empeñados en preservar e aínda aumentar os seus privilexios –da Igrexa católica–, incluída a súa ancestral inxerencia nas institucións públicas, que pretenden seguir usando como espazo aberto ao proselitismo e ao adoutramento. Unha sociedade democrática –repito– non debe permitir regresión ao pasado dun Estado confesional católico e, polo tanto, a pervivencia dun ensino sometido ao dogmatismo relixioso.

Os poderes públicos non teñen lexitimidade ningunha para propiciar a implantación dunhas ou outras opcións relixiosas

ou ideolóxicas, polo seu carácter persoal, no espazo común e institucional da escola pública, e menos seguir a perpetuarse nuns acordos pactados co Estado Vaticano que anulan dereitos fundamentais. Feito aínda máis grave cando se trata de persoas de curta idade, que non teñen a suficiente preparación académica nin intelectual para tomar este feito cunha actitude crítica.

Así que, por favor, a Relixión, todas as relixións fóra das aulas. E non argumenten vostedes –que tamén estamos fartas de escoitar– que forma parte da cultura. Tamén forma parte da cultura a Inquisición, tamén forman parte da cultura as Cruzadas. Todo iso dáse nos libros de historia; o feito relixioso e as guerras, que é o que traen consigo as relixións, todo iso está nos libros de texto. ¿Que pretenden ensinar nas escolas públicas?, ¿o catecismo?, ¿a moral católica?

E non me argumenten vostedes que vai quen quere, porque o que eu pretendo é que non se disgregue nas aulas os nenos e as nenas que non queiran Relixión católica. ¿Que fan con eses nenos?, ¿métenos nunha aula sós e soas?, ¿discrimínanos?, ¿márcanos? *Estos no son católicos*. Non ten por que saber ninguén a relixión de ninguén, forma parte do ámbito privado. E estamos falando dunha institución pública.

A relixión nas escolas non, nos templos; nos templos, aí o que queiran. Ninguén está en contra das relixións, pero si en contra da Relixión na escola pública. Espero que corrixa xa dunha vez este erro, porque é importante, é moi, moi, moi importante para moitas e moitos cidadáns galegos e galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pombo Rodríguez.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Señorías, señor conselleiro, boa tarde.

Efectivamente, a única novidade que o Grupo Parlamentario do BNG podía agardar do desenvolvemento da LOMCE, a única novidade que o Bloque podía agardar da comparecencia do señor conselleiro de Educación sería a paralización da

propia LOMCE, para rematar coa obcecación do Goberno galego en continuar coas políticas educativas fracasadas do fracasado ministro Wert, iso que o señor conselleiro lle chama “cumprir coa normativa básica”; para rematar coa política educativa ao servizo das ideoloxías do PP, ditadas polo ministro Wert e asumidas polo Goberno galego sen rechistar sequera. Despois de escoitalo, señor conselleiro, falar de cumprir coa normativa básica xa vexo que a submisión educativa de Galiza continúa.

A pesar de que a inmensa maioría da comunidade educativa galega lle está exixindo á Consellería, en primeiro lugar, responsabilidade e coherencia, e respecto a unha actuación que priorice a calidade do ensino galego. A pesar de que están reclamando que o conselleiro asuma responsabilidades e que defenda o que é mellor para galegas e galegos, que neste momento non é outra cousa que, dende logo, adiar a LOMCE.

Señor conselleiro, temos o curso escolar rematado para o alumnado, témolo rematado e a comunidade educativa está denunciando que non dispón de información definitiva sobre o novo curso 2015-2016. A comunidade educativa está denunciando, señorías, que os centros non contan con esa información absolutamente necesaria, o que está a provocar graves problemas de funcionamento nos centros de secundaria. ¿Como se pode permitir que ao inicio da matrícula de secundaria non se coñeza nin o currículo da etapa, nin as materias que se van impartir, nin a carga horaria destas materias? ¿Como se pode impoñer tamaño desatino que vai afectar os cursos impares da ESO, a primeiro de bac? Desatino que é a proba máis evidente de que, efectivamente, a LOMCE só ten un camiño, que é a súa paralización, o seu adiamento.

Novidade hoxe non vimos ningunha, a non ser a submisión educativa de Galiza; submisión que representa unha actitude temeraria e de desprezo para o profesorado, para o alumnado e para as familias.

O Grupo Parlamentario do BNG, unha vez máis, reclama dende esta tribuna a paralización da aplicación da LOMCE polo ben da calidade do ensino na Galiza. O Grupo Parlamentario do BNG volve reclamar do señor conselleiro de Educación da Galiza que escoite o profesorado galego, que escoite as ANPA, os sindicatos do ensino, o estudantado galego, a comunidade educativa galega; que escoite, señor

conselleiro, o Consello Escolar de Galiza. Ese órgano de representación da comunidade escolar que, efectivamente, durante a tramitación e negociación do currículo de secundaria exixiu a retirada do Decreto de currículos da ESO e de bac por prexudicar gravemente os centros e o alumnado, e non só porque é unha publicación tardía; en segundo lugar, tamén reclamou a paralización da aplicación da LOMCE, manifestando que causaría graves prexuízos ao ensino público galego.

Os centros, señor conselleiro, a pesar da autonomía que vostede pregoa, non poden asesorar o alumnado e as familias pois carecen de toda información sobre as materias que se van impartir, os seus horarios e currículos. Estamos a repetir o desleixo, a inoperancia, a falla de respecto á comunidade educativa que xa vivimos no comezo do curso que rematamos coa posta en marcha da LOMCE e a publicación dos currículos a véspera do comezo do curso escolar. Os centros non contan con información necesaria para a correcta organización dos centros no relativo ao fondo dos libros, ás axudas solidarias, á asignación de materias ás distintas especialidades. ¿Como definir o material escolar de primeiro e terceiro da ESO ou primeiro de bac? Non está publicado aínda o currículo. ¿Como elaborar os proxectos lingüísticos de centro? ¿Como realizar as validacións no acceso ao bacharelato? A comunidade educativa reclama información, mais a Consellería mantense xorda a esta reclamación.

O Decreto de currículos da ESO debe ser retirado, señor conselleiro; a LOMCE entende o Grupo Parlamentario do BNG que debe ser paralizada. Estamos a falar dun decreto que, primeiro, concibe a educación como unha simple mercadoría, como unha continua competición que só será superada por unha pequena parte do alumnado, os demais serán man de obra barata precaria e submisa.

Estamos diante dun decreto que despreza absolutamente o noso país; por moito que vostede diga, desaparece a nosa historia. O Reino Suevo, a Idade Medieval, o Reino de Galicia, a Revolta Irmandiña, a emigración galega, o nacionalismo galego non teñen cabida no currículo. Non aparecen na Filosofía personalidades como Prisciliano, o pai Feixoo, Castelao, etc. Renuncia a conformar currículos que non desprezen o noso, a nosa historia, a nosa cultura, o noso pensamento, a nosa arte e o noso idioma; idioma como lingua vehicular da educación.

Ten interese no adoutramento e mantén a Relixión. Retoma as reválidas franquistas de secundaria e de bacharelato, recentralizadoras e antipedagóxicas, que desprezan a avaliación continua e a opinión dos equipos docentes. Pretende excluír os sectores máis desfavorecidos da sociedade do acceso aos estudos superiores. Pretenden a segregación do alumnado con itinerancia dende terceiro da ESO. Non aposta incluso pola lingua portuguesa, como se aprobou na ILP Paz Andrade, para aproveitar a lusofonía. Non establece medidas concretas para a atención á diversidade.

Non contempla solucións para a calidade do ensino público na zona rural. A igualdade de oportunidades nestas zonas, ¿onde está, señor conselleiro? A Montaña luguesa e a Montaña de Ourense están nos periódicos reclamando igualdade de oportunidades. Luíntra, Amoeiro e Vilardevós piden un ensino acorde e de calidade.

O Grupo Parlamentario do BNG, dende logo, defende que a única novidade posíbel para o sistema educativo sería a retirada do decreto, o adiamento da aplicación da LOMCE e a defensa do dereito a unha educación obrigatoria gratuíta e de calidade conforme marca a lei; a retirada do proceso do Decreto de currículos da ESO para defender a calidade, para defender o respecto ao noso profesorado, ao alumnado e ás familias. Nestes momentos os centros non saben que materias ofertar ao alumnado que se vai matricular nos próximos días, cal será o horario das materias, que profesorado pode impartilas, cal é o currículo desas materias e, de acordo con el, cal é o material didáctico que vai precisar.

En segundo lugar, pedimos o adiamento da aplicación da LOMCE, porque antes de rematar o vindeiro curso todos e todas sabemos que esa lei será derogada, as eleccións do 24 de maio deixárono claro. Porque así, ademais, o reclama a maior parte da comunidade educativa, que xa está farta de présas, improvisacións, recortes de orzamentos, recortes de persoal e imposicións continuadas que deterioran a calidade e o prestixio do ensino público galego.

E, en terceiro lugar, reclamamos, señor conselleiro, que se defenda o dereito a unha educación obrigatoria gratuíta e de calidade, conforme marca a lexislación educativa galega, conforme reclama a inmensa maioría da comunidade educativa, a Confederación de ANPA galegas, que lle están a pedir que se aproveite este novo curso para organizar á volta o sis-

tema de préstamo universal e gratuíta de libros de texto, que a comunidade educativa leva demandando unanimemente dende que se substituíu por un sistema de axudas que resulta ineficaz, inxusto e tremendamente custoso para os presupostos públicos e privados. Xa é hora da volta ao préstamo universal e gratuíta; volta a consolidar un dereito a un sistema educativo público, universal e gratuíta, como digo. O sistema de préstamo universal e gratuíta é o máis eficiente e o máis sostíbel, moito máis eficiente que o actual e moitísimo máis eficiente que o que vostedes pretendes introducir para o curso que vén, que só pretendes recortar máis de tres millóns de euros para axudas. E establecer un fondo solidario que non sei se queren que o sufragan as propias familias, porque libros practicamente neste momento case nin existen.

O BNG, por último e para rematar, exige da Consellería responsabilidade, coherencia e respecto a unha actuación que priorice a calidade do ensino público galego, que deixe de comportarse como un instrumento ao servizo da ideoloxía do PP, como un mandado de Wert e asuma...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** ...-xa remato, presidenta- as súas responsabilidades na defensa do ensino público galego, básico, obrigatorio, gratuíta e de calidade. Retirada do Decreto dos currículos e adiamento da LOMCE é a única solución para o ensino público galego.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra don Ramón Vázquez Díaz.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** Ben, boa tarde a todos e a todas.

Señor conselleiro, eu dicíalle -recordo- hai pouco que pasados os cen días de graza da súa chegada á Consellería de Educación tiña vostede que poñerse xa mans á obra e solucionar os verdadeiros problemas do noso sistema educativo. E sen dúbida que non o fixo, máis ben ao contrario. Perdeu unha excelente oportunidade de retomar a senda do diálogo en torno á polémica xurdida nas súas actuacións, nas actuacións do Goberno galego en materia de política lingüística.

Vostede perdeu a oportunidade de retomar esa senda do diálogo. Vostede desprezou e provocou o caos absoluto na nosa comunidade educativa coa aplicación das reválidas en Galicia, desoíu os grupos da oposición, desoíu os pais e as nais, desoíu a todo o mundo e o resultado foi un auténtico desastre organizativo das súas famosas reválidas.

A semana pasada publicaba vostede esa chamada Orde de axudas para a adquisición de libros de texto, ese chamado “fondo solidario”, que causou indignación e enfado a partes iguais nos centros, nos directores dos centros educativos, no profesorado e en todas as familias. É un auténtico desbaraxuste o que vostede está a provocar coas súas decisións e coa súa ausencia de capacidade mínima de xestión. Ténollo que dicir con total honestidade.

E o tema que hoxe nos ocupa penso que vai provocar un caos moi semellante ao que acabo de describir. Temos chegado a tal situación de degradación co noso sistema educativo que vostedes pretenden aprobar o que sen dúbida é, desde o meu punto de vista, un dos documentos máis importantes para a actividade docente, como é o Decreto dos currículos de ESO e bacharelato, cando o curso está practicamente rematado, cando o profesorado está precisamente en fase de planificación e organización do vindeiro curso, cando se están a preparar e a elaborar os novos horarios coa nova distribución da carga horaria, e vostedes aínda están con estes trámites. Di que empezaron aló polo mes de marzo; a realidade é que chegados a este punto aínda ese proxecto non está rematado.

Despois, ademais –como vostede se esforzou en dicir e en desculpar– de que este decreto tivera sucesivas emendas á totalidade no Consello Escolar de Galicia e de que este mesmo órgano votara en contra, dende logo, de adiantar ou avanzar na tramitación deste decreto, a situación é esta, é evidente. Ademais, tivo vostede unha intervención breve –non é que ser breve sexa malo–, pois tendo en conta a importancia do tema liquidou en vinte minutos un documento que ten preto de mil páxinas, onde –como dicía– se establecen todos e cada un dos mecanismos que rexen a práctica educativa nos centros.

Porque ¿de que estamos a falar cando falamos de currículos? Pois estamos a falar dun documento onde se reflicten os obxectivos da etapa; as capacidades, que agora se empeñan en chamar “competencias”; os contidos no referido aos

coñecementos, ás habilidades, ás destrezas, ás actitudes; a metodoloxía didáctica, non só da práctica docente senón tamén a organización académica; os criterios de avaliación. Todo, todo se reflicte nese Decreto de currículos.

Pero non só iso, vostedes engaden tres elementos novos, que non son novos, en realidade son variacións dos xa existentes, unha nova terminoloxía propia da neolinguaxe habitual do Partido Popular. As competencias que –como dicía antes– é unha nova maneira de chamarlles ás capacidades e que incorporan este termo, retrotraeno do mundo laboral. En segundo lugar, os estándares de aprendizaxe dentro deste universo de reválidas no que estamos inmersos son indicadores necesarios para comparar os resultados dos diferentes centros. E, finalmente, os indicadores de logro da programación docente –apartados 21.3 e 33.4 deste decreto–, que son simplemente elementos de indefinición á hora de avaliar o sistema educativo.

O Proxecto de decreto de currículo de ESO e de bac é todo un himno á antipedagogía, realmente só á altura do que é a obra magna de referencia deste goberno, que é a LOMCE. Na práctica é unha transposición literal do Real decreto polo que se establece o currículo básico de ESO e de bac. E nese sentido quixera facer varias consideracións:

En primeiro lugar, a primeira consideración, este é un documento absolutamente descontextualizado que ten un nesgo evidente e que, ademais, incorre nun falseamento histórico e cultural da nosa realidade, da historia de Galicia. Non só porque renuncia a esa porcentaxe, o 45 % de contidos, que por lei pode fixar a Administración galega, senón que omite feitos e acontecementos fundamentais para coñecer a nosa propia cultura e identidade. É un documento que, ademais, fomenta unha construción da personalidade do alumno parcial e nesgada, e, dende logo, á marxe –como dicía– da nosa realidade histórica. Non fai referencia ás revoltas irmandiñas; non se fala da emigración, por exemplo, un elemento estrutural no modelo socioeconómico do noso país; non fala, por exemplo, das vítimas do franquismo, pero si fala explicitamente, por exemplo, das vítimas do Holocausto. ¿Por que ese agravio comparativo?

Segunda consideración, o Decreto de currículo de ESO e bac é un auténtico plan para a segregación e selección temperá do alumnado. ¿Como o fai?

En primeiro lugar, –como xa dixemos– consagrando as reválidas como mecanismo de selección académico. Os decretos que hoxe vostede presentou contemplan a realización dunha reválida ao rematar a ESO, cuarto da ESO, e outra reválida ao rematar o bacharelato. Ambas as dúas exixibles para a titulación de graduado en secundaria obrigatoria e bacharelato. É unha carreira, polo tanto, de obstáculos, que continúa esa carreira de obstáculos iniciada xa coas reválidas de primaria, e que, polo tanto, somete o alumnado a un constante e tortuoso proceso de certificación, avaliación e selección.

En segundo lugar, porque estes currículos desterran as medidas de atención á diversidade do currículo. Polo tanto, establecen simplemente como medida de atención á diversidade a repetición, en primeiro lugar, que aparece claramente consignada e cunha importancia, dende logo, sobredimensionada dende o punto de vista pedagóxico. Os itinerarios temperáns a través da formación profesional básica; por certo, unha formación profesional básica sen medios, sen opcións reais de promoción e sen opcións reais de acadar unha titulación. E, en terceiro lugar, cos programas –esa é outra das novidades– para mellora de aprendizaxe e rendemento. É un elemento novo que introducen para abordar a diversidade, pero dende un punto de vista puramente remedial e empobrecedor, dedicado só a aqueles alumnos que teñen repetido curso.

Con este decreto, os alumnos e as alumnas de educación secundaria e bacharelato teñen máis dificultades para aprender, teñen máis dificultades para desenvolverse e crecer como persoas, pero tamén teñen máis dificultades para avanzar academicamente, para promocionar e alcanzar unha titulación superior; só aquelas persoas coa mellor posición de partida, dende logo, terán facilidades.

Terceira consideración, os currículos presentados son un exercicio petulante de falso academicismo, potenciando en teoría, só en teoría, as materias instrumentais, as Matemáticas e as linguas, e devaluando a Literatura, a Filosofía, a Música... Todo o que soe minimamente humanista é degradado neste currículo. Falou vostede de Filosofía; si, a pesar de terse incrementado no período de alegacións unha hora a materia de Filosofía, pero non se inclúe a Historia da Filosofía en segundo de bac.

Cuarta consideración, os currículos presentados certifican, dende logo, a inclusión, a invasión do universo empresarial

economicista no mundo educativo. Incluso crean vostedes unha materia nova, troncal, en cuarto da ESO, chamada “Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial”. Incluso chegan ao punto de converter en competencia clave ese chamado sentido da iniciativa e espírito emprendedor. A palabra “emprendedor” aparece máis de cen veces neste documento. É algo realmente omnipresente.

Adoito dicir que o peor dano que vostedes infrinxen ao noso sistema educativo non é só os recortes, non é só o caos e a desorganización que provocan, senón como desterran da linguaxe educativa as verbas que son propias e hexemónicas. Non aparecen; non se fala de cooperación, de solidariedade, de axuda mutua, de intercambio, de diversidade, de pluralidade, eses que son os sinais de identidade dun sistema educativo, e son substituídos por competitividade, espírito emprendedor, estándares de aprendizaxe, indicadores de calidade. E a ver se nos enteramos dunha vez, daríame por satisfeito do meu exercicio no Parlamento se lograra tan sequera convencelos de que os procesos de ensino e aprendizaxe son procesos complexos de intercambio de coñecementos, actitudes, valores, normas, experiencias, etc. Todo iso é dificilmente reducible e avaliabile a través de indicadores estandarizables, certificados de calidade, indicadores de logro, etc.

Señor conselleiro, este decreto é unha transposición da LOMCE e do real decreto do Estado. Polo tanto, asuma vostede as súas competencias, decídase a ser o conselleiro da Xunta de Galicia. Esa é a súa obriga. Non siga fuxindo cara a adiante, é unha fuxida inútil, a LOMCE non vai ser aplicada en Galicia. Pare de correr, recapacite e sirva á comunidade educativa galega, como é a súa obriga.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Docasar.

**O señor DOCASAR DOCASAR:** Señor presidente, señorías, señor conselleiro, boas tardes.

Señor Rodríguez, comparece vostede por segunda vez dende que é o máximo responsable da Consellería de Educación, e creo que o fai nun momento bastante acaído, habida conta da

situación que está a vivir a comunidade educativa galega nos últimos meses. E imos comezar falando, obviamente, do motivo da petición de comparecencia, que ten que ver xustamente co tema do currículo de secundaria e bacharelato.

Aínda que vostede non lle deu ningunha importancia, o Consello Escolar de Galicia, esa panda de obstrucionistas –segundo as propias palabras que vostede utilizou no día de hoxe–, debateu e rexeitou hai pouco máis dun mes os proxectos de currículo da ESO e bacharelato, e fíxoo de maneira contundente, cunha votación democrática e clara. Creo que calquera responsable político serio e rigoroso debería tomar nota porque nese foro hai –digamos– colectivos moi importantes que representan o conxunto da comunidade educativa galega. Non o fíxo vostede e vostede saberá por que. Foron presentados nese órgano consultivo un total de cento sesenta obxeccións e propostas por parte dos diferentes colectivos e repartidas do seguinte xeito: sete emendas á totalidade, sesenta e cinco de adición, trinta e sete de substitución, corenta e catro de supresión, e oito recomendacións. ¡Case nada, señor Rodríguez!, case nada. Un volume de medidas nada desprezable –insisto– e que deba telo levado a unha profunda reflexión, mais dáme a impresión de que vostede simplemente o despachou dicindo que son unha panda de obstrucionistas.

Seguen procedendo vostedes de maneira semellante ao que fixeron no seu día cos currículos de primaria e da FP básica. Están facendo vostedes, digan o que digan, unha tramitación precipitada, que vai dificultar que o profesorado poida poñer en marcha de forma axeitada e sosegada –tamén é importante– ese decreto a principios do vindeiro curso. Unha vez máis, señor Rodríguez, e van moitas, unha enorme falta de respecto ao colectivo docente.

Estamos a falar, señor conselleiro, dun borrador de currículo, dun proxecto de currículo que contén unha gran contradición entre os principios e fins que enuncia e as medidas que posteriormente pretende regular. Un currículo que non dá garantías reais para que todo o alumnado que cursa Relixión poida seguir contidos de carácter ético e social. Un proxecto que non garante un verdadeiro plan de atención á diversidade. Un currículo, señor conselleiro, segregador e excluínate, digan tamén o que digan vostedes, que se canaliza a determinadas aprendizaxes en detrimento doutras igualmente importantes.

Señor conselleiro, serán numerosos os problemas organizativos de tal implantación ao principio de curso, precisamente por esa premura de tempo, tardía aprobación e publicación no DOG; dificultades para as elaboracións das programacións didácticas e dos horarios; caos cos libros de texto, –insisto– si, caos cos libros de texto. Recuperen vostedes canto antes o sistema de préstamo universal, creo que lle faría moito ben ao Sistema educativo galego. Problemas serios tamén. E tamén un tema importante –e vostede supoño que non falou del– para os programadores de xadrez, porque terán que adaptar toda a aplicación ao novo decreto, e terán que facelo de forma moi rápida, traballando probablemente no mes de agosto, señor conselleiro. E vostede falaba de respecto aos profesionais da casa, pois aí ten un exemplo de respecto.

O malestar no comezo do curso está pois asegurado, diga o que diga vostede, señor Rodríguez. E, polo que parece, vostedes non están nada preocupados, pois o follón será para os centros e para os seus profesionais, e non para vostedes, que estarán comodamente instalados en San Caetano.

Pasará tamén algo semellante ao que aconteceu no seu día cos decretos da FP básica e de primaria. Atopámonos, señor Rodríguez, ao final do curso escolar e os trámites preceptivos atrasarán tamén, diga o que diga vostede, a publicación do decreto no DOG; motivo polo cal –insistimos niso– se complicará moito o labor dos equipos directivos e dos docentes para planificar o vindeiro curso. Se temos en conta tamén que quedarán pendentes cuestións tan relevantes como as ordes de avaliación, que tampouco é un tema menor.

Dáse tamén outra circunstancia que nos preocupa, señor conselleiro, e estoume a referir á modificación da carga horaria de numerosas materias, feito que podería afectar a actual configuración dos cadros de persoal dos centros educativos galegos, pois haberá departamentos didácticos moi afectados polas modificacións horarias que se introducen. E pensamos que non estaría de máis facer un estudo exhaustivo do impacto que vai supoñer a dita modificación horaria nos cadros de persoal docente.

E para completar a faena, señor Rodríguez, este proxecto concibe a educación como unha continua competición, co obxectivo de chegar só a unha parte do alumnado. E facelo

desprezando perigosamente a cultura do noso país, ao eliminar do currículo escolar unha boa parte de feitos relevantes da nosa historia, da nosa arte, da nosa cultura e mesmo do noso pensamento.

Outro aspecto que queremos denunciar no día de hoxe, señor conselleiro, recollendo o sentir de moitos profesionais da educación, é que estamos diante duns currículos sobrecargados, de contidos inalcanzables na maioría de materias, tendo en conta a carga lectiva que se lles asigna. Uns contidos, ademais, claramente orientados a unha aprendizaxe académica, que non asume un ensino integral, que forme persoas críticas e en valores. Un debe preguntarse, señor conselleiro, que razóns existen para someter o alumnado galego e o conxunto do sistema a unha situación tan inxusta para a vida de tantos rapaces e rapazas.

Do mesmo xeito, temos que preguntarnos que razóns hai para a separación de itinerarios dende idades tan temperás, que afondarán tamén, digan o que digan vostedes, sen dúbida, na segregación do alumnado por procedencia socioeconómica, incorporando como novidoso un modelo que xa se ten mostrado ineficiente en numerosos países.

Un anteproxecto que ignora o modelo de avaliación continua e recupera esas reválidas –xa sabemos que non lle gusta esa palabra– que tanta controversia están xerando no Sistema educativo galego. E eu quero preguntarlle hoxe, señor conselleiro, se ten vostede datos no día de hoxe de cantos estudantes, cantos nenos e nenas fixeron esa proba no ensino público galego de terceiro de primaria, e canto e que porcentaxe sería do total; no ensino público –dígolle–, porque no ensino privado xa sei que foi masiva a asistencia.

É tamén digno de subliñar, parécenos, señor Rodríguez, que desaparecen respecto a currículos anteriores algunhas materias, algunhas materias que existían e agora tamén deixan de existir, co que iso vai influír nos propios cadros de persoal dos centros.

Señor conselleiro, quero dicirlle tamén, sen acritude, que o Grupo Socialista quere aproveitar tamén esta comparecencia para facer un pequeno balance do curso que vén de rematar, que vostede cualificou como totalmente normal. E quero dicirlle que nestes meses que leva vostede no cargo non se produciu ningún cambio na política educativa do noso país,

senón que simplemente asistimos a un mero cambio de rostro para seguir facendo as mesmas políticas que facía o señor Vázquez; para seguir, en definitiva, con esa revolución silenciosa da que tanto leva falado vostede neste Parlamento nos últimos anos.

Por certo, cambio de rostros que o señor Feijóo veu realizando no Consello do Goberno da Xunta non por interese da cidadanía galega, senón por intereses espurios do propio Partido Popular, poñendo dese xeito as institucións ao servizo do Partido Popular. Cambios que non lle saíron nada ben en Vigo nin en Santiago, e xa veremos como acaba o tema en Ourense, onde están en mans dun partido –como dirían vostedes– “extremista radical” como é Democracia Ourenseana.

Eu dicíalle o pasado mes de marzo que non sabía se tería vostede marxe de manobra para tomar decisións distintas. Dicíalle iso pensando que me gustaría que as estivese, pero despois de pasar estes meses eu creo que non. Tamén lle dicía que a comunidade educativa galega as demandaba e que a súa credibilidade como conselleiro dependería, en boa medida, de que as puidera atender ou non.

E sei tamén que vostede está convencido de que estamos vivindo unha revolución silenciosa na educación galega. Mais eu dixen tamén sempre, nos últimos tempos, que máis que revolución silenciosa, estamos aquí ante unha involución ben ruidosa.

Vostede sabe perfectamente que en 2009 o investimento en educación por habitante era en Galicia de 860 euros, e agora está en 370. Polo tanto, iso ten claras repercusións para o noso sistema. Nada lles importou perder 70 millóns de euros no ensino superior, nin que haxa menos recursos para becas, que teñamos menos profesores e con peores condicións, que se puxeran repagos en libros e comedores, que miles de xoves investigadores tivesen que coller unha maleta para emigrar.

Quero lembrarlle tamén, señor conselleiro, que se levan gabado vostedes en exceso dos seus éxitos, das súas políticas educativas, do aumento das matriculacións na FP, da conxelación de taxas ou das bondades da FP dual ou da FP básica. Unha FP básica que vostedes implantaron hai nove meses e non puxeron nin un só euro, e hoxe vólvolle pre-



guntar de novo: ¿por que se implanta en setembro do ano 2014 unha nova modalidade de ensino sen poñer un só euro? Acabou o curso e aí están as consecuencias. Como diría a miña compañeira Marisol Soneira: ¡manda chover na Habana!

Quero tamén dicirlle hoxe, señor Rodríguez, que os humildes logros acadados nos últimos tempos se deben aos profesores. Dixen tamén que eran moitas as cuestións que miden a xustiza dun bo sistema educativo, e a vostedes tampouco lles pareceu nunca este tema importante, que falemos de equidade para vostedes é un tema menor.

Quero rematar esta primeira parte da miña intervención, señor Rodríguez, lembrándolle que ten vostede por diante o enorme reto de sacar progresivamente este país do austericidio no que estivo nos últimos anos, aínda que lamentablemente teño serias dúbidas de que conte vostede realmente con marxe de manobra para facelo. Créame se lle digo que tanto a min como ao Grupo Socialista nos gustaría que vostede tivera esa marxe. Decisións que nós pensamos que poderían cambiar en serio esa involución ruidosa emprendida polo PP nos últimos anos e centraran os seus esforzos en rematar con ese austericidio e loitar pola estabilidade, a equidade e a excelencia do sistema educativo. Mais escoitando hoxe o seu discurso, señor Rodríguez, permítame que lle diga que non teño esa sensación.

Polo tanto, deixo algún argumento máis para a segunda parte da miña intervención, para tamén facerlle seguramente algunhas propostas en positivo.

Agardo, señor conselleiro, que vostede vaia aprendendo destas situacións e que vexa que ese malestar que está na comunidade educativa nalgún momento vostede terá que facerse cargo del.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Docasar.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fariñas.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** Moitas grazas, señor presidente. Señor conselleiro, boas tardes, benvido a esta que é a súa Cámara tamén, a dar explicacións sobre algo que pareceu ter

pouca relevancia para os distintos voceiros dos grupos da oposición, que se centraron no recorrente de todos estes días atrás, de todas estas sesións atrás, e en poñer, en escenificar o que é unha mensaxe que veñen vertendo nesta Cámara e na rúa de feito de forma persistente pero non consistente. Porque está visto que non lles vai dar moito resultado.

E aínda que algúns digan aquí que o 24 houbo eleccións e con iso queiran facer unha proxección do que vai suceder dentro duns meses cando se convoquen as eleccións xerais, para que algúns que queren poidan cambiar a lei de educación, pois que non teñan medo. Non imos abandonar o buque, imos poñer en funcionamento toda a maquinaria do Partido Popular e imos facer todo o que estea na nosa man para poder gañar as eleccións. E aqueles que loitan contra o peor que nos sucedeu nos últimos trinta anos, que foi ter unhas leis de educación que non cumpriron con ningún dos obxectivos para os que foron creadas, que non suceda e siga adiante unha lei que está avalada por todo o mundo; os únicos que están en contra son vostedes.

E respecto dunha diferenza (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e cunha diferenza que lle vou matizar ao señor Docasar con todo o cariño. Fixo vostede unha referencia a unha frase do señor conselleiro, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e dixo vostede: a revolución silenciosa. Non... Si, si, “revolución silenciosa” en palabras do señor Rodríguez González. Pero non completou vostede a cita, porque a cita completa do señor Rodríguez González é: “Unha revolución silenciosa que permita mellorar a educación e achegarnos aos parámetros dos países máis avanzados do noso contorno, pero non converterse nun escenario de loita partidista e de revolucións abruptas que só perseguen intereses políticos”. Esa é a cita concreta e completa do conselleiro, á que vostedes non fixeron nin caso, señor conselleiro, nin sequera apelando á sensibilidade dos grupos da oposición, que de sensibilidade máis ben pouco e de discurso moito, de discurso moito.

Señora Iglesias, eu lamento moito que vostede estea en contra da Relixión, de todas as relixións, menos dunha romántica que nos dixo vostede aquí que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que tal, moi ben. Pois, en calquera caso, felicitou vostede aos alcaldes, o cal me parece ben, incluso os podo felicitar eu tamén pola vitoria democrática. Pero vén moi a conto porque tamén o señor conselleiro dixo

desde esta tribuna, e foi vilipendiado por todas as forzas políticas, á que pertencía vostede tamén, porque dixo que se estigmatizaban os nenos por aquilo de abrir os comedores escolares en verán, e resulta que agora estigmatiza cando o que goberna é outro e resulta que se achegan ao seu discurso. Pois benvidos ao discurso da estigmatización. O que pasa é que, claro, unha cousa é predicar e outra dar trigo. (*Aplausos.*) Non obstante, nós acordámonos perfectamente de como se puxo aquí ao señor Rodríguez cando era voceiro do Grupo Parlamentario Popular. En calquera caso, benvidos a este debate.

E teña coidado porque Cáritas Diocesana tamén dá de comer aos nenos necesitados e ás persoas con vulnerabilidade, si alimentaria, e tamén pertence á Igrexa católica. Teña vostede un pouquiño de coidado coas cousas que di, que ás veces se volven en contra; non vale empregar Cáritas para cando a un lle interesa e para cando non, non.

¿E respecto do préstamo universal de libros? Está moi ben, pero vese que poucos de vostedes tiveron a ocasión de xestionar nun colexio o préstamo universal de libros, porque todos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –eu tamén–, porque todos os profesores estaban en contra, e, ao final, a vostede como director caíalle encima todo o que os seus compañeiros non querían facer, porque ninguén quería xestionar o banco universal de libros ou préstamo universal. E sabe vostede que lles caía aos directores exclusivamente encima todo o peso dunha xestión inexistente, que nin soporte informático nin libros. E, ao final, negociacións, ¿verdade?, coas editoriais para que lles cederan máis libros novos para o curso seguinte, por se acaso algún non os entregaba, que sucedía que non os entregaban.

E, señor Vázquez, ¿desoír? Aquí desoe todo o que quere, todo o que quere desoe. Vostede desoe continuamente, insiste noutro erro léxico ao chamarlles “reválidas”, que non son reválidas, señor Vázquez, aprenda vostede esta lección (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), que son “probos individualizadas de avaliación”, e así figura tamén no decreto, que hai que lelo completo, non só as partes que a un lle interesan.

E, claro, diálogo e consenso. Diálogo e consenso queremos todos; o que pasa é que dous non acordan se un non quere. E cando se facía referencia aquí pola súa banda e mais pola

do resto dos voceiros, falábase do Consello Escolar. Efectivamente, no Consello Escolar adoptáronse decisións por maioría democrática: 20-17 foi concretamente, e cero abstencións. Iso é democracia. Pero 41 tamén é democracia, e ter a maioría nun parlamento é democracia, (*Aplausos.*) e sacar unha lei en Madrid con maioría absoluta tamén é democracia. E polo menos merece o mesmo respecto que o resto das institucións, respectables, que adoptan as súas decisións por maioría. Polo menos, a mesma, a mesma que tivemos nós coa LOXSE, coa LOPEG e coa LOE, que non apoiamos ningunha, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non estabamos de acordo con ningunha, pero respectámolas e cumprímolas todas. (*Murmurios.*)

Respectámolas e cumprímolas todas, mesmo aquí en Galicia. Iso si, adaptándoas ás particularidades, á idiosincrasia, á historia, á cultura e á lingua de Galicia, para facer un sistema moito mellor do que fixeron vostedes, cuns resultados avaliábles no noso contorno democrático europeo, e non como o que presentaron vostedes, que era o peor de toda a historia educativa de España. Repito: os peores de toda a historia educativa de España. E non incluíu voluntariamente a palabra “democrática” porque incluso as da non democracia tamén eran bastantes mellores que os seus, e eu non estou facendo aquí apelación a ningún sistema. Pero todas as leis que estiveron vixentes neste país foron leis socialistas, todas, porque incluso a de 1980 que aprobara a UCD non chegou a entrar en vigor por culpa do 23-F famoso e por culpa ou grazas a que inmediatamente gañou o PSOE as eleccións en Madrid, pero non chegou a entrar en vigor, señorías. O resto son súas.

E agora renegan delas porque un destacado líder que foi alcalde e membro da Executiva do Partido Socialista hai pouco nun debate televisivo tivo a ben dicirnos que, claro, a culpa da situación educativa de España era do PP, porque as leis educativas do PP, tres por dúas do PSOE... Lamentable, lamentable. É que nin sequera sabe cales son. Ou si o sabe e pretende manipular a opinión pública, e pretende manipular os pais, como manipularon vostedes os pais coas famosas probas de avaliación individualizada de terceiro de primaria.

Digo “presión” e van levar ao lombo –xa o dixen o outro día–, ao lombo, ao seu lombo, todos e cada un daqueles alumnos que non foron facer a proba e que eran susceptibles de ser obxecto dalgunha das medidas de ensino... Si, si, non

Ile dean vostedes á cabeza. E agora cando volvan déanme outra lección de pedagogía, que a reciberei de bo grao. Pero non van ser obxecto das medidas correctoras nin dos contratos-programa, porque dentro da avaliación continua, señor Docasar, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que vostede foi director, dentro da avaliación continua as probas individualizadas son un instrumento máis de diagnose do proceso educativo dos alumnos.

E vostedes chantaxearon os pais, –repítoo– chantaxeáronos, mandaron *whatsapps* á unha da mañá aos teléfonos privados dos pais para que non levaran os seus fillos (*Murmurios.*) a facer as probas. E agora que se desenvolveu todo con normalidade, (*Protestas.*) con absoluta normalidade, queren vostedes facer apoloxía. Pois sigan a facela. Nós seguiremos defendendo os intereses do Sistema educativo galego, que é a nosa obriga, cunha lei democrática e cunha aplicación, cun decreto –que xa nos dirán por que están en contra del, que aínda non dixeron nada–, cun decreto que desenvolve as particularidades e especificidades do pobo galego, do seu alumnado e tamén das súas familias, ás que lles vai dar un papel para xogar...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** ...a favor da integración dos seus fillos, e non que formen parte dese preto de millón e medio que vostedes lanzaron á rúa sen cualificación ningunha nin posibilidade de obtela. E agora que se saiba que están vostedes en contra tamén da FP, que lles vai proporcionar unha acreditación profesional, a única maneira que teñen de conseguilo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non obstante, poden... Si, veña aquí e dígao desde aquí... Non me fale desde a tribuna...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, por favor.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** ...fale desde aquí, que queda todo rexistrado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Fariñas.

Réplica, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Ben, eu quixera comezar facendo algunhas puntualizacións despois do que escoitamos aquí, e a primeira é a señora Iglesias. Xa vemos que lle preocupa moito a educación dos galegos, falou só e exclusivamente de Relixión. E a verdade é que tivo un esquecemento básico: é unha asignatura voluntaria. E eu faríalle dúas correccións. A primeira, a LOMCE ten menos horas de Relixión que a LOE, deberíao saber. E a segunda, que creo que foi un desliz seu, chamou “secuaces” aos profesores que imparten Relixión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu creo que se chame en tribuna “secuaz” a un profesional, que a maior parte son segres, licenciados ou graduados en diferentes asignaturas, que se lles chame secuaces... Vostede podería aproveitar a segunda intervención para pedirllas democraticamente desculpas. (*Aplausos.*)

Segunda cuestión, con respecto ao señor Pombo. O señor Pombo falounos aquí de políticas educativas fracasadas. ¿Cales son? ¿Cales son as políticas educativas fracasadas?, ¿as das últimas décadas na democracia?, ¿as que levaron a España, ao conxunto de España, aos datos máis altos de fracaso escolar da Unión Europea?, ¿ou os que levaron a España a ter uns niveis de calidade educativa moi por debaixo dos investimentos realizados? Se vostede quere falar de fracaso e de políticas educativas fracasadas sería bo que o precisase, porque ao mellor está confundido coas súas críticas e criticaría outras formacións políticas. Estou case seguro diso.

E tamén, a verdade, é que eu non sei se se me escoitou ou non; eu intentei desprezar a miña vocación didáctica, ao mellor, fíxeno mal, ¿non? Pero eu creo que falei claramente de equilibrio lingüístico, claramente, igual nivel académico en horas e en todos os sentidos de Lingua Galega e Lingua Castelá, e tamén falei dunhas asignaturas especializadas, con contidos moi vencellados a Galicia: Paisaxe, Literatura, Cultura, Historia... Ben, non o sei.

Como tampouco sei, señor Vázquez, tamén fago autocrítica, quizais a miña vocación didáctica estea diminuindo, pero eu creo que lle dixen claramente que o xoves 25 se elevará ao Consello da Xunta o decreto para a súa aprobación, e o prazo

e matrícula termina o 10 de xullo. Estamos outra vez na mesma estratexia de sempre: alertar dun caos que ao final nunca chega. E vostede debería saber tamén, señor Vázquez, porque é profesional da educación e da docencia, cando se aprobaron os decretos da LOE non hai demasiado tempo: en xullo, a finais de xullo os de ESO e en setembro os de bacharelato. Supoño que os cualificativos que lle dedicou cando aprobamos antes o documento de matrícula a esta norma pois terá que magnificalos para criticar o que se fixo no seu momento coa lexislación socialista.

E, por certo, tamén señor Vázquez, Música mantén as mesmas horas, e incrementase a Filosofía pese a que vostede dixo aquí o contrario.

E tamén me gustaría precisar ao señor Docasar unha serie de cuestións. Eu non chamei “pandilla” a ninguén. Quero que quede moi claro nesta Cámara que non lle chamei “pandilla” a ninguén. Por moito que vostede dixera que eu dixen isto, non llo chamei a ninguén, a ninguén lle “pandilla”, ¡por favor!

E fala vostede de desprezo aos docentes, e voulle dicir unha cousa: ¿saben vostedes quen deseñou os currículos?, ¿quen deseñou os contidos?, ¿quen deseñou os métodos de aprendizaxe? Non fun eu, nin foi o meu equipo directivo, nin foi un deputado do Partido Popular, foron oitenta profesores. E vostede cando fala de desprezo aos profesores, de desprezo aos docentes, debería saber que este currículo de mil e pico páxinas está elaborado dende o punto de vista técnico absolutamente por profesores, por profesionais do ensino, co cal eu tamén pediría para eles un pouco de respecto.

E tamén me sorprende escoitar que se fan “itinerarios segregadores socialmente”. Lanzo unha pregunta: ser de letras ou ser de ciencias, ¿é de ricos ou de pobres?; ser de humanidades ou ser de asignaturas técnicas, como vostede di aquí que se segrega socialmente nos itinerarios plantexados nos decretos, ¿é de ricos ou é de pobres? É que realmente vostedes aplican un discurso absolutamente de serie, e a min gustaríame que o precisase. Porque cando vostede di que facer uns itinerarios onde no fondo o que se está plantexando é que o alumno, en función das súas capacidades e intereses, opte por unha liña educativa ou por outra, e plantéxao dende o punto social, de segregación social, estaría ben que nolo

precisase, porque, ao mellor, dámonos conta de que os de letras ou os de ciencias pois teñen unha característica social ou sociolóxica diferente.

A verdade é que con frecuencia –e iso é lícito– dende a bancada neste caso da esquerda se lanzan múltiples críticas, propostas poucas, pero críticas lánzanse un enorme número delas. E iso non é bo nin é malo, non é bo nin é malo. Pero a min gustaríame que se fixera un pouco da autocritica, non moita, pero un pouco da autocritica pola súa parte.

O que máis cuestionan vostedes e o que menos lles gusta é que se fale de normalidade na aplicación desta lexislación orgánica. E gustaríame poñer unha serie de exemplos, para que se vexa a normalidade e para que se vexa a estratexia política que se está seguindo, que se leva seguindo moitos anos por parte da bancada da oposición.

Obviamente, pídolles desculpas, hai unha cuestión que é certa, a LOMCE ten un pecado orixinal. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Si é un pecado orixinal de que non é unha lei socialista... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Señora Martínez, por favor. ¡Silencio, por favor!

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...É unha lei que non foi impulsada polo Partido Socialista, co cal é un pecado orixinal, señora Martínez. Ben, despois se quere definímo-lo. Pero, claro, se esta lei fose impulsada por un goberno de esquerdas ou polo Partido Socialista, de igual xeito que foron impulsadas as sucesións de leis orgánicas neste país durante as últimas décadas, o cal é a proba evidente de que non acertaron en ningunha delas, pois non habería problema, pero como é unha lei do Partido Popular é mala. Ten ese pecado orixinal. ¿Que lle imos facer?

Cando hai un cambio de norma sempre hai un momento de incerteza, pero voulle facer unhas mínimas lembranzas para que vexamos que débil é a memoria. Miren, cando o bipartito tivo que implementar a LOE, lei socialista, pois a situación non estaba tan axitada como agora. Pero vaíamos as hemerotecas:

*“Cuatro mil alumnos y profesores protestan por el nuevo bacharelato”*, o bacharelato impulsado naquel momento polo Goberno socialista. Memoria bastante débil; isto foi o 30 de abril do ano 2008.

Exixen diálogo a Educación, que asegura que o decreto está aínda en consulta. Pero ao día seguinte: *“La conselleira de Educación dice que el decreto de bachillerato seguirá adelante sin modificaciones”*. Grande exemplo de diálogo.

E despois tamén nos din aquí nese momento: *“Unas doscientas personas se manifiestan para pedir la paralización del decreto del bachillerato y piden el cese de Sánchez Piñón”*. Como vostedes tamén piden o meu. ¿Que lle imos facer?

En todo caso, o que eu lles quero dicir é que cando se cambia unha norma hai incertezas, pero hai que dicir tamén que neste momento as incertezas son moito menores que noutros momentos. E certamente a estratexia política é sempre a mesma: a LOMCE é mala, o seu desenvolvemento é malo; todo o que plantexa o Partido Popular é malo e todo o que plantexamos na nosa óptica é positivo.

E hai un serio labor de cuestionamento absoluto –diría eu– a todo o que se está a desenvolver como mandato dunha lei orgánica, que, por certo, é absolutamente democrática e temos a obriga de cumprir.

E falouse aquí das probas de avaliación de terceiro de primaria, e témolo dito. Ben, aquí falouse de caos, de desbaraxuste; eu non diría tanto. Houbo unha crítica por activa e por pasiva, vostedes chamaron “reválida” para xerar un clima negativo na percepción social cando saben que non é, xeraron unha enorme alarma, chamaron ao boicot. E, ben, vostedes sabían ou deberían saber perfectamente que isto é unha proba de avaliación de diagnóstico, que, por certo, é moi semellante á que se viña facendo en cuarto de primaria en aplicación da LOE, e aí non houbo nin unha soa crítica. E tamén é moi semellante á que se fai en Andalucía en segundo de primaria. E, como xa dicía, estamos acostumados a que un proxecto ou unha acción política se a fai o PP é mala, malísima, se a fai o conglomerado de esquerdas pois está ben e é fantástica.

Pero, ben, a maioría dos nenos e das nenas de Galicia –como vostedes saben–, en torno ao 80 %, fixeron as probas con

normalidade. E, señor Docasar, vostede dixo que os nenos se estresaban, que os nenos choraban, que ían chorar, que estaban chorando polos pasillos... Vostede dicíao. ¿E sabe o que nos di a realidade ao día seguinte?, ¿sabe o que dicían os nenos? Que eran chupadas.

Nós entendemos que intente xerar unha alarma, unha sensación social pois pexorativa, pero, mire, non houbo nin haberá ningún problema con esta cuestión, non houbo represalias, non houbo presións; houbo chamamento á responsabilidade e houbo chamamento a que teñamos as ferramentas para detectar as carencias educativas canto antes mellor e poidamos poñer en marcha medidas correctoras. Iso é o que queremos con estas probas de avaliación.

E o que si houbo foi unha estratexia previa para alimentar unha polémica e para xerar unha alarma, ¿por que? Porque, claro, se a pon o PP é malo, se a poñemos nós en cuarto pois é positivo. Pero, ben, iso vémolos sempre, vémolos constantemente; estamos unha e outra vez vendo como actúan vostedes nesta materia.

E imos falar doutra cuestión, que creo que tamén é significativa, que se dixo aquí, que se dixo aquí hai aproximadamente un ano: a apertura de comedores escolares no verán. Naquel momento eu era deputado, era o portavoz de Educación, fixemos unha transacción a unha iniciativa neste caso de AGE. Eu dixen claramente que había que axudar os nenos e nenas que puidesen ter problemas de acceso á alimentación, pero advertín –e así apareceu posto no texto– que debían ser os Servizos Sociais municipais os que garantisen ese servizo, porque eran eles os que mellor coñecían a realidade concreta de cada familia ou de cada caso concreto.

E aquí, señor Vázquez, o tempo dá e quita razóns, porque vostedes e unha vez aprobada esta iniciativa criticáronnos por activa e por pasiva dicindo que non queríamos abrir os comedores escolares. E mire vostede –xa o dixo tamén o señor portavoz do Partido Popular–, mire vostede qué rápido –digamos– eses alcaldes que vostedes se alegran de que gobernen pois dan a volta e utilizan aquela palabra que a vostede lle parecía unha palabra maldita, a estigmatización.

Mire, a señora alcaldesa de Madrid, a señora Manuela Carmena, dixo literalmente que é mellor –igual que nós planteabamos– era moito mellor levar a cabo cáterings ás fami-

lias porque é menos estigmatizante que ir cos nenos ao coleio. Iso está nos medios de comunicación claramente posto. (*Murmurios.*) E un alcalde e nun concello moi preto de nós, pois a un quilómetro e pico está a súa sede, o novo concelleiro da Área de Educación e Cidadanía nun medio de comunicación tamén nos di –e leo literalmente–: “O noso criterio é que isto se aborde no departamento de Políticas Sociais. Parécenos que é moito mellor atender directamente as familias que teñan necesidades que asignar un determinado centro da rede pública, porque isto podería conlevar unha certa estigmatización”. Iso díxoo un concelleiro, o novo concelleiro de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela.

E eu lembro, lembramos todos, as críticas feroces, brutais que o ano pasado lanzaron vostedes por este tema. E isto vén un pouco na liña que nós estamos a dicir: sácase un proxecto, criticábase ferozmente e ao cabo do tempo non pasa absolutamente nada.

Outra cuestión: vostedes no Parlamento, nesta Cámara, reclamaron en múltiples ocasións que a Xunta de Galicia asumise os comedores xestionados polas ANPA; escoitámo-lo moitísimas veces. ¿Que aconteceu? Que cando a Xunta afronta este problema, e faino pois con realismo e faino garantindo a sustentabilidade do sistema, e asume os comedores das ANPA, vostedes criticano. Entón, xa non sabemos que facer, porque realmente plantéxese o que se plantexa para vostedes está mal, aínda que despois cando se fai, vostedes, como aquel apóstolo que cae do cabalo, e danse conta de que ao mellor estabamos equivocados, ou cando lle toca a vostedes implementar as políticas danse conta de que aquelas políticas que vostedes criticaron aquí as poñen en marcha. Ben, estamos nesas.

E tamén algo semellante nesta estratexia de fuxida está a acontecer este ano co asunto dos libros de texto. Ben, vostedes plantexaron sempre e defenden sempre un sistema de préstamo universal, de libros para todos con independencia da renda, un café para todos, ¿non?, lévano dicindo centos de veces. Pero tamén deberían saber que este préstamo que vostedes defenden nunca foi un préstamo universal, no propio DOG aparecían libros que non se mercaban, e tamén deberían saber que unha alta porcentaxe de familias mercaban libros, co cal había familias que tiñan un xogo de libros na casa e outro no centro.

Obviamente, este sistema foi evolucionando, e o Goberno democrático da Xunta de Galicia, a partir do ano 2009, democraticamente modifica o sistema e pasa a un sistema de gratuidade solidaria, que plantexa baixo unha premisa moi importante axudar máis a quen máis o precisa e aportar neste caso libros escolares en función da renda. Unha axuda económica ás familias en función da renda. ¿Para que? Para primar máis as familias que máis o precisan. E vostedes criticárono centos de veces, miles de veces, atreveríame a dicir.

Hoxe volven outra vez a unha especie de *déjà vu* repetindo outra vez e reivindicando outra vez un préstamo universal e gratuíto que nunca o foi, e poñéndose en evidencia no sentido de que están criticando un sistema de redistribución con base na renda, que entendemos que é moito máis xusto socialmente porque concentra as axudas nas familias que máis o precisan. Ese é o modelo do noso sistema. Por certo, se o comparamos con outras comunidades autónomas, vostedes saberán e poderán comparar o notable, o moi notable esforzo que fai a Xunta de Galicia, que fai, que facemos o conxunto dos galegos para poder aportar axudas ás familias que máis o precisan.

E mire, o sistema, este sistema de banco de libros evoluciona e está evolucionando, e pediuse tamén nesta Cámara e en múltiples ámbitos que se valorasen as experiencias dos bancos de libros. Efectivamente, así o fixemos, e incorporámo-lo aos programas e ao sistema da Consellería. Pero, claro, tamén curiosamente nos damos conta de que os que onte pedían que se fixesen bancos de libros nos centros, hoxe critican que se fagan bancos de libros nos centros.

Ben, dá a sensación de que en moitas ocasións estas críticas máis que pensar nos intereses das familias, máis que pensar no benestar dos nenos e das nenas, pénsase noutros asuntos. Porque, realmente, dá a sensación de que se parte pola súa parte dunha especie de dogma, de principio ideolóxico básico, que impide ver o que hai detrás e que é o que hai detrás. Detrás hai un sistema para aportar ás familias que máis o precisan os libros necesarios para poder desenvolver o proceso de aprendizaxe dos seus nenos e das súas nenas. E esa é unha evolución lóxica do sistema.

Primeiro, apóstase polos libros dixitais, onde non hai diferenzas sociais nos libros dixitais; ata aí poderíamos chegar, ¿non? Non se plantexan diferenzas sociais, plantéxase unha

plataforma. Este primeiro ano fíxose xa unha primeira experiencia, bastante exitosa por certo; para o novo curso séguese implementando. E hai un crecente impulso dos libros dixitais.

Segundo, mantéñense os cheques para as familias que máis o precisan en función da renda, para todos os cursos coa excepción de terceiro e quinto de educación primaria e de segundo e cuarto da ESO, onde aquí se crean bancos de libros, creáronse o ano pasado os bancos de libros. E aquí aquelas familias que o ano pasado recibiron cheque para poder mercar os libros, este ano –estaba así na orde– van depositar eses libros nos centros, para crear neses centros bancos de libros, bancos de libros públicos, fondos solidarios de libros. E esta é a principal iniciativa. Por certo, moi ben avalada pola defensora del pueblo, que a vostedes cando lles interesa ben que a utilizan para criticar as políticas da Xunta, moi ben considerada pola defensora del pueblo.

E aquí quizais haxa que dicir claramente como funciona este fondo, porque aquí parece que estamos creando unha especie de situación anómala. Miren, ¿como funciona e vai funcionar este fondo solidario de libros de texto? Os alumnos, as familias que o ano pasado recibiron a axuda da Administración educativa para mercar libros, vanos depositar nos centros, había unhas datas, o 19 da semana pasada; tamén algúns centros voluntariamente van alongar o prazo, non pasa absolutamente nada. Pero estes fondos de libros mercados con axudas públicas tamén se poderían complementar coas achegas dos libros que as familias voluntariamente puidesen facer. A partir de aí, a partir desa constitución destes fondos solidarios, o que se fai é que se establece un listado con orde inversa en función da renda, para que aquelas familias con menos renda teñan maior aporte de libros e progresivamente, segundo vaia mellorando –digamos– o nivel de renda, pois vaia primándose menos o aporte de libros.

¿Que se busca con isto? Que ningunha familia que sexa merecente de recibir a axuda da Administración autonómica para mercar libros os deixe de ter, e será vía bancos de libros ou será vía a merca por parte dos centros dos lotes de libros. Ningunha familia –insisto– que estea dentro dos umbrais para ter axuda por parte da Comunidade Autónoma para ter libros de texto vai quedar sen libros de texto, e farase unha prelación na cal se vai primar as familias con menos recursos, tamén quero que quede iso moi claro. E para iso faise

unha aplicación informática, “Fondo libros” que se denomina, que será axustada polos centros e que nos permitirá aportar e xestionar dun xeito máis eficaz o que son os aportes dos libros por parte dos centros ás familias. Por certo, –xa o dixo tamén o señor portavoz, o señor Fariñas– no seu momento os directores dos centros si que tiñan traballo co sistema que vostedes plantexaban.

En todo caso, respectamos as lexítimas diferenzas que poida haber, é normal. Agora, nós non compartimos –dígollo publicamente nesta Cámara– aquelas actitudes que están orientadas máis a dividir que a sumar. E parécenos que tendo en conta e partindo do respecto, e tendo en conta o interese xeral, volvo apelar en sede parlamentaria á responsabilidade e á colaboración da comunidade educativa na constitución e na xestión do fondo solidario de libros de texto. ¿Por que? Porque, señorías, o fondo solidario de libros de texto non é nin máis nin menos que un banco público de libros de texto, un banco público de libros de texto onde as familias menos favorecidas terán maior apoio, que será xestionado por funcionarios públicos e que será absolutamente gratuito. Creo que iso é moi importante: estamos a falar dun fondo solidario que non é nin máis nin menos que un banco público de libros de texto, xestionado por funcionarios públicos, onde as familias menos favorecidas terán un maior apoio.

Estou seguro de que se colaboramos todos teremos un sistema de maior potencia. Obviamente, haberá que ir axustando cuestións, que irán sucedéndose, algo absolutamente normal cando se implementa un novo sistema, pero o que si fago é un chamamento á integración, e si fago un chamamento á colaboración. Eu teño moi claro –témolo clarísimo– de que se unimos os nosos esforzos, se priorizamos o que realmente importa, que é aportar libros ás familias, non só sumaremos, senón que multiplicaremos os efectos positivos que poden ter estes bancos para o alumnado. E, miren, a nós o que nos preocupa realmente é que os libros cheguen a quen os precisa, e que neste caso o fondo solidario, –insisto– que non é nin máis nin menos que un banco público de libros, pois sexa unha realidade e que axude a quen máis o precisa, que é o que máis nos importa, que axude a quen máis o precise.

E xa unha última reflexión para rematar. É un dogma tamén común por parte da oposición dicir que o sistema educativo ten hoxe menos recursos, ten menos cartos que no ano

2009. E eu dígolle: si, si, si, teñen vostedes razón, non llela quito. Agora tamén lles pregunto, señorías: ¿como foi capaz un goberno con menos recursos de mellorar o que mellorou a educación? (*Protestas.*) E podemos poñer moitos exemplos, moitas variables. (*Murmurios.*) Por exemplo, fracaso escolar, ¿canto caeu o fracaso escolar dende o 2009 e canto subiu entre o Goberno Fraga e o Goberno Touriño?, ¿canto?, ¿canto? ¿Canto se incrementaron as prazas de formación profesional?, ¿cantas novas modalidades se incrementaron? ¿Canto incrementaron os alumnos con esas novas tecnoloxías? ¿Canto incrementaron os alumnos que están estudando en plurilingüismo? ¿Canto aumentaron as prazas de comedor escolar? ¿Como evolucionaron as taxas universitarias? ¿Como está o papel do profesorado? ¿Como está o acoso escolar? ¿Como está a convivencia?

Poden respondernos, doulles por bo o seu razoamento, e vostedes tiñan máis cartos. Agora, non nos digan que o facían mellor, porque se facemos unha comparativa destas variables, veremos que os seus resultados foron francamente moi mellorables e bastantes pobres.

En todo caso, a política educativa impulsada nunha sucesión de leis orgánicas por parte dos gobernos socialistas xa a coñecemos, creo que a coñecemos todos. E temos agora unha oportunidade que vai avanzar en dúas variables fundamentais: primeira, dende o punto de vista da calidade e mellorar os resultados, avaliación educativa a través de proxectos, a través dun cambio metodolóxico; e segundo, unha maior equidade, porque non hai nada máis antiequitativo que o 25 % dos xoves saian á rúa sen ningún tipo de titulación, e iso vaino corrixir esta lei a través da formación profesional básica. Creo que só por iso merecería esta lei o seu apoio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

Rolda de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Grazas, presidente.

Señor Román, eu non ataco as relixións, son as relixións as que me atacan a min. Por boca dos seus secuaces, certos bispos, como o de Granada, que non paran de botar perlas por esa boca, insultando a todo o mundo. Que me pidan perdón eles a min primeiro. Eu non lle penso pedir perdón á Igrexa católica, non teño que pedirle perdón, son eles os que lle teñen que pedir perdón a un montón de cidadáns, e sobre todo ás mulleres, polo trato que recibimos por parte desa seita, que nos condena ao escurantismo, que nos nega o voto, que nos considera seres inferiores, etc., etc. Non repito as perlas que están dicindo certos secuaces da Igrexa católica porque a min mesma me dá vergonza repetilas, señor Román; dáme vergonza repetir esas cousas.

Así que ese tema zanzado. A Relixión, señor Román, fóra da escola. A relixión nos templos, nas mesquitas, nos templos dos xudeus, onde teña que ir a xente que ten crenzas. E eu non teño nada en contra, o que si teño en contra é que se financie con fondos públicos, diso si que estou en contra, e sobre todo un profesorado que só depende da Igrexa católica, que, por certo, os maltrata, porque se un deses profesores se divorcia –xa non é o primeiro nin o segundo caso–, como o divorcio non entra dentro da categoría moral da Igrexa católica, é despedido a caixas destempladas e sen dereitos, ¡que é alucinante!

Con respecto aos comedores escolares, voulle recordar que o Valedor do Pobo dixo que cando un neno pasa fame é que a familia pasa fame. O problema da fame dese neno, que vostede dixo “acceso á alimentación” cando un neno ten fame, ¡que manda carai tamén utilizar esa linguaxe cando falamos da fame dos nenos e nenas galegos! Acceso á alimentación un dereito, ¡por favor! Ben, pois ese non é un problema individual do neno ou da nena, ese é un problema de toda a familia. Se un neno ou unha nena pasa fame é que toda esa familia está a pasar fame. Polo tanto, é toda a familia a que ten que recibir esa prestación, que non lla ten por que subministrar Cáritas.

Por certo, estas familias atópanse nesa situación por mor das súas políticas, son vostedes responsables desa pobreza. (*Murmurios.*) Si, si, si, néguenmo aquí, agora tócame a min o turno de palabra, e eu escoito con educación. Son vostedes coas súas políticas, coas súas políticas laborais, coas súas políticas de recortes en dereitos, coas súas políticas de recortes en prestacións públicas, servizos sociais, si, si, si. Tේño



clarísimo, así como o temos clarísimo toda esa xente que imos depositar o voto na urna nas xerais como o depositamos nas municipais. Por iso eses alcaldes aos que eu felicitei, e aos cales eu lles estou moi agradecida, ¡non saben canto!, porque, por fin, sentínme representada por unha institución pública, ¡por fin!, con respecto a este tema. Por iso eses alcaldes non dan esas comidas nos colexios, dánlles ás familias, porque son as familias as que as necesitan.

Por outro lado, reválidas non, chámanse reválidas. E voulle dicir unha cousa: o ideario da educación é non ter que examinar os nenos. Vamos ver, un neno cunha avaliación continua non ten por que sufrir unha proba máis, está demostrado. ¿Por que sometelos a esa presión? ¿Por que non deixar que na infancia as nenas e os nenos disfruten en recibir cultura, en recibir principios, en recibir formación para ser no futuro un cidadán libre que teña formación suficiente, que lle permita escoller se quere ser como vostede di licenciado, ou como se quere ser fontaneiro? Non é ese o obxectivo da educación, non é formar persoas que sexan os tornillos da engrenaxe do mercado laboral. Non é ese o ideario educativo, para nada; se é o ideario educativo desta lei, está vostede confundido.

A min dáme igual que na LOE se contemplaran máis horas de Relixión, dáme exactamente igual. Eu levo reivindicando a Relixión fóra das escolas, e eu aquí represento a moita xente, porque sempre, sempre estivo nas escolas, sempre, ¡e xa está ben! ¿Cando van vostedes...? ¿Que lle deben vostedes á Igrexa católica? É que eu non o entendo, ese empeño que teñen en meter a Relixión nas aulas, como optativa ou como non optativa. ¡Dáme igual! Fóra das aulas as relixións: a católica, a protestante, a musulmá.

Por certo, quérolle recordar tamén que non só é Cáritas a que alimenta a cidadanía, os Hermanos Musulmanes, en Gaza e en Cixordania e tamén aquí en determinados barrios deprimidos de poboación musulmá, tamén alimentan aos seus, porque xa non é que sexa a relixión, son as organizacións civís as que se están facendo cargo dos problemas que vostedes crearon. Fagan o favor de non contar mentiras.

Señor Fariñas, eu non sei en que país vive vostede cando di que esta lei está avalada por todo o mundo. ¡Se está en contra toda a sociedade! Se están en contra as ANPA, se están en contra os sindicatos, se están en contra os alumnos, os profesores, está en contra todo o mundo.

Ben, acabóuseme o tempo, moitas grazas, máis nada.  
*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Igrexas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pombo.

*(Murmurios.)*

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, é claro que a LOMCE non é o modelo...  
*(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Señor Beiras, silencio, por favor. *(Murmurios.)* Está no uso da palabra un deputado do Bloque Nacionalista Galego. Respecto a quen está no uso da palabra. *(Murmurios.)* ¡Respecto! Non empece-mos, que hoxe vai a cousa tranquila.

Señor Pombo, cando queira. Grazas.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a LOMCE non é o modelo de lei que o noso país necesita, debatémolo por activa e por pasiva. Está claro que para o Bloque é unha lei clasista, privatizadora, centralista, antigalega, que non está axeitada á realidade nosa. É o modelo do Partido Popular mais non o noso nin o da maioría da sociedade galega, que por activa e por pasiva durante máis dun ano se leva pronunciado contra ela. Xa sei que para vostede é a lei de maior equidade, esa equidade que teñen os nenos do noso rural que no día de hoxe en Luínta (Nogueira de Ramuín), en Amoeiro, en Vilardevós, na Montaña luguesa, en todo o noso rural, aínda non saben que profesor terán, se serán agrupados dous niveis xuntos, tres ou máis de tres. Ese, dende logo, non é o modelo de calidade que o Bloque defende. Estes alumnos, os pais e as nais dos mesmos están moi preocupados e levan moito tempo reclamando da Consellería solución a estes problemas de ensino do servizo educativo no noso rural. Mais o Partido Popular, que é quen está gobernando Galiza, parece que non ten unha solución acaída para este problema.

Pero é que agora tamén hai un problema grave na secundaria, no día de hoxe a maior parte, non do BNG, a maior parte dos centros educativos, do profesorado, dos equipos directivos están preocupadísimos porque para o ano que vén non saben que información darlles aos pais en época de matriculación, porque non saben nin que profesores terán, nin que horarios haberá, nin que asignaturas haberá. Polo tanto, non é a preocupación só do rural, senón que tamén na secundaria.

Paréceme moi ben que vostedes aposten duramente pola formación profesional, seica 53.000, deben ser moitos. Pero eu o que sei é que hai moitos galegos e moitas galegas que queren ir a esa FP no ensino público, mais non hai demanda suficiente, porque ao mellor convén que vaian á privada. Entón, a Xunta de Galiza, a Consellería de Educación aposta seica pola FP, mais non como tería que apostar, porque tería que ofertar no ensino público a oferta ou cubrir a demanda polo menos que hai.

O da gratuidade, digamos, o préstamo universal non é un invento do BNG. E aquel que caeu do cabalo neste caso pois poderíámoslo aplicar ao propio señor conselleiro, que parece ser que volve ao sistema de préstamo universal pero trucado. E o caos non o trae a oposición ao debate educativo, o caos faino a propia consellería, que nada máis que pasearse por calquera centro dos que existen no noso país saberá que o profesorado está que bota lume, porque seica agora, como están tan ben considerados pola consellería, van darlle uns traballos de gratis aquí para recoller os libros, e para que o propio profesorado lles diga aos pais se este libro lles vale, se non lles vale, para que cualifiquen a ver canto ganas, para ver en que posto entras. E para min, dende logo, o que me parece é que recortar máis de tres millóns e medio de euros nas axudas para libros non é moi bo camiño, sobre todo cando o debate pretende trucarse. Porque o BNG sempre dixo que cos cartos que viña investindo o Partido Popular neste fondo eran suficientes, ben administrados, para todo o mundo. Entón, ese non é o sistema.

Pero agora resulta que os libros non son para todos, case todo o mundo paga, a maioría paga; só que hai uns poucos que reciben 90 euros de axuda –uns poucos– e unha minoría 180, pero a maioría paga. E agora volve o sistema do fondo. ¿Quen provoca o caos? No curso pasado a Consellería deu instrucións claras aos centros de que os libros non se cam-

biasen, froito do cal a maior parte dos centros non cambiaron ningún libro. E agora ¿que ocorre nestes niveis nos que hai que recoller os libros? Que uns cantos son LOE, LOMCE non hai case ningún e a maior parte incluso algúns non teñen libro ningún. Polo tanto, isto do fondo dos libros está moi ben, e agora pretende a Consellería que eses fondos se nutran de algo que non paga a Consellería, ou sexa, os pais que paguen e que llo dean á Consellería. Polo tanto, é un debate trucado e un caos que provocou a propia consellería cargando dun traballo burocrático, dun traballo administrativo a todos os centros de Galiza cando a maior parte deles non teñen nin un administrativo. Claro está, en épocas de avaliación que non teñen nada que facer nin hai nada que facer.

Polo tanto, caos provocado pola propia consellería, recorte unha vez máis dos fondos dedicados aos libros e un fondo solidario que iso non o entende ninguén. O conselleiro, claro, saíu aquí e dixo: non, vai haber libros para todos; pero na orde que pon alí diso nada de nada. Na orde o que pon... Claro, o que pasa é que se fan as cousas tan á présa que logo despois con botarlle a culpa á oposición do caos igual cola.

Polo tanto, nós seguimos a pedir que se adíe a aplicación da LOMCE na secundaria. Xa sei que acaba de dicir o señor Fariñas que con toda a maquinaria do Partido Popular seguirán adiante coa LOMCE.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Pois con toda a maquinaria do Partido Popular camiñamos ao abismo. Igual obrigan a moitos pais a comprar un libro novo, que seguramente que antes de que remate o curso será un libro caducado. Polo tanto, nós pedimos que pensen ben as cousas e que lles digan aos centros que non cambien os textos porque todos sabemos que a LOMCE naceu morta.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** E antes de que remate o próximo curso non existirá tal LOMCE...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Pombo.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** ...Polo tanto, non obriguen os pais a gastar os cartos que non teñen.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** Ben, o certo, señor conselleiro, é que na súa intervención falou moi pouco, por non dicir case nada, dos currículos, tanto na primeira como na réplica. Esa é a importancia que imaxino lles dan. E o señor Fariñas tampouco falou do Decreto de currículos. Si que falou o señor Fariñas de que non ían abandonar o buque; unha expresión que cando menos implica un tímido recoñecemento de que o barco fai augas. (*Murmurios.*) Porque iso é o que se di cando as cousas van cando menos un pouquiño mal, ¿non? “Non imos abandonar o buque”, iso dino os entrenadores cando o equipo vai así un pouquiño mal na táboa clasificatoria.

Eu non sei se o señor Fariñas vai abandonar o buque, pero o certo é que o señor Wert, polo que sabemos, medita a súa marcha como embaixador á OCDE –ese é así un retiro glorioso que lle teñen preparado, polo que se di–; o anterior conselleiro está de alcalde en precario en Ourense; e eu non sei se o señor Rodríguez medita volver á política municipal en Lalín, (*Murmurios.*) pero teno complicado porque o señor Crespo levou unha derrota importantísima tamén despois de vinte e cinco anos na alcaldía. O tema está complicado, pero non pasa nada, non pasa nada.

Ao señor Fariñas o que sucede é que lle escoce o das reválidas, escócelle, é unha cousa que lle escoce, empéñase en disimular. E eu entendo que iso lle escoza, pero asuman o seu fracaso, asuman que non foron capaces de explicarlle á cidadanía galega a finalidade desas probas absolutamente inútiles e estériles. E non pasa nada por recoñecelo, eu creo que a cidadanía está cansa de que os seus representantes se parapeten en posturas inamovibles como esta, despois sobre todo de que llelo teñan dito alto e claro, negándose as familias a que os seus fillos fixeran a proba. Todo un exercicio –como dicimos– de civismo e de responsabilidade por parte da cidadanía.

Acúsannos aquí sobre este estrado de crear nós alarmismo, de manipular, de xerar unha opinión pública. ¡Miña nai!, temos un control dos medios de comunicación increíble os do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda. Dende logo, é tremendo que utilicen esas verbas cara a nós.

Falando da Relixión –eu non tiña pensado falar da Relixión, o que pasa é que parece imposible non facelo–, mire, voulle ler algúns dos criterios de avaliación do currículo de Relixión: “Recoñecer con asombro e esforzarse por comprender a orixe divina do cosmos e distinguir que non provén do caos e do azar”. Outro criterio de avaliación: “Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar a felicidade por si mesma”. Son principios educativos fundamentais. Eu pregúntome se calquera persoa no exercicio do seu san xuízo pode facer compatible estes criterios de avaliación coa ciencia, coa bioloxía e mesmo co sentido común. ¿Como se lle pode dicir unha cousa a un neno nunha aula e cando cambia de clase dicirlle exactamente a contraria? E iso é a responsabilidade que vostedes teñen á fronte desta consellería.

Ninguén aquí dixo que os itinerarios formativos foran segregadores, o que é segregador é dirixir os alumnos que teñen dificultades a idades temperás a itinerarios formativos sen saída, sen opcións para promocionar e sen medios para recibir reforzos e apoios. Iso é a FP básica. Por iso nós estamos en contra; non é unha posición de estar en contra por estar, estamos en contra porque encaixona, deixa sen saída académica e tamén profesional aos nenos e ás nenas que deciden este itinerario formativo.

E falou vostede de que o pecado orixinal da LOMCE era que era unha lei do PP, non, aquí equivócase. Mire, o pecado orixinal da LOMCE é que foi aprobada en solitario, na soidade máis absoluta e contra todo o mundo polo Partido Popular, en contra de todos e cada un dos partidos con representación no Congreso, ¡que iso ten tela! A LOE non é unha lei, dende logo, que a min me pareza excelente, pero foi aprobada polo grupo maioritario, o PSOE, e co apoio de cinco grupos parlamentarios, non foi aprobada en solitario. De feito, a LOMCE é a única lei que foi aprobada en absoluta soidade por parte dun goberno. Teñen vostedes a todo o mundo en contra, pero en realidade son vostedes os que están en contra de todo o mundo, polo menos da maioría social. Polo tanto, teñen ese complexo de que nós temos a manía de subir

aquí porque lles temos manía, e esa non é a realidade, ese é un complexo que vostedes teñen que resolver.

Non deforme a realidade social. A obriga de abrir os comedores escolares en período vacacional é do Goberno galego, non dos concellos; ese é o problema. E o que nós defendemos aquí nesta tribuna é que os comedores escolares se abran dentro de que foran os centros educativos os que se abran nas xornadas dos períodos vacacionais para prestar un servizo integral, actividades de ocio, de tempo libre...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** ...actividades deportivas, que permitan conciliar a vida familiar e laboral de todas as familias, non só das que non teñen recursos. E dese xeito, dun xeito integral, permitir que as persoas que non teñen recursos tamén puideran acceder a un prato de comida quente. Non fale vostede de estigma, os que defendemos precisamente una actuación integral fomos nós. Pero iso é unha obriga do Goberno galego, non a deposite enriba e nas costas dos novos concellos, que abondo teñen coa estreita marxe de manobra orzamentaria que lles deixan.

Polo tanto, defenda o ensino público e –repítollo cada vez que veño aquí–...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** ...déixese de facer o papel de vítima de que estamos todos contra vostede. No momento en que defenda o ensino público contará co noso apoio; do contrario, nin o soñe.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Docasar.

(*Movemento do micrófono.*)

**O señor DOCASAR DOCASAR:** Houbo un pequeno accidente. Tranquilo, conselleiro, non pasou nada, xa estamos aquí.

Antes o señor Fariñas chegou aquí crecho, viña totalmente acendido, viña subido de ton; en fin, dicía que tiña unha maquinaria potente posta en marcha. Pois imaxínome que si, como o resto dos partidos políticos. ¿Ou pensa vostede que o Partido Socialista non ten a maquinaria engraxada para gañarlle as eleccións con Pedro Sánchez e que sexa o próximo presidente do goberno? (*Aplausos.*) Claro que o imos facer, non se preocupe, señor Fariñas, (*Aplausos.*) non teña ningunha dúbida de que o imos intentar facer. (*Aplausos.*) Non sei se o conseguiremos, pero que o imos intentar non teñan dúbidas, (*Murmurios.*) non teñan dúbidas. (*Murmurios.*) Tranquilícese.

Señor conselleiro, quero ir ao gran neste segundo turno. Eu quero pedirlle hoxe aquí que se dirixa vostede ao Goberno de España para que convoque con urxencia a Conferencia Sectorial de Educación unha vez que estean constituídos todos os novos parlamentos elixidos, os novos gobernos autonómicos saídos das eleccións do pasado 24 de maio. A idea sería, señor conselleiro, poñer en común o que hai que facer e saber se están dispostos a continuar con ese atropelado calendario, ou, polo contrario, propoñen paralizar a aplicación da LOMCE ou polo menos ralentizar ese caótico calendario que está asfixiando literalmente o conxunto da comunidade educativa galega. Non olvide, señor conselleiro, que o mapa autonómico mudou, gústelles ou non, e mudou radicalmente nestas eleccións, e que vostedes só presidirán cinco comunidades autónomas, e dúas delas uniprovinciais. Iso tamén hai que sabelo, e ese tamén é un tema político de alto valor –creo eu– e non o deben obviar. Se fan caso omiso diso estanse equivocando.

Tamén quero aproveitar este segundo turno para pedirlle de novo algunhas cousas que había que empezar a facer de maneira progresiva. Vostede di que non facemos propostas, si facemos propostas; outra cousa é o que fan vostedes coas nosas propostas habitualmente, que é habitualmente nada. Señor conselleiro, se chegou a recuperación á nosa economía é tamén hora de que esa recuperación chegue tamén á comunidade educativa galega, debe chegar. E para que os colectivos docentes o perciban, haberá que facer algunhas cousas, ou pode vostede seguir intentando facer o mesmo, non cambiar nada, e vostede estará satisfeito. Eu creo que hai que cambiar cousas.

E eu imaxino que está planificando o curso que vén –imaxino–, esa é a obrigación dun conselleiro. Por certo, ¿pensa

vostede que os centros, cando agora mesmo están lanzando a súa oferta educativa, van esperar ata o 25 de xuño para que vostede lles anuncie un decreto co que teñen que facer?, ¿ou pensan vostedes que os centros non teñen que elaborar dísticos, elaborar sobres de matrícula con moito tempo de antelación para poder facer as cousas? Eu creo que hai que facer as cousas con moita antelación. Polo tanto, aínda que publiquen iso no DOG o xoves, chegaralles bastante tarde para poder facer as cousas con sentido común.

Señor Rodríguez, o Grupo Socialista quere propoñerlle hoxe de novo unha serie de medidas sencillas, seguramente sencillas, pero creo que importantes para que a sociedade galega e o conxunto da comunidade educativa perciban se ten vostede posibilidade de facer algo distinto ou vai vostede administrar simplemente a herdanza que lle deixou o actual alcalde de Ourense –como lle chamou o señor Vázquez– en precario.

Son propostas moi concretas, ten vostede por diante ano e medio, non é moito, pero hai ano e medio para poder facer cousas, é algo que se pode facer. Non se trata, por suposto, señor conselleiro, de recuperar de golpe os 400 millóns de euros perdidos nos últimos anos, cos que vostedes fixeron moitísimas cousas máis; incluso arreglaron moitísimos colexios, fixeron novos colexios, arreglaron talleres, puxeron teitos novos, fixeron pavillóns de deportes, fixeron moito máis con menos, xa tamén o sabemos.

Señor conselleiro, ¿que lle pido concretamente? Que repoñan progresivamente as condicións arrebatadas ao colectivo docente; que repoñan paulatinamente as prazas de profesores perdidas; que poñan en marcha un plan para mellorar as instalacións nos centros; que renoven os seus equipamentos e, fundamentalmente, equipamentos didácticos, fundamentalmente equipamentos informáticos; que se poñan a traballar para corrixir en serio e non con propaganda a fenda dixital; que doten os centros educativos que implantaron a FP básica hai nove meses de recursos e de materiais didácticos –¡creo que non será tanto pedir que despois de nove meses os centros reciban algo!–; que eviten que ningún neno ou nena de ensino obrigatorio quede sen comedor ou quede sen libros de texto. Vostedes din que todos van ter libros de texto. Isto non está garantido, señor conselleiro; non está garantido con ese sistema tramposo que vostedes chaman pomposamente “sistema de gratuidade solidaria”, que nin é

gratuito, nin é solidario. Estaba garantido o sistema de préstamo universal.

Por certo, señor Fariñas, claro que lles daba traballo aos centros, ¡faltaría máis!, pero os directores sabían organizar, falaban cos profesores, cos titores e cos departamentos de organización e organizaban as cousas, claro que o facían, e saían adiante, pois por suposto que si. Iso é así. Ben, pero agora mesmo hai un malestar moi profundo, vostedes saberán por que se realmente as ANPA están pedindo algo que é totalmente inxusto, están –creo– bastante enfadadas. Vostedes dirán se iso é así ou non, pero toda a percepción que temos a sociedade é así, e vostedes pódeno seguir negando.

Creo que tamén é momento de repoñer o que se leva gastado, ou sexa, para os centros, para gasto de funcionamento, tamén perderon moito nese apartado; que tamén se repoñan as condicións das propias universidades, que perderon tamén unha cantidade tamén moi importante de recursos; que busquen vostedes ese consenso lingüístico perdido; e, finalmente tamén, que intenten facer algo entre as diferentes consellerías para recuperar a emigración da nosa xuventude. Polo tanto, señor conselleiro, creo que son medidas que se poden facer se vostede ten vontade política, se vostede ten sensibilidade e se vostede ten, realmente, marxe de manobra.

Señor Fariñas, non se preocupe, nós poñeremos esa maquinaria a funcionar para intentar gañarlles as eleccións, non teña ningunha dúbida, sen acritude, non se preocupe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Docasar.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fariñas.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Ben, espero que intenten vostedes gañar, nós tamén o intentaremos e veremos a ver quen convence ou quen non convence. E veremos a ver se chega con balbordos na rúa ou se realmente a xente é bastante máis intelixente do que moitos

políticos pensan e votan con sentido común, e votan polo que lles convén e non polas publicidades que algúns largan de distintas formas. Entre outras cousas, espero que teña vostede os arrestos de envolverse en non sei cantas lle farán falta bandeiras de España para dicir que é vostede do Partido Socialista *Obrero Español*, e veremos a ver con que contornos nos axudan a facer a nosa campaña electoral e a ver se todos defendemos o que defendemos ou dicimos que si defendemos como España ou non. Veremos a ver, cada un terá que dar as súas explicacións, nós daremos as nosas, non lle caiba a menor dúbida.

Respecto dos libros de texto. Si, pero ¿que pasa?, ¿que os equipos directivos, os equipos docentes, os departamentos, as titorías, cando gobernaban vostedes eran supercompetentes e eran capaces de organizar a repartición de libros, e agora que goberna o Partido Popular vólvense torpes e non son quen? ¡Home!, serán igual de capaces de organizar un banco de libros, e ademais se contan co apoio das ANPA, que foron as que pediron por activa e por pasiva que se fixera este banco de libros. E agora que se lles concede a venia do banco de libros están todos en contra. Claro, isto dicía vostede que todo obedece a un malestar.

Pero, claro, é que as formas de interpretar os malestares son variopintas. Malestar cos libros, claro igual que malestar coas probas de avaliación de diagnose, sexa en cuarto, sexa en terceiro. Eu tiven a oportunidade de facer as de cuarto no meu colexio e, claro, como lles explicaba eu aos nenos co que se ían encontrar ese día. ¡Ah!, pois explicáballe con toda a normalidade, como unha actividade máis dentro do proceso de avaliación continua. Claro, eu non chegaba a principio de curso e dicíalles: este ano ídevos enterar, a final de curso imos facer un exame que o que non aprobe non vai pasar de curso; xa veredes, difícilísimo, tedes que estudar todo o curso para facer... Non, non, normalidade absoluta, unha actividade máis dentro da avaliación continua; cousa que vostede quere obviar, e obvia no seu discurso, porque lle dá a gana. ¿Quen?, ¿en que páxina das novecentas trece que ten o decreto atopou vostede que se vai suprimir a avaliación continua? A min gustaríame que me dixera onde está, porque eu lino pero non o atopei, de verdade que non, señor Docasar. Gustaríanos que nos explicara onde está, non aparece.

Señor Pombo, con todo o respecto di vostede que falou de fracaso, volver ás políticas do fracaso. ¿A cales se estaba

referindo?, ¿ás de antes? Porque volver ás políticas do fracaso, son as de antes. As de agora, lamentablemente sen ser as que desexaríamos que fosen, son moito mellores que as que había cando chegamos. Avalíe vostede calquera dos informes internacionais e vexa as competencias básicas, sobre todo a competencia en Matemáticas, a competencia lingüística. Mire vostede a ver cales eran os datos daquela e os datos de agora. Curiosamente as dúas competencias que se avalían na proba de terceiro, esa proba que todos aquí demonizan, pero que vostedes acompañaron cando gobernaba o bipartito, loxicamente que era o que había que facer: cumprir as leis. Que nunha cámara lexislativa estar falando de cumprir as leis parece o colmo dos colmos. Pero non, vostedes, cando tiveron que facer a transposición, ¿verdade?, ao ordenamento autonómico da LOE fixérono con toda a normalidade, e daquela non eran as cuestións que se dicían hoxe, ¿verdade que non? Nin era usurpadora, nin invasora, nin centralizadora; non, non, era unha lei normal e corrente, democrática, aprobada nun parlamento nacional igual que a de hoxe, e aquí pasámola ao noso.

Señorías, modelo de agrupación —di vostede— do ensino rural. Modelo de agrupación, ¿cal prefire?, ¿o noso ou o seu, o que vostede apoiaba?, ¿cal prefire? Nós preferimos claramente o noso, porque vostedes ¿cantas unidades...? Mire, o último ano de Goberno bipartito, vinte e oito pecharon vostedes; o ano pasado seis. O baremo para pechar unha unidade ou agrupala con outra, menos de nove alumnos, con vostedes menos de nove alumnos; con nós, menos de seis. É dicir, moito máis flexible.

Remato, señor presidente. Señor Vázquez, eu non lle vou discutir aquí absolutamente nada sobre a estigmatización dos nenos nos comedores, por suposto que non, e respecto absoluto ao señor alcalde de Santiago, absoluto. Agora ben, hai que repasar os diarios de sesións, e o día 11 de xuño tivo vostede unha intervención aquí na que falaba, precisamente, disto. Ademais, señor Ron, levábano vostedes no programa electoral, co cal non me pode acusar a min aquí de dicir nada que non corresponda. O que si lles volvo lembrar é que tamén me acordo da sesión na que o entón portavoz, voceiro do Grupo Parlamentario Popular tivo que aguantar as de *Dios es justo*, ¿verdade?, desas filas que vostede representa hoxe tamén.

Polo tanto, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Fariñas.

Turno de peche, señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Iglesias, vostede intentou emendar un erro respecto á terminoloxía que utilizou aquí de secuaces, en ningún momento vostede falou dos bispos, vostede falou dos profesores que van aos centros públicos; foi ao que vostede denominou “secuaces”. Intentou emendalo na súa segunda intervención, pero en todo caso creo que vostede chamou secuaces aos profesores de Relixión, e creo –supoño eu– que non é un cualificativo que mereza ningún profesional.

Señor Pombo, ensino rural, xa o dixo o portavoz Fariñas. Eu só dou un dato: o bipartito, Goberno PSOE-Bloque, unha unitaria con seis alumnos pechada; actualmente unha unitaria con seis alumnos aberta. A partir de aí, literatura vostede a que queira, pero eses son datos reais.

Eu nestes meses que levo como conselleiro tiven a sorte de visitar moitos centros educativos, e teño falado con moitos, con moitísimos profesores, e, obvivamente, hai problemas, hai cuestións concretas que hai que ir arranxando, normalmente sempre hai problemas nos centros educativos. Agora, o que vexo é moita normalidade, e vexo moitas ganas de facer as cousas, e vexo tamén moito apoio do profesorado a proxectos educativos impulsados polo Goberno da Xunta de Galicia, como o Abalar, os contratos-programa, o plurilingüismo, moito apoio, e vexo moita implicación. Non vexo ningún ambiente prebélico, non, vexo implicación do profesorado. Co cal, vostedes buscan dun xeito deliberado exaxerar, pero creo que están un pouco exaxerando.

Como vostede tamén exaxera, señor Pombo, cando di que só unha minoría dos nenos e das familias teñen axudas económicas para recibir os libros. Esa minoría que vostede di é o 70 %, esa minoría que vostede di é o 70 % dos nenos e das nenas e das familias deste país. O 30 % restante, que afortunadamente teñen recursos suficientes para mercar os libros, é lóxico que os merquen. Estaremos de acordo niso, ¿verdade?

de? ¿Estaremos de acordo niso? Esa minoría, segundo vostede, do 70 % son aquelas familias que van estar nos fondos solidarios de bancos de libros, que son bancos públicos de libros de texto, e van recibir os libros, non só os que son axudados a mercar con apoio da Administración, senón aqueles que as familias voluntariamente desexen depositar. E aí hai un erro conceptual importante. (*Aplausos.*) Aquí hai un erro conceptual moi importante. Mire, as familias non lle dan os libros á Xunta, as familias non lle dan os seus libros á Administración; as familias danlles os seus libros aos nenos e ás nenas que máis o precisen. Ese é o seu erro conceptual, que pensan que os libros van para a Xunta; non, non, non, van para un fondo solidario, para un banco público de libros de texto, e dende aí redistribúenselles ás familias que máis o precisan. Creo que ese é un erro conceptual importante.

Igual que é un erro conceptual importante que se dixo por parte de todos os portavoces respecto aos contidos dos libros. E dinnos: os libros LOE e os libros LOMCE non son compatibles. ¿Vostedes, algún de vostedes revisou os contidos dalgún libro de LOE e LOMCE?, ¿fíxérono? Eu teño aquí uns libros, á parte dunha asignatura que en teoría é complexa, porque se fragmentou. Pero teño Coñecemento do Medio de terceiro de primaria, libros da LOE, e teño os libros de Naturais e de Sociais da LOMCE. Se vostedes repasaran os contidos destes libros daríanse conta de que en torno aproximadamente do 90 % dos contidos son os mesmos. ¿Por que? Porque a LOMCE non plantexa un cambio de contidos, plantexa un cambio de metodoloxía, un cambio da forma de facer aprendizaxe por parte dos profesores. E os libros, vostedes aquí tamén o defenden, son unha ferramenta pedagóxica. E hai profesores, que seguro que vostedes aplauden, que dan as aulas sen libros, ¿verdade?, que utilizan os seus propios materiais, que organizan os seus propios materiais con contidos dixitais. Están de acordo, ¿non? Ou mesmo que fan proxectos educativos a través de contidos transversais. Pero, ben, vaian vostedes consultar os libros da LOE e da LOMCE e busquen vostedes esas diferenzas brutais que plantexan.

E, efectivamente, señor Vázquez, o tema político está complicado. Está complicado, e está complicado en todas partes. Quizais teñamos a soberbia intelectual ou a soberbia curtopracista de pensar que o que sobe non baixa. As mareas soben e baixan, ¿non? Iso é algo obvio. Incluso ás veces tamén estamos vendo como algúns partidos sacan os seus

uniformes, deixan as súas siglas, algúns pois están intentando voltar de onde saíron. É dicir, as cousas están complicadas, as cousas están complicadas e vai por moitos barrios, e non sexan tan soberbios porque o que sobe sempre baixa, ¡eh! O que sobe sempre baixa, e hai moitos partidos que agora... *(Aplausos.)* ...ata están falando de cambiar os seus nomes. Eu creo que vostede é de Esquerda Unida, que agora di que deixa o seu nome aparcado, que quere integrarse... Ben, vostedes verán, eu non lles vou dicir nada, pero vostedes xa son maiorciños afortunadamente.

Agora, a min o que me parece francamente cuestionable é que vostede critique a formación profesional básica; francamente cuestionable, porque á parte demostrou que non a coñece. Vostede dixo que non daba títulos e que non daba saída educativa. Vostede debería saber que aqueles alumnos que despois de dous anos cursan formación profesional básica van ter unha titulación. E tamén debería saber que é un curso ponte para entrar en grao medio ou para entrar en ESO. Creo que iso o debería saber, porque dicir que os alumnos que van á formación profesional básica van a un itinerario sen saída é francamente mentira, sen ir máis lonxe.

E a min gustárame –non sei se o fixo vostede– que visitase algún grupo de formación profesional básica, que vira o que están facendo, que vira o seu traballo e que vira tamén os problemas que hai de aprendizaxe e de integración en moitos destes grupos de formación profesional básica. E despois que fale e despois que o cuestione; despois cuestióneo, crítico. Pero non veña aquí dicir que a formación profesional básica non é unha plataforma educativa de grande interese para aqueles alumnos con máis dificultades educativas, por moitos motivos. É que se está facendo unha tarefa magnífica nos centros educativos con estes alumnos, con grupos que están traballando dende o punto de vista profesional con grandísimo nivel e con moitos alumnos, que ao mellor se non fose por esta rama educativa irían directamente ao fracaso escolar, e deste xeito continúan nun itinerario, van ter un título oficial e poden dar o salto a outras liñas educativas. Co cal creo que aí debería ter un pouquiño máis de prudencia, porque se non a ten pásalle o que lle pasa nos comedores escolares, onde parece que vostede xa non se acorda do que votamos o ano pasado, que dixemos que a Administración educativa poñería ao dispor dos servizos sociais municipais as súas instalacións se eran precisas. Afortunadamente, ou non afortunadamente, non o sei, non o sei, iso queda a

gusto de cada un, vostedes agora están a facer o que cuestionaron moitísimo. Co cal cando vostedes se dean contando que é a formación profesional básica farán como agora: ben, pasabamos por aquí. *(Murmurios.)*

Xa estamos acostumbrados a esa liña de acción política, pero certamente esa liña de acción política ao final supón unha perda de credibilidade. E iso aplicaríallo ao señor Docasar. Porque que nos veña aquí o Partido Socialista, o seu representante, cuestionar o tempo de tramitación do decreto actual de ESO máis de bac cando o Partido Socialista durante o Goberno bipartito no ano 2008 puxeron en marcha a LOE e se publicaron en setembro, ¡manda, señora Soneira, chover na Habana! *(Risos.) (Murmurios.)* Manda chover na Habana que vostede veña aquí dicirnos iso, cando a súa memoria se tivese un pouquiño non sei se dicir de “por favor” se daría conta de que iso non ten ningún peso, porque vostedes fixérono ou aprobárono en setembro.

E mire, tamén vostede falou de cargos públicos en precario. O Partido Socialista ten bastantes, ¡eh! *(Risos.)* Bastantes, ¡eh! Nós menos, nós temos menos en precario. Algúns temos, pero o Partido Socialista si que pode presumir de estar en precario en moitísimas institucións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En todo caso, eu quixera ir rematando e quixera plantexar que en política, obviamente, a discrepancia é positiva. É positiva porque é posible que nós ás veces nos equivoquemos ou vostedes tamén se equivoquen, é posible, é posible, e seguramente será. Pero eu ao que non acabo de toparlle un fío condutor é á constante crítica que por parte da esquerda, en xeral, se fai a calquera iniciativa educativa por parte do Partido Popular. A min dáme a sensación de que vostedes cren realmente de que teñen o monopolio absoluto da educación e que o seu modelo educativo é o bo. Eu véxoos moi reticentes ao cambio, véxoos moi inmovilistas, véxoos conservadores, rexeitan absolutamente calquera iniciativa de mellora, calquera innovación educativa. Están presos dese dogmatismo partidista que lles dixen antes, que lles impide ver máis alá –digamos– do seu veo partidista. Porque, claro, despois caen do cabalo, e ao cabo dun ano danse conta: ¡Ah, ben, isto non era tan malo! Era bo, hai que pedir máis ou temos que aplicalo nós. Iso é o que están vostedes planteando, por iso falo dese dogmatismo que os levou a dicir que hai que derrogar unha lei cando aínda non estaba nin pre-



sentado o anteproxecto. É dicir, se vostede busca dogmatismo terá que ver como somos capaces ou como unha formación política é capaz de dicir que vai derrogar unha lei cando nin tan sequera cando non se coñecía. ¿Por que? Porque a nosa é a boa e a do Partido Popular neste caso é a mala.

En todo caso, nós dixémolo e insistimos: nós estamos a plantexar un modelo educativo que aposta por dous piares, que seguro que o compartimos –digamos– ambos os espectros do arco político: máis calidade educativa. Nós demostrámolo. Os indicadores de resultados educativos melloraron nos últimos anos, notablemente, informe PISA. Outra cousa é que o informe PISA non valla para nada, segundo teño escoitado dalgún portavoz desta Cámara. Ben, se non vale para nada, se é neoliberal, etc., non vale para nada. Pero se lle facemos caso a este indicador ou a estes indicadores que nos dan unha visión comparativa, pois eu creo que aí temos mellorado.

E temos mellorado tamén en equidade. Reduciuse moi notablemente o abandono escolar. Estanse plantexando itinerarios, itinerarios educativos para aqueles alumnos que máis o precisan e itinerarios educativos que permiten que os alumnos poidan formarse con base nas súas actitudes e con base nas súas demandas. E iso é moi positivo.

E tamén estamos apostando por unha xustiza redistributiva dos recursos, para que aquelas familias que poidan aportar comedores, libros, unha cantidade económica aos servizos complementarios o fagan, e aqueles que non, en libros o 70 %, en comedores o 80 %, reciban e sexan usuarios absolutamente gratuítos. Para nós iso é xustiza redistributiva; vostedes prefiren o café para todos, é a súa política de café para todos. Nós pedimos unha política redistributiva en función do nivel de rendas e acceso aos servizos en función da renda.

En todo caso, –como xa dixemos– vostedes levan tempo anunciando que van derrogar a LOMCE, xa o anunciaron antes de que estivese unha liña escrita. É un dogmatismo e un posicionamento ideolóxico respectable, aínda que, obviamente, non o compartimos.

Pero eu quixera, xa para rematar, dicir que a implantación dunha lei orgánica é obrigada, e nós estámolo a facer en tempo e forma, como é o caso, cos currículos de ESO e de

bac. Moito antes, por certo, do que se fixo noutros gobernos. E fomos quen, pese ao que vostedes soen dicir, de incorporar achegas construtivas que se fixeron, de moitas achegas construtivas; sen ir máis lonxe na mesa sectorial, incrementando as horas de Filosofía. Fixémolo, temos capacidade para poder dialogar e aceptar críticas e mellorar o documento, para outros a única crítica pois é matar a lei. Ben, non estamos de acordo.

En todo caso, e xa para rematar, dicir que o Decreto de ESO e de bacharelato será elevado ao Consello da Xunta o próximo xoves 25, para que os centros, as familias, os alumnos e as alumnas, o conxunto da comunidade educativa, poidan matricularse sen ningún tipo de problemas e tendo encima da mesa as regras que van rexer os próximos cursos académicos nestas áreas. Creo que é un traballo que se fixo dun xeito responsable, onde a Administración educativa, os funcionarios públicos se implicaron fortemente, onde se recibiron achegas por parte de órganos de consulta participativa. E creo que iso ao final demostra que hai detrás de todo este proceso un traballo serio e un traballo rigoroso, especialmente se o comparamos con outras épocas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto 4º da orde do día, que corresponde co de mocións.

**Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación do sector lácteo**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** A esta moción presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Mixto.

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada María Tereixa Paz Franco, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:*

*“7.- Revisar a aplicación das axudas da PAC en Galiza en relación cos pagos por enverdecemento para evitar as perdas que a actual normativa lles provoca aos e ás gandeiras e adoptar as medidas necesarias para garantir que os pagos correspondentes ao ano 2015 se realicen antes da finalización deste ano.”)*

*(O G.P. Mixto, por iniciativa da súa deputada e portavoz Consuelo Martínez García e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.*

*Emendas de modificación e de adición.*

*Débese substituír o texto do punto 1 da proposición non de lei polo seguinte:*

*“1. Establecer un foro de diálogo permanente a nivel galego entre o sector produtor, a industria, distribución e Consellería de Medio Rural e do Mar.”*

*Así mesmo, débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:*

*“7. Elaborar un conxunto de medidas específicas de apoio á agricultura e gandería ecolóxica co orzamento para poñer en marcha as este tipo de iniciativas, promovendo a declaración e cultivo da terra libre de tranxénicos e produtos fitotóxicos.”)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para formular a moción ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes.

Todo o que sobe baixa. Conseguimos entre moitos que o Partido Popular fale máis das mareas ca nós, están todo o día preocupados coas mareas. E claro que todo o que sobe baixa, agora tocoulle ao Partido Popular estar baixando nas últimas eleccións, incluso nas autonómicas, e soben as mareas, e baixarán as mareas. Pero ¿sabe o que pasa? Que vostede é de

Lalín, eu vivín en Sada toda a vida, que cando baixa a marea despois xa a praia non queda igual, faise limpeza normalmente e xa a praia queda diferente que antes. E iso é o que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso é o que vai pasar coas mareas. Por exemplo, xa a laicidade das institucións, etc., nada vai volver ser o mesmo; xa se atreveron a facer o que deberían de ter feito outros representantes políticos antes. E iso vai sentar un precedente, e entón nada volverá a ser o mesmo nas mareas.

Nós non nos envolvemos en bandeiras nin en siglas porque non é o noso obxectivo. Son medios, non fin en si mesmos. Entón, escollemos en cada momento os instrumentos máis necesarios para responder ao que nos pide a cidadanía. E o que nos pediu a cidadanía é unírnos para acabar coas políticas que os están empobrecendo.

E, por outra parte, non é unha boa maneira de pensar para o Partido Popular se está esperando pasivamente a que baixe a marea, porque a Marea non subiu tampouco por un determinismo, senón que subiu porque vostedes fixeron mal as cousas.

E vou falar do leite, que xa vai sendo hora. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Fago hoxe unha moción derivada da Interpelación sobre o sector lácteo do anterior pleno, cunha serie de propostas concretas que derivan á súa vez da identificación e dos problemas deste sector que leva a que hoxe en día esteamos nun momento no que os gandeiros están cobrando o leite dende hai meses por debaixo dos custos de produción, onde non hai aínda, a pesar dalgunhas voces triunfalistas, garantía de que se recolla o leite a todos os gandeiros, onde segue habendo un desequilibrio na cadea de valor, onde se seguen impondo as condicións tanto de prezo como outro tipo de condicións aos gandeiros, onde se seguen a facer prácticas de venda á perda ou de venda do leite como produto reclamo, onde seguen sen ser efectivas as políticas de mobilidade de terra, etc.

Nós cremos que esta situación deriva en gran parte, por un lado, da incapacidade da Xunta de Galicia e do Goberno do Partido Popular de resolver os problemas estruturais do sector lácteo que lastran a súa competitividade no final do sistema das cotas e, doutro, dunha falta de política estratéxica a medio e longo prazo. Falta de política estratéxica que fai que non se puxeran en marcha con tempo suficiente os

mecanismos para que cando acabasen as cotas, que xa estaba anunciado o seu fin no 2015 dende hai anos, pois os gandeiros galegos tivesen menos desvantaxes das que teñen hoxe en día.

Vou ler un informe que fixeron científicos do CIAM en Mabegondo no ano 2009. Ese centro de investigación ao que se lle reduciu o 36 % de persoal investigador, pero que ten xente que sabe do tema, aínda que a Xunta lle faga pouco caso. Dician no ano 2009 este grupo de expertos: “Sempre resulta difícil realizar predicións de futuro. Sen embargo, si podemos adiantar con seguridade algúns cambios e aventurar outros. Sabemos que o sistema de cotas vai ser abandonado en 2015, podemos prever un incremento do mercado internacional do leite, o encarecemento do petróleo e o endurecemento dos estándares e restricións medioambientais.

A supresión do sistema de cotas pode levar a unha redistribución rexional da produción do leite cara a zonas máis competitivas, ben debido á proximidade dos grandes centros de consumo, á fortaleza do seu sector industrial ou aos seus recursos naturais propios.

Galicia non pode competir pola súa situación xeográfica nin pola súa industria de transformación, pero si podería aumentar a súa produción de leite en base á súa capacidade para a produción de forraxes. Para iso sería necesario poñer en valor, para a produción do leite, a superficie agraria útil abandonada nos últimos anos.

O encarecemento dos pensos non penalizará tanto o sector do leite como outros sectores posto que, como vimos, –perdón, da electricidade– se se inviste en aumentar a capacidade de almacenamento de purín, pódese minimizar a dependencia dos fertilizantes minerais.

Sen embargo, ante o encarecemento dos concentrados, as explotacións galegas –máis consumidoras de concentrados que as europeas– están en peor situación que as dos nosos veciños europeos do norte. Previsiblemente as explotacións galegas se verán forzadas a adquirir superficie en mercado de terras caro e pouco transparente. Isto dicíase no ano 2009.

Tamén falaba este informe sobre as actuacións que se debían levar a cabo na política industrial, que debían ser máis selectivas e menos xeneralistas.

Nada disto se preveu, non houbo ese plan estratéxico do sector lácteo que anunciou o señor Juárez, non houbo unha política a medio e longo prazo e, polo tanto, seguen sen solucionar os problemas estruturais.

Propoñemos que haxa unha mesa de diálogo, chamémoslle como se queira, onde se senten a industria, a distribución, os produtores e a Xunta de Galicia, un marco de diálogo galego. Non sei se o Partido Popular é capaz de sentar nunha mesa todos estes axentes, pero é urxente. Xa que sempre están dicindo que o sector lácteo ten que ir unido, que se senten inmediatamente para solventar os problemas que hai en Galicia.

Que se implemente un plan estrito de control á distribución. Compareceu a directora xeral de Comercio e deunos os pobres datos da actividade da Xunta en canto ao control da distribución, que é fundamental porque os prezos da distribución presionan cara abaixo e sabemos que as mesmas prácticas que hai noutras comunidades autónomas, onde si que hai sancións á distribución, ou as mesmas prácticas que hai en Portugal, que impuxo sancións por dous millóns e medio de euros no ano 2014, en Galicia cero euros de sancións á distribución.

Que se intensifique o control sobre os contratos que está a ofrecer a industria, que está a impoñer a industria sobre os gandeiros. O mesmo que os sindicatos denuncian contratos ilegais, a Xunta de Galicia debería estar actuando e presionando a industria para que non o fagan.

Medidas financeiras de apoio a un escenario postcotas. Unha das desvantaxes que tamén atopan os gandeiros galegos con respecto aos europeos neste escenario despois das cotas é que teñen un endebedamento maior, sobre todo polo seu esforzo en tecnoloxía e en compra de cota. Polo tanto, unha política específica de apoio financeiro.

Na política industrial gustaríanos saber se hai ese Plan sectorial estratéxico que se incluía na Lei de industria de Galicia que ía facer sobre o sector lácteo. Hai que ter unha idea clara do que se quere facer en canto á transformación industrial do leite neste país, non se pode ir dando paos de cego e darlle diñeiro a calquera que veña cun proxecto, hai que ter unha idea do que se quere e a Xunta de Galicia, que nós saibamos, non.

En Europa, sen contar co Estado español, nos países europeos investíronse entre os anos 2012 e 2014 5.330 millóns en proxectos industriais e isto non é casualidade. Todos os países europeos fixeron un esforzo por fortalecer o seu tecido industrial agroalimentario ante este escenario postcotas. 5.330 millóns de euros. ¿Canto en Galicia? Pois bastante menos.

E, por último, tamén o problema das terras. Unha vez aprobada esa marabillosa Lei de mellora da estrutura agraria de Galicia, o que si cómpre é un plan onde se fixen recursos e obxectivos para conseguir esa mobilización de terra, que é unha cuestión que non depende de nada máis que da vontade política do Goberno galego.

O 50 % dos custos de produción das explotacións galegas son debidos á compra de alimentos fóra da explotación, pensos e forraxes. Temos unha marxe moi ampla para reducir o custo de produción.

Despois, con respecto á cadea de valor, as fracasadas políticas do Partido Popular cando define como obxectivo que non se produzan abusos de posición de dominio fan que haxa que replantexarse estas políticas. A administración non pode ter o papel pasivo que está tendo hoxe en día, ten que ter un papel activo de vixilancia de que se cumpre a normativa en toda a cadea de valor. Ten que ter un papel activo que non está tendo neste momento, un papel activo que teñen outros países europeos, un papel activo como ten, por exemplo, a administración francesa que senta cada dous por tres todos os elementos da cadea alimentaria e alí tamén rexen as leis da competencia europeas que rexen en Galicia e non é inconveniente para se senten, dialoguen e cheguen a acordos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Boa tarde a todas e a todos.

É imprescindible, como xa teño dito outras veces, apoiar o sector lácteo porque a situación, lonxe de mellorar, empeo-

ra. Contratos lixo como resultado da lei da selva que a Xunta consente sen intervir. Xa se puxo mil veces de manifesto por todos os grupos da oposición e polos representantes do sector o momento especialmente difícil que está a vivir o sector lácteo como consecuencia da desaparición das cotas.

Xa teño insistido en que a desaparición das cotas é tamén unha oportunidade se Galiza é quen de aproveitar as vantaxas comparativas para producir leite de mellor calidade. Xa o dicía o voceiro de AGE: a terra galega é unha terra cun gran potencial para a produción de forraxes de alta calidade.

O apoio á creación ou recuperación das explotacións leiteiras familiares debería ser unha prioridade. Pero o sector lácteo e as labregas e os labregos non son os únicos que sofren as consecuencias das nefastas políticas do agro, é Galiza enteira a afectada pola renuncia á soberanía alimentaria, que non é outra cousa que a produción de alimentos de calidade suficientes, que ten que ser unha liña estratéxica do próximo goberno galego –no que seguramente, e iso espero, vostedes non estarán– non só pola obriga de poñer alimentos de calidade á disposición das persoas consumidoras, por repoboar o agro, para manter o equilibrio ecolóxico senón tamén pola repercusión que o sector primario ten no produto interior bruto.

É preciso o apoio ao sector lácteo con orzamento para paliar os efectos negativos que as explotacións existentes terán que abordar neste primeiro ano de desaparición do sistema de cota láctea.

É necesario apoiar o sector lácteo e aproveitar a oportunidade para aumentar as explotacións familiares mediante a recuperación ou creación de novas explotacións lácteas.

Unha demanda constante do sector produtor é a necesidade de establecer un marco de relación entre produtores e empresas lácteas coa mínima estabilidade que posibilite a planificación na produción e na industria e a supervivencia económica de ambos. Só reclaman rematar ou minorar os efectos da lei da selva que van rexendo as relacións entre produción, industria e comercialización que tivo sempre as labregas e labregos como vítimas.

As practicas oligopolistas das empresas son sancionadas cunha multa de 80 millóns de euros por un beneficio ilegal

dez veces maior. Ademais, se a lei da selva non o remedia, os predadores non van ter ningunha dificultade en facerlles pagar os 80 millóns en pouco tempo as vítimas.

Do paquete lácteo xa falamos tamén. O Real decreto 125/2015, do 27 de febreiro, confirmou que non ían protexer aos produtores en nada e así está a ocorrer. E o Goberno galego, submisivo –como sempre– diante dos poderosos, achanta ante a imposición da industria e a distribución. Ou hai intervención pública para protexer os máis febles ou a pasividade levará á ruína a maioría do sector lácteo galego.

Non serven de nada as boas palabras da conselleira contando unha e outra vez que vai falar ou falou coas empresas, coa distribución e cos gandeiros e gandeiras. A conselleira non ten que ir falar, ten que ir escoitar porque o que non fai o Goberno galego é escoitar, sempre veñen contar a receita para que os demais a acepten si ou si, pero néganse a escoitar cales son as verdadeiras preocupacións e reclamacións dos galegos e das galegas.

É precisa unha intervención pública que free a avaricia irresponsable das industrias que ou non queren facer contratos ou ofrecen prezos aos gandeiros que saben que están por debaixo do custo de produción.

Cómpre gobernar, e gobernar e aplicar políticas que respondan aos intereses da maioría social. E agora os intereses de Galiza reclaman un goberno que estea do lado dos gandeiros e das gandeiras e non do lado da distribución e da industria que os esmaga. Por iso, cómpre exixir o fin da complicidade das administracións coa industria e a distribución.

Polo tanto, anuncio o meu apoio a esta moción aínda que presenteí unha demanda de adición para promover tamén a agricultura e a gandería ecolóxica e a protección da terra de transxénicos e de produtos fitotóxicos no uso da agricultura.

Nada máis. Vou dar o apoio á moción independentemente de que se acepte ou non se acepte a emenda. Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Eu creo que como todos e todas as que estamos aquí presentes aspiramos a que os debates que suscitamos e que realizamos nesta Cámara sexan útiles para a sociedade, neste caso para os produtores lácteos e o conxunto da poboación rural cuxa economía e dinamismo social dependen en gran medida da vitalidade da permanencia deste sector económico, eu vou propoñer darlle a volta ao debate. Porque creo, francamente, que no relativo ao sector lácteo, os debates que levamos tendo sistematicamente nesta Cámara dende hai moitos meses, presentando diferentes, variadas e variopintas iniciativas por parte dos grupos da oposición, –unhas de mínimos, máis mínimos imposibles, outras medianas, outras de máximos, outras que van ao fondo, outras que pretenden simplemente resolver cuestións no plano inmediato–... Eu propoñoñolles aos señores e señoras deputadas que lle deamos a volta ao debate e que empracemos a señora García Pacín a que saia aquí e nos diga se o Partido Popular e a Xunta de Galiza están dispostos dunha vez a facer algo en relación co sector lácteo ou se imos seguir deixando que morra o sector e con el que tamén morran persoas.

Porque, claro, aquí como estamos tan afeitados a visualizar os debates só polo que pasa en Madrid e no resto de España, estamos todos moi concienciados coa xente que botan das súas casas, é normal que o esteamos. Pero non estamos nada concienciados coa xente que botan das súas explotacións e das súas terras porque tampouco poden pagar as débedas que teñen contraídas coas entidades bancarias e non estamos nada concienciados mesmo con persoas que se quitan a vida porque non poden facer fronte ás débedas que teñen contraídas coas entidades bancarias, (*Aplausos.*) mentres as entidades bancarias chegan a negarlles os anticipos en base ás axudas da PAC que xa teñen recoñecidas.

Por iso, señoras e señores do Partido Popular, ¿teñen vostedes pensado dunha santa vez facer algo en relación co sector lácteo? ¿Sí ou non? ¿Ou van consentir que os prezos do leite acaben estando, como xa están en moitas ocasións pero dunha forma xeneralizada, por debaixo dos 20 céntimos que están percibindo moitos gandeiros e gandeiras? ¿Ou van vostedes seguir permitindo esa chantaxe e esa extorsión que supón que primeiro os compradores, que as industrias mar-

quen unilateralmente canto ten dereito a producir cada gandeiro e canto non baixo a ameaza de non recollerlle o leite ao día, a semana ou ao mes seguinte? ¿Que teñen pensado vostedes facer, señoras e señores do Partido Popular, en relación cun primeiro comprador que ameaza con deixar de recoller enormes, inmensas cantidades de leite en toda a comarca de Deza e Tabeirós a partir do 1 de xullo? ¿Teñen pensado facer algo a respecto diso? ¿Ou que teñen pensado vostedes facer con Capsa, que ameaza os gandeiros mesmo con non deixarlles producir o 5 % a maiores do que producían o ano pasado de admisibilidade que establece o decreto que regula esta situación?

¿Teñen pensado seguir deixándolles que campen ás súas anchas?

Por iso, señoras e señores deputados, nós dende o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta iniciativa que, señor Sánchez, poderíamos dicir que é das rigorosas, das que aportan solucións tanto para o plano inmediato como para resolver cuestións máis de calado.

Por iso tamén consideramos que é moi meritória a emenda que presenta o Grupo Mixto e por iso nós tamén presentamos unha emenda que pretende facer fronte a unha situación moi inmediata e é que cada vez os gastos das explotacións son máis, os ingresos son menos e encima estes inútiles da Xunta de Galiza nin sequera son capaces de garantirlle aos gandeiros que van cobrar as axudas da PAC do 2015 durante o 2015. E por iso nós presentamos unha emenda para facer fronte a unha situación, a unha continxencia moi concreta, pero que no caso das explotacións pode devir en sumamente grave debido á súa situación.

Insisto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vai votar a favor desta iniciativa, igual que das pequenas, das medianas e das grandes que levamos presentado todos os grupos en relación co sector lácteo. Pero quero emprazar o Grupo Popular para que nos digan dunha vez se teñen pensado facer algo ou van seguir deixando que morra o sector.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista, señor García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Grazas, presidente.

Señora Paz, “o Goberno galego sempre estivo, está e estará ao lado do sector lácteo”. Desá frase non saímos nestes catro anos. Diciámoslle o outro día á conselleira, eu chamábala indecente no sentido ese; é dicir, estamos, quizais, ante a crise –non só por nivel de prezo senón polas dificultades engadidas e o novo escenario– máis grave dos últimos 30 anos. Repito, si que houbo prezos máis baixos, si que houbo dificultades máis baixas, pero o escenario era distinto: tiñamos unha ferramenta, que eran as cotas, que sabíamos que ía ser transitoria. Hoxe non temos nada claro que isto sexa transitorio.

E, sen embargo, a conselleira despois destes seis meses vén aquí sempre cun discurso prefabricado, preescrito e repetitivo, baixo todos os puntos de vista totalmente apático no sentido de que non di nada e con frases feitas. Diciámoslle, ademais, –e o señor Sánchez enumerouno hoxe aquí– que era unha crise totalmente previsible; é dicir, todo isto que está pasando era fácil, era probable, era seguro que pasase e todo o mundo que sabía un pouco disto o dicía.

Diciámoslle que en todo este tempo Galicia non foi capaz de liderar este sector a pesar do volume de gandeiros e do volume de leite que representamos e o que significa este sector neste país e que, polo tanto, deberíamos liderar.

Polo tanto, hoxe estamos na situación, ante esa liberalización do mercado que, en teoría, era para producir máis porque o escenario mundial ía necesitar máis leite e, polo tanto, non tiña sentido que estiveramos constrinxidos polo sistema de cotas –esa era a filosofía do modelo–... Bueno, pois ante esa liberalización que era para producir máis, efectivamente hoxe as explotacións galegas están cobrando a 20 céntimos, a 20 céntimos, e o 80 % de leite que produciron o ano pasado. É dicir, non só non poden medrar senón que non teñen garantida a venda da mesma cantidade de leite que produciron o ano pasado ou, cando menos, non teñen garantida a súa venda a un prezo unitario –e falamos de 20 céntimos, non falamos de 30 nin de 40–. Esa é a situación.

E ante isto, o Goberno galego non ten absolutamente nada que dicir salvo as frases feitas de sempre que eu xa lle teño dito á conselleira –non por nós, que eu o meu respecto doullo por descontado, senón por se alguén escoita aí fóra– que debería mudar.

Falabamos ademais da nefasta xestión. E isto é unha opinión por suposto, coma sempre, pero o que necesitamos é a contrarréplica desa opinión e é a iniciativa, é que nos propoñan cousas e é que nos digan algo que poden facer.

Eu tamén, como a señora Paz, o Grupo Socialista adhírese a calquera proposta que traia este goberno con respecto ao sector lácteo, xa nos guste máis ou menos, pero que traia algo. Levamos tres anos e pico aquí sen nin unha soa proposta con respecto ao sector lácteo. A nefasta xestión da PAC no reparto, a nefasta xestión no decreto do paquete lácteo, a nefasta xestión en Alimentos Lácteos, a nefasta xestión no último ano do pago da supertaxa –que os gandeiros galegos si que pagaron xa a supertaxa posto que alugaron cota, esa xa pagaron, xa a teñen pagada–. E isto é coñecido e sabido por todo o sector, por todos os axentes, por todos os gandeiros, excepto pola propia conselleira e polos membros do Partido Popular.

Pero isto todo é a demagogia da oposición e que somos malísimos. A realidade: hoxe temos os prezos máis baixos de Europa, como dicía antes non temos garantida a comercialización do que produciamos o ano pasado –é dicir, non estamos pensando en canto vamos crecer– e Galicia no mes de abril baixou un 7 % a súa produción. Esa produción incrementouse noutras comunidades autónomas que, loxicamente, están medrando en detrimento de Galicia e o Goberno –repito– sen unha proposta, sen unha análise da situación. ¿Que foi o que fixo mal? Se había que facer algo, ¿ou a conclusión é que non hai que facer absolutamente nada? Díganlo tamén. Díganos tamén se a conclusión é esa, que non hai que facer absolutamente nada.

Eu dicía que nos estabamos equivocando porque o escenario é distinto. Efectivamente sempre houbo oscilacións e este foi un mercado variable e, polo tanto, houbo prezos máis altos e prezos máis baixos, pero antes tiñamos un sistema que, efectivamente, nos ía protexer.

Pero non se equivoquen, señores do Partido Popular, hoxe, cando volva haber escaseza, que sen dúbida a medio prazo a haberá, non a cubriremos nós, non teremos a garantía porque estabamos blindados polo sistema de cotas. Hai outros países que collerán ese aumento de produción e, polo tanto, non vai vir o mercado puro e duro a arranxalo con este sistema en base a aquel sistema de cotas, xa non existe e, polo tanto,

vaise producir. E isto xa o dicía tamén a Unión Europea, que había que prever unha deslocalización da produción tanto entre estados como dentro do propio Estado e isto é o que está pasando.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** E vostedes están sen enterarse ou mirando para outro lado.

Efectivamente, señora Pacín, repito que o Partido Popular, apelando xa a que a conselleira non trae ningunha proposta, que nos propoña algo, que traia aquí... e eu prometo –repito– toda a benevolencia e aceptar case calquera cousa. O que non lle podemos dicir ao sector, baixo o noso punto de vista, é que levamos seis meses cun Goberno que non fala deste tema. No peor momento da historia do sector dos últimos trinta anos...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...–repito, non só polos prezos senón polo escenario–, o Goberno galego non di absolutamente nada deste tema, inhíbese e espera que pase o temporal.

Eu creo que, por desgraza para os gandeiros, o temporal por si só non vai pasar e, cando menos, precisa certa aptitude e actitude política que este goberno de momento non ten.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Pacín.

**A señora GARCÍA PACÍN:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Sánchez, no canto de mareas, eu creo que é máis acaído falar de inundacións, sobre todo de inundacións dos ríos, porque o PP inundou Galicia no seu momento e agora outros aproveitan o terreo fértil. Pero recorde vostede que as inundacións son cíclicas, volven sempre e o PP sempre regresa

cando se necesita fertilizar o que outros deixan arrasado. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Señoría, no debate anterior solicitámoslle medidas, actuacións ou propostas moi concretas que definiran a alternativa da súa formación. Materialízanse, como vostede dixo, en seis acordos: no foro de diálogo, no control, inspección e sancións á distribución, no control dos contratos, en medidas orzamentarias, nun plan específico da transformación, nun plan específico de mobilidade de terras e, seguramente –aquí non o anunciou pero xa llo anuncio eu– vai haber un 7 e un 7bis que van ser as emendas onde primeiramente se fai referencia ao *greening* e aos pagamentos das axudas da PAC e tamén á produción ecolóxica do leite.

Ben, señorías, todas as propostas que presentan para nosoutros non son novidosas, xa están a realizarse, foron implementadas polo actual Goberno, pola Consellería do Medio Rural e do Mar e algunhas en estreita colaboración e coordinación co Ministerio de Agricultura.

Vou intentar repetirme unha vez máis, aínda que sei que as miñas palabras non os convencen. Primeiro, señorías, non entendemos que falen vostedes dun plan de urxencia, entendemos que son necesarias actuacións puntuais a problemas concretos en novos escenarios, cousa que outros non fixeron cando tiveron ocasión e responsabilidade de goberno, señor García. E refírome a vostede cando este escenario de cotas sen cotas era previsible, pero non foron quen de artellar medidas específicas cando tiveron ocasión e agora demandan responsabilidade política.

Primeiro, foro de diálogo permanente. O foro que demandan, señorías, –e volvemos repetirnos– é unha interprofesional galega ou unha mesa do leite. En anteriores debates xa foi rexeitado. Existe unha interprofesional a nivel nacional na que Galicia ten o liderado e na que falta a distribución, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e mesmo a Consellería do Medio Rural, por boca da súa directora xeral, en Europa en xaneiro deste ano e en todos os foros onde alí se necesita, fai a mesma demanda unha e outra vez: a distribución debe estar incorporada á interprofesional a nivel nacional.

Pero ademais, señorías, rexeitamos ese punto porque en Galicia xa existe, en virtude dun decreto nacionalista, o

Observatorio do Sector Lácteo de Galicia onde están representados, onde teñen participación todos o chanzos da cadea, todos os chanzos do sector. Recordemos que os vogais son tres representantes da consellería con competencias, un representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias representadas no Consello Agrario Galego, un representante da Asociación de Cooperativas Agrarias de Galicia e tres representantes da Asociación de Empresas Lácteas de Galicia.

Recordemos tamén que este observatorio pode crear grupos de traballo para o estudo de temas concretos de interese para o mesmo, para o sector. Pero tamén recordemos que é habitual que a consellería se reúna con todos os axentes –representantes da produción, representantes da industria...–, como é o seu deber, como intenta sempre acadar negociacións e acordos frutíferos para todos.

Señorías, no seu punto número dous fala vostede de control á distribución. Sabe, porque en comisión así se dixo, que a consellería en coordinación coa Dirección Xeral de Comercio,... déronse os datos das inspeccións realizadas, dos expedientes sancionadores trasladados a quen corresponde, das accións doutros organismos galegos como o Consello Galego da Competencia. Existen inspeccións, son habituais os controis e tradúcense en sancións. Cuestións que vostedes ignoran, menosprezan.

Punto número tres, medidas de control aos contratos. Saben vostedes que se veñen facendo controis habitualmente. O Ministerio de Agricultura e Alimentación e as comunidades aprobaron o pasado 16 de abril un plan nacional –o terceiro, señorías, o terceiro– para controlar os contratos.

Punto número catro, medidas específicas de apoio ao sector lácteo con orzamentos, priorizando instrumentos financeiros. Señorías, unha vez máis, no novo PDR en coherencia e continuación dun PDR deseñado por políticas nacionalistas...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**A señora GARCÍA PACÍN:** ...son quen de artellar medidas onde o sector lácteo pode aproveitálas: incorporación de mozos, tecnificación das explotacións e mellora das mesmas. Sabe vostede que hai axudas directas do primeiro píar.



Realmente todas as cuestións que aquí vostede especifica e demanda... Elaborar un plan específico para un proxecto de transformación. Falaba vostede dunhas cifras a nivel europeo de cinco mil e pico millóns, en Galicia foron 138 proxectos con máis de 28 millóns. Eu entendo que vostedes non queiran ver a realidade, pero a realidade é teimuda, datos, cifras.

E, señora Paz, vostede...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**A señora GARCÍA PACÍN:** ...pode rir, pero no bipartito tamén pechaban explotacións ¿e son responsables ao mellor as políticas do PP das súas políticas que tamén foron nefastas? Realmente é moi doado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas. Grazas, señora Pacín.

**A señora GARCÍA PACÍN:** ...utilizar a demagogia cando convén e non apoiar o sector, que é o que é necesario, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o que os representantes do pobo deberíamos mandar e facer.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora García Pacín.

Réplica. Señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, pois supoño que hai cousas dos últimos puntos que lle quedaron á señora García Pacín, por falta de tempo, sen dicir, pero bueno.

Falaba de que hai unha interprofesional a nivel nacional, a nivel estatal, na que Galicia lidera. Ben, pois se Galicia lidera esa interprofesional, e resulta que en Galicia se perciben os prezos máis baixos de todo o Estado con moita diferenza, para moito non serve ese liderado. ¿Están traballando contra Galicia, entón? ¿Están traballando contra o país? Porque esa é a realidade. Lideran a interprofesional e resulta que hai unha realidade específica de Galicia, específica, que non ten nada que ver con Andalucía nin con Castela, que temos o 40 % da produción e os prezos máis baixos de todo o Esta-

do; con diferenza incluso se pasamos o río Eo para aí. Específica de Galicia.

Hai dez anos tamén había que traballar para mellorar o sector lácteo, claro que si, pero a diferenza é que se traballaba e agora non, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) agora non se traballa. Ben, entón algo pasa con ese liderado.

Non sei se a conselleira se reúne con todos os sectores, agora ben, sentalos a unha mesa todos xuntos non o fai, e nós cremos que é necesario, e o sector de produción cre que é necesario falar cara a cara coa distribución e coa industria, e a Administración xogando un papel activo. Ese é o único xeito de que se aplique a normativa e de que se impida o abuso por parte dunhas partes sobre o sector produtor. Porque se vostede me está dicindo que todo está ben no sector lácteo, falla o diagnóstico xa; non é que estean fallando as medidas é que falla o diagnóstico. Entón, sen un papel activo da Administración, que neste momento non ten, non se pode acabar con ese abuso da posición de dominio.

Porque, mire, eu si que lle fixen a pregunta á directora xeral de Comercio e si que me deu os datos: cero euros por sancións e en venda a perdas, ¡cero euros! Cando hai outras comunidades autónomas, con menos nivel de produción láctea, que xa puxeron sancións. ¡Cero euros! E empezouse a facer algo no 2015.

E despois, claro, vostede di que todo está feito. Si, todo está feito; mobilidade de terras, está feito; todo o que eu propoño está feito. Non está feito, non hai un plan para a mobilización de terras con recursos asignados, con recursos humanos e recursos técnicos. Non hai un plan estratéxico industrial; porque vostede falou de 28 millóns, as axudas e as subvencións todos as coñecemos, pero iso non significa ter un plan para darlle solución a todo o sector, plan do que carecen. O único que fixeron, que se podería considerar como estratéxico no sector, era Alimentos Lácteos, e mire vostede o que foi.

¿Que están facendo agora no eido industrial?, ¿que están facendo agora? A min non me dá a risa porque é bastante triste o que fixeron vostedes, é bastante triste a falta de ideas e de vontade política que teñen para transformar este país. Bastante triste que este Goberno teña unha total carencia de políticas a medio e longo prazo para o sector lácteo.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Nada máis e moitas grazas.  
(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Sánchez.

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento dos protocolos de violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** A esta moción presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada María do Carme Adán Villamarín, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Engadir un punto cuarto co seguinte texto:*

*“4. Desenvolver, cumprir e dotar en termos orzamentarios a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero”.)*

*(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a través do seu voceiro e por iniciativa da súa deputada, Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta as seguintes emendas a esta moción.*

*Emenda n<sup>o</sup> 1 de engádega.*

*Engadirase o seguinte:*

*“ 4.-Con carácter urxente establecer un diálogo multilateral entre os CIM, a Administración de Xustiza, Forzas e Corpos de Seguridade e os servizos de Benestar,Igualdade e Sanidade coa fin de establecer unha coordinación real que elimine procedementos innecesarios para as vítimas, mellore a*

*súa protección e facilite o acceso aos seus dereitos e aos recursos públicos.”*

*Emenda n<sup>o</sup> 2 de engádega.*

*Engadirase o seguinte:*

*“5.-Implementar plans de formación dos sectores antes mencionados de maneira extensiva, con especial prioridade naqueles de atención directa a vítimas e potenciais vítimas (urxencias sanitarias, atención primaria, xulgados, etc.) de tal xeito que todos e todas as profesionais adquiran habilidades na detección de posibles casos e coñecementos dos protocolos de derivación.”)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para a defensa da moción ten a palabra a señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Bueno, pois despois da ilustrativa interpelación do señor Rueda sobre o tráxico asasinato da muller de Verín, hoxe tócanos debater as propostas da nosa moción. Propostas que consideramos necesarias, que consideramos asumibles e que consideramos, dende logo, moi útiles. Polo que, sen dúbida, un grupo parlamentar tan pouco machista, tan pouco reaccionario e tan pouco conservador como é o Grupo Parlamentario do Partido Popular as vai apoiar con grande entusiasmo. Propostas que un Goberno tan pouco machista, tan pouco reaccionario e tan pouco conservador como é o Goberno do señor Feijóo, as vai aplicar, sen dúbida, con gran dilixencia e inmediatez. E propostas que un conselleiro como o señor Rueda, tan pouco machista, tan pouco reaccionario e tan pouco conservador, sen dúbida, as vai asumir como propias.

A verdade é que despois de escoitar a interpelación quedou clarísimo que o señor vicepresidente está tan interesado en entender e en explicar o que puido fallar en Verín como nós. Así que coa alegría e coa paixón que o caracteriza, con esa actitude tan dialogante, tan comprensiva, tan conciliadora que utiliza o señor vicepresidente sempre con todo o relacionado coa violencia de xénero, de seguro que vai aceptar as nosas propostas.

Por certo, que as mulleres galegas deberían de darlle as grazas ao señor Rueda por todas esas explicacións dadas sobre o funcionamento dos diferentes protocolos, tanto no ámbito da xustiza como da sanidade como dos Corpos de Seguridade do Estado. E, por suposto, dos cambios e das medidas que inmediatamente adoptou para corrixir os fallos deses protocolos e que nunca na nosa comunidade autónoma se volva repetir un caso tan tráxico como o da muller de Verín. Explicacións que ademais foron marabillosamente cumprimentadas pola voceira Popular. Por certo, voceira que non é a habitual, non é a voceira de Igualdade deste grupo. Teño que dicir que eu, nun primeiro momento, pensei mal de que fora a señora Prado a que interviñera, pensei que se trataba dunha estratexia partidaria para tapar e protexer o señor vicepresidente, moi debilitado polos acontecementos, pero, tras escoitar a señora Prado, inmediatamente entendín que o motivo da súa participación no debate non era outro que o de utilizar a súa experiencia inigualable neste tema. Sen dúbida, só ela podería ter dado datos tan concretos e tan aclaratorios do acontecido en Verín e do que temos que facer para evitar que volva ocorrer.

Eu a ese respecto só quero facer unha reflexión, señorías. Se esta deputada que lles fala, despois de máis de vinte anos traballando, exercendo, na sanidade pública galega, se non vira nin tratara nunca un caso de violencia de xénero, sería, sen dúbida, señorías, que algo estaba a facer mal. Seguro que non tiña actuado nin mirado en condicións. Pero, ironías aparte, o que nos quedou moi claro é que o señor Rueda se limitou a defenderse atacando; e, por certo, a protexer a actuación da xustiza —el saberá por que— coa manida desculpa do segredo de sumario. Mentres agora a cidadanía, alarmada e escandalizada —si, señorías da bancada dereita—, ve como a Fiscalía xustifica con criterios xurídicos que sexa a xuíza de Verín a que instrúa o caso; ou sexa, a mesma xuíza que, segundo parece, non considerou necesario protexer a vítima.

Señorías, ¿non se preguntan vostedes que pode estar pensando a xente? ¿Non se preguntan que poden estar sentindo as vítimas? Eu creo que deberían de preguntarse isto. ¿Talvez a Fiscalía cre que esa decisión vai ser ben entendida pola sociedade? Porque, se é así, a Fiscalía está moi alonxada da realidade, está cega ou só quere mirar para un lado. Por certo, que dado que a Fiscalía e o señor Rueda parecen ter un diálogo tan fluído para outras cousas, deberían de falar

tamén deste caso de violencia de xénero, para que lle aconsellara que non actuara a Fiscalía con criterios xurídicos, senón tamén con criterios de xustiza social.

Señorías, eu creo que xa é hora de deixar as hipocrisías a un lado e de admitir o que a calle di abertamente. E o que di a calle abertamente é que o Partido Popular se entende moi ben coa Xustiza. E non só o di, senón que ademais o pensa. Lamentablemente, a cidadanía desconfía da Xustiza, algo tremendamente nocivo para un país e algo que vostedes, señores e señoras do Partido Popular, propiciaron coa súa actitude. Claro que así, de paso, deterioran outro servizo público. Mentres xuíces, fiscais e conselleiro de Xustiza se protexen con segredos de sumario, con sumarios ocultos ou con maxistrados nomeados para e por o Partido Popular, o pobo retíralle a confianza e o respecto a todos eles.

Os socialistas hoxe propomos exactamente o contrario, abrir portas, abrir ventás, e ademais con toda urxencia. Que se realice unha investigación interna na Consellería de Xustiza e na Consellería de Sanidade para coñecer con claridade e con toda transparencia que fallou, pois está claro, señorías, que no caso de Isabel algo fallou. Que fallou, quen foi o responsable dese fallo, e, sobre todo, como podemos evitar que volva suceder no futuro. E non se entenderá, señorías, que o PP vote en contra desta proposta.

Tamén propomos que se recuperen os orzamentos para a igualdade ao nivel do ano 2009. Porque, aínda que o señor Rueda afirmou que se incrementou o orzamento, non é certo. No ano 2009 a partida orzamentaria para Igualdade era de máis de 60 millóns; no ano 2015 —con Feijóo e Rueda no Goberno— está en tan só 12 millóns. Esa diferenza dos 60 millóns do ano 2009 a tan só 15 do 2010, vostedes, señores e señoras do Partido Popular, pretenderon xustificalo con cambios de sitio nas partidas. Pero resulta que entre o ano 2010 e o ano 2015, no que non houbo ningún cambio nas partidas, os orzamentos para Igualdade seguiron baixando, de 15 a 12 millóns. Ou sexa, que a pesar de terlle retirado ao orzamento para Igualdade 47 millóns —se comparamos o que se destinaba no ano 2009 co que se destinou no 2010— ou de retirarlle 3 millóns —se a comparación a facemos entre o 2010 e o 2015—, o señor Rueda aquí asegurou que se tiña incrementado. Sen ir máis lonxe, este mesmo ano 2015 a partida destinada ás accións de igualdade, protección e promoción da muller —ou sexa, a que serve para previr a vio-

lencia de xénero— volveu baixar, pasando de 6.200.000 euros a tan só 5.800.000.

En canto á nosa terceira proposta, pedimos un estudo pormenorizado, dende a Administración autonómica, de cada un dos casos das mulleres vítimas de violencia de xénero que foron asasinadas despois de ter feita a denuncia, contén ou non contén cunha orde de protección. Proposta que non é a primeira vez que traemos a esta Cámara e que xa foi rexeitada polo Grupo Parlamentar Popular, a min gustaríame saber por que. Pero, de todas formas, aquí teñen unha segunda oportunidade para reparar o dano feito, espero que sexan vostedes máis comprometidos coa erradicación da violencia de xénero e non actúen como o señor Rueda, que desperdiçou a segunda oportunidade que os socialistas lle brindabamos para que se explicase.

Señorías, non é irresponsable falar nesta Cámara de que as mulleres morren despois de ter denunciado, o que é unha irresponsabilidade imperdoable é que un goberno que sabe que isto é así, o negue; que se negue a facer nada ao respecto e que, por se fora pouco, demonice a oposición porque lle pide explicacións e, sobre todo, lle exixe solucións. Non somos os grupos da oposición os que desanimamos as vítimas a que denunciem, o que desanima as vítimas é coñecer e comprobar con demasiada frecuencia que a denuncia non é a solución que esperan e que matan as mulleres incluso despois de ter denunciado, e iso, señorías, non pode nin debe seguir ocorrendo.

Se de verdade queremos acabar coa violencia, tería que ser o Goberno o primeiro en buscar con toda claridade e profundidade onde está o fallo. E, dende logo, que a Fiscalía decida que é o Xulgado de Verín e, polo tanto, a mesma xuíza que está implicada no caso a que realice a instrución, non axuda nada. Pero tampouco axudaría nada que o Partido Popular, o grupo maioritario, votara en contra desta moción.

De momento, máis nada e moitas grazas. Esperamos contar co apoio dos grupos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Chegamos ao debate desta moción despois dunha interpelación na cal, efectivamente, avanzamos máis ben pouco no esclarecemento dos feitos que levaron tanto a esta interpelación como ás diferentes preguntas. Por iso o primeiro punto que se nos plantexa nesta moción dende logo que o imos apoiar dende o Bloque Nacionalista Galego, porque pensamos que na propia Vicepresidencia seguro que xa se abriu algún tipo de investigación interna. Eu non creo que o vicepresidente ou que un Goberno minimamente responsable non fixera unha investigación interna para ter coñecemento de cales son os mecanismos, cal é a posta en funcionamento da lei. Eu estou convencida de que non a queren facer pública, pero é imposible que non teñan algún tipo de investigación ao respecto.

Segundo. A respecto dos orzamentos, non imos volver debater sobre as cifras. Sabemos que hai unha redución, é analizada cada presentación dos orzamentos. Neste momento a propia Secretaría Xeral de Igualdade está por debaixo dos orzamentos do Segai, que era o único organismo que existía no ano 2005. Unha involución non soamente orzamentaria, senón de visibilización das mulleres. Soamente temos que sintonizar a radio galega e escoitar polas mañás os opinadores, “os”, en xeral, opinadores sobre a actualidade. Esa é unha mostra da visibilización as mulleres.

E o terceiro. Outra vez volvemos debater, efectivamente, a proposta do Grupo Socialista, sobre un estudo pormenorizado que se faga dende a Administración autonómica dos casos de mulleres, vítimas de violencia de xénero, que foron asasinadas. Eu quero recordar, e por iso introducimos unha emenda que pode ser obvia, que é que se cumpra ou que se desenvolva a Lei galega de prevención e tratamento da violencia de xénero, que na propia Lei xa está recollido, no artigo 12, que sexa obrigatorio potenciar a investigación sobre a violencia de xénero. Mais é certo que nos últimos anos se eliminaron as convocatorias de investigación non soamente sobre violencia de xénero, senón tamén sobre igualdade, e isto dito polas propias directoras das unidades de igualdade das universidades.

Isto é un problema, efectivamente, porque se recollía na propia lei o seguinte –recóllese, que está vixente–: “A Xunta de

Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, en colaboración cos restantes departamentos da Administración autonómica, potenciará nas universidades galegas e noutros entes, espazos e organismos, a investigación sobre as causas e consecuencias da violencia de xénero, así como os medios necesarios para evitala, o grao de sensibilización da sociedade ante ela e os medios necesarios para o seu tratamento”. E segue o resto do artigo.

Eu, que saiba, a única investigación que se fixo nos últimos tres anos nesta lexislatura é a enquisa sobre a percepción da violencia de xénero en Galicia no ano 2012, que foi publicada a principios de 2013, que a nós pareceunos unha iniciativa importante porque daba, polo menos, unha visión de como se estaba percibindo a violencia de xénero. Preguntamos ao Goberno unha vez que temos as conclusións, que se basean fundamentalmente en maior protección e maior prevención, e leo textualmente: “importancia da educación en igualdade dende a escola e a implicación da familia nas denuncias”. Isto é o que aparece sobre cales ían ser as actuacións que ía facer o Goberno. Pois a contestación foi nese momento que “o VI Plan de igualdade é un esforzo por ofrecer unha resposta global e contundente a esta lacra social, en calquera das súas modalidades e consecuencias, mediante as accións de prevención e unha asistencia integral e coordinada a favor das mulleres vítimas e as persoas ao seu cargo”. ¿Danse conta de que sempre repiten o mesmo e non hai concreción de qué novos programas se están a facer, de qué novas accións se están a facer?

Evidentemente, imos apoiar que se faga ese estudo, pero simplemente co cumprimento da lei as tres cuestións que se plantexan aquí estarían feitas.

Unha cuestión. Hoxe escoitamos atentamente o debate sobre educación. ¿Que novidades existen no camiño da coeducación? ¿Que novidades reais –xa non digo LOE, LOMCE, non é o problema–, cal é o camiño, nos últimos anos, no que podemos dicir que se avanzara nas aulas en igualdade? Aqueles que o voluntarismo de profesoras ou profesores puxo en marcha. Non é cuestión dunha materia máis ou menos, que eu creo que iso non resolve o problema, senón, ¿temos unha escola coeducativa?, ¿hai algún mecanismo? Está ben que na lei se diga que se van revisar os currículos universitarios, ¿avanzou o grao de Psicoloxía, de Dereito...,

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLARÍN:** ...por coller aquelas que teñan relación directa coa materia de violencia de xénero, introducindo unha perspectiva transversal da igualdade ou da violencia de xénero? Non, non se fixo.

Entón, ¿é certo ou non que as leis están sen desenvolver? Algunhas serán cuestións orzamentarias, pero outras son cuestións de vontade; de vontade de aplicación e desenvolvemento das leis que existen neste momento de violencia de xénero. Saben que non creo que pensar que todo teña que estar fiado á denuncia vaia solucionar o problema. Non creo que sexamos alarmistas por dicir que o que levamos cotexado na comisión que temos neste momento aberta, de análise da situación da violencia de xénero, é que as mulleres non se senten máis seguras. Entón, para nada dicimos que queremos trasladar unha cuestión alarmista fóra, todo o contrario. Queremos que o Goberno, que é quen pode, poña os mecanismos para que esas mulleres se sintan máis seguras. Sobre todo intentando que a denuncia non sexa o punto fundamental, senón que outros mecanismos de prevención, outros mecanismos de acompañamento, que poden ser detectados –como xa dixo...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLARÍN:** ...a señora Acuña– dende os centros sanitarios ou dende os centros educativos, se poñan en marcha.

Eu espero que saquemos –despois dun debate bastante ingrato na interpelación– algo en limpo nesta iniciativa e que poidamos aprobar algo para que se avance en violencia de xénero en Galicia.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señora Solla.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Como exemplo ilustrativo, vimos de debater esta mañá un proxecto de lei onde foron rexeitadas as emendas deste

grupo que propuñan unha feminización, un uso da linguaxe igualitario. É un exemplo ilustrativo da hipocrísia prevalente nas políticas de igualdade. De como en cada intervención da Administración nas comparecencias se cansan de dicir que a igualdade ten que ser unha materia transversal, e logo votan en contra de cousas coma esta. Eu penso que descoñecen o que é a transversalidade dunha medida política. De como falan de lacra social cada vez que sucede un asasinato machista e, ao mesmo tempo, son quen de recortar os recursos adicados á loita contra a violencia machista. De como a Xunta e o Grupo Parlamentario Popular coinciden na importancia da educación e da formación, e despois son quen de seguir financiando os colexios que segregan por sexo. De como falan da importancia da axuda ás vítimas e non se están a implementar medidas reais, coa limitación do salario da liberdade, tantas veces criticado na Comisión de Igualdade, coa súa conxelación, coa nula inclusión sociolaboral, etcétera. É dicir, de palabra, fantástico, pero na práctica, absolutamente nada.

Resulta difícil que logo aquí non se acepten as críticas que se realizan, porque as críticas non se fan cargando ao Goberno coa responsabilidade dos casos da violencia de xénero, como insinuou o señor Rueda no pasado pleno, senón coas políticas que este Goberno practica, que perpetúan o sistema patriarcal, e os recortes nos medios que hai dispoñibles para as vítimas. E tamén, evidentemente, en todas as consellerías, porque a igualdade é claro que é algo transversal, a pesar de que este Goberno non o practique, e aí si teñen vostedes responsabilidade.

Durante as comparecencias na Comisión de Igualdade, comparecencias que non foron de responsables do Goberno, porque estes practicamente non respostaron nada, de maneira sistemática estase a reclamar formación, por exemplo, para as persoas profesionais das distintas dependencias e institucións públicas. Nas primeiras, o Goberno queixábase cando solicitabamos que fora de obrigatorio cumprimento para todas e todos nos sectores sanitarios, de xustiza, educativo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e, sen embargo –repito– na meirande parte das comparecencias son os profesionais e as profesionais os que están a reclamar, precisamente, esta formación ante a ausencia da mesma.

Plantexamos –estando de acordo co solicitado na iniciativa, evidentemente ímola votar a favor– unha emenda con dous puntos; un deles, precisamente, adicado a garantir esa for-

mación continua extensiva a todos os sectores de atención directa con vítimas ou potenciais vítimas.

Na pasada sesión da Comisión de Igualdade vivimos unha magnífica comparecencia das directoras dos centros CIM de Galicia, que lle pregaron ao Goberno que aplicase a lexislación vixente, e pegáronlle, ademais, un repaso tremendo, déronlle un baño de realidade de como están as cousas. Precisamente exixían que a formación en xénero non podía ser algo voluntario. Denunciaron que xulgados e institucións non coñecían, en moitos casos, o comportamento dunha vítima e os procedementos indicados ante as sospeitas de violencia de xénero. Denunciaron tamén nesgo de xénero nalgunhas denuncias. E algo que é gravísimo, un aumento, ademais, da vitimización secundaria relacionada coa descoordinación dos recursos, que obriga ás vítimas a pasarse por múltiples institucións, voltando a repetir o caso de violencia de xénero.

Denunciaron múltiples problemas en relación coa conexión cos axentes xurídicos, e problemas coas derivacións, por exemplo dende Sanidade, aos recursos dispoñibles. Por iso na nosa emenda engadimos tamén un segundo punto, que solicita con carácter urxente un diálogo multilateral que coordine os recursos existentes entre CIM, Administración de Xustiza, Forzas e Corpos de Seguridade, Igualdade, Benestar e Sanidade. Porque as consecuencias da descoordinación quen as pagan son as mulleres vítimas, e, polo tanto, aí si ten responsabilidade este Goberno.

No resto de puntos da iniciativa, obviamente, estamos de acordo e imos votar a favor. É evidente a necesidade da investigación dun caso tan grave como o acontecido en Ourense, como o caso de Isabel. Reiterámolo tamén na nosa intervención na interpelación. A falla de recursos tamén é evidente, e foi denunciada en varias ocasións na Comisión de Igualdade tamén polas directoras do CIM. Vou rematando. Non son responsabilidade directa do Goberno, evidentemente, os asasinatos de mulleres, ¡faltaría máis!, pero o que si é responsabilidade do Goberno son os medios que hai a dispor para loitar contra a violencia de xénero e para previla. Polo tanto, é responsabilidade do Goberno non só poñer un laciño violeta na lapela os 25 de novembro e os 8 de marzo, senón poñer os medios necesarios, coordinar os servizos e formar os profesionais e as profesionais.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Prado. Non, perdón, perdón. Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Boa tarde a todas.

Grazas, presidente.

Desde logo, algo está fallando. Imos apoiar a moción do Partido Socialista, por suposto, nos seus tres puntos, porque está claro que o Estado falla nas súas competencias en violencia de xénero. Falla, pero non asume responsabilidades nin compensa nin repara, nin tan sequera indemniza.

O sistema xudicial danos as costas ás mulleres que son vítimas da violencia machista, tanto se denuncian como se non o fan. O primeiro erro é, polo tanto, que a denuncia sexa un requisito indispensable. Non pode ser que a porta para acadar o dereito a ser protexida polo Estado perante o risco de ser vítima de feminicidio, sexa presentar unha denuncia; que ademais está clarísimo que non sempre funciona. No ano 2014, 14 mulleres que tiñan presentado denuncia son asasinadas, e dende 2008, 36 menores son asasinados polo agresor, moitos deles durante as visitas concedidas por unha xuíza ou un xuíz.

A necesidade e o dereito a vivir libre de violencia non están garantidos polo Estado en canto ao terrorismo machista se refire. E, ¿por que? Pois a resposta é moi sencilla: porque non se tomou conciencia por parte da Administración de que nos atopamos fronte un problema estrutural que hai que atacar de raíz, porque o outro sería como coidados paliativos.

A metade da humanidade –repito– pode ser obxecto de violencia por cuestión de xénero. No caso de Isabel Fuentes, a muller de Verín asasinada nun hospital de Ourense, nunca houbo denuncia por malos tratos, pero a Garda Civil sospeita que o ingreso se debía a eles, por este motivo solicítanlle á xuíza orde de afastamento, aportando indicios que avalan as sospeitas, pero a xuíza di que non procede ante a falta de denuncia e non outorga medidas cautelares. A verdade é que eu non o entendo moi ben, como tampouco entendo como o asasino pode entrar armado cun coitelo na habitación onde a compañeira se recupera dun coma ao que a levou unha bru-

tal paliza e asasinada. Dous erros administrativos: un erro xudicial e un erro na seguridade do hospital.

Se ben é certo que a presunción de inocencia debe considerarse por riba de todo, cando unha muller ingresa nun hospital e permanece en coma con síntomas de violencia, cando os veciños declaran que viron como tiña a cara marcada por golpes, cando a Garda Civil ten sospeitas sustentadas de que é vítima de violencia, non se explica esa indefensión, ademais unha indefensión cuxa consecuencia foi a morte. Non é o único caso, eu teño máis. Andrea Gascón, unha nena de 7 anos asasinada polo seu pai en 2003, sitúa ao Estado español nunha situación moi controvertida porque un comité internacional sentenciou que o Estado fora negligente en materia de xénero ao permitir un réxime de visitas dunha menor cun violento. Esta decisión foi emitida hai seis meses a partir de hoxe, pero o Goberno do Estado, que é do Partido Popular, anunciou que non cumprirá a folla de ruta que o Comité de Nacións Unidas para a eliminación da discriminación lle propuxo. Eu non os fago culpables, pero teñan un pouco máis de interese no problema.

Non quero rematar o meu tempo sen citar un dos casos de violencia extrema do Estado, que comezou nos anos corenta e que aínda no día de hoxe non foi reparado. Falo das mulleres ingresadas nos centros do franquista Patronato de Protección á Muller, reconvertido en 1978, señores, no Instituto para a Promoción da Muller, no que se trataba de salvar as xóvenes caídas ou en risco de caer segundo a moral da Inquisición católica. Todo baixo control de ordes relixiosas do máis acendido integrista. Estiveron nestes centros moitas mozas embarazadas, descarriadas, que sufriron golpes, humillacións, illamento e/ou roubo dos seus bebés. Isto ocorreu ata o ano 1983. Moitas delas seguen vivas, moitas están en torno aos sesenta anos e despois de tanto tempo seguen a vivir na inmensa dor de non coñecer as súas fillas e saber que lles foron roubadas. Esta é unha violencia extrema, unha violencia de Estado extrema. E non quería deixar pasar esta oportunidade sen indicarllelo.

É un problema estrutural, señores do PP, hai que ir á raíz. Teñen que vostedes sentarse co Movemento Feminista e falar en primeira persoa...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** ...do problema. Son elas as que lles teñen que dicir o que temos que facer todos e todas. Vaian ao Movemento Feminista.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Popular, señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Ben, señora Acuña, aquí a única que demostra que non ten sensibilidade é vostede, que aproveita, para sacar vantaxe política, a ausencia dunha compañeira do Grupo Popular que está acompañando un familiar moi cercano ingresado no hospital. Esa é a súa sensibilidade, señora Acuña.

Pero, mire, nós imos falar da interpelación urxente que vostedes presentaron en setembro de 2014; tan urxente era que tardaron nove meses en presentala. Outra mostra, señora Acuña, do seu oportunismo político: agardar ao falecemento dunha vítima de violencia de xénero para traer unha interpelación urxente nove meses despois. E se vostedes precisan que faleza unha persoa, unha muller vítima de violencia de xénero para falar neste pleno de violencia de xénero, a verdade e que é absolutamente desolador.

Mire, na interpelación do pasado pleno cando o señor vicepresidente deu resposta ás oito preguntas que vostede lle fixo, creo que quedou bastante claro cal ten sido e cal é o traballo que se fai dende o Goberno da Xunta en materia de violencia de xénero, tanto no funcionamento do teléfono ás vítimas –365 días do ano, 24 horas ao día–, os recursos que hai nas fins de semana, a formación do persoal de seguridade, o seguimento dos protocolos vixentes, que lle lembro, señora Acuña, que tanto o de sanidade como o de corpos e forzas de seguridade do Estado foron aprobados por gobernos socialistas. Non sei se as dúbidas que vostede amosa sobre eses protocolos son unha emenda á política socialista de violencia de xénero. Nós, dende logo, non imos entrar nesa liorta, porque nós cremos que na erradicación da violencia de xénero temos que participar todos. E eu agradezo o ton construtivo das outras voceiras.

A verdade é que cando eu dixen nesta tribuna que había que ser responsables cando se fala de violencia de xénero, dígoo absolutamente convencida. E eu se aquí estamos falando de coeducación, se estamos falando de formación aos axentes da xustiza, se estamos falando de formación aos sanitarios que atenden as vítimas, de información aos profesionais dos centros e de información ás mulleres, creo que tamén sería necesaria a formación ás persoas que falamos de violencia de xénero, para non incorrer na irresponsabilidade que incorreron vostedes no pleno pasado, na irresponsabilidade de dicir que as mulleres que denuncian non teñen ningún apoio legal e que se atopan soas. Porque nós, as nosas verbas nesta tribuna teñen moitísima incidencia nos medios de comunicación, lenas moitísimas mulleres e non se pode vir a esta tribuna dicir cousas que xeran irresponsabilidade tan grande como a que fixo vostede.

E din vostedes na súa moción, no primeiro punto, que se faga unha investigación paralela á investigación xudicial. Mire, nós non estamos de acordo en suplir o traballo da xustiza, nós cremos absolutamente na separación de poderes, cremos absolutamente na independencia xudicial. Xa sei que vostede non, vostede acaba de dicir aquí unha cousa absolutamente asombrosa: que se muden as normas de repartición xudicial, para que non lle toque a unha xuíza un determinado procedemento. Non sei se vostede sabe que non é o fiscal o que decide a que xuíz lle corresponde; se non o sabe vostede, asesórese. Pero hai unhas normas de repartición previas e que lle corresponden ao xulgado que lle corresponden. E xa que vostede acusa a determinados partidos de estar en conivencia coa xustiza, o que vostede está proponendo aquí é absolutamente o contrario, é decidir a que xulgado se reparte un determinado asunto. Nós niso non estamos de acordo, nós cremos na independencia dos tres poderes, (*Aplausos.*) cremos na independencia dos tres poderes.

E neste goberno, que dixó vostede un pouco conservador, un pouco machista e un pouco reaccionario, pois, mire, nestes últimos catro anos tense avanzado moito na asistencia xurídica gratuíta, na gratuidade do comedor escolar para os fillos e fillas das vítimas de violencia de xénero, para que as mulleres estranxeiras e que non falen na nosa lingua poidan comunicarse coa persoa que as atende, co profesional que as atende grazas a un servizo de teletradución, ao igual que as mulleres xordas, ou as modificacións no Código penal para



considerar delito o acoso ou fustrigamento a estas mulleres, a manipulación dos aparellos de control que se instalan cos agresores. E así podería seguir dicíndolle máis cousas que fixeron estes gobernos.

Pero non quero entrar no que fixo o PP, nin o que fixo o PSOE, nin o que fixeron os outros partidos, porque creo que todos os avances que se teñen feito en materia de violencia de xénero son absolutamente loables, fágaos quen os faga, fágaos o Partido Socialista, fágaos o Partido Popular, fágaos o Bloque Nacionalista Galego. E creo que ese é o camiño, e o camiño non é vir aquí e dicirlle a un goberno que é responsable...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...dunha morte. O que é irresponsable é vir aquí e dicir que un partido provoca máis mortes que outro partido. Iso paréceme absolutamente irresponsable, señora Acuña.

E, miren, en materia de orzamento, que é o segundo punto que vostedes propoñen, eu pídolles que collan...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...o programa 313D da partida do ano 2009, que hai 2.837.283 euros, e para o ano 2015, 3.415.900 euros. Non houbo nunca un respaldo orzamentario maior para protexer as mulleres vítimas de violencia de xénero. Maquillen as cifras como queiran, pero iso está publicado...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...no 313D.

Moitas grazas, señora presidenta.

Eu sinto non poder seguir porque é un tema, a verdade, moi interesante...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e moi importante, pero non para vir facer aquí demagoxia nin para vir utilizar as vítimas...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...con oportunismo político.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grupo autor da moción.

Ten a palabra a señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio e, por suposto, as emendas presentadas polos grupos da oposición. Imos aceptar esas emendas que completan a proposta inicial.

En canto ao Grupo Parlamentario Popular, dicir que esta voceira non sabía nin tiña por que saber o motivo da ausencia da portavoz de Igualdade. Pero o que si chama a atención é que dos 41 deputados e deputadas con que conta o Grupo Parlamentario Popular a designaran precisamente a vostede, señora Prado, para este debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Debate que vostede enfocou dunha maneira absolutamente intolerable, señora deputada. Eu xa sei que a vostedes non lles importa que ao Grupo Parlamentario Socialista nos pareza intolerable a súa actitude. Pero téñolles que dicir que aí fóra, á xente que está fóra, á cidadanía tamén lle parece intolerable a súa actuación.

¿Que pasa, señora deputada?, ¿por que non queren investigar?, ¿que ocultan?, ¿que ocultan, señora deputada? Mire, de verdade a vostede parécelle parece normal, parécelle ético, parécelle tranquilizador que sexa a mesma xuíza que non considerou necesario protexer a vítima a que agora faga a instrución. ¿Parécelle a vostede normal? Si, si, ¿en cantos países do mundo pasa o mesmo? Mire, ¿parécelle normal que a familia da muller asasinada estea chamando á porta do Consello Xeral do Poder Xudicial, pedindo que sancionen esa xuíza, mentres a Fiscalía, que reacciona para outras cousas, nisto parece mirar para outro lado?

Mire, señora deputada, eu pídolle que demostren esa responsabilidade que vostede tanto utilizou no seu discurso e fagan algo. ¡Fagan algo!, señora deputada, demostren preocupación pola violencia de xénero e voten a favor das nosas propostas, que, sen dúbida, son asumibles, son necesarias e

son útiles. E pensen ben, señora deputada, pensen ben cando vaian apertar o botón, qué botón apertan. Porque as mulleres e as vítimas vanos estar mirando, aínda que a vostedes parece que lle interese máis para onde está mirando a Fiscalía.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Acuña.

**Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co dispositivo de loita contra os incendios forestais**

**A señora PRESIDENTA:** A esta moción presentáronse emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Mixto.

*(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, dous novos puntos:*

*“5.- Aplicar ás políticas forestais os principios do Plan Forestal Galego, para camiñar cara un monte diversificado, ordenado, conservador da biodiversidade, e con producións de alto valor, como mellor xeito de reducir o problema dos incendios.”*

*“6.-Anular a proposta de RPT que amortizaba prazas do servizo público de defensa contra os incendios forestais.”*

*(O G.P. Mixto, por iniciativa da súa deputada e portavoz Consuelo Martínez García e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:*

*“5. Garantir que todas as brigadas e todas as persoas que participen nas tarefas de extinción de incendios disporán das equipas e instrumentos de extincións axeitados á situación, así como as medidas de protección da saúde colectivas e individuais legalmente establecidas, independentemente da súa dependencia orgánica.”*)

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para formular a súa moción, a señora Paz Franco.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señora presidenta.

Boas tardes novamente, señoras e señores deputados.

Cando no anterior pleno fai trece días se substanciou a interpelación que dá lugar a esta moción é bastante lamentable repasando o *Diario de Sesións* comprobar como por parte da conselleira do Medio Rural, máis alá das afirmacións feitas polo señor Balseiro de que nos procesos de contratación da Xunta de Galiza en relación cos medios aéreos se cumpriran todas as garantías –dixo literalmente–, non se dera ningún tipo de explicación –insisto– por parte da conselleira en relación cos procesos de contratación dos medios aéreos. Proceso de contratación “con todas as garantías” –como definiu o señor Balseiro– que motivou que ante irregularidades detectadas polo Tribunal Administrativo Central do Ministerio de Hacienda, que anulou o dito concurso, a propia Xunta de Galiza tivese que anular o concurso e ampliar o contrato con Inaer un ano máis.

Desde logo, nós cremos que ante esa falta de explicacións e ante a contundencia coa que se manifestou o Consello de Contas no seu Informe de fiscalización da contratación correspondente aos exercicios 2010 e 2011, concretamente no que atinxe á contratación dos medios aéreos para a extinción de incendios, tamén outros aspectos, pero aquí estamos a falar da extinción de incendios por parte da Xunta de Galiza, é desde logo bastante chamativo que por parte da Consellería do Medio Rural non só non se tomaran en consideración todas as formulacións e todas as consideracións que fixo o Consello de Contas no dito informe, senón que siga coa práctica que motiva que cada ano todos os recursos que se utilizan para a contratación de medios aéreos, que rondan

os nove millóns de euros, acaben derivando sempre, sempre, sempre á mesma empresa, á empresa Inaer no que atinxe concretamente á contratación dos medios aéreos e á UTE que esta forma con Natutechnia cando do que se trata ademais é de contratación de persoal para as brigadas heli-transportadas.

Por iso, nós cremos que é imprescindible que se proceda, por parte da Consellería do Medio Rural –tal e como solicitamos no punto primeiro desta moción– a auditar todos os procesos de licitación que se levan realizado por parte da Consellería, en relación cos medios aéreos, desde estes exercicios que foron fiscalizados polo Consello de Contas. Porque, non só non se produciu esa rectificación por parte da Consellería, senón que –como constatamos neste mesmo ano– se seguen producindo idénticas irregularidades. Dende logo, señoras e señores do Partido Popular, á vista do que acontece en Valencia, do que sabemos despois desa investigación que se abriu en relación coa contratación dos medios aéreos na Comunidade Valenciana, vostedes deberan ser os primeiros interesados en determinar que aquí en Galiza non se están producindo ese tipo de cuestións que van máis alá das irregularidades. Porque, efectivamente, aquí o Consello de Contas fala de irregularidades nos pregos e nos procesos de licitación, pero, á vista do que está pasando, se non se aclaran, moitas e moitos poderíamos pensar que se trata tamén de prácticas corruptas.

E tamén, desde logo, consideramos que é imprescindible, na contratación dos medios aéreos para o vindeiro ano, que se faga con máis tempo, como lle indica o Consello de Contas e que, ademais, se teñan en consideración todas as demais recomendacións que, en relación con este asunto, formula o Consello de Contas.

Pero naquela interpelación tamén puidemos constatar –desde logo, e cos feitos que se produciron nos días posteriores, concretamente coa aprobación do Plan de defensa contra incendios forestais para o ano 2015– a absoluta desidia coa que a Consellería do Medio rural asume a loita contra os incendios forestais. Xa non é que esteamos ante unhas prácticas absolutamente rutineiras que rompen, sistematicamente, a unidade e a uniformidade do sistema de loita contra incendios forestais –que ataca un dos seus alicerces básicos como é a prevención e a estruturación e a ordenación preventiva do noso espazo forestal–, senón que poderíamos

dicir que seguen na temeridade de manter o dispositivo de loita contra incendios forestais en mínimos históricos.

Por iso nós consideramos que é imprescindible que a Consellería do Medio Rural rectifique e introduza tamén, a través do plan de defensa contra incendios forestais, medidas efectivas para que, por parte dos concellos –xa que non o fai a Xunta de Galiza, xa que non o fai a Xunta de Galiza en colaboración cos propietarios– se poidan realizar accións preventivas no entorno dos núcleos rurais. Porque nós, desde logo o que non queremos é ter que botar as mans á cabeza dentro duns meses, ou dentro dunhas semanas, cando incrementen novamente o número de incendios nos que hai que decretar alerta máxima pola afectación ou posible afectación ás persoas, ás súas propiedades e mesmo á súa vida.

Nós, desde logo, cremos que a Xunta de Galiza cada vez, en materia de prevención e na súa relación cos concellos, amosa un maior cutrerío, porque viamos como o ano pasado había convenios específicos para a realización de prevención e este ano xa a Xunta fai un tres nun. Un tres nun que consiste nun só convenio a través do cal, teoricamente, se pode contratar unha brigada para a realización de labores preventivos pero, na práctica, o propio convenio pon que, en caso de que haxa un incendio e sexa reclamada polo distrito, ten que facer labores de extinción. E, tendo en conta que estas brigadas entran en funcionamento no mes de xullo, dificilmente van poder facer prevención.

Tampouco é de recibo, señoras e señores do Partido Popular, que a Xunta faga trampas sistematicamente. Se vostedes toman a molestia de mirar o anexo 1 do Plan de defensa contra incendios forestais de Galicia, poderán comprobar como a Xunta mente descaradamente, é que no se pode ser máis pertinaz e descarado na mentira do que é a Consellería do Medio Rural.

A Consellería do Medio Rural, cando fai unha exposición no Pladiga dos medios dispoñibles, segue contando como que en todas as brigadas hai sete integrantes, cando aínda onte unha traballadora do 085 me chamou para dicir que era unha vergoña, que o día anterior lle pediron dun distrito que mandara tres brigadas e o que puido mandar foron tres persoas, unha de cada brigada, e vostedes séguenlle chamando brigadas a unha soa persoa, a un peón condutor que colle o coche e marcha só ao monte. Pero iso xa é grave de por si, pero o

máis grave é que intenten vostedes estafar e enganar, nun documento público como é o Pladiga, poñendo que hai 410 peóns forestais fixos todo o ano, cando iso é mentira; poñendo que hai 292 peóns forestais nas brigadas fixas descontinuas de nove meses, cando iso saben votedes que é unha flagrante mentira.

E isto non o di só o Bloque Nacionalista Galego, porque, se non fose mentira o que vostedes están dicindo, terán que explicar por que para o día 30 hai unha convocatoria de mobilizacións por parte das organizacións sindicais con representación no comité de empresa da Consellería do Medio Rural que pide, na súa táboa reivindicativa, pola cobertura de vacantes, por unha oferta de emprego público e pola defensa do Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais.

Ou rectifican esa práctica e cobren todas as prazas que están vacantes, que son centos delas ao longo de todo o país, ou estarán sendo vostedes non só temerarios en relación co funcionamento do dispositivo, senón tamén gravemente temerarios...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** ...en relación coa seguridade das persoas que traballan no dispositivo.

E, finalmente, teñen vostedes a desvergoña, señoras e señores do Partido Popular, de publicar no DOG do 8 de maio a contratación, por 3,9 millóns de euros –case 4 millóns de euros–, dun helicóptero e dunha brigada helitransportada, cando temos tres brigadas helitransportadas da Xunta de Galicia, con persoal da Xunta de Galicia, que están nas bases de Monforte, nas bases de Verín e na base do Campiño en Pontevedra, sen helicóptero e, polo tanto, sen poder traballar.

Digan vostedes, señoras e señores do Partido Popular, se isto non é desmantelar un dispositivo público, con garantías, con mando único, única e exclusivamente para favorecer e encher os petos de INAER e Natutechnia. Serán vostedes os que teñan que dar explicación desa política.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Paz.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Mixto, señora Martínez.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Ben, no informe de fiscalización do Consello de Contas, relativo ao ano 2010 e 2011, sinálanse graves deficiencias en relación cos servizos de loita contra incendios; entre outras, por exemplo, a adxudicación do servizo a empresas cunha escasa puntuación técnica, algo que resulta realmente grave.

Os medios técnicos e humanos son os únicos elementos que contan á hora de afrontar o lume, e moito máis nun incendio forestal; polo tanto, se dispoñemos de empresas con escasa puntuación técnica e, ademais, recortamos en efectivos humanos, estamos, conscientemente e adrede –por parte da Xunta–, alimentando a posibilidade de lumes, de grandes lumes. Esa é a política da Xunta.

Para combater o lume, os medios aéreos xogan un papel fundamental, xa que contribúen a enfrontalo dunha forma rápida e eficaz. As actividades aéreas relacionadas coa extinción de incendios, dende o traslado do persoal á terra ao lanzamento da auga, requiren de titulacións altamente especializadas, polo que a súa formación é fundamental. É indispensable formación actualizada, prácticas de aviación periódicas, debido á especial situación na que traballan –as manobras máis perigosas realízanse no momento da descarga de auga sobre o incendio e nos segundos inmediatos anteriores e posteriores–.

A loita contra os incendios require profesionais formados e cualificados que estean listos para actuar en calquera emerxencia, pero a prevención é fundamental para preservar o noso patrimonio natural. “Prevención”, unha palabra que non existe no vocabulario da Xunta.

No Pladiga 2015, a pesar das múltiples protestas dos servizos antiincendios, os medios humanos mantéñense: 5.767 persoas. Recordemos que en 2013-2014 o vaso rebordou coas folgas dos bombeiros e a sucesión de casos de descoordinación que poñen en cuestión o modelo político, caduco e caciquil, e ineficiente do Partido Popular. Así, podíamos ler –na prensa de onte– que brigadistas de Laza farán folga indefinida se non lles soben o soldo; este era o titular pero a noticia di máis: os brigadistas critican a descoordinación dos

servizos de extinción de incendios e a falta de medios, ademais das súas nóminas.

Estamos falando de persoas que xogan a vida para apagar o lume, os incendios forestais, por 900 euros ao mes; un auténtico atraco, debería de darlle vergonza ao Goberno que as persoas que xogan a vida para salvar a vida dos demais e para salvar o noso patrimonio natural, o teñan que facer por 900 euros ao mes. ¡Un escándalo!

E avisan con convocar unha folga indefinida a partir do 15 de xullo. Pero, ademais, tamén denuncian que aínda non teñen á súa disposición os helicópteros nos que deben de ser transportados aos lumes, polo que teñen que estar desprazándose en coche.

Esa é a súa loita contra incendios forestais e ese é o seu modelo. Porque Galicia non é un sitio distinto do resto do mundo, e díxeno máis dunha vez: non é que aquí teñamos máis incendiarios por metro cadrado que no resto do mundo, é un problema da política que se segue, desa política de apagar incendios pero inexistente política de prever os incendios, e así nos vai.

Unha política de dispositivos totalmente fragmentados, privatizados, pouco profesionalizados, cunha ausencia de mando único, un auténtico caos no medio do lume. Eu non sei se vostedes imaxinan o que ten que ser traballar nestas condicións, nunhas circunstancias onde o lume avanza, onde non chegan medios, onde –como liamos o ano pasado– van con sulfatadoras intentar apagar os incendios. É un escándalo. ¿E vostedes falan de como se lle pode poñer remedio aos lumes en Galiza?, pois con políticas que vaian, precisamente, encamiñadas a prever os lumes e con equipos antiincendios que estean coordinados.

Por iso, –remátame o tempo– presento unha emenda...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...que vai garantir que todas as brigadas teñan tantos medios para a extinción de incendios como as EPI, as equipas de protección individual, porque moitas destas brigadas carecen ata de mascarillas para non tragar o fume. Polo tanto, estanse intoxicando e están poñendo nun grave risco a súa saúde.

Espero que sexa aceptada a emenda pero, de todas formas, votarei a favor desta moción.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Ten a palabra don Antón Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes.

Na interpelación xa comentei que eu creo que a clave disto é que se privatiza un servizo sen xustificar que a súa privatización sexa máis eficaz dende un punto de vista técnico ou dende un punto de vista económico. Non hai ningunha xustificación de que a xestión privada vaia mellorar, vaia aforrar diñeiro nin vaia mellorar a eficacia do sistema. Alí onde se comezou a externalizar, os índices de hectárea por incendio aumentaron e non melloraron nada a xestión directa. É evidente que é un nicho de negocio máis. Tamén alertabamos de que as propias empresas que pasaron a ter un monopolio case exclusivo na cuestión dos medios aéreos foron creadas por ex altos cargos, xente que tiña información de por onde ían ir os tiros. Empezan a aparecer informacións preocupantes acerca dos contratos da empresa INAER por todo o Estado español. Aínda hai pouco saía unha publicación dun conflito entre Angel Martínez Ridao que se enfrontaba a Jaime Arqué, de INAER, por intromisións nos seus negocios en Galicia.

Hai pouco tamén saían informacións do contrato dun avión do Exército do Aire a INAER, para o cal a empresa INAER acaba –como xa comentei no pleno anterior– contratando pilotos do propio Exército. Unha cuestión totalmente irracional.

INAER ostenta un monopolio dos sistemas aéreos en extinción de incendios, pero tamén en emerxencias sanitarias, en salvamento marítimo, etc. Dende o ano 2009 leva, cando menos os que eu teño comprobados, contratos coa Xunta de Galicia por valor de 102 millóns de euros –entre salvamento marítimo, extinción de incendios e emerxencias sanitarias–. Non hai competencia neste campo, non hai ningunha competencia, e o que se produce é unha perigosísima, perigosísima, dependencia destas empresas, porque a descapitalización da Administración pública fai que sexa moi difícil a reversibilidade desta opción. Polo tanto, os prezos e as con-

dicións van ser marcados por estas empresas que ostentan un monopolio; polo tanto, non está xustificada a xestión externalizada porque non hai un sector privado competitivo, onde haxa competencia, onde esa competencia poida favorecer un mellor servizo. Non o hai, hai un total monopolio, hai pactos entre empresarios, hai acordos, hai reparto do territorio, etc.

E isto só está empezando a saír á luz, vanse saber todas estas cuestións nos próximos anos, porque isto é unha actividade bastante recente. Por non falar xa do anterior secretario xeral técnico da Xunta de Galicia, da súa compañeira ou esposa, asesora xurídica da Xunta de Galicia que acabou traballando nun despacho que interveu na compra do 49 % de INAER por parte de KKR, etc. Empezan a saír informacións bastante preocupantes.

Polo tanto, a nosa emenda é coherente coa nosa liña de que nós cremos que a xestión pública é máis eficiente que a privatización destes servizos, e que non hai ningún dato que diga que sexa máis barato nin máis eficiente a externalización deste servizo. E, polo tanto, seguiremos defendendo esa xestión directa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra don Pablo García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Grazas, presidenta.

O outro día eu facía fincapé... Ben é verdade que lle dicía á conselleira que eu prevía que hoxe íamos asistir, un ano máis, á presentación do Pladiga; bueno, pois ata nisto me levou a contraria porque non veu presentar o Pladiga. Supoño que presentaremos o Pladiga, que é o Plan de prevención e extinción de incendios, a finais de mes ou principios de mes que vén. Creo que, en todo caso, é verdade que xa ningún espera nada do Pladiga, porque é exactamente igual có do ano anterior, na práctica non nos supón ningún trauma, pero formalmente é un feito bastante significativo que o Plan de prevención e extinción de incendios se vaia presentar e aprobar no mes de agosto, seguramente, ou a finais de xullo. Creo que é bastante significativo.

Repito, na práctica incluso é de agradecer porque, verdadeiramente, en todas as tres presentacións anteriores do Pladiga non existía ningún tipo de novidade, e non existía tampouco ningunha aportación dun dato relevante, nin sequera discutible. Era unha mera tramitación de cifras e de persoal que, como xa se ten dito aquí, en todo caso era mentira.

Pero poñemos o acento en algo bastante significativo, é dicir, nun aspecto moi concreto: se estamos falando da cantidade de cartos da que estamos falando, estamos falando de contratos de 8 millóns de euros anuais que se fan por dous anos —é dicir, 16 millóns de euros só niso, só en aluguer de helicópteros—; e noutros aspectos estamos falando dun volume de negocio loxicamente importantísimo. E iso dá lugar ao que está dando lugar, e eu era no que facía fincapé o outro día —independentemente de que o señor Balseiro non me entendía, pero creo que o resto da Cámara o entendeu perfectamente—; é dicir, os empresarios dedicados ao sector, dedicados a isto nas comunidades autónomas, estanse repartindo o mercado e, polo tanto, repártense alí onde se presentan, repártense as adjudicacións, repártense as presentacións e reparten tamén as denegacións. De tal maneira que non hai un pacto de non agregación e que cada un se presenta nun determinado territorio e se adjudica o contrato —e, de feito, ese é o argumento que dá a Xunta para que INAER, sucesivamente, se prorrogue o contrato, que non existe outra posibilidade de contratarllo a outra empresa—. E iso está pasando e vén pasando.

E, polo tanto, eu dicíalle claramente á conselleira que eu non a consideraba cómplice, coma o político de Valencia, pero si a consideraba culpable porque ese modelo que ela defende dá lugar a este tipo de prácticas. E non é só que vaíamos, dalgunha maneira, intentar acurtar o máximo posible ese modelo, senón que o estamos promulgando e incentivando. Antes só alugabamos o helicóptero; desde hai anos, con este goberno, tómase a decisión non só de alugar o helicóptero, senón tamén de que esa empresa contrate o persoal que vai no helicóptero e, polo tanto, se incrementa esa capacidade de negocio.

Efectivamente, este modelo que defende este goberno non é máis eficiente, si que é máis caro para os contribuíntes —e iso xa o temos reflectido aquí, feito os números moitísimas veces—; e tamén hai outro dato significativo: sobre todo é un modelo moi lucrativo para determinada xente e para deter-

minadas empresas. E iso non é nin bo nin malo e pódelle gustar máis ou menos ao Partido Popular, pero iso é así.

E eu, loxicamente, non a estou acusando de nada ilegal porque, se tivera as probas de que están cometendo algo ilegal, seguramente non sería este o foro onde o discutiríamos. Eu estou constando unha realidade que é así e, efectivamente, este é un negocio moi lucrativo para determinada xente e que vostedes incentivan por acción ou por omisión, e véñeno incentivando durante os últimos anos. E a realidade, despois, é a que é.

Asistimos esta fin de semana, estes últimos días, á primeira época de alto risco de incendios. É dicir, esta fin de semana, estes catro días. Iso sí, a Xunta saca o mapa de “alto risco de incendios”...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...e o feito é que temos un helicóptero para toda Galicia en época de alto risco de incendios, que as baixas seguen sen cubrirse, que as brigadas municipais –que en teoría terían que estar funcionando, digo eu, para a prevención no mes de xullo, e o mes de xullo é a semana que vén– non están operativas, que as vacantes..., efectivamente, están falando de brigadas sempre e non poden falar de persoas porque non ten nada que ver brigada..., é dicir, dentro de pouco imos chegar á conclusión de que cada brigada é unha soa persoa.

O outro día saía no distrito do meu pobo, o distrito 16, e dicíano claramente: que non se cobren as gardas as 24 horas, que non hai material, que non se fixo ningún tipo de planificación nestes seis meses –levan seis meses, e dino eles, xa non o digo eu, sen facer nada porque non houbo ningún tipo de organización do traballo–, que os EPI fai dous anos que non se renovan, que o material de prevención non chega ás brigadas desde o ano 2007. E isto dino os propios profesionais.

Polo tanto, despois a conselleira virá aquí co Pladiga...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señor García, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...de turno vendernos o que queira. Coma sempre, dependerá de se chove ou non. E agora xa nin

iso porque a propia conselleira, aínda que chova, di que non chove e non pasa nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Popular, señor Balseiro Orol.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados.

Señora Paz, temos que amosar a nosa sorpresa porque vostede non renunciase a presentar esta iniciativa, tendo en conta as aclaracións que efectuou no pasado pleno e o contido da completa resposta ofrecida pola conselleira no pleno anterior.

A señora conselleira explicoulle que a Xunta incorporou todas, e digo todas, as recomendacións efectuadas polo Consello de Contas para mellorar o proceso de contratación dos helicópteros contra incendios. Simplemente con este argumento –que non deixa de ser un argumento obxectivo, constatable, comparable– a súa iniciativa, como comprenderá, queda bastante baleira de contido.

E se algo fixo o Goberno do Partido Popular desde que accedeu á Xunta foi, precisamente, mellorar o funcionamento e a organización tamén do operativo contra os lumes forestais. Mellorar todos aqueles aspectos que fallaron claramente no pasado, para que non fallen.

Fala vostede da contratación con INAER. Eu téñolle que dicir que esta é unha compañía líder en España en servizos de emerxencia, contrata con ela o Ministerio, contrata con ela o veciño país de Portugal, contratan con ela a maioría das comunidades autónomas que dispoñen deste servizo –Canarias, Andalucía, Estremadura, Castela-A Mancha, Murcia, a Comunidade de Valencia, Madrid, Aragón e Galicia–, e contrataa o Partido Popular no Goberno e contratábaa o bipartito cando estaba no Goberno tamén con esta compañía. Iso é bo que o saiban vostedes.

Pide vostede, no punto 1 da súa iniciativa, auditar a contratación de medios aéreos. Home, cando menos isto carece de

sentido, porque superaron todos os informes xurídicos e o procedemento foi supervisado polo Servizo de Intervención da Xunta. Pero é que, ademais, foi precisamente auditado polo Consello de Contas, cuxas recomendacións foron incorporadas. E a pregunta é, ¿que mellor auditoría que esta?

Pero, por certo, a maiores hai que aclarar un tema: parte das advertencias que facía o Consello de Contas fainas sobre as contratacións que efectuou o Goberno bipartito; contratación de 14 helicópteros para a prevención e extinción de incendios. Contratación que fixeron vostedes, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, e quizás en vez de vir a señora conselleira aquí dar explicacións, ao mellor tiñámoslles que preguntar, desde o grupo maioritario desta Cámara, desde o Grupo Popular, a vostedes como fixeron esas contratacións. Revisen ben a documentación e verano.

Fala vostede, señora Paz, no punto 2, de colaboración cos concellos. Primeiro, vostede e o seu grupo deben aclararse, porque, que saiba eu, a principal medida de colaboración cos concellos son as brigadas forestais; e vostede e o seu grupo, e os grupos da oposición, están en contra delas. Iso si, os alcaldes do Bloque Nacionalista Galego, os alcaldes do Partido Socialista e os alcaldes do Partido Popular solicítanas. Solicítanas porque as principais funcións destas brigadas forestais son os traballos de prevención. E os datos de superficie, de actuación en silvicultura e prevención, falan por si sós: ano 2008, hectáreas 48.000; ano 2015, hectáreas 59.000. Esa élle a realidade.

E fala vostede, ademais, no punto 3, de dimensionar recursos humanos. Home, eu teño que dicir que o Pladiga do ano 2015 mantén o mesmo dispositivo de loita contra o lume: 5.767 persoas da Xunta, xunto co persoal do Ministerio, xunto co persoal do Exército, xunto co persoal da policía, que se elevan a máis de 7.000 efectivos, todos coordinados baixo o mando único. E permanecen tamén as 125 brigadas de Seaga, fixos discontinuos, para o reforzo do verán; e mantense o número de medios aéreos –32 da Xunta e do Ministerio–, e mantéñense as 360 motobombas e cisternas.

E a día de hoxe...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...–si, termino, señora presidenta– todas as prazas imprescindibles para o funcionamento do servizo están en proceso de cobertura. E neste momento estase efectuando o chamamento do persoal fixo discontinuo que entrará a traballar o 1 de xullo. E neste momento temos cuberto o 93,2 % do persoal laboral e esa cifra completárase tras os chamamentos; e, polo que atinxe ao persoal funcionario, temos neste momento cuberto o 96,4 %.

Espero que lle quedara claro que a súa iniciativa queda baleira de contido despois das explicacións que lle deu...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...no pasado pleno a señora conselleira.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grupo autor da moción. Ten a palabra a señora Paz Franco.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señora presidenta.

Señor Balseiro, afortunadamente, no BNG tamén sabemos ler e insisto en que o informe de fiscalización se refire ás contratacións feitas durante o ano 2010 e 2011, de feito titúlase así.

É certo que fai mención ás contratacións realizadas polo bipartito durante o ano 2008, pero para denunciar que vostedes fixeron prórrogas ilegais deses contratos, non só no 2009, no 2010, no 2011, no 2012, incluso no 2013 nalgúns casos. Iso é o que fixeron vostedes, señor Balseiro, cos contratos que fixo o bipartito. E, desde logo, non vou perder máis tempo intentando aclararlle esta cuestión.

En relación coas supostas aclaracións da conselleira no pasado pleno, e de que todo estaba tan fetén no seu proceso de contratación, deberá vostede algún día explicarme por que daquela tiveron que anular ese proceso de contratación; porque, segundo o tribunal administrativo dependente do Ministerio de Hacienda, a redacción actual dos pregos supón unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato. Eu xa lle dixen o outro día que non teño nin idea da Lei de contratación, pero isto é o que di un tribunal dependente do Ministerio de Hacienda.



E, finalmente, en relación coa cobertura das prazas, miren: vostedes no Pladiga poden escribir misa en arameo, se que- ren, poden poñer que hai 5.000 traballadores ou 25.000 dependentes do dispositivo contratados directamente pola Xunta de Galiza, pero eu o que lle digo, afirmo rotunda- mente e réto a vostede, a calquera deputado ou deputada do Partido Popular, á conselleira do Medio Rural, ao vice- presidente, ao presidente ou a calquera da Xunta de Galiza, a se son capaces de acreditar documentalmente que todos os traballadores que figuran no Pladiga existen na realidade, existen na realidade. Existen os postos de traballo pero non existen as persoas de carne e óso, que son as que van apa- gar os lumes. Non o que aparece nos papeis, non os cinco peóns por brigada que aparecen nos papeis, os que van de verdade apagar o lume son, na maioría dos casos, un ou dous por brigada.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**A señora PAZ FRANCO:** E, se son capaces, reto a calquera mem- bro do Goberno a que veña aquí desmentir esta afirmación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Señora Paz, ¿acepta as emendas?

**A señora PAZ FRANCO:** Si, señora presidenta, acepto as emendas tanto do Grupo Mixto como da Alternativa Galega de Esquerda.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Pasamos entón á votación das mocións.

### **Votación das mocións**

Comezamos pola primeira moción, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de don Antón Sánchez García, que dixo que aceptaba as emendas do Grupo Mixto e do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación da Moción do Grupo Parlamentario da Alternati- va Galega de Esquerda, por iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para paliar ou impedir a deslocalización dos postos de tra- ballado do grupo Adolfo Domínguez.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a moción do Grupo Parla- mentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Acuña do Campo, que dixo que acepta as emendas do Bloque Nacionalista Galego e da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

*Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en rela- ción co cumprimento dos protocolos de violencia de xénero*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**A señora PRESIDENTA:** E votamos, por último, a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Paz Franco, que acepta as emendas do Grupo Mixto e do Grupo Parlamentario da Alternativa Gale- ga de Esquerda.

*Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Paz Franco, sobre a necesidade de realizar unha campaña informativa entre as persoas emigrantes retornadas en relación coa tri- butación das pensións percibidas no estranxeiro.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**A señora PRESIDENTA:** Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto 5, que é o de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos medios de comunicación públicos.**

**A señora PRESIDENTA:** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu deputado Juan Manuel Fajardo Recouso e a través do seu portavoz Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición á Proposición non de lei do G. P. Mixto nº 30960, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 22 e 23 de xuño de 2015.*

**EMENDA DE ADICIÓN:**

*Débase engadir un punto na parte resolutiva, co seguinte texto:*

*“5.- “ Que de forma inmediata se de cumprimento á vixente lei de medios de Galicia, sobre todos nos aspectos referidos a actual “alegal” configuración do consello de administración, e o nomeamento do director xeral da CRTVG por parte do Parlamento galego.”)*

*(O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 30960, do Grupo Parlamentar Mixto, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos medios de comunicación públicos, incluída na orde do día da sesión plenaria, que se vai celebrar os vindeiros 22 e 23 de xuño de 2015.*

*Emenda de adición:*

*Engadir dous novos puntos co seguinte texto:*

*“-Que no prazo máximo de 3 meses o Parlamento de Galiza proceda ao nomeamento de novo Director Xeral da CRTVG.”)*

Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona Consuelo Martínez García.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Os traballadores da Televisión de Galiza volveron denunciar a manipulación dos servizos informativos, a crecente presión sobre os traballadores e as traballadoras dos mesmos e a intensificación do sesgo nas noticias dos telexornais con motivo da precampaña electoral. O Comité da Televisión galega alerta publicamente do agravamento destas prácticas anticonstitucionais e denuncia un tratamento desigual das diferentes candidaturas políticas coa promoción das pertencentes ao Partido Popular e a ocultación sistemática das conformadas por outros partidos ou coalicións que só aparecen nos informativos en relación con polémicas ou conflitos.

Engaden que hai un repunte da inxerencia dos mandos intermedios sobre o traballo dos profesionais e das profesionais con chamadas e presións constantes para determinar o sentido que deben levar certas informacións e incluso para censurar a cobertura doutras. Estas prácticas levan xa tempo sendo denunciadas polo conxunto dos periodistas e das periodistas da Televisión galega a través dun blog chamado *Eu non manipulo*. Pero que din que a gravidade da situación fai que, nestes momentos, o Comité asuma a responsabilidade de alertar publicamente sobre unha manipulación que consideran burda, anticonstitucional e constitutiva de delito. Gran parte destas irregularidades recóllen no blog *Eu non manipulo*; os numerosos casos de corrupción que asolan o Partido Popular non son noticia en Televisión de Galiza, iso di o blog dos traballadores e traballadoras da Televisión.

As noticias que son negativas para o Partido Popular cóntanse de forma moi reducida ou directamente non se contan. O día que se publicaron os papeis de Bárcenas e se destapou todo o entramado da presunta contabilidade B do Partido Popular, os informativos da Televisión de Galiza abriron cunha noticia sobre a chuvia en Galiza. Ademais a información estaba sesgada e baseábase só en desmentidos do PP ocultando o que realmente acontecía.

Tamén as fotos de Feijóo con Marcial Dorado, a pesar de ser un escándalo do máximo mandatario de Galiza, na Televisión galega só saíron unha ou dúas veces e despois deuse a consigna de que non saísen máis. Deron a versión do presidente da Xunta e quedaron con iso, sen investigar máis. Os

escándalos que afectan a oposición réalzanse moito e ata poden estar varios días nos informativos, tamén os constantes ataques a Venezuela e a súa relación con algúns partidos políticos.

A manipulación e a censura non quedan só no ámbito político, transcenden a datos económicos que poden afectar o Goberno. Se o dato do paro de España é mellor que o de Galiza só se dá o dato estatal e, se non, dáse ao revés. Como é o mesmo partido sempre se busca o enfoque máis positivo para a emisión.

Outro exemplo foi o Informe de Cáritas, que non se emitiu en antena a pesar de que reflectía o momento da pobreza, de forma considerable, nos últimos anos en Galiza. A información sobre a conflictividade laboral é literalmente inexistente. Non se deu a información sobre o Informe do Consello Xeral do Poder Xudicial sobre os efectos da crise económica, que destacaba o aumento dos desafiuzamentos no estado durante 2014. ¿Como dubidar da catadura moral desta xente que nin sequera fixo alusión á traxedia que supoñen os suicidios en Galiza por mor da crise económica? Segundo indica un estudo dos profesionais de psicoloxía e doutros ámbitos na nosa Comunidade. Que, por certo, pregunta que eu lle fixen ao presidente e que negou con rotundidade que isto se estivese dando.

Desde que o xoves 20 de novembro se coñeceu o posible financiamento ilegal do Partido Popular de Ourense, os informativos da Televisión de Galiza só fixeron eco en todo momento das declaracións oficiais dos dirixentes do partido, silenciando por completo a opinión de quen denunciou a corrupción, o que foi xerente do Partido Popular provincial durante vinte e sete anos, Emilio Pascual. Para enmarcar esta situación é necesario coñecer que a directora de informativos da Televisión foi apoderada electoral do Partido Popular.

Son máis de 700 denuncias as que aparecen no blog, dende omisións no caso Bárcenas ou na Gürtel, pasando pola Pokémon, ou a relación de Feijóo cun narcotraficante, o trato desigual a partidos políticos, o caso da mina de Corcoesto ou a escasa atención ao dominio .gal ou aos altercados de Esperanza Aguirre. Ducias de casos, os últimos encamiñados a subliñar os datos positivos da macroeconomía do Estado e a esconder os negativos da vida real. É certo que melloran as cifras do paro –como informaron na Televisión galega– pero

non contan que aumenta a temporalidade laboral, a gran cantidade de mozos e mozas que emigran a Europa ou América, nin se fan reportaxes sobre os galegos e galegas que malviven baixo o umbral da pobreza.

Entre as denuncias máis vistas no blog sitúanse as referidas ao accidente de Angrois, que a dirección decidiu emitir saltando o criterio dos redactores que editaran, e a referencia ao espazo que o programa El Intermedio lle dedicou á problemática da Televisión de Galiza sobre a manipulación dos disturbios en Compostela na manifestación dos mariñeiros do cerco. Pero hai moitas máis e seguirá habéndoas xa que, na Comisión de Radio-Televisión de Galiza do mes de maio, o director xeral dos medios públicos galegos afirmou que gobernar dá un plus de presenza nos informativos, goberne quen goberne. Esa é a súa política, iso é no que cren, na utilización partidaria dos medios públicos.

Pero, para garantir esta manipulación, a Compañía de Radio e Televisión de Galiza exerce a represión sobre o seu persoal. Agora, en virtude dunha norma aprobada unilateralmente, a Radio-Televisión de Galiza poderá revisar os correos electrónicos e os arquivos dos ordenadores dos seus empregados e incluso dos colaboradores que utilicen ordenadores e móbiles corporativos. Tampouco poderán entrar equipos informáticos os traballadores dentro da empresa a non ser que teñan unha autorización expresa. A Radio-Televisión de Galiza resérvase o dereito de monitorizar e comprobar de forma aleatoria calquera sesión de acceso a internet iniciada por un usuario dentro da rede. Ademais, tamén lles dan normas sobre o vestiario que teñen que utilizar e a xesticulación que teñen que utilizar. Isto supón un ataque ás expresións de carácter social, político e laboral dos traballadores. Hai un gran intento de reprimir e de sementar o terror entre o persoal da Radio-Televisión Galega para que a obedezan e non dean as noticias como son, senón como o Partido Popular quere que sexan.

Os sindicatos denuncian que o obxectivo principal destas medidas é telos controlados e queren ter unha redacción atemorizada. Están actuando contra a privacidade, a liberdade de expresión e os dereitos dos periodistas. As televisións públicas deben seguir criterios de pluralidade, veracidade, obxectividade e estar ao servizo da cidadanía. A consigna dos telexornais é dar sempre noticias en positivo, optimizar todo para favorecer o Partido Popular –isto o din os traba-

lladores da Radio-Televisión Galega—. O que hai que optimizar é a función social da radiotelevisión pública apostando por un medio de comunicación de calidade, que reflecta a realidade baixo o lema da pluralidade cunha programación que aposte pola calidade e pola normalización da nosa lingua utilizando os servizos de dobraxe de alta calidade que temos.

Por iso presentamos esta iniciativa que vai incidir, ou quere incidir, precisamente, nos dereitos dos traballadores e das traballadoras da Televisión pública, eliminar a censura das redaccións, democratizar os medios de comunicación e algo importantísimo e inexistente: que os sindicatos e as organizacións sociais teñan espazos para debate na Televisión pública galega. Porque é imposible escoitar a opinión dos sindicatos ou das organizacións que representan a sociedade na nosa televisión pública.

Tamén é importante coidar o noso idioma, dá...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...—vou rematando—, dá ás veces noxo ver utilizar o castelán por moitos contertulios ou incluso escoitar o mal emprego que se fai do galego, mentres que os traballadores e as traballadoras de dobraxe están no desemprego.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Martínez.

Intervención dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

Ao Bloque Nacionalista Galego gustaríanos vir hoxe aquí, a este Pleno do Parlamento galego, dar os parabéns e dicir que a Radio e a Televisión públicas de Galiza están a facer as cousas ben e que están a desempeñar a función de servizo público que lles corresponde e que lles encomenda a lexislación vixente. Mais, infelizmente, a realidade é moi outra. O BNG ten denunciado en numerosas ocasións a situación dos

medios de titularidade pública, totalmente progubernamentais, que ocultan a realidade de Galiza, ocultan os e as discrepantes e só actúan en beneficio do Partido Popular. Temos denunciado ata a saciedade a manipulación informativa que se practica tanto na Radio como na Televisión públicas do noso país.

Temos o clarísimo convencemento de que é preciso mellorar o funcionamento e a calidade dos medios de titularidade pública de Galiza, garantir unha maior democratización, máis pluralismo, o protagonismo do criterio profesional dos traballadores e das traballadoras. No BNG temos moi claro que Galiza precisa uns medios de comunicación públicos, en galego, desde Galiza, e ao servizo dos intereses dos galegos e das galegas, que respecte a pluralidade, a veracidade e sexa obxectiva.

Unha radio e televisión públicas que sexan..., que teñan un papel relevante no impulso da nosa cultura, da nosa lingua e tamén sexan un motor do sector audiovisual e das artes escénicas. Por iso imos apoiar esta iniciativa, que presenta hoxe o Grupo Mixto, e ao que lle temos presentado unha emenda con dous puntos, unha emenda que aborda dous aspectos que non contempla a iniciativa e que nos parecen relevantes: no referente á necesidade de que este Parlamento nomee un director xeral, e a necesidade de aprobar o estatuto profesional e un consello de informativos.

E teño que mostrar a miña sorpresa porque o segundo punto desta emenda non fora cualificado pola Mesa deste Parlamento. A miña sorpresa porque exactamente o mesmo texto da emenda foi presentado como proposición non de lei a este Pleno, foi debatida neste Pleno do 26.11.2013; foi, naquel momento, cualificada e admitida pola Mesa, e agora atopámonos que a mesma mesa considera —literalmente di— que “acorden a Admisión do punto 2 por non axustarse a dereito ao disposto no artigo 161 do Regulamento”, co cal atopámonos cunha mostra máis do uso totalmente discrecional do Regulamento por parte deste Parlamento, que decide segundo sexa o día e segundo lle conveña, pois, o que é admisible ou o que non é admisible. Eu agardo que teñan algunha explicación que dar ao respecto.

En todo caso, a emenda... —eu non me atrevo a dicirlle á presidenta que, por favor, que hai moito ruído na Cámara, pero como lle molesta que llo digan..., pero é que moi difícil poder expoñer algo con este nivel de barullo—.

Ben, dicía que en todo caso a emenda solicita dúas cuestións: que a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza contempla que, por un lado, é o nomeamento dun novo director xeral da CRTVG; cuestión totalmente incumprida, que case catro anos despois de aprobada a Lei non se realizou; que en setembro do ano 2014, o Partido Socialista volveu a traer aquí unha iniciativa que instaba o Goberno galego a cumprir as previsións da Lei 9/2011, que votaron igual que na aprobación da lei conxuntamente o Partido Popular e o Partido Socialista, mais que, á parte de facer votos nesta Cámara e aprobar iniciativas...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...logo nada de nada. E tamén unha emenda que solicita que se poña en marcha o estatuto profesional contemplado tamén no artigo 36 desta lei, que é a creación do Consello de informativos, tamén contemplado nesa lei, demanda feita polos traballadores e traballadoras, demanda trasladada a este Parlamento, acompañada de máis de 300 sinaturas, mais que foi rexeitada esa petición por parte do grupo maioritario desta Cámara.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Polo tanto, é máis que evidente que Galiza precisa uns medios de comunicación públicos que estean ao servizo do noso país. O tempo pon e quita razóns e é evidente que, cando o Bloque Nacionalista Galego non votou a favor...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...desta lei dicindo que non respondía aos intereses dos medios de comunicación públicos de Galiza, nin aos intereses do pobo galego, era máis que evidente que estabamos no certo porque case catro anos despois... *(A señora Prado pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas. Moitas grazas, señora Prado, moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Boa noite a todos.

Con pouca esperanza de que se escoite o que vou plantexar nesta Cámara, visto o interese que estaba demostrando a intervención da voceira do Bloque Nacionalista Galego.

Estamos a tratar un tema que é moi importante, a canle pública galega é unha parte fundamental para este país, para a súa cultura, para o seu idioma, para a nosa personalidade, pero tamén para a nosa economía. Pero, parafraseando a Malcom X, hai que coidarse moito da actual TVG, pois podemos acabar loando o opresor e odiando o oprimido, porque a actual TVG é un elemento de distorsión da realidade galega, é o órgano de expresión do Partido Popular, pagado por todos os galegos e as galegas; e non só iso: un Partido Popular que inventa normas para perseguir os disidentes, que reprime e combate duramente aqueles que se opoñen a leis e normas inxustas, resulta que, cando lle interesa, incumpre as súas propias leis, as que eles aproban.

Como neste caso, a Lei de medios de Galicia, reiteradamente incumprida por intereses electoralistas do Partido Popular. Primeiro, nos seus obxectivos, porque nin se cumpre o pluralismo, nin a veracidade, nin a accesibilidade; en segundo lugar, porque non se nomea por este Parlamento cada ano o Consello de Administración, un consello de administración onde debería estar presente alguén de AGE e non o está, porque existe unha decisión política tomada polo bipartidismo deste país de excluír a AGE dese Consello de Administración; que nós non temos máis interese en participar que para ser capaces de fiscalizar a realidade da canle pública galega. E, tamén, porque nesa Lei de medios se di que debe ser o Parlamento quen nomee o director xeral, e a día de hoxe seguimos sen que este Parlamento poida nomear o director xeral.

Por certo, un director xeral que tería que ter dimitido por varias cuestións: primeiro, por faltar á verdade e mentir na Cámara galega, por vir dicir aquí que descoñecía a realidade sobre as devolucións do IVE do ente público, e recoñecer nun documento oficial apenas unha semana despois que iso era así; un director que tería que ter dimitido porque, a unha pregunta deste voceiro na Comisión de Control, cando lle pedimos rectificación cando mentiu sobre unha actividade do noso grupo parlamentario, dixo literalmente que, se tiveran que rectificar cada vez que dicían algo erróneo, terían

que facelo pola mañá, pola tarde e pola noite de todos os días. Iso significaría a inmediata expulsión do responsable público, e máis se tratamos de alguén que, en teoría, manexa unha canle que é de todos e todas, que ten que ser, cando menos, veraz. Polo tanto, é indecente a actual situación da canle pública galega.

Pero máis indecente é como se expresa a realidade deste país a través da canle pública, como sucede, por exemplo, que os voceiros de AGE, cando saímos nas roldas de prensa que facemos neste Parlamento, en moi poucas ocasións se escoita a nosa voz, e si se escoita alguén que interpreta o que nós dixemos nesa rolda de prensa.

¿Como é posible que sexa capaz de poñer enriba da mesa casos de corrupción de calquera lugar do país menos dos de Galicia que afectan a traballadores do Partido Popular ou a deputados do Partido Popular, que existiron e seguen existindo? ¿Como é posible que as informacións sobre o país veciño, Portugal, sexan apenas unha cuarta parte que as informacións de Venezuela ou de Corea do Norte? Cuestións que pasan soamente nunha canle pública coma esta, non en calquera outro lugar normal.

Polo tanto, a canle pública actúa con esa choiva fina de manipulación que pretende modificar a realidade do país en base ao que quere o Partido Popular, que coñece a nosa cidadanía, e, polo tanto, cómpre canto antes actuar para eliminar un problema que será a falta de credibilidade dunha canle pública necesaria e fundamental para o noso futuro. É máis: é tanto isto así que o propio voceiro do Partido Popular na Comisión de control da TVG, o señor Baamonde, [...] (*Por orde da señora presidenta e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.*), dixo directamente, nunha comisión de control, que era un medio do Goberno, un medio do Goberno, que a TVG era un medio do Goberno, recoñecendo a realidade: que na TVG se di e se fai o que manda o Goberno, o que fai ou o que di a Xunta de Galicia.

Polo tanto, nós cremos que hai un trato discriminatorio respecto á pluralidade neste país, que non se traslada a información de forma veraz e que ademais se trata de manipular esa realidade, e por iso cómpre cumprir a lei...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Unha lei que nós non compartimos, unha lei que non é nosa, pero que di que no Parlamento, onde está a soberanía –supostamente– deste pobo, é onde se ten que decidir quen é o director. Unha cuestión que hoxe non se contempla. Por iso as nosas emendas, para dúas cuestións: que se modifique o Consello de Administración conforme a lei, e que se mude o actual director, que, logo das súas declaracións e de mentir na Cámara galega, non pode continuar nese posto nin un minuto máis.

Máis nada e boas noites.

**A señora PRESIDENTA:** Boas noites, señor Fajardo.

Nin actuacións ilícitas de ningún deputado nin aiatolas nin nada que se lle pareza. Entón, faga... (*O señor Fajardo Recousó pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, aquí o que está claro é que vostede non é quen de falar de actuacións ilícitas de ningún deputado desta Cámara. Polo tanto, pídlle que retire esas expresións. Se non as retira, sabe que vai ter unha chamada á orde e que as vai retirar esta presidenta.

Grupo Socialista, señora Quintas.

**A señora QUINTAS ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Boas noites.

Bueno, señora deputada, eu non tería ningunha esperanza de que o Partido Popular apoiara esta iniciativa, nin sequera de que a considerara, entre outras cousas porque, se ata o de agora o Partido Popular utilizou a compañía como gabinete de prensa, eu creo que a partir de agora tampouco vai corrixir nada porque vaia ser máis necesario.

O control político do Goberno do Partido Popular provoca que estes medios de comunicación públicos teñan un tratamento absolutamente discriminatorio cos grupos da oposición e non transmitan a realidade que ocorre neste Parlamento, pero tampouco na vida social. Atopamos, por tanto, unha televisión absolutamente de partido e cun enorme sesgo informativo.

Eu entendo que..., ou non entendo; é dicir, a crítica a esa lei seguro, e posiblemente, é moi mellorable, pero, dende logo,

o que si é verdade é que cando o Partido Socialista tivo unha lei para os medios públicos nos medios públicos do Estado eu creo que a calidade democrática foi bastante superior. Aquí non temos a oportunidade de comprobar se esa lei funcionaría ou non funcionaría. O que está claro é que o que temos o único que fai é ser unha correa de transmisión do grupo de goberno do Partido Popular. O Partido Popular, en calquera caso, non amosa ningún interese na aplicación desa lei, que podería traer maior pluralidade informativa aos medios públicos. Por outra parte, non soamente nos medios públicos, senón tamén no intento do Goberno do Partido Popular dese control dos medios privados.

O que consegue o grupo de goberno do Partido Popular con ese control da compañía é unha televisión que non se consome; é dicir, cando a audiencia baixa dos dous díxitos, todos os expertos din que a audiencia non vai, que non funciona. Iso fai que tampouco se xere publicidade, iso fai que na compañía non teñan ingresos máis que os que proceden do orzamento e iso fai que nós xeremos un medio público eficaz. Eu non sei se esa é a pretensión do Partido Popular, é dicir, a de utilizar o medio público para elemento de campaña electoral, e, por outra parte, a de que non sexa eficaz para terminar privatizándoo, ou non sei o que se pretende con este círculo que non leva absolutamente a nada máis que a ese beneficio para o Goberno do Partido Popular.

A oferta de programación da TVG que ten como destinataria a sociedade galega presenta indiscutibles eivas de calidade. E aquí quero precisar que o Grupo Socialista non está a falar dos traballadores da compañía, non está a falar de quen traballa alí, senón dos comisarios políticos, que impiden que as noticias se dean con absoluta pluralidade e que impiden que a produción da propia televisión sexa rentable.

Dígoo porque habitualmente o Partido Popular, cando se fala de sanidade, vén a conselleira aquí dicir que os grupos da oposición falan mal dos médicos...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora QUINTAS ÁLVAREZ:** ...cando se fala de educación, que falamos mal dos mestres; entón, que ninguén veña aquí dicir que estamos falando mal dos profesionais, entre outras cousas porque son os profesionais os que se dirixen aos gru-

pos políticos para facer as queixas de que lles impiden facer o seu traballo.

Polo tanto, quero deixar patente que eu creo que a aplicación da lei é importante, pero tamén deixar patente que non temos ningunha esperanza na aplicación desa lei, porque se dende 2011 en, digamos, situación de paz e felicidade para o Partido Popular non foi necesario aplicar a lei, eu creo que tampouco agora se vai aplicar.

En calquera caso, dende o Grupo Socialista, reclamamos –por suposto, como non podía ser doutra maneira– a aplicación desa lei.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Quintas.

Grupo Popular, señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde, señorías.

Traemos hoxe a debate unha iniciativa que, en principio, se refería á democratización dos medios públicos, singularmente da CRTVG, pero que ao final se acaba transformando no xa manido debate que vivimos todos os días na Comisión informativa da Radio-Televisión sobre pluralidade e manipulación respecto da televisión; conceptos, evidentemente, controvertidos que cada cal os interpreta en función da situación que ocupa, e agora acabamos de escoitar un posicionamento por parte dos grupos da oposición.

Falaba o señor Fajardo, facía unha cita, sobre a opresión e os opresores. Eu fágolle aquela que facía Nietzsche: *No vemos a los demás como son, sino como queremos que sean*. E realmente vostedes non están debuxando o que é a televisión, senón que, sobre todo, algúns dos que aquí falan parece que teñen na retina aquela televisión do Goberno bipartito, que si respondía exactamente ao esquema que aquí nos acaban de reflectir.

Eu creo que vostedes cometen un erro de plantexamento ao falar desta pluralidade e manipulación, que parten dun concepto equivocado, que é o de pensar que a xente é facilmen-

te manipulable a través dos medios de comunicación, e singularmente a través da televisión. Iso non é así. Hoxe, a información non se adquire por ósmose, senón por contraste; dise que da saúde se desfruta por contraste porque se aprecia cando non se ten, e coa televisión ocorre exactamente igual.

A cidadanía ten á súa disposición unha cantidade enorme de medios de comunicación que transmiten información moi diversa desde moi distintos puntos de vista, e hoxe cadaquén ten capacidade de competencia suficiente para contrastar, sintetizar esa información, e apreciála da maneira que lle parece oportuno. Por iso os medios que hoxe gozan do favor do público non son os que transmiten información doutrinaria, senón os que transmiten información intelixente.

Podíamos insistir neste tema, pero a señora Martínez plantea unha batería de cuestións sobre as que eu me teño que pronunciar para fixar o posicionamento do noso grupo –que, obviamente, é contrario á aceptación da iniciativa–, e, co mesmo carácter dogmático que ela o realiza, permítanme a min tamén, moi brevemente, pronunciar-me ao respecto.

No que fai referencia ao acceso aos medios públicos de diversos colectivos, señora Martínez, o pluralismo político, ideolóxico, cultural e social de Galicia forma parte conceptual da radio-televisión pública galega pola propia lei fundacional, e así está recollido, ademais tamén, na Lei 9/2011, e a Televisión de Galicia estao garantindo mediante a incorporación destes grupos á súa programación, ben a través de programas directos ben coa súa presenza nos programas de información ou de divulgación.

No que se refire á censura das redaccións, oia, mire, na televisión, á marxe de que, como en calquera medio, hai, naturalmente, unha organización onde a toma de decisións e responsabilidades está estratificada en diversos niveis, hoxe a información está en mans dos profesionais. É un equipo de xornalistas o que marca as pautas a este respecto, e faino dentro da liberdade absoluta do seu exercicio profesional. Falar de parámetros de calidade e de difusión de valores, evidentemente, é o mesmo que non falar absolutamente de nada, en concreto porque eses dous conceptos tamén están ínsitos na propia concepción da CRTVG e, ademais, así os garanten os principios de programación aprobados polo Consello de Administración, e están tamén recollidos no pacto mundial.

Tamén se garanten os dereitos laborais, como non faltaba máis. E, no tocante á produción propia, non semella que este sexa o problema máis grave da CRTVG. Os datos falan por si sós. Neste sentido, señora Martínez, quero indicarlle que a produción propia o ano pasado superou o 50 %, que a produción propia externa se situou no 30 % e que a produción allea descendeu dous puntos ata quedar no 18 %.

Para rematar, quero dicir que a televisión avanza, efectivamente, no cumprimento do servizo público. É certo que, coma todas as televisións, ten dificultades, dificultades de financiación, de competitividade, de fragmentación de audiencias, pero recibimos unha televisión arruinada e hoxe está saneada economicamente, unha televisión onde as informacións estaban en mans políticas e hoxe en mans profesionais, unha televisión sacudida por resolucións xudiciais sobre imparcialidade que hoxe non existen. Polo tanto, eu podo facer miña aquela frase de San Agustín: “Si analizo, me deprimio; si comparo” –se comparo coa televisión do Bipartito– “me vuelvo eufórico”.

E vou rematar cunha referencia ao señor Fajardo...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Señor Fajardo, no Consello de Administración, o posto que lle correspondería a vostede –xa llo dixen outra vez– estao ocupando o Partido Socialista. A elección do director farase polo consenso, cando se poida acadar. Aquí acabamos de ver que algúns non son capaces de poñerse de acordo consigo mesmos; polo tanto, é difícil que poidan...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...poñerse de acordo cos demais.

E permítame unha referencia jocosa. Falaba o señor Fajardo do aiatola. Eu non llo vou mentar. Simplemente lle recordo aquela escena final de *Casablanca*, cando a protagonista se dirixe ao pianista negro; eu dígolle o mesmo: Fajardo, tócala outra vez. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei.



Ten a palabra a señora Martínez.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Eu non sei se o Partido Popular pensa que somos idiotas ou se non o pensa pero realmente xa está convencido, máis que pensalo, porque dicir que non hai manipulación, que non hai represión na Televisión galega é facernos idiotas, sobre todo cando vostede di que non se fai propaganda e que iso non é interesante. ¡Pero se gastan vostedes millóns en propaganda! ¡É no que máis gastan, en propaganda, que é o único que saben facer! E na Radio-Televisión Galega, ademais sálles gratis, que é marabilloso. Utilízana como a súa casa: a televisión do Goberno, queda claro; non é a televisión dos galegos e das galegas, non hai liberdade de expresión, non hai liberdade de información.

Di vostede que a garantía de que participen as organizacións políticas, sociais e sindicais está garantida. ¿Onde?, ¿onde se escoitou na Televisión galega un debate sobre a reforma laboral, por exemplo?, ¿cando? ¿Cando un debate sobre as condicións laborais dos traballadores e das traballadoras?, ¿cando sobre os tipos de contratación e como estes afectan os traballadores e traballadoras? Hipocrisía, só se moven pola hipocrisía e polo interese partidario. Iso é o que hai. Estamos falando dunha televisión que non ten participación social, na que non hai pluralidade informativa, que só vende a cultura española, pero española, española, e na que non se ve nin teatro galego nin música galega, o único que hai é español.

E o único que se pide nesta iniciativa é a fin da manipulación, a fin da ocultación da información; a pluralidade, que o noso idioma sexa posto en valor. É unha vergoña ver como toda a publicidade da Televisión Galega está en castelán. É un escándalo que a Televisión Galega admita publicidade en castelán. E tamén poñer fin á represión que se está exercendo sobre os traballadores e as traballadoras, porque todas as denuncias que lin antes non as inventei eu, están no blog, denunciadas polos propios periodistas, que din que lles obrigan a cambiar as noticias, a dar unha versión, a versión do Partido Popular, e non a versión da realidade que eles viron ou escoitaron. Ese é o problema do Partido Popular. Actúan igual que se actuaba no franquismo coa censura. Esa é a súa política, porque vostedes, que tiñan que ser os garantes das liberdades, son os primeiros que acaban con elas.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Remato, señora presidenta, posicionándome sobre as emendas. Non podo admitir o punto 2 do BNG, posto que non foi admitido pola Mesa. Eu admitiríao con gusto.

E en canto á emenda de AGE e o primeiro punto do BNG, eu propoño aceptar as dúas, que van no mesmo sentido, incorporando os tres meses do BNG nunha transitoria á proposta da Alternativa Galega de Esquerda.

Nada máis. Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Martínez.

Se chegan a algún tipo de transacción entre ambas as dúas emendas, fágamo chegar.

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co futuro Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Cosme Pombo Rodríguez e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Engadir no primeiro punto o seguinte:*

*Despois de “sistemas universitarios da UE” o seguinte texto:*

*“, garantindo un financiamento para o ano 2016 do 1,01% do PIB de Galiza e”*

*Así pois, o primeiro punto quedaría do seguinte xeito:*

*1º.- Consensuar coas universidades galegas un novo plan de financiamento do Sistema Universitario de Galiza*

*2016.2020 no que se elevarán substancialmente os fondos a el destinados.*

*Este plan de financiamento debe garantir a sostibilidade, suficiencia e estabilidade orzamentaria e financeira do SUG, manter a equidade, permitir mellorar a eficiencia e eficacia dos servizos universitarios, preservando as singularidades e especificidades de cada unha das e a súa autonomía e permitir a converxencia do Sistema Universitario de Galiza coa media dos sistemas universitarios da UE, garantindo un financiamento para o ano 2016 do 1,01 % do PIB de Galiza e chegando en 2020, a lo menos, a un nivel de financiamento que represente o 1,5% do PIB de Galiza.)*

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a señora Burgo para formular a súa proposición non de lei.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Señora presidenta.

Moi boas noites xa, realmente, señorías.

Sinto moito ter esta voz tan mala e tan fea, realmente tamén, pero son os catarros do verán ou o aire acondicionado deste hemisferio, que tamén pode ser.

De novo traemos a esta Cámara un problema realmente importante para Galicia; un problema moi importante para Galicia porque as universidades, o noso sistema universitario, ten unhas funcións básicas para que o noso país poida ter un desenvolvemento cara a unha economía sostible, como o Partido Popular di moi a miúdo. O problema é que o Partido Popular tan só di isto, pero non fai nada para que as universidades poidan, realmente, desenvolver ese papel. Non poden cumprilo se non teñen un financiamento adecuado. Loxicamente, non hai posibilidades nin de desenvolver a docencia nin a investigación nin a transferencia nin a innovación se non teñen un financiamento adecuado.

Estamos falando de universidades públicas; polo tanto, o financiamento ten que ser público. E ten que ser público porque entendemos que prestan un servizo a esta sociedade. Non son un gasto, son un investimento; polo tanto, teñen que ter un financiamento público.

Dende 2011-2015 está aínda desenvolvéndose un plan de financiamento do Sistema universitario que fixo o PP des-

pois de que este Grupo Socialista o reclamara en moitas ocasións. Ao final, levouno adiante e saíu por unanimidade desta Cámara. O problema deste Plan de financiamento 2011-2015 é que, como dixemos naquela ocasión cando se estaba presentando, nunca tivo os fondos suficientes e necesarios para que as universidades puideran desenvolver o seu papel sen luxos, sen grandes transformacións; nada, nada parecido, simplemente manter o alto nivel educativo docente e tamén investigador que mantivo nas últimas décadas o noso Sistema universitario.

Pero, claro, este Plan de financiamento firmado polo Partido Popular supuxo un descenso moi acusado dos fondos para as universidades. Dígolles –contabilízoo, señorías–: respecto de 2010, en 2015 as universidades teñen un 11 % menos de fondos. Se o medimos desde 2009, un 14,5 %. Realmente son menos os fondos que teñen, porque unha parte fundamental dos orzamentos, sobre todo os de I+D, non se executan. Polo menos un 20 % ou 25 % non se executa. Nesta ocasión non poden dicir que o Bipartito facía o mesmo. Teño aquí os datos e o Bipartito no I+D da universidade chegaba a niveis de financiamento de 80 % e 90 %. Aquí hai menos fondos e ademais non se executan, pero a Consellería di, sen ningún tipo de desglose, sen ningún tipo de dato obxectivo, que investiu 2.200 millóns en cinco anos. Isto non é certo. Non é certo, e de feito a Consellería non puido dar ningún desglose destes ingresos. Se se suman as partidas presentes no orzamento da Xunta de Galicia verán que en cinco anos non se chegou aos 1.890 millóns, e tíñanse previstos 2016. É dicir, que hai unha caída, ademais, importante.

Hai un incumprimento tamén do Plan de financiamento, e hai un incumprimento porque –por poñerlles un exemplo– neste ano 2015 as previsións e o que prometeu a Xunta de Galicia ás universidades é que terían 423,5 millóns, e teñen exactamente 372 millóns. Faltan 51 millóns de euros, ¡nun ano!, nun ano respecto ás promesas feitas. Iso non é o 5 % da caída da masa salarial, nin moitísimo menos. Iso é un descenso de todo o previsto. Vostedes prometeron pero logo, coma sempre, nun cumpriron.

As universidades e os reitores están pedindo de forma continuada máis fondos. A consellería di, con esa elegancia que ás veces teñen co resto das persoas, di que iso é normal, que os reitores teñen que pedir. É dicir, uns señores que non teñen nada mellor que facer que saír na prensa e pedir. Pero,

claro, se tiveran un interlocutor válido e as cousas se levaran como teñen que levarse, seriamente, e se falara seriamente na consellería, os reitores non terían que saír na prensa. Están pedindo máis fondos, e están pedindo máis fondos para o novo plan de financiamento que ten que firmarse este ano.

Outro dos elementos básicos do incumprimento deste plan de financiamento é que a Xunta prometeu que chegaría ao 1 % do PIB galego. Señorías, ao que chegaron foi a un 0,65 %, baixando dun 0,8 % que tiña o bipartito. É dicir, que hai unha caída cada vez maior. Polo tanto, uns incumprimentos absolutos. Incumprimentos que se notan, loxicamente, no labor das universidades. Aínda as universidades galegas conservan un nivel de calidade, medido tamén nos *ranking* internacionais, moi importante. E a verdade é que milagroso que con estes niveis de financiamento consigan *ranking* tan importantes.

E ademais tamén conseguen fondos externos, outra das teimas da Consellería. Conseguen fondos externos, señorías, por riba da media das universidades españolas, por riba da media; un 30 %, como media, do financiamento das universidades é externo. Problema: que moitas veces non se pode conseguir máis porque o I+D nacional caeu por riba do 60 %; os fondos da Unión Europea cada vez están máis solicitados; e o tecido empresarial deste país non fai falla que eu lles diga como é.

Polo tanto, o que se necesita é tomar esta situación coa seriedade que necesita. E por iso presentamos unha proposición non de lei que significa consensuar coas universidades, pero consensuar de verdade, consensuar seriamente, consensuar realmente con honestidade, non dicindo unha cousa e logo facendo outra, elevando substancialmente os fondos destinados ao plan de financiamento, como están pedindo os reitores. Un plan de financiamento que ten, esta vez si, ten que manter a equidade entre as universidades, permitir mellorar a eficacia e a eficiencia dos servizos universitarios, manter un bo nivel de I+D e de investigación e, dende logo, chegar –estou de acordo coa emenda do Bloque Nacionalista Galego, parécenos ben–, chegar, no ano que vén, ao 1 %, que era... xa tiñamos que estar niso, pero chegar, á altura de 2020, como mínimo, ao 1,5 % do PIB de Galicia; 1,5 % que está por debaixo do que están dedicando todos os países desenvolvidos e importantes de Europa. Porque, ademais, coa

crise todos os países realmente importantes o que fixeron non foi restrinxir os fondos universitarios e de investigación senón facelos crecer, porque precisamente é o sistema universitario e estas actividades o que permiten saír da crise.

E tamén presentar no Parlamento de Galicia –a Consellería–, para poder desenvolver un debate, todo o proxecto do Plan de financiamento 2016-2020, antes de ser aprobado...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ...–remato– antes de ser aprobado..., tanto do plan no seu conxunto como de todos os criterios de repartición dos fondos, segundo os artigos 140, 141 e 142 do Regulamento da Cámara. Isto permitiría que todos os grupos aportaran o seu gran de area ao plan de financiamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Burgo.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Boa noite, señorías.

O Grupo Parlamentar do BNG vén denunciando nesta Cámara a asfixia económica da nosa universidade por mor dun moi insuficiente financiamento do sistema universitario galego dende que chegou ao goberno o señor Feijóo. Por esa razón, señora Concepción Burgo, coincidimos con vostede na necesidade de elevar substancialmente os fondos destinados ao financiamento do sistema universitario galego 2016-2020.

É certo que a pasada semana o secretario xeral de Universidades –non dubido que o propio portavoz do Partido Popular o faga agora mesmo– cualificou o plan que este ano remata –o plan financeiro– como moi positivo, como que superou o financiamento previsto, e que era partidario –dixo– de manter os fondos en base aos resultados. A opi-

nión do BNG, desde logo, do plan que remata este ano é que é un fracaso da política universitaria do señor Feijóo. Fracaso porque representa un grave recorte que está a provocar a asfixia económica do noso sistema universitario; recorte no financiamento estrutural grave; recorte nos recursos humanos moi grave, con menos de 400 profesores no último lustro, con menos de 100 PAS tamén no último lustro, con recorte do financiamento en investigación que representa menos de 1.000 investigadores no último lustro, e cun recorte do dereito á educación superior, coa perda de máis de 5.000 universitarios no último lustro; recorte que está a provocar unha deterioración na calidade docente e investigadora do sistema universitario galego.

Xa sei que o PP virá aquí dicir que o plan que remata este ano é suficiente, flexible e consensuado, mais a realidade é ben distinta. O 422C, programa de ensinanzas universitarias, do último Goberno bipartito, 385,8 millóns. O do último goberno Feijóo, 322,7 millóns. Ou sexa, que en só un ano a diferenza é de máis de 63 millóns de euros.

Na comisión da pasada semana falabamos –en Educación– de que a Universidade de Compostela, a de Vigo e a da Coruña perderon no último lustro da orde de entre 16 e máis de 22 millóns de euros cada unha. Coa chegada de Feijóo, efectivamente, chegou tamén o recorte ao plan de financiamento do sistema universitario galego. Mentres o financiamento da universidade –a media da universidade española– se sitúa no 1,4 % do PIB, no actual ano a universidade galega non chega nin á metade, o 0,7 %. En Alemaña superan xa o 2,5 %, van camiño do 2,8 %. Galicia, que chegou a ter un gasto universitario no 2009 por riba do 0,8 %, coa chegada de Feijóo sitúase por baixo da media española, que está no último lugar de Europa, por baixo do 0,7 %.

Certamente, señora Burgo, nos anexos do plan financeiro que remata este ano, o Partido Popular –a Consellería– prevía o 1,01 % do PIB para o plan de financiamento deste sistema. A realidade é, xustamente, a contraria, a realidade é recorte de profesorado, recorte de alumnado e fuga de cerebros, que se calcula no último lustro en preto dos 30.000 que andan polo mundo adiante creando riqueza en lugar de creala no noso país.

É evidente, desde logo, e cómpre mellorar, poñer remedio á grave situación e buscarlle unha saída xunto coa universidade.

Os reitores, todos, todos..., cada un ten os seus intereses propios de cada universidade, pero todos coinciden en que é preciso mellorar o plan que remata. Alemaña, por poñer un exemplo, pasou dun 2 % PIB na crise a un 2,5 %, e para saír para diante chegou a un 2,8 % para crear riqueza en base ao coñecemento e á investigación. Os vindeiros cinco anos van ser moi duros para o sistema universitario galego e van precisar de máis axuda para consolidar a investigación, para recuperar profesorado, para acometer a reforma e para recuperar alumnado.

Polo tanto, nós propuxemos unha emenda para dicir que cumprisen o prometido: o que ían investir este ano, o que a consellería calculaba investir este ano, polo menos que o invistan para o ano vindeiro, o 1,01 %, que era o que prevían.

Espero... –alégrome de que a señora Burgo diga que acepta a emenda–...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** ...e espero que o Partido Popular tamén faga o mesmo, porque era o que el prometera, non para o ano que vén, para este ano.

Máis nada e moitas grazas. (*Applausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Pombo.

Grupo Mixto, señora Iglesias Sueiro.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Grazas, presidenta.

O sistema universitario galego está sendo sometido a precariedade financeira e, ademais, está sendo intervido na súa autonomía pola Xunta de Galiza, ata o extremo de verse incapaz de cumprir as funcións de formación e investigación que lle son propias.

O financiamento das universidades públicas galegas nunca chegou ao nivel das do Estado, e xa non digamos das europeas. O plan de financiamento 2010-2015, ademais de supoñer un recorte drástico en orzamento, supón un cambio de modelo, cunha concepción aínda máis mercantilista. É dicir, reduce drasticamente o financiamento estrutural e incrementa un 30 % no ano 2015 o financiamento por obxectivos, o

que fai –estámolo vendo todos os días nos xornais– que as universidades galegas compitan entre elas. Está a ocorrer coa da Coruña coas outras universidades galegas. Porque este orzamento ten un teito, o que unha universidade leva quítaselle a outra. Esta competitividade perversa devén en clientelismo, que lle permite ao Goberno da Xunta incumprir o plan de financiamento que ela mesma fixou, sen que ningunha universidade proteste. Pero a Xunta xa deixou claro o outro día que o novo plan ligará unha maior porcentaxe de fondos á consecución de obxectivos, que xa son no 2015 dun 35 %. E nas partidas destinadas a convocatorias de investigadores, a Xunta faino de tal xeito que queda unha altísima porcentaxe sen executar, o que na práctica se traduce nun recorte máis sobre o financiamento que anuncia. Ademais, o recorte de persoal da Administración pública foi utilizado polas propias administracións para enxugar as débedas propias, agás a universidade. Neste caso, os cartos que se restaron dos salarios quedouse con eles a Xunta.

E en canto a persoal, tamén coa taxa de reposición actual, no ano 2020 contaríamos: Un. Aproximadamente un 80 % do PDI por riba dos 50 anos, dos cales a metade se situarían por riba dos 60 anos. E os contratos de persoal de apoio á investigación non incluídos nos cadros estruturais practicamente desaparecen, como consecuencia de que tamén desaparece o financiamento finalista a proxectos de investigación. Con todo isto a universidade xa fica en entredito, porque non é posible decidir e planificar, ao menos a medio prazo, se non hai autonomía financeira.

A todo isto hai que sumar presións directas e instrucións directas tamén sobre contratación de persoal que impiden ás universidades planificar e decidir as contratacións segundo os servizos que necesitan e que prestan.

Cómpre reflexionar, señoras deputadas, que a docencia e a investigación son necesarias para a mellora da vida das persoas e o progreso dun país. Tamén cómpre reflexionar sobre a ética na maneira de xestionar recursos públicos, e tamén cómpre reflexionar sobre a responsabilidade das autoridades políticas e académicas de formar un cadro investigador con compromiso e capacidade. Por iso apoiamos esta iniciativa, porque a universidade está nunha situación económica insostible e politicamente intervida na súa autonomía.

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Ten a palabra don Ramón Vázquez.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** Boa noite a todas e a todos.

Eu creo que, cando menos, seremos quen nesta Cámara de admitir que o feito de que unha universidade pública se vexa obrigada a suspender os gastos correntes, o pago de gastos correntes, é un feito de extrema gravidade. E este feito aconteceu na Universidade da Coruña, acontecía este feito inaudito o pasado día 17 deste mes. Pero a casualidade é que este feito acontecía un día despois de que comparecera en comisión, na Comisión de Educación, o secretario xeral de Universidades para analizar o Plan de financiamento universitario 2011-2015. O secretario xeral afirmaba sen rubor que o Plan de financiamento universitario se cumprira ao cen por cento, pero non só iso, senón que mesmo se superaran con creces as previsións orzamentarias realizadas polo Goberno galego. Ben, ao día seguinte a Universidade da Coruña suspendía pagos correntes.

AGE ten pedido de xeito reiterado un informe ou unha memoria sobre o grao de execución do Plan de financiamento universitario 2011-2015. A día de hoxe seguimos agardando por el, xusto no momento en que, ademais, o Goberno galego está a preparar un novo plan de financiamento sen ter dado conta sobre o plan de financiamento anterior.

A situación é grave, isto é evidente. Se facemos referencia ao propio Plan de financiamento 2011-2015 no referido, en concreto, aos seus anexos, prevíase naquel entón pasar dun investimento do 0,92 % do PIB no 2011 ata o 1,01 % no 2015. A realidade é que estamos no 0,7 %. A realidade é que, se se cumpriran esas previsións, o noso sistema universitario contaría cun orzamento que superaría os 500 millóns de euros. Estamos moi lonxe –a uns 200 millóns de euros de distancia– desas previsións.

Ningún, nin un só indicador do financiamento do noso sistema universitario resiste a clarividencia dos números. O grao de execución orzamentaria dos orzamentos previstos, xa de por si escasos, non alcanza o 80 %. O gasto en I+D sitúanos

á cola do Estado, que está á cola de Europa, o 0,87 % fronte a un 2 % da media europea.

O número de teses de doutoramento lidas tense reducido á metade nos últimos cinco anos, o investimento por alumno é 800 euros inferior á media de todo o Estado, un descenso de máis de 200 docentes universitarios cunha perda de preto de 1.000 investigadores, e un recorte de máis de 60 millóns de euros. Esa é a diagnose dos datos oficiais do noso sistema universitario.

A semana pasada, ademais da ilustre comparecencia do señor secretario xeral, a CRUE presentaba un informe titulado *A investigación e a transferencia de coñecemento no bienio 2012-2013*. Se os datos que acabo de citar son terribles, os que contén este informe da Conferencia de Reitores do Estado son, se cabe, máis demoledores.

O importe de proxectos de investigación ten diminuído neses dous anos 2011-2012 en 21,1 millóns de euros. O importe de proxectos de investigación con fondos autonómicos diminuíron nun 60 %. O ingreso por licenzas de investigación diminuíu un 20 % en dous anos, o número de patentes descenderon de 57 a 52 e o número de *spin off* descendeu nun 58 %.

Supoño que isto é o que podemos entender por cumprimento exhaustivo do plan de financiamento.

Nós entendemos que é necesario, dende logo....

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** ...someter a unha avaliación este plan de financiamento. E ademais seguimos exixindo a comparecencia do conselleiro para dar conta dese nefasto grao de execución dese plan de financiamento.

Por iso, ademais, apoiamos esta iniciativa, porque nos parece necesaria e porque é unha cuestión de supervivencia, é unha cuestión de supervivencia para o noso futuro, non só para o futuro do sistema universitario, senón para o futuro do noso país. Os recortes aplicados na universidade poden lastrar a Galicia durante décadas. O certo é que o cambio de modelo de financiamento, pasando de garantir a suficiencia financeira da universidade a través dos fondos estruturais ao que

chama o Goberno “o financiamento por resultado” foi un falaz argumento, un simple pretexto para acometer profundos recortes no sistema universitario, que está nunha situación crítica, agónica. E por iso imos apoiar esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Popular, o señor Fariñas.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Burgo, ninguén dixo nunca que aumentaran os recursos ás universidades. E está ben claro que a situación económica pola que pasa Galicia, entre outras comunidades autónomas, todas, e o Estado español, pois é que estamos en 3.000 millóns de euros menos de orzamentos. Iso é unha evidencia. E na Xunta de Galicia este ano, con oito mil catrocentos e algo millóns de euros dos que se dispoñen de orzamento, estanse facendo os traballos necesarios e os esforzos precisos para manter un plan de financiamento 2011-2015. E contando, ademais, con que, fíxese vostede, recibimos unha comunidade autónoma cunha débeda de pagos á conta, soamente de pagos á conta, de 500 millóns de euros ao ano, máis que o que custa o financiamento universitario. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben é verdade que posteriormente, grazas a unha boa xestión do Goberno Feijóo co Goberno do Estado, se conseguiu minorar ese impacto.

E, señor Vázquez, fala vostede da Universidade da Coruña, pero non dixo por que ten os problemas de liquidez nin a que se debe a reclamación que fixo a Universidade da Coruña. E vostede sabe que reclama 3,8 millóns de euros, que un xa o perdeu no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e que os 2,8 que está reclamando agora están tamén nun contencioso administrativo por un erro de interpretación. ¡Amigo!, pero é que xa foi ao Consello de Universidades, e Vigo e Santiago votaron en contra dese recoñecemento. Co cal, dentro da potestade que ten como ente autónomo dentro da súa autonomía, a Universidade da Coruña terá que implementar tamén a súa xestión para mellorar e adaptar os seus gastos aos seus ingresos. Entón, neses problemas de liquidez que poida ter nun momento determinado pois, desde logo, eu non vou tomar ningunha decisión sempre e cando falte por ditaminar polo Tribunal Superior de Xustiza. Evidentemen-

te eu vou esperar a ver que din. Non sei se vostede ten outro procedemento habitualmente coa xustiza, pero eu non.

Por outro lado, o financiamento non é soamente unha cuestión da Xunta de Galicia, señora Burgo. O Estado e a Unión Europea tamén participan no financiamento das universidades, como vostede sabe perfectamente. E o que me faltaba por escoitar agora é que, se hai un sistema universitario galego cun plan de financiamento aprobado por consenso, sexa grazas á súa presión. Foi o primeiro compromiso deste goberno, chegado á Xunta, dar un marco estable de financiamento ás universidades. E foi a única comunidade autónoma de España que o conseguiu, ¡a única! E foi este goberno, non foi ningún outro, que algúns o intentaron pero non o conseguiron, lamentablemente non o conseguiron; os demais si. E ademais somos, dentro dese escenario que lle dicía antes, de diminución dos recursos, a comunidade autónoma que menos reduce as súas achegas ao sistema de financiamento. Dío o informe de Comisións Obreiras, non o digo eu.

E, ademais, señora Burgo, sabe vostede tamén perfectísimamente, porque xa o falamos na Comisión, que a Conferencia de Reitores tamén di que é a comunidade en débeda financeira con máis liquidez de todas as comunidades españolas; a que máis liquidez ten desde o orzamento inicial, señora Burgo, desde o orzamento inicial, a que máis liquidez ten. E todo isto para xustificar que están vostedes falando aquí dunha análise do Plan de financiamento 2011-2015. Pero iso xa se fixo na Comisión, aquí o que estamos é a falar do plan que vai vir, un plan que nós esperamos que sexa outra vez consensuado e que saia coa negociación de quen ten que ter a autonomía para xestionar estas cousas, que é a propia universidade e a Xunta de Galicia. A iniciativa que pon vostede aquí encima da mesa para a súa aprobación realmente non ten moito sentido xa, porque xa houbo iniciativas neste Parlamento, na Comisión –dúas veces–, para tratar de chegar a algún acordo. Foi imposible.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** Bueno, é o xogo parlamentario. Foi imposible chegar a acordo con vostedes.

Sen embargo, si foi posible cumprir unha desas de febreiro de 2014 para empezar a marcar os criterios que ten que seguir o novo plan.

Vostede o que presenta aquí, ¡home!, é xogar un pouco coa autonomía da universidade, porque está vostede marcándolle o que ten que incluír nas súas negociacións coa Xunta de Galicia. E sabe vostede, porque o dixo o secretario xeral na comparecencia do outro día, que vostedes teñen encima da mesa un instrumento que nomearon os seus representantes nos órganos das universidades para poder negociar, xestionar e aportar todo o que vostedes queiran.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** Polo tanto, señorías, considerando que chegaron un pouco tarde pero que, non obstante, terán os seus instrumentos para facer achegas, aprovéitenos e fáganas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Fariñas.

Grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra a señora Burgo López.

Déanlle voz ao escano da señora Burgo, por favor.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Fariñas, tiñan vostedes tantas ganas de facer un plan de financiamento que votaron a este grupo parlamentario –dúas veces, non unha, dúas veces– que non. Ou sexa, negáronse dúas veces neste Pleno a facer un plan de financiamento.

Mire, señor Fariñas, non vale dicir que, como hai menos –di vostede–, pois entón hai menos diñeiro tamén para as universidades. É que gobernar é priorizar, señor Fariñas. Polo tanto, igual deberían de dedicar menos diñeiro á propaganda, á publicidade... –si, señor Fariñas, que sabe vostede que todas as consellerías teñen un nivel de diñeiro destinado a propaganda impresionante–, e máis ás universidades. Ou sexa, que entón o que fai Alemaña ou Francia, por exemplo, que é aumentar o gasto en universidades e en I+D cando tamén están a sufrir ou sufriron unha crise, ¿como o explica? ¿Como explica vostede iso? Porque eles tamén tiveron un descenso de orzamentos, pero resulta que priorizaron un gasto fundamental, que é en universidades.

Mire, señor Fariñas, a situación é tan terrible que vostedes fixeron retroceder unha década o financiamento das universidades. En termos constantes hoxe, en 2015, temos o mesmo financiamento que en 2005. Fixérono retroceder unha década vostedes, moito máis do que caeu o gasto e os ingresos da Xunta.

E mire, señor Fariñas, a pinza que está desenvolvendo o señor Rajoy e o señor Feijóo coas universidades é terrible. Por unha parte, caen os ingresos aquí; por outra, non sei se vostede sabe que din que hai que buscar recursos fóra, que resulta que o I+D no Estado e no Ministerio de Educación caeu por riba do 60 %. Claro, ¿que buscamos? ¿Que buscan, se resulta que hai un descenso do 60 %?

Isto non é un xogo, señor Fariñas, isto é sobrevivir ou non. Neste país isto é ter a prioridade de investir onde hai que investir e deixarse de cousas...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ...que son superfluas, salvo para a propaganda do seu propio goberno, investir onde hai que investir ou deixar que este país discorra nesa organización económica, nese modelo económico, que é realmente o que queren vostedes, de salarios baixos, de traballadores pouco cualificados, de salarios baixos e de competitividade a través deses salarios baixos. Iso é ao que leva o seu modelo, o noso leva a unha sociedade do coñecemento e a unha economía sostible.

Non estou pedindo que se revise o plan pasado, estou pedindo que nesta Cámara, na que estamos representados todos os grupos políticose é a representación da cidadanía, se debata o plan de financiamento novo, que, por certo, non o teñen feito, cando prometeron que en xullo estaría.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, e perdón, señora presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Ben, antes de suspender, que suspendemos xa, soamente dúas cuestións: as preguntas ao presidente da Xunta do Grupo Socialista e de AGE, así como as preguntas ao Goberno con números de orde 8.7 e 8.8, substanciaranse de xeito acumulado.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez horas.

Boa noite e moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás dez e dous minutos da noite.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Blanco Rodríguez, Noela	(PSdeG-PSOE)
9.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
17.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
18.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
19.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
20.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
21.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
22.- García Pacín, Isabel	(PP)
23.- Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
24.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
25.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
26.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
27.- Iglesias Sueiro, Carme	(M)
28.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
29.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
30.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
31.- Martínez García, María Consuelo	(M)
32.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
33.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
34.- Mouriño Villar, Antonio	(PP)
35.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
36.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
37.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
38.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
39.- Pardo López, Carmen	(PP)
40.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
41.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
42.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
43.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
44.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
45.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
46.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
47.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
50.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
51.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
52.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
56.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
57.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
58.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
61.- Sánchez García, Antón	(AGE)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Santos Pérez, Ramón	(PP)
64.- Santos Regueiro, Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Blanco, Emilio	(PSdeG-PSOE)
74.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25